- WRINGLEY, E.A. (1985): *Historia y población. Introducción a la demografía histórica*. Crítica 2ª edición. Barcelona. Traducción: Juan José Toharia. Título original: *Population and History*. Ed. McGraw-Hill Book Company, NY-Toronto.
- ZUCKERKANDL, E.; PAULING, L. (1965): «Molecules as Documents of Evolutionary History». En: *Gates and Crellin Laboratories of Chemistry*. California Institute of Technology. Contribution n° 3041.





«Importantes descubrimentos  
arqueolóxicos en Arteixo». *In Memoriam*:  
**Gravados rupestres no concello  
de Arteixo (A Coruña)**

GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS\*

Sumario

Neste artigo queremos facer un sentido homenaxe ó Profesor e Investigador D. Luís Monteagudo García recuperando e redescubriendo un grupo de petroglifos prehistóricos e históricos por el publicados nun xornal no ano 1950, ó tempo que presentamos outros gravados rupestres dos que tivemos coñecemento no concello de Arteixo (A Coruña).

Abstract

In this article, we would like to make a sincere tribute to the Professor and Researcher D. Luís Monteagudo García recovering and rediscovering a group of prehistoric and historical petroglyphs published by him, in a journal in 1950, at the same time we present other rock engravings of which we had knowledge in Arteixo (A Coruña).

## I- INTRODUCCIÓN

Con este título o ilustre arqueólogo e profesor don Luís Monteagudo García<sup>1</sup> relataba un paseo realizado o 10 de setembro de 1950, que foi publicado cinco días despois no xornal *La Voz de Galicia*. Dende hai xa varios anos coñecemos este artigo directamente da man do noso querido profesor don Luís con quen algúns membros da nosa Asociación mantivemos unha estreita relación.

O traballo que se nos presentaba era moi atractivo: tratábase de intentar redescubrir un pequeno anaco da arqueoloxía galega e comprobar o seu estado. Do relato que fai don Luís, centrámonos nos gravados rupestres, xacementos que a nosa Asociación leva publicando dende hai máis de vinte anos nos concellos de Ferrol, Cabanas, Monfero, Vilarmaior, Irixoa e Coirós<sup>2</sup>. E que na actualidade temos localizados noutros concellos como Paderne, Aranga e Oza-Cesuras. Xeograficamente había un espazo baleiro, xa que os petroglifos máis próximos inventariados dos que temos constancia localízanse en Malpica - Corme. Atopámonos pois ante o reto de constatar e localizar gravados rupestres pertencentes ó denominado Grupo Atlántico entre a zona de Coirós e Malpica, porque se

---

\* A Asociación Cultural «Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos» constituíuse en Ferrol en 1991, e ten por fins a investigación, inventariado, divulgación e preservación do patrimonio histórico-arqueolóxico.

<sup>1</sup> No momento da publicación deste artigo, don Luís Monteagudo García, ós 98 anos de idade, faleceu no seu domicilio da Plz. de Belvís (Santiago de Compostela), onde tantas tardes mantivemos con el xuntanzas científicas. Investigador incansable, mestre e sobre todo amigo, descanse en paz.

<sup>2</sup> GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS (2003): «Gravados rupestres na comarca do Baixo Eume». *Anuario Brigantino*, nº 26, páxs. 51-76; G.A.T.T. (2008): «O Monte da Calvela: unha estación rupestre singular no concello de Vilarmaior», *Anuario Brigantino*, nº 31, páxs. 11-32; G.A.T.T. (2009): «Novos gravados rupestres nas parroquias de Torres e Vilamateo - Concello de Vilarmaior- (I)», *Anuario Brigantino*, nº 32, páxs. 11-30; G.A.T.T. (2011): «Novos gravados rupestres nas parroquias de Vilarmaior, Torres e Vilamateo - Concello de Vilarmaior- (II)», *Anuario Brigantino*, nº 34, páxs. 27-46; G.A.T.T. (2012): «Gravados rupestres no concello de Irixoa (A Coruña)», *Anuario Brigantino*, nº 35, páxs. 11-24; G.A.T.T. (2016) «Gravados rupestres no Concello de Monfero (A Coruña)», *Anuario Brigantino*, nº 39, páxs. 11-26.

ben é certo que existen gravados en concellos como Cambre, Carral, Culleredo e mesmo na Coruña, non deixan de ser pedras con cazoletas, de difícil adscrición cronolóxica ou, como os que rodean a Torre de Hércules, de clara orixe histórica.

As preguntas que nos fixemos foron: continúan existindo?, cal é o seu estado de conservación? A primeira sorpresa foi que despois da consulta das canles oficiais (PXOM do concello de Arteixo e Inventario da Dirección Xeral de Patrimonio) ningún dos xacementos estaba catalogado e nin sequera figuran como referencia. Será que o artigo do xornal caeu no esquecemento? A xulgar polas consultas realizadas por internet non é así, xa que o artigo, total ou parcialmente, está reproducido en blogs de ámbito arqueolóxico e de ámbito local<sup>3</sup>. Está claro que o paseo que fixera don Luís é coñecido. Isto levounos a pensar que se os xacementos non están catalogados nin amparados pola lei despois de tantos anos, sería pola súa desaparición. Era unha posibilidade e con esa premisa afrontamos o presente traballo.

Como era lóxico, o primeiro que fixemos foi consultar co noso querido profesor. Pouco máis nos puido aportar sobre o artigo, agás algúns debuxos orixinais e mesmo unha foto realizada en 1950. Tamén nos proporcionou datos sobre outra excursión que realizou en 1981 polas terras de Pastoriza, Arteixo e Loureda, que tamén recolleemos neste artigo. O tempo foi pasando e a nosa Asociación foi realizando varios traballos sobre a arte rupestre no NL da provincia da Coruña. Pero unhas veces por falta de tempo e outras pola zona xeográfica, un pouco apartada do noso ámbito de actuación, fomos aparcando o traballo sobre os petroglifos de Arteixo. Agora, cando xa non está don Luís, quixemos recuperar estes xacementos publicados hai 67 anos.

## II-SITUACIÓN XEOGRÁFICA

O concello de Arteixo conta na actualidade cunha extensión de case 96 km<sup>2</sup> e está delimitado administrativamente ó L polos concellos de A Coruña e Culleredo, ó S e O co da Laracha. Arteixo está dividido en trece parroquias, de NL a SO: San Martiño de Suevos, Santa María de Pastoriza, San Tirso de Oseiro, Santo Estevo de Morás, Santiago de Arteixo, Santa María de Loureda, Santa Mariña de Lañas, San Xián de Barrañán, San Pedro de Armentón, Santo Estevo de Larín, Santaia de Chamín, Santo Tomé de Monteagudo e San Pedro de Sorrizo.

Xeograficamente limita ó N co Océano Atlántico e polo S cos Montes da Santa Leocadia, onde se encontran as maiores alturas do concello: Coto da Anta, 384 m, e Peña dos Bañadoiros, 379 m. Nas súas estribacións nacen os ríos Arteixo e Barrañan que, xunto ó Seixedo, marcan a orografía do concello cuns vales que o atravesan S-N, creando un relevo pouco uniforme.

## III-LOCALIZACIÓN DOS GRAVADOS

Como xa dixemos na introdución, tomamos como base deste traballo un artigo publicado no xornal *La Voz de Galicia* o 15-09-1950 (fig. 1), que comeza: *Paseo fructífero el del domingo día 10. Entre Suevos y Arteixo hemos descubierto siete petroglifos (grabados en piedra) y dos mámoas (enterramientos dolménicos bajo túmulos)*. Monteagudo descubriu sete petroglifos e no artigo se describen tres acompañados dos seus debuxos.

<sup>3</sup> <<http://cronicasdearteixo.blogspot.com/p/blog-page.html>, [http://onosopatrimonio.blogspot.com/2011/07/petroglifos-de-galiza\\_10.html](http://onosopatrimonio.blogspot.com/2011/07/petroglifos-de-galiza_10.html)>





Fig. 2 ( a-b).- Debuxos orixinais de Monteagudo das dúas pedras de Adro Vello (Suevos, Arteixo).

non secaba nunca..., aínda que secan todas as fontes da zona, a de San Martiño non... deulles bastantes problemas para facer a estrada, porque se lles afundía o terreo. Ó final tiveron que entubala...». Os únicos lugares mencionados por don Luís que se salvaron de ser sepultados foron: Tras da Igrexa (máis ó N e próximo a Aguadoce), O Campanario (cara ó NO) e O Coro, que é a finca seguinte cara ó SSL das obras da estrada<sup>4</sup>. Se nos baseamos na toponimia, este era o lugar onde debeu asentarse a antiga igrexa, como opinaba don Luís: *...las colmataciones invernales irían enterrando esta capilla que debió ser substituída por la actual (en el mismo vallecito, pero más arriba)...*

1) Adro Vello 1.- O artigo continúa dicindo: *...A unos 80 m del sitio de Adro Vello encontramos en un muro la losa 1 con dos profundas cazoletas circuídas por sendos surcos conseguidos por frotación.* Na actualidade o topónimo de Adro Vello, que segundo tódalas indicacións só se

correspondería cunha finca, sitúase aproximadamente na mediana da estrada ó Porto Exterior co que, 80 m ó S, situaría a pedra á altura da pista de servizo da estrada, ou na finca de O Coro, onde non a atopamos, nin o dono do terreo ten constancia de tela visto. Segundo os debuxos, as medidas da pedra serían 1,10 m de longo x 0,50 de alto, e nela representaríanse dous círculos con cazoleta de 20 e 17 cm de diámetro respectivamente (fig. 2a). Aínda que no artigo non se di, o debuxo orixinal ten unha pequena anotación, *Fra histó*, polo que pensamos que don Luís Monteagudo pensaba que os gravados eran de *factura histórica*.

<sup>4</sup> A toponimia da zona e a de todo o concello de Arteixo pódese consultar na páxina web do concello ([http://www.arteixo.org/gl/noticia/proxecto\\_toponimia](http://www.arteixo.org/gl/noticia/proxecto_toponimia)). É un magnífico traballo realizado polo Departamento de Turismo e Normalización Lingüística que, tal e como se indica na web, rematou a colleita do material para o Proxecto Toponimia de Galicia no ano 2002. Había logo que saber se durante as obras da estrada se tivo coñecemento dos gravados ou, cando menos, se se tiveron en consideración os topónimos. Para sabelo, consultamos as Memorias que se custodian no Servizo de Arqueoloxía da Xunta de Galicia. No *Estudio del Impacto sobre el Patrimonio Cultural de acceso al Puerto Exterior de A Coruña*, realizado no 2007, indícase que trala consulta da documentación, e enquisa etnográfica realizadas a veciños das distintas poboacións por onde discorría o trazado, *No obtuvimos información inédita significativa en cuanto a yacimientos arqueológicos u otros bienes culturales singulares durante esta fase de estudio previo... no realizando una prospección intensiva en ningún sector del territorio afectado al tratarse de un trabajo en fase de estudio, en donde no hay elegida una alternativa definitiva del trazado*, algo que tampouco aconteceu cando se repetiu o *Estudio del Impacto sobre el Patrimonio Cultural...*, xa co trazado definitivo en 2009, polo que non podemos saber con exactitude se os gravados en cuestión, están ou non debaixo da estrada. En pleno século XXI e coas ferramentas que temos ó noso alcance, quizás sexa máis sinxelo consultar coas asociacións culturais próximas, xa que moitas delas son perfectamente coñecedoras da súa zona e acumulan anos de experiencia e estudo do seu entorno máis inmediato.





Mapa 1.- Situación dos gravados da mina «La Rosa» (Santiago de Arteixo).

2) Adro Vello 2.- Temos constancia do polo debuxo entregado por don Luís. Nel hai unha anotación que di: *Suevos 80 m. al S. de Adro Vello (20 m al N. de piedra c. 2 cazoletas)* (fig. 2b). Ó situarse máis ó N, e se as nosas referencias sobre Adro Vello 1 son correctas, confirmaríanos que estes gravados si desapareceron coas obras. Segundo o debuxo trataríase dunha pedra de 1,20 m de longo e unha altura que oscilaría entre os 67 a 45 cm, nela representaríanse dúas cazoletas, unha delas enmarcada nun pequeno semirectángulo de 17 x 18 cm, posiblemente tamén de orixe histórica. A pedra, ó igual que a anterior, formaría parte dun valo de pedras, pero ignoramos se da mesma finca.

**Grupo Mina La Rosa / Monte dos Allos (hoxe coñecido como Fontevella - Santiago de Arteixo).** O relato do paseo continúa: *De Suevos, por Rañobre y Oseiro pasamos a Arteixo y seguimos por la carretera hasta el kilómetro 13 en cuyas inmediaciones se explotan aluviones y filones de estaño y wolfram (más propiamente casiterita). A unos 300 metros al Norte de la carretera se encuentra la caseta de la mina La Rosa de la que al NNW parte la gran trinchera de extracción de cuarzo hembra, pegmatita y granito fino feldespático. En el monte dos Allos (Arteixo) a unos 30 metros al N. de la caseta de la misma se encuentra el petroglifo 2 y a cuarenta metros al NW. de dicha caseta el 3 y otros de menor importancia borrosos. Ambos grupos están separados por la trinchera, sus relativamente pequeñas superficies rocosas están bastante cuarteadas, quebradas y orientadas hacia el sur. Aínda que tan só se nomean dous petroglifos, dise que hai outros de menor importancia e borrosos. Don Luís entregounos o debuxo dun terceiro e nós localizamos un cuarto que tan só ten cazoletas. Ademais o petroglifo dous do artigo no momento do descubrimento estaba formado como mínimo por dúas pedras, o que completarían xunto cos de Adro Vello os sete ós que se aluden no comezo do artigo (mapa 1).*





Foto 1.- Gravados localizados no N. do panel mina «La Rosa-1».

Antes de pasar á descrición dos gravados, convén facer unha serie de puntualizacións sobre a visión que tivo don Luís e a que nós podemos aportar hoxe en día. Se ben descoñecemos as circunstancias físicas nas que se encontraban os paneis en 1950, nesa época a aba S do monte dos Allos<sup>5</sup> (Fontevella) era unha explotación mineira. O autor cita como referencia para poder situar os paneis con gravados a caseta da mina *La Rosa*, que estaba á beira dunha gran trincheira (na actualidade de 170 m N-S). Pero esta mina continuou a actividade extractiva como mínimo ata 1955. No mesmo monte,

200 metros arredor dos gravados, localizamos outras tres pequenas trincheiras de explotación e dúas minas de galería; todas elas contemporáneas e hoxe en día abandonadas. Ademais a trincheira da mina *La Rosa* está cortada pola parte superior por unha pista forestal e un recheo duns 3.000 m<sup>2</sup> e pola parte inferior, por una estrada, que é onde seguramente estaba a caseta mencionada. Segundo as fotos do PNOA de 2014, toda a área onde se encontran os gravados foi deforestada, roturada e incluso se arrincaron árbores, o que contribuíu a unha mellor localización das pedras, debido ó arrastre e falta de depósito, tanto da vexetación como da terra. Todo isto permitiunos 70 anos despois localizar uns paneis de maior tamaño dos que viu don Luís no seu día. A parte negativa é sen dúbida a erosión, fragmentación e destrución de parte das pedras e dos gravados.

3) Mina *La Rosa 1* (petroglifo nº 2 no artigo): Coordenadas UTM 538331 - 4794691, cota de altitude 107 m. No artigo non se describe ningún dos petroglifos deste grupo e tan só se di: *...El surco dibujado tiene 0,02 a 0,03 metros de profundidad y obtenido por fricción, probablemente previo picado con berilio o cuarcita; las cazoletas tienen 0,01 a 0,04 de profundidad...* e engádese un debuxo, do que se desprende que se trata dun petroglifo de tres círculos concéntricos e un cuarto incompleto, con cazoleta central e dous sucos de saída (foto 1). Este gravado está na zona máis ó N do panel. Na mesma zona tamén hai unha pequena combinación dun círculo simple de 8 cm de diámetro con cazoleta central, e tres cazoletas soltas. Cara ó SO, na actualidade a pedra prolóngase 5 m flanqueada ó O pola propia escombreira da trincheira, o que impide apreciar se verdadeiramente remata alí, aínda que nós cremos que si. Ten unha anchura de 1,5 a 2 m. Nesta prolongación podemos ollar multitude de gravados, que loxicamente don Luís tería visto se a pedra estivera descuberta, e que describiremos de N a S: dous pequenos círculos dun so aro con cazoleta central e oito cazoletas soltas, todas elas próximas ou arredor dunha gran combinación (65 x 70 cm) con cazoleta central e suco de saída de cinco círculos concéntricos, o quinto incompleto; outras catro cazoletas están atravesadas, dúas polo segundo aro e outras dúas polo terceiro (foto 2).

<sup>5</sup> Na cartografía consultada non aparece nin o Monte dos Allos, nin a Mina *La Rosa*; a súa localización foi posible trala información facilitada por Manuel Luaces, ferrolán de nacemento e cambrés de adopción, grazas ás informacións recollidas entre os seus compañeiros de traballo, moitos deles naturais de Arteixo.

Máis ó S, unha gran diaclasa de cuarzo de 20 cm de ancho atravesa o panel (NO – SL) dividíndoo. Ó N da diaclasa (foto 3) ollamos trinta e tres cazoletas, tres delas unidas por un mesmo suco, outras tres cazoletas ovaladas de entre 10 e 15 cm de longo, nas que dúas delas amosan un aro case na totalidade do seu perímetro. Hai dúas combinacións circulares: a primeira de dous círculos concéntricos con cazoleta, sitúase dentro dunha pequena pía natural na parte máis inferior desta zona do panel; e a outra, na parte superior, formada por dous semicírculos con cazoleta central que está interrompida ó NO-SL por unha pequena veta, que tamén atravesa outra cazoleta situada máis ó NO desta combinación.

Ó S da diaclasa hai dúas cazoletas ovaladas unidas por un suco, unha delas ó igual que as anteriores, cun aro que a rodea case por completo. Máis abaixo hai outras dúas cazoletas ovaladas; unha combinación dun círculo con bacía central e unha cazoleta simple. Na parte inferior da pedra, dúas cazoletas simples, dous semicírculos con cazoleta central, dúas combinacións de dous círculos concéntricos (20 e 23 cm de diámetro) con cazoleta central e suco de saída, e outra combinación lixeiramente ovalada (30 x 40 cm) da que se aprecian un aro completo e outro incompleto, e que está rota e agretada polo centro, de N a S.

Separada a uns dous metros desta prolongación cara ó L, e tres metros ó S do gravado descuberto por Monteagudo, hai unha pedra fragmentada en dous anacos con claros



Foto 2.- Gran combinación de círculos concéntricos da mina «La Rosa-1».



Foto 3.- Gravados ó N. da diaclasa mina «La Rosa-1».



Foto 4.- Vista xeral do panel da mina «La Rosa-1».

signos de traballos de cantería, de 2,5 N-S x 1 m O-L, que é por onde está rota. Cremos que esta pedra formaría parte dun deses petroglifos de menor importancia dos que nos fala o artigo. Nela pódense ver na parte superior dous pequenos semicírculos con cazoleta central, ambos interrompidos por una veta. Nós, dadas as circunstancias actuais, optamos por incluíla no mesmo panel, o cal o converte sen dúbida no máis interesante dos localizados ata o de agora no concello de Arteixo (fig. 3, foto 4).

4) Mina *La Rosa 2* (petroglifo nº 3 do artigo). Coordenadas UTM 538236 - 4794694, cota de altitude 127 m. O panel, en conxunto, ten unhas dimensións de 4,60 N-S x 2,75 m L-O na parte máis ancha, e unha altura polo S e SL que pode chegar ós 50 cm, xa que o resto está practicamente a ras do chan. A descrición que podemos obter do debuxo publicado por Monteagudo e pola única foto que posuímos da época é que tan só estaba



Fig. 3.- Debuxo xeral do panel da mina «La Rosa-1».






Foto 5.- Foto de Monteagudo (sept. 1957):  
«Varita de 20 cm». Panel mina «La Rosa-2».



Foto 6.- Visión actual do panel  
mina «La Rosa-2».

visible a parte inferior da pedra (foto 5). Nela ollamos dúas combinacións de círculos concéntricos entrelazadas: a primeira de 25 cm de diámetro, ten dous círculos concéntricos, con cazoleta central ovalada e suco de saída, e a segunda de 35 cm de diámetro, con cazoleta central e tres círculos concéntricos. Trala observación nocturna podemos dicir que estes aros únense pola parte NO da combinación co suco de saída da outra; así mesmo o terceiro aro non chega a cerrarse na parte SL e fai un suco duns 55 cm de lonxitude, que descende pola parte máis vertical da pedra. Máis ó L hai tres pequenas cazoletas, unha delas cun semicírculo, e hoxe en día pódense apreciar os restos doutra pequena combinación de dous semicírculos con probable cazoleta central (foto 6). Cara ó N, a ras de chan, na actualidade a pedra está descuberta case uns 3 m de longo x 1 m de ancho. Nela podemos apreciar un semicírculo con cazoleta central; unha combinación ovalada, 30 x 35 cm, probablemente de dous aros, moi esvaecidos e alterados polas vetas da pedra; outra combinación que é a máis clara de todas, de dous semicírculos interrompidos tamén por una veta, con cazoleta central. Na zona máis ó N do afloramento os restos de dúas combinacións de dous semicírculos con probable cazoleta central, que están moi fragmentadas e alteradas, tanto polas vetas e gretas da pedra, como pola alteración forestal. Isto pódese constatar tanto arredor deste panel como tódolos deste grupo, xa que as pedras que afloran teñen claras marcas da acción da maquinaria empregada na deforestación, limpeza e posterior reforestación do monte.

5) Mina *La Rosa 3*. Coordenadas UTM 538237-4794687, cota de altitude 125 m. O panel está situado 7 m ó S de Mina *La Rosa 2*, e ten unhas dimensións totais de 2,10 N-S x 1,10 L-O. Está dividido case ó medio de N a S por una veta de seixo. Estes gravados foron identificados grazas ó debuxo realizado por Monteagudo *in situ*; no artigo di: *a 30 m al W de la trinchera; a 40 m WNW de la caseta de la mina, surco de 0,03*. A parte debuxada por Monteagudo correspóndese ó L do panel (fig. 4); nel pódese apreciar unha combinación de dous círculos concéntricos de 19 cm de diámetro, con cazoleta central e suco de saída, e un pouco máis ó S outra cazoleta solta. Na parte O do panel, non debuxada, podemos ollar unha pequena combinación de dous circuliños con cazoleta central e os restos dun semicírculo con cazoleta central (foto 7).

6) Mina *La Rosa 4*. Coordenadas UTM 538260-4794696, cota de altitude 123 m. O panel está situado a 24 m ó L e NL respectivamente dos paneis de Mina *La Rosa 2* e 3. E polos poucos datos que nos puido aportar oralmente don Luís, é moi probable que se trate do



Fig. 4.- Debuxo orixinal de Luís Monteagudo (1950). Panel mina «La Rosa-3».



Foto 7.- Vista xeral do panel mina «La Rosa-3».

último dos paneis ós que alude o artigo, xa que dicía que recordaba unha pena que so tiña cazoletas. As dimensións totais son 5,75 N-S x 4,40 m L-O na parte superior e que remata en punta na parte inferior. Nela tan só apreciamos unha pequena combinación de 12 cm de diámetro na zona NO do afloramento, de dous circuliños concéntricos con cazoleta central, e espallados polo resto do panel os restos de dous semicírculos moi esvaecidos e dezaoito cazoletas de diferentes diámetros, unha delas cun semicírculo.

No artigo tamén se fala de dúas mámoas *A unos 150 m al Norte de la caseta, más arriba de los petroglifos hay una mámoa de 20 metros de diámetro por 2 de altura y otra de 15 por 1, y es probable que ocultas por el alto tojo haya más.* O certo é que a día de hoxe os toxos semellan ser os mesmos que viu don Luís. Con esta referencia puidemos constatar, que hai no medio dunha repoboación forestal unha mámoa, hoxe en día non inventariada, de 20 m de diámetro que non levanta máis de un metro. Mámoa de Barbeito (Coordenadas UTM 548217 – 4794905, cota de altitude 162 m). A outra mámoa non foi localizada.

O relato da excursión remata subindo á cima do Monte dos Allos, coñecido na actualidade como Monte Barbeito, onde nomea a gran maioría do patrimonio do concello *Desde la cumbre del monte dos Allos, a unos doscientos metros de altitud se divisa un extensísimo y paradisíaco panorama... los siguientes sitios de interés arqueológico, que muestran la gran importancia que tiene esta comarca, transición entre las Mariñas de los Freires y Bergantiños: Castro de Muros (SW, Insúa de Suevos), Suevos, Castro de Pastoriza, Oseiro con iglesia románica de la segunda mitad de siglo XII, amilladoiro de A Furoca, dos amilladoiros de O Moucho (Oseiro), Castro de Figueroa, Castro de*



Arteixo, dos mámoas en el mismo monte dos Allos, Castro de Feán, mámoa de Monte das Arcas, dos mámoas encima de Orro, igrexa de de Loureda con retablo de Ferreiro (siglo XVIII), tres casas rectangulares medievales (?) del monte das Insúas (SW. de Erbedíns, Loureda), Castro de Santa Leocadia, Marco d'Anta (menhir?; 500 metros SW. de Santa Leocadia), Castro de Pereira (Erboedo, Cerceda), Castro de Larín (Arteixo), Iglesia románica de Lañas, castro de Lañas, con escorias de fundición de estaño, Rorís (donde apareció un escondrijo de diez hachas de bronce de talón con dos asas de tipo nervado y poligonal, una de las cuales con mazarota de fundición, lo que prueba fué fundida en las proximidades), castro de Monteagudo, Pazo de Anzobre, playa de Valcovo con aluvión de titano y estaño, playa de Savón, Xermaña.

Por esta enumeración, apresurada e incompleta, se aprecia la enorme riqueza arqueológica y artística del Ayuntamiento de Arteixo...

Por outra parte, don Luís tamén nos entregou unha pequena ficha, das miles que figuran no seu arquivo, sobre unha excursión realizada o 8 de marzo de 1981 polas parroquias de Loureda, Arteixo e Pastoriza, onde tamén localizou a Mámoa da Fragavella<sup>6</sup>, inventariada en 2001 co número GA15005026.

**7) O Lavadoiro/Monte Coteiro (Santa María de Loureda).** Coordenadas UTM 543668 - 4790119, cota de altitude 125 m (mapa 2). A pedra ten unhas dimensións totais de 3 N-S x 4,60 m L-O, e unha altura que oscila desde 4 m polo N ata 2,10 e 1,20 m polo L e O respectivamente. Trátase duns gravados de orixe histórica, realizados sobre unha rocha singular, situada á marxe dereita dunha pista. A rocha, na súa zona central, ten unha gran pía natural de 80 cm de diámetro e unha profundidade que oscila entre 56 e 85 cm polo O e L respectivamente, co fondo plano, liso e pulido. Esta pía está aberta cunha saída de forma natural polo S, que é onde está a pista. Na parte superior, bordeando a pía, encóntranse gravadas dúas cruces de 22 x 14 e 18 x 14 cm, e catro cazoletas de entre 3 a 7 cm de diámetro (foto 8). A pesares da súa singularidade e de que os gravados semellan ser típicos de delimitación, non encontramos referencia algunha á pedra, nin no *Catastro del Marqués de la Ensenada*, nin nos lindes dos concellos de Arteixo con Culleredo dende 1928 ata a actualidade.



Mapa 2.- Situación dos gravados do Lavadoiro (Loureda, Arteixo).



Foto 8.- Panel do Lavadoiro (Loureda, Arteixo).

<sup>6</sup> MONTEAGUDO GARCÍA, Luís (1991): «Necrópolis de mámoas de A Zapateira (A Coruña)», *Anuario Brigantino*, nº 14, páx.16.



Mapa 3.- Situación dos gravados de San Tirso de Oseiro (Arteixo) e Borroa (Pastoriza, Arteixo).



Foto 9.- Pedra exenta do Igrexario (San Tirso de Oseiro, Arteixo).

Fóra da información facilitada polo noso querido profesor, describimos outros gravados localizados no concello de Arteixo.

**8) Igrexario de Oseiro (San Tirso de Oseiro).** Coordenadas UTM541392-4796796, cota de altitude 63 m (mapa 3). Os gravados foron localizados polo fotógrafo José Manuel Salgado arredor do ano 2010. Trátase dunha pedra exenta encaixada nun muro de pedra de cachote que se atopa enfrente ó adro da igrexa de San Tirso de Oseiro (ó SL). Ten unhas dimensións de 37 cm de ancho x 33 de alto, e sitúase no muro a 1,80 m de altura. Dadas as condicións

de desgaste nas que se encontra a pedra é difícil definir os gravados. Grazas a fotografía nocturna podemos ollar os restos dunha combinación circular de dous aros incompletos, porque a pedra está rota, e no interior dos círculos podemos ollar polo menos sete cazoletas (foto 9).

**9) Monte da Canle (Borroa - Santa María de Pastoriza).** Trátase dunha rocha exenta que formaba parte dun valo de pedra situado xunto a un camiño (mapa 3). Foi localizada durante a prospección do gasoduto da Coruña no 1999 e permaneceu *in situ* ata a realización das obras da estrada do Porto

Exterior de Punta Langosteira en 2010, cando foi trasladada e depositada no Museo Arqueolóxico e Histórico de San Antón (A Coruña). Ten unhas dimensións de 75 de longo x 49 de alto x 10 cm de grosor; nela represéntase unha pequena combinación de dous círculos concéntricos de 19 cm de diámetro cun suco de saída (foto 10).

**10) A Barcia (Freán – Santo Estevo de Morás).** Coordenadas UTM 544116 – 4793198, cota de altitude 124 m (mapa 4). O afloramento atópase a carón dunha pista forestal. Foi localizado durante a prospección da Prolongación de Acceso ó Porto Exterior da Coruña, en 2014. Ten unhas dimensións de 11,50 m N-S x 6 L-O e 1,5 de alto. Nel, aparte de varias pías e piletas naturais, podemos ollar, na parte superior, quince cazoletas de entre 7,5 a 3 cm de diámetro, dúas delas unidas por un suco (foto 11).



Foto 10.- Pedra exenta localizada no Monte da Canle, Borroa (Pastoriza, Arteixo), depositada na actualidade no Museo Arqueolóxico da Coruña, Castelo de San Antón.



Mapa 4.- Situación do gravado de Freán (Santo Estevo de Morás, Arteixo).

#### IV-CONCLUSIÓN

O redescubrimento dun grupo de petroglifos do denominado Grupo Atlántico xunto coa localización e documentación doutros gravados de orixe histórica no concello de Arteixo veñen a seguir completando un *Corpus* de gravados rupestres no N da provincia da Coruña e, así mesmo, a completar un baleiro xeográfico que ata o de agora existía entre os concellos de Coirós e Oza-Cesuras ó L e ata Malpica e Corme ó O.

O artigo periodístico de don Luís Monteagudo de 1950 era e segue a ser na actualidade un *Importante descubrimento arqueolóxico*... No artigo dise: *Son importantísimos los petroglifos del monte dos Allos por su indudable relación con la explotación del estaño (como los de Pontevedra) y sobre todo por ser los más norteños de los hasta ahora estudiados en Galicia del grupo gallego (combinaciones circulares, principalmente círculos concéntricos), por tanto los más próximos a Irlanda, Inglaterra y Suecia. Hasta ahora los más septentrionales eran los que hemos estudiado con R. Sobrino, en Ames [foto 12], y los que éste descubrió recientemente en el monte Pedroso, al N de Santiago.*

Tanto os de Ames como os de Pedroso (Santiago de Compostela) son coñecidos e foron inventariados, pero os de Arteixo non.

Se retrocedemos sete décadas no tempo, vemos que no momento en que foi publicado o artigo, na cidade da Coruña debíase respirar un aire de cultura arqueolóxica, do que sen dúbida Monteagudo era un dos seus artífices. Xa dende a década dos anos vinte existía na Coruña a *Asociación de Amantes del Campo*, que realizaba asiduamente excursións culturais e arqueolóxicas, maioritariamente no ámbito xeográfico das Mariñas. Monteagudo participaba nelas sendo aínda un neno que acompañaba ó seu pai. Nunha destas excursións, arredor do 1943-1944, atopou no lugar de Rocheira (Loureda – Arteixo) un machado clactoniense, que foi publicado no 1947<sup>7</sup>. Ese mesmo ano pronunciou unha




Foto 11.- Cazoletas de Freán (Santo Estevo de Morás, Arteixo).





Foto 12.- Don Luís Monteagudo, con 28 anos, na Peneda Negra (Ames, 1948).

conferencia no Liceo Monelos, titulada, *Como se vivía en La Coruña hace 2000 años* e comezaron as escavacións do Castro de Elviña (A Coruña), con Monteagudo como director. Nesa época escribíense diversos artigos xornalísticos que ían anunciando os descubrimentos que se fixeron segundo avanzaban as escavacións. No 1948 continuábase coa escavación de Elviña e dábanse charlas no propio castro. Monteagudo foi un precursor da divulgación científica sobre o terreo. En 1950 pronuncia no *Centro Deportivo Santa Lucía de La Coruña* unha conferencia titulada, *El legado de la Prehistoria*. Tamén neste ano publica un artigo sobre un *Sepulcro Paleocristiano de Coiro* no veciño concello da Laracha<sup>8</sup>. No 1951 dá unha conferencia sobre *El vino en la Mitología, en la Historia y el Folklore* na *Asociación Cultural Iberoamericana*<sup>9</sup>. Resulta evidente o seu interese pola arqueoloxía e a cultura da zona. Sen embargo, o artigo xornalístico, por razóns que

ignoramos, caeu no esquecemento. En certo modo recórdanos ós comezos da nosa Asociación, xa que cando publicamos en 1996 a localización dun petroglifo no Monte de Chamorro (Ferrol), a pesar de ser unha importante constatación da existencia do gravado máis ó N de Galicia, foi clasificado como unha excepción, unha rareza. De tódolos xeitos nós eramos un grupo de afeccionados e Monteagudo, xa en 1950, era un reputado arqueólogo.

Dedicamos este artigo, *in memoriam*, ó excepcional don Luís Monteagudo García. O noso recoñecemento ó seu inxente labor profesional que pode semellar nalgún aspecto esquecida, pero que sempre podemos recuperar. Rematamos coas mesmas palabras coas que don Luís rematou o artigo e que non deixan de ter vixencia hoxe en día: *Nada decimos a los que piensan «Dentro de cien años todos calvos», o «apres moi le déluge». Pero a los de sensibilidad, perspectiva histórica y valor no embotados les señalamos que existe una responsabilidad ante la Historia.*

As fotografías deste traballo son propiedade da Fundación L. Monteagudo e as nocturnas foron realizadas por José Manuel Salgado.

<sup>7</sup> Monteagudo García, L., 1947 «Probable hacha clactoniense de Arteijo (Coruña)», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, fascículo VII, pp. 331-339.

<sup>8</sup> Monteagudo García, L., 1950 «Sepulcro Paleocristiano de Coiro (A Coruña)», *Archivo Español de Arqueología*, tomo XXIII, pp. 213-224.

<sup>9</sup> Estes datos fóronnos facilitados pola Fundación L. Monteagudo que está a realizar un baleirado do extensísimo gabinete científico que nos legou o noso querido profesor.

# Explorando sistemas de crenzas precristiás na rexión atlántica

JAMES DURAN / SÉAMAS Ó DIREÁIN, PH.D.\*

## Sumario

Esta é unha exploración da abundante evidencia -desde varias disciplinas académicas- que pode facilitar a reconstrución dos sistemas de crenzas precristiás na rexión atlántica, especialmente en Galicia, Irlanda e Bretaña.

## Abstract

This is an exploration of the abundant evidence from various academic disciplines which can facilitate the reconstruction of the pre-Christian belief systems of the Atlantic region, especially in Galicia, Ireland, and Britain.

## CONTIDO

Lugares Sagrados en Galicia.....	66
Monumentos Megalíticos, Observación Astronómica e Navegación Oceánica.....	67
A Importancia da Tradición Irlandesa Oral e Escrita.....	68
Preservando a Tradición Precristiá en Irlanda e Galicia.....	69
Enfoques Diferentes para a Cristianización.....	71
O «Bautismo dos Deuses» en Irlanda.....	72
As Funcións dos Lugares Sagrados en Galicia.....	74
Seguindo o Camiño das Abellas.....	75
O Significado Cosmolóxico dos Lugares Sagrados.....	76
A Transmisión das Tradicións Precristiás en Islandia e no Mundo Gaélico.....	79
Investigación Sistemática de Campo no Folclore como unha Xanela á Prehistoria....	80
Folclore Gaélico como unha Xanela ó Alén Gaélico.....	81
O Alén dos Saami no Norte de Escandinavia e o dos Gaeles.....	83
Prácticas Vivas de Culto Precristián nunha Zona Gaélica.....	84
Máis sobre os Saami – e a súa Posible Presencia na Escocia Prehistórica.....	84
Sistemas e Prácticas de Crenzas Precristiás que Sobreviven na Gran Bretaña Moderna..	86
Investigación de Sistemas de Crenzas Precristiás.....	87
A Evidencia do Norte de Inglaterra.....	88
Santos ou Deuses? Por que é tan explicitamente Pagán o Material Inglés?.....	90
Unha Tradición Correspondente na Irlanda do Século XIX.....	91
A Herdanza Común da Irlanda Gaélica e Yorkshire.....	93
A Importancia dos <i>Dúile</i> («Elementos») no <i>Fealsúnacht</i> de Mac Domhnaill.....	94
O Funcionamento dos <i>Dúile</i> .....	95
Mac Domhnaill sobre a Creación.....	96
A Importancia da Terra como Nai de Todos.....	98
Unha conexión entre Mac Domhnaill e <i>Brugh na Bóinne</i> ?.....	99
Conclusión.....	99
Notas // Referencias.....	101

\* James Duran/Séamas Ó Direáin, Ph.D. Acadamh na hOllscolaíochta Gaeilge. National University of Ireland, Galway.



## LUGARES SAGRADOS EN GALICIA

Son lingüista e aínda que pasei unha boa parte da miña vida explorando os campos veciños da antropoloxía, do folclore, da mitoloxía e da relixión comparativa, normalmente son remiso a afastarme do campo da lingüística, que foi o centro do traballo da miña vida. Así e todo, varios artigos publicados en anos recentes no *Anuario Brigantino* leváronme a aportar algunha información relacionada co papel dos sistemas de crenzas da rexión atlántica na prehistoria, que poden resultar útiles para comprender a prehistoria galega.

Nun artigo recente no *Anuario Brigantino*<sup>1</sup>, Antón Bouzas Sierra describe a etnoastronomía de 21 lugares sagrados de Galicia. Estes lugares son santuarios cristiáns que decote son os puntos focais de peregrinacións en certas épocas do ano. O autor demostra que mediante unha coidadosa observación *in situ*, en momentos críticos do ano, é posible demostrar a conexión destes lugares con outros lugares sagrados dunha rede que está estreitamente relacionada cos ciclos solares e lunares dunha maneira complexa.

Vistos desde estes lugares sagrados, puntos do horizonte tales como picos de montaña adquiren particular importancia en certos momentos clave do ano, cando se ve subir o Sol ou a Lúa por riba do horizonte ou descender por debaixo do horizonte, xustamente por eses puntos do horizonte,

...de maneira que os montes e fitos salientables da paisaxe se interrelacionan cos espazos sagrados rituais (santuarios) integrándose nunha rede que conecta o territorio, decote dun xeito redundante....<sup>2</sup>

Ademais, adoita haber lendas sagradas relacionadas con santos cristiáns que salientan a importancia destes lugares e poden estar relacionadas con eventos celestes. A orixe precristiá desta complexa paisaxe sagrada pódese ver claramente ó encaixar os fenómenos celestes observados en Galicia cos principais eventos anuais do calendario celta precristián nas zonas celtas do norte. Prestándolle coidadosa atención ás festas trimestrais do ano celta, e en particular á festa de Lugnasad (Lughnasa), que ten lugar 40 días despois do solsticio de verán, pódense calibrar os eventos celestes en Galicia.

Resumindo, o autor demostra que a paisaxe sagrada de Galicia pode ser elucidada por información tomada da rica tradición cultural precristiá, conservada nas zonas celtas do norte e en Irlanda, en particular. Aquí volvemos ver a complementariedade do que se conservou do pasado precristián en Galicia e do que se conservou nas zonas celtas do norte. Galicia conservou unha gran continuidade na súa cultura material do período prerromano, particularmente na súa arquitectura vernácula, pero perdeu unha boa parte da cultura inmaterial que explicaría con detalle a súa cultura material. As zonas celtas do norte, polo contrario, conservaron unha gran parte da súa cultura inmaterial, unha boa parte en forma de antigos manuscritos, mentres que unha gran parte da súa cultura material foi destruída por invasores ó longo dos mil últimos anos. Posteriormente, exploraremos este tema.

Nun artigo posterior, no *Anuario Brigantino*<sup>3</sup>, Antón Bouzas Sierra describe as súas investigacións en 20 lugares nos que foron encontrados petroglifos nos que aparecen armas da Idade do Bronce e estes lugares tamén poden ser relacionados con un calendario celta lunisolar. Por conseguinte, estes lugares non só deberon existir na Idade do Ferro, senón na precedente Idade do Bronce, polo menos. Ademais, o autor indica que aínda que se descoñecen os rituais que se practicaban nestes lugares... «pode inferirse que eran

dirixidos por individuos pertencentes a unha casta sacerdotal depositaria duns coñecementos calendáricos e astronómicos reservados para iniciados, que servirían para estruturar e controlar a sociedade»<sup>4</sup>. No seu artigo previo, o autor, citando *De bello Gallico*, de Xulio César, identifica os druídas da Galia como un grupo desas características<sup>5</sup>.

Observemos aquí tres elementos sinalados hai tempo por arqueólogos que estudan a tradición megalítica da Europa atlántica: (1) a existencia de lugares sagrados, decote sinalada por monumentos megalíticos, (2) a evidencia dunha sofisticada observación astronómica realizada nestes lugares, (3) o desenvolvemento destes lugares ó longo de milenios por sociedades mariñeiras que vivían en rexións próximas ó mar, decote en illas ou en penínsulas. Este último elemento implica coñecementos de navegación, unha capacidade que está estreitamente relacionada coa observación do ceo.

### MONUMENTOS MEGALÍTICOS, OBSERVACIÓN ASTRONÓMICA E NAVEGACIÓN OCEÁNICA

Na súa monumental obra *Facing the Ocean: The Atlantic and its Peoples, 8000 BC-AD 1500*, Barry Cunliffe describe este mundo marítimo con gran detalle<sup>6</sup>. Os mariñeiros tiñan que ter un sofisticado coñecemento da cambiante beiramar, así como un sofisticado coñecemento dos ventos e mareas. Por iso non é de estrañar, por exemplo, que en gaélico irlandés se empreguen adverbios de lugar direccionais usados para describir a dirección do vento e da chuvia en relación ó observador con considerable detalle: *siar*; *thiar*; *aniar* («ó oeste» [desde o observador], «no oeste», «desde o oeste» [cara ó observador]); *soir*; *thoir*; *anoir* («ó leste» [desde o observador], «no leste», «desde o leste» [cara ó observador]), etc. Tamén poden ser empregados en combinación; *an ghaoth aniar aneas* («o vento do suroeste»).

Na conversación irlandesa, esta terminoloxía direccional úsase constantemente e está profundamente entretexida nas expresións idiomáticas da lingua. Por exemplo, *Tháinig siad aniar aduaidh orm* («Colléronme desprevido / sorprendéronme»; literalmente, «Chegaron onda min desde o noroeste»). Un aprendiz de gaélico irlandés pódese preguntar por que é necesaria tal especificación direccional, pero hai que ter presente que os irlandeses sempre estiveron estreitamente vencellados ó océano. De feito, en relación á última expresión idiomática citada, é do noroeste de onde se agardaría que chegase un ataque viquingo, inesperadamente.

Tal e como describe Cunliffe, este mundo marítimo ó longo dun período de 9.500 anos, desde a derradeira fase da Idade do Xeo ata o descubrimento das Américas, vemos un litoral sempre cambiante mentres os glaciares que se derreten fan que suba o nivel do mar en toda a rexión atlántica. Durante a Idade do Xeo, podíase ir a pé, por terra, desde partes de Escandinavia a Escocia, feito este que ten relevancia para a illa de Gran Bretaña poboada de vello, aínda que Irlanda, debido a unha combinación de factores, foi poboada gradualmente e moito despois por visitantes mesolíticos estacionais. Nese mesmo período mesolítico, o que hoxe é o Mar do Norte era maiormente unha marisma usada polas poboacións de Gran Bretaña, Escandinavia e o norte do continente europeo para a pesca e a caza de aves. Unha gran parte dese mundo está agora mergullado baixo o Océano Atlántico.

Decatámonos da importancia da navegación e da actividade náutica celta ó observar a grande flota de enormes barcos de carballo –con velas de coiro e áncoras suxeitas con cadeas de ferro– dos Veneti, con base en Vannes, e destruída por Xulio César.<sup>7</sup> Archibald Lewis salientou a continua importancia das rutas oceánicas durante o comezo da Idade

Media<sup>8</sup>, antes da conquista do norte de África e da maior parte da Península Ibérica polos árabes e da repentina chegada dos viquingos a finais do século VIII. Naquel momento concreto, co Imperio Romano en ruínas e a Europa continental inzada de invasores xermánicos, as rutas oceánicas eran moito máis rápidas e seguras que intentar viaxar por terra a través de Europa.

A facilidade para viaxar por mar desde o Mediterráneo ata Irlanda directamente explica a presenza de monxes cristiáns procedentes de Siria e de Exipto – e mesmo un monxe etíope en Irlanda, algo que marabilla os irlandeses — a comezos do período cristián, así como os contactos habituais entre eruditos da Península Ibérica e de Irlanda.

Pero como sinala Barry Cunliffe, ese océano occidental estivera dominado desde había tempo por navegantes celtas, quizais desde o comezo da Idade do Bronce como mínimo. Archibald Lewis salienta a importancia das referencias romanas á flota picta en augas do norte de Escocia, algo que non debería sorprendernos, tendo en conta a importancia arqueolóxica de Scara Brae nas Illas Orcadas ó norte de Escocia, xa no período Neolítico.

### A IMPORTANCIA DA TRADICIÓN IRLANDESA ORAL E ESCRITA

Antes mencionei que Galicia conservou ben a súa cultura material dos seus períodos máis temperáns, mentres que Irlanda, coa súa cultura material devastada por invasións ó longo de máis de mil anos, conseguiu preservar a súa lingua e as súas tradicións culturais, malia as tremendas perturbacións.

A importancia desa cultura material oral e escrita na reconstrución do pasado cultural irlandés é salientada por John Waddell na súa obra *Archaeology and Celtic Myth: An Exploration* (Arqueoloxía e Mito Celta: Unha Exploración):

A literatura irlandesa temperá é, con moito, a colección máis cuantiosa de material escrito nunha lingua vernácula na Europa occidental. Única en volume e en alcance, está escrita en gaélico irlandés antigo (do 600 ó 900 d. C. aproximadamente) e en gaélico irlandés medio (do 900 ó 1200 d. C. aproximadamente).<sup>9</sup>

Ó falar dos «temas míticos arcaicos e conceptos pagáns» que abundan nese material escrito, comenta que «algúns deses temas míticos poden ser moi antigos».

De cando en vez, os estudantes de lingüística comparativa e mitoloxía teñen identificado temas e características compartidos e decote complexos na tradición celta e védica, por exemplo. Arguméntase que estas características forman parte dunha herdanza indoeuropea común e que teñen miles de anos de antigüidade. Son o bastante numerosas, inusitadas ou relativamente precisas para non ser accidentais e é improbable que fosen transmitidas ó longo dunha distancia xeográfica tan grande en épocas máis recentes.<sup>10</sup>

O erudito irlandés Myles Dillon puxo unha énfase particular nas estreitas correspondencias entre as antigas tradicións de Irlanda e India<sup>11</sup>, mentres Máire MacNeill concluíu que as analoxías máis próximas á súa reconstrución de cerimonia pre cristián en cumios de montes durante a festa de Lughnasa (Lughnasad) en Irlanda atópanse en cerimonia relixiosas hititas nos cumios dos montes para celebrar a colleita na antiga Anatolia.<sup>12</sup>

A explicación máis directa para estas relacións tan próximas, entre estas zonas culturais tan separadas culturalmente, é postular vencellos marítimos desde a zona central



1. Glen Lyon, Perthshire, Scotland. Este é o val das Terras Altas de Escocia no que se informou que existía un lugar de culto na actualidade. Cf. a sección de fotos en Clarke e Roberts (1996).

indoeuropea vía a Península Ibérica ata Irlanda –máis especificamente, desde a Península Balcánica, onde moitos grupos indoeuropeos, incluídos falantes de linguas *centum* e *satem*, convivían en proximidade durante o final do período protoindoeuropeo—. De feito, isto é precisamente o que pretenden facer os partidarios da hipótese «Celtización desde o Oeste».<sup>13</sup>

A antiga Tartesos (Huelva) tivo unha importancia particular como nodo clave desta ruta marítima.<sup>14</sup> E moito despois, como vimos anteriormente, ó comezo do período medieval, esta mesma ruta marítima do Mediterráneo oriental a Irlanda era o camiño de transmisión dos manuscritos e conceptos relixiosos das comunidades monásticas dos cristiáns de Siria e de Exipto para as novas comunidades relixiosas de Irlanda.

#### PRESERVANDO A TRADICIÓN PRECRISTIÁ EN IRLANDA E GALICIA

Volvendo ás investigacións de Antón Bouzas Sierra na ampla rede de igrexas cristiás na Galicia rural, todas construídas en lugares sagrados precristiáns aliñados con outros lugares sagrados e con prominentes elementos paisaxísticos no horizonte, todos marcando eventos astronómicos clave en momentos cruciais do ano, por que temos tan pouca información de fontes galegas sobre o significado orixinal destes lugares sagrados, cando temos abundante información sobre este tipo de lugares na Irlanda gaélica? Por que temos que procurar en Irlanda explicacións sobre o significado destes lugares? Tanto Irlanda como Galicia teñen culturas celtas distintas pero estreitamente relacionadas, están na ruta marítima ó Mediterráneo oriental e teñen abundante evidencia material dos lugares sagrados, incluíndo monumentos e artefactos que nunca foron «cristianizados».

Aínda estando baixo o dominio romano, Galicia debeu reter unha boa parte de autonomía cultural nas zonas rurais da montaña e non hai razóns para sospeitar que nesas zonas o latín substituíse moi rapidamente a lingua celta local, de xeito que a lingua celta local e mailos coñecementos tradicionais asociados a ela deberon sobrevivir facilmente. Observemos, por exemplo, que na Britannia romana a lingua galesa e a súa cultura sobreviviron á caída do dominio romano tanto nas zonas do norte como nas do oeste. As

invasións xermánicas de Galicia, tales como a dos suevos, non deberían alterar as pautas do uso rural da lingua nin os coñecementos do significado dos lugares sagrados locais, xa que parece que os invasores xermánicos representaban novos grupos de elite na Península Ibérica e non ondas de colonizadores xermánicos como as que migraron de zonas xermánicas veciñas para asentarse no norte de Francia, no sur de Alemaña e no leste de Gran Bretaña.

Creo que a resposta á diferenza na preservación de tradicións que expliquen o significado precristián dos lugares sagrados en Irlanda e en Galicia está no xeito no que se levou a cabo a introdución do cristianismo nestas dúas rexións. Segundo o erudito John Carey, a introdución do cristianismo en Irlanda foi algo único en Europa.<sup>15</sup> Aínda que o Papa enviou a Palladius, un misionero cristián máis convencional para introducir o cristianismo en Irlanda, a verdadeira cristianización de Irlanda foi levada a cabo por un misionero moi pouco común: un mozo británico que na súa adolescencia fora escravizado por piratas irlandeses e retido durante seis anos nas zonas máis remotas de Irlanda e que fuxiu de alí para regresar nunha etapa moi posterior da súa vida e non volver marchar nunca de Irlanda.

En certo sentido, San Patricio foi o misionero perfecto. Durante o seu cativerio, asimilara a lingua e a cultura gaélicas e, unha vez ordenado sacerdote e bispo, non puido seguir lonxe das persoas que alí coñecera. Trala súa fuxida de Irlanda, fora preparado para o sacerdocio por Germanus, bispo de Auxerre, na Galia, unha rexión moi familiarizada cos «bárbaros», xa que as tribos xermánicas invadían a Galia constantemente. Así e todo, malia o alento de Germanus, os bispos británicos opuxéronse á súa misión en Irlanda durante varios anos. De tódolos xeitos, finalmente oíu nun soño «a voz dos que estaban a carón da fraga de Voclut, que está preto do Océano Atlántico», berrando, «Pedímosche, rapaz, que veñas e camiñes entre nós unha vez máis». Aquilo chegoume ó corazón e non puiden seguir lendo, así que espertei».<sup>16</sup> Patricio saíu axiña para Irlanda.

O seu impacto nun mundo tribal cunha cultura indíxena intacta de milenios de antigüidade –un mundo rural sen cidades que nunca estivera baixo o dominio romano– foi tremendo. Ademais, o seu impacto foi continuo e marcou as pautas para os séculos vindeiros e ata o presente. Colm Cille (San Columba) aceptou o reto nas zonas pictas de Escocia e San Columbano levou o mesmo espírito ás zonas pagás da Europa continental, chegando ó fin da súa vida en Bobbio, Italia.

Parece que o enfoque de Patricio para a evanxelización foi moi semellante ó que usou San Paulo cos gregos da Acrópole, enfrontándose á cultura nos seus propios termos.<sup>17</sup> Como resultado, retívose e decote reinterpretouse unha enorme cantidade de coñecementos pagáns dentro dunha infraestrutura cristiá, ós que posteriormente lles darían forma escrita monxes cristiáns. Mesmo os monxes cristiáns exhibiron un comportamento que parecía tan característico dun *draoi* (druída) como dun monxe do deserto exipcio. Lembro a historia do misionero irlandés, San Aidan, estando metido no mar ata a cintura, pregándolle a Deus cunha voz como o son das ondas.

Aínda que Patricio era un home humilde dedicado ós pobres e avergonzado do seu rudimentario latín, conseguiu atraer moitos seguidores entre o estrato dominante da sociedade local. Ademais dos fillos e fillas dos reis e dos nobres, debeu atraer moitos membros dos *aos dána*, o estrato douto da sociedade gaélica, que foron absorbidos polo mundo monástico irlandés en rápida formación. Polo que parece, aparte de realizar sacrificios ós antigos deuses, había poucas cousas que excluían unha persoa con profundos coñecementos pagáns da comunidade cristiá.



A cultura dos devanceiros podía adaptarse á nova orde gaélica cristiá por medio de diversas estratexias. Unha delas –o evemerismo– simplemente reconvertía os vellos deuses en figuras históricas que reinaran en épocas distantes, mentres que outra estratexia –a demonización– consistía en velos como demos vivos que interactuaban cos humanos no mundo do momento. Aínda que outra estratexia era velos como «anxos medio caídos» ou, se cadra, como seres dun «Alén» paralelo.<sup>18</sup> Ó final, os monxes cristiáns viron todos estes coñecementos populares como unha valiosa información sobre o seu pasado cultural e, en particular, trala chegada dos invasores escandinavos que non tiñan escrúpulo ningún para saquear e queimar os mosteiros cos seus valiosos manuscritos. Despois destas traumáticas experiencias, os monxes cristiáns, que pasaron os devanditos coñecementos á lingua escrita, debéronse considerar o vencello vital entre o longo pasado pagán e o presente cristián.

### ENFOQUES DIFERENTES PARA A CRISTIANIZACIÓN

Como xa mencionei, esta veneración polo pasado pagán era único na Europa occidental daquela época. Nunha carta a outro crego, Alcuíno, o erudito cristián anglosaxón, opoñíase enerxicamente a que os sacerdotes escoitasen arpistas cantando cancións sobre o pasado pagán anglosaxón.

...Que ten que ver Ingeld con Cristo? A casa é estreita; non poderá darlles cabida a ámbolos dous. O Rei celestial non quere ter nada que ver cos reis perdidos dos pagáns... o Rey eterno reina no ceo, mentres que o rei pagán perdido xeme no inferno...<sup>19</sup>

Aproximadamente ó mesmo tempo que tiña lugar a indixenización do cristianismo en Irlanda, temos esta cita de Galicia, no Segundo Concilio de Braga no ano 572, mostrando a mesma actitude negativa con respecto á cultura precristiá local:

...non lles está permitido ós cristiáns conservar as tradicións dos xentís nin festexalas, nin tampouco ter en conta os elementos, o curso da Lúa, ou das estrelas, ou a va falacia dos astros, para a construción da súa casa, ou para sementar, ou a plantación de árbores, ou para a celebración do matrimonio...<sup>20</sup>

Pero como puntualiza Bouzas Sierra:

Así e todo, a sacralidade dos astros, dos montes, dos ríos, das fontes, ou da vexetación continuou impregnando as crenzas populares, polo que as condenas e excomuñóns tiveron que repetirse noutros concilios ó longo dos séculos.<sup>21</sup>

En canto o devandito extracto do Segundo Concilio de Braga, que «...non lles está permitido ós cristiáns... ter en conta os elementos...», o epíteto gaélico normal para Deus era *Rí na nDúl* («Rei dos Elementos»), que representa unha clara diferenza de actitude con respecto ós elementos da natureza entre o clero de Irlanda e de Escocia por unha parte e o clero de Galicia pola outra, no mesmo momento crítico da historia, aproximadamente.

Na súa importantísima obra *Where Three Streams Meet: Celtic Spirituality*<sup>22</sup>, Seán Ó Duinn, o monxe e erudito beneditino, fala repetidamente do papel central das forzas elementais da natureza como manifestacións do poder vivo de Deus no universo. Isto

queda explicado en detalle nunha importante biografía de San Patricio do século IX. Como nos informa Ó Duinn:

Na conversación celebrada entre San Patricio e as fillas de Laoghaire na fonte de Clebech, como está descrito en *Vita Tripartita*, San Patricio explica que Deus está detrás dos elementos e é máis fundamental ca eles, aínda que reside neles, *Inspirat omnia, vivificat omnia, superat omnia, suffultat (suffulcit) omnia. Solis lumen illuminat et lumen lune.* (Stokes, 1887, 100-102) («Respira en todo, dálle vida a todo, supérao todo, dálle soporte a todo. Acende a luz do Sol e acende a luz da Lúa»<sup>23</sup>).

Así, a diferenza entre Galicia e Irlanda nesta etapa crucial da súa cristianización no século VI d. C. é que, en Galicia, a Igrexa Cristiá estaba remodelando firmemente a cultura local para adaptala ó cristianismo, mentres que, en Irlanda, a Igrexa estaba remodelando o cristianismo para adaptalo á cultura local.

#### O «BAUTISMO DOS DEUSES» EN IRLANDA

En Irlanda, a partir de Patricio, a énfase púxose nos Evanxeos e nas ensinanzas fundamentais da Igrexa. Perservouse todo aquilo que non se opoñía directamente á doutrina central cristiá e á práctica relixiosa.<sup>24</sup> Nesta perspectiva, os sacrificios e as crenzas nos deuses pagáns tiñan que ser rexeitados, pero todo o pertencente ó sistema tradicional de crenzas que podía ser incorporado ó novo sistema híbrido foi aceptado. Dese xeito, mesmo os mitos e as prácticas asociadas ós vellos deuses pagáns foron asociados moi axiña ós santos irlandeses locais. O exemplo máis salientable é o de Santa Bríxida de Kildare, co seu culto ó lume e o seu simbolismo solar.<sup>25</sup>

Esta amplitude de criterio de Patricio e mailos seus sucesores foi máis aló do amor polo pobo gaélico e a súa cultura. Ampliouse tamén ás ideas e escritos relixiosos de zonas distantes do mundo cristián, especialmente do Mediterráneo oriental. A igrexa da cristiandade occidental sospeitaba frecuentemente que monxes desas zonas fomentaban ideas heréticas, en particular, o monofisismo. Pero en Irlanda, todos eses monxes eran ben recibidos como compañeiros cristiáns da Terra Santa e as súas ideas encontraban un público preparado. Como resultado, atopamos unha estraña especulación relixiosa na Irlanda cristiá temperá e parece que unha gran parte estaba baseada en escritos gnósticos de Oriente Medio.<sup>26</sup>

A clave desta explosión de actividade erudita ten que ser que a intelectualidade indíxena, os *aos dána*, cos seus profundos coñecementos nativos, foi amplamente absorbida na nova actividade erudita cristiá. Se non eran eruditos monásticos exactamente, traballaban xunto cos monxes como fontes de información secular e esa disposición mantívose ata o presente. Isto explica o seu entusiasmo polo grego e o latín como linguas de erudición co que rapidamente acadaron reputación na Europa continental. Para a nosa finalidade, Dicuil, o erudito irlandés que ensinou no reino franco de Ludovico Pío no século IX, é particularmente interesante, xa que acadou sona polos seus amplos coñecementos de astronomía e xeografía. A súa obra principal, *De mensura Orbis terrae*, contén nova información de monxes itinerantes irlandeses que parece que navegaran cara ó norte ata chegar ás Illas Feroe e a Islandia.

A miúdo, é moi difícil determinar que ideas dos escritos esotéricos irlandeses foron recollidas da tradición indíxena gaélica e que ideas teñen a súa orixe en manuscritos

estranxeiros, decote de orixe gnóstica. E con frecuencia, as ideas imaxinativas parecen ser unha mestura de tradicións nativas e estranxeiras. O tema da viaxe diaria do Sol cruzando o ceo e a súa misteriosa viaxe nocturna logo de desaparecer no océano occidental, só para reaparecer á mañá seguinte polo leste, é un exemplo excelente.

Como salienta John Waddell, o erudito irlandés, na súa discusión sobre a mitoloxía solar nas Idades do Bronce e do Ferro en Irlanda:

Noutrora, o misterio da viaxe nocturna do Sol era unha verdadeira preocupación. Preocupaba moito a mente medieval e figura... nunha sección dun texto apócrifo do século IX en gaélico irlandés antigo *In Tenga Bithnua* (A Lingua Semprenova)... Aquí dísenos que no cuarto día da creación, Deus creou o «circuíto ígneo do Sol», que... co seu brillo ilumina cada noite doce chairas debaixo das beiras do mundo.<sup>27</sup>

Citando o erudito John Carey, Waddell di que:

...as descrições dalgunhas destas chairas... son comparables ás marabillas do Alén da tradición irlandesa, pero outras derivan de escritos gnósticos do Exipto da antigüidade tardía. Fose cal fose a fonte da idea de que o Sol nocturno pasa a través do Alén, aínda estaba en vigor no Exipto do século IV...<sup>28</sup>

Despois, Waddell cita outra fonte:

A cuestión foi preguntada moi claramente no texto *Immram Úa Corra* («A Viaxe dos Huí Corra») de comezos do século XII, un relato da viaxe marítima de tres irmáns que, ó mirar ó solpor na costa atlántica do oeste de Irlanda, preguntaron: *Cia leth i teit an grian o thét fon fairrciu?* («A onde vai o Sol cando se mete baixo o mar?»). É evidente que esta pregunta formaba parte dos coñecementos indíxenas nunha época moi anterior, a vulgar pola imaxinería solar que sobreviviu.<sup>29</sup>

E conclúe:

A *Coroa Petrie* e o Escudo de Battersea, de finais da Idade do Ferro... só son dous obxectos que mostran a persistencia deste modelo cosmolóxico (polo menos ata os primeiros séculos d. C.) e esta é unha boa ilustración da retención e da transmisión dunha crenza profundamente arraigada durante uns dous milenios en tempos preliterarios. Fose cal fose a inspiración, o autor de *In Tenga Bithnua*, aínda que nun contexto literario cristián, reiterou unha teoría solar que, dunha forma ou de outra, era, como mínimo, tan antiga como a Idade do Bronce. É posible que estivese de actualidade en Newgrange, cando alí se celebraba o misterio da reaparición do Sol.<sup>30</sup>

Observemos que parece que os escritores cristiáns irlandeses, ó afondar nos temas tratados nas versións orixinais que, aparentemente, tiñan a súa orixe no Mediterráneo oriental, incluían «feitos» collidos da tradición indíxena, en lugar de reproducir simplemente imaxes fantásticas tomadas da súa imaxinación. Ó eliminar da análise os elementos máis obvios de Oriente Próximo, quizais poidamos descubrir que o resto do material mostra unha imaxe máis coherente da tradición indíxena. Non hai dúbida de que temos moito material claramente baseado na tradición indíxena recollida tanto dos antigos textos en gaélico irlandés como das pescudas no folclore moderno en Irlanda que pode ser útil para a nosa análise.

Antes de deixar este tópic, debo mencionar un curioso poema asociado á biografía de San Columbano. A biografía foi escrita por Jonas de Bobbio pouco despois do pasamento do santo no mosteiro que fundara en Bobbio, Italia, pero é case seguro que o poema, escrito en hiberno-latín, foi escrito en Bobbio por un dos compañeiros monásticos irlandeses de Columbano. Titulado *Hibernia Insula* (A Illa de Irlanda), menciona a illa brevemente como a illa do océano occidental na que naceu Columbano, pero despois dedica o resto do longo poema a unha descrición da viaxe do Sol cara ó oeste e, tralo seu descenso no océano occidental, a súa viaxe nocturna cara ó leste, onde volve nacer cada día.<sup>31</sup> Parece como se a viaxe diúrna e nocturna do Sol fose un tema moi prominente entre os irlandeses, na súa terra ou no estranxeiro.

### AS FUNCIONS DOS LUGARES SAGRADOS EN GALICIA

Volvamos agora á ampla rede de 21 lugares sagrados de Galicia descrita por Antón Bouzas Sierra. Como xa mencionei, tódalas igrexas eran construídas en lugares sagrados precristiáns, aliñados con outros lugares sagrados e con elementos paisaxísticos prominentes no horizonte. Ademais, todos estes lugares eran excelentes puntos desde os que observar eventos astronómicos clave en momentos cruciais do ano, que podían estar directamente relacionados con eventos do calendario agrícola—como na Irlanda gaélica—.<sup>32</sup>

Bouzas Sierra explica:

A importancia do calendario nas latitudes medias é algo tan perentorio, que basta con que calquera comece a traballar unha humilde horta para darse conta de que a súa primeira necesidade (e o fallo máis elemental que se poida cometer) sempre será non respectar o tempo dos traballos, as sementeiras e as plantacións. Aínda que se dispoña da mellor terra e do clima máis benigno do mundo e incluso en ausencia de pragas, apenas se obterán resultados de non axustar as diferentes labores ó momento axeitado do ciclo anual.<sup>33</sup>

Pero estes lugares sagrados —pagáns ou cristiáns— non eran simples lugares de observación agrícola, claro. Tamén formaban parte dunha rede de lugares que contiñan unha poderosa enerxía que fomenta a fertilidade, tal como nos informan os eruditos Milagros Torrado Cespón e Fernando Alonso Romero<sup>34</sup>. Ó falaren da importancia dos outeiros, din:

Nos outeiros era onde se encontraban os altares primitivos, decote constituídos por un simple penedo con coviñas para as ofrendas destinadas ás divindades coa fin de obter solucións ós problemas humanos, na súa maioría relacionados coa fertilidade e coa fecundidade. Nos seus cumios realizábanse tamén rogativas, ritos impetratorios, congratulatorios, etc. De tal maneira que moitos dos santuarios, igrexas ou capelas, sobre todo os que están nos montes, tiveron a súa orixe no culto pagán á divindade do outeiro que alí existira.<sup>35</sup>

Nas proximidades inmediatas a estes lugares sagrados cristiáns, existían diversos elementos naturais que posuían un significado sagrado para a poboación local, tales como ríos e fontes con supostos poderes de curación. Torrado Cespón e Alonso Romero exploran algúns destes elementos naturais, especialmente aqueles relacionados co fomento da fertilidade en parellas casadas e coa facilidade para parir en mulleres preñadas. Neles inclúense árbores enormes e moi vellas, e grandes penedos con e sen petroglifos, así como ríos e fontes. Os carballos, especialmente as sobreiras e os carballos, tiñan unha

particular importancia, xa que estas árbores –sobre todo as que tiñan cavidades– considerábanse a orixe das almas de nenos aínda por nacer.<sup>36</sup>

Estas cavidades, claro, son lugares preferidos polas abellas para facer as súas colmeas e, se lembramos que en moitas partes da zona de cultura indoeuropea se considera que as abellas representan as almas dos mortos<sup>37</sup>, é lóxico ver estas cavidades como representacións do útero no que renacen as almas dos finados. Así que é lóxico supoñer que unha visita a un destes lugares podería ter como resultado a concepción no caso dunha muller con dificultades para concibir un fillo.

## SEGUINDO O CAMIÑO DAS ABELLAS

Tras mencionar as abellas como representacións das almas dos finados, paga a pena botarlle unha ollada a un artigo anterior de Alonso Romero sobre un ritual dos velorios galegos coñecido como o abellón.<sup>38</sup> Segundo o autor, o abellón era:

...un antigo costume funerario: «a danza do abellón», que se efectuaba imitando o voo do abellón arredor do cadáver nalgunhas vilas costeiras do sur de Galicia.

A danza realizábase como segue:

...cando xa ía ben entrada a noite e o sono e o cansazo comezaban a notarse, poñíase en pé toda a concurrencia para dar comezo ó rito funerario que se coñecía co nome de «o abellón». Os familiares e amigos do finado trasladábanse á habitación na que estaba o cadáver e en torno a el formaban un corro, collíanse da man, e sen dicir unha soa palabra empezaban a dar voltas e voltas arredor do morto, aumentando progresivamente a velocidade dos xiros e sen deixar de imitar coa boca o fungar do abellón. Durante o tempo que duraba esta estraña cerimonia non se podía deixar de dar voltas e tampouco se podía falar, pois o que así o fixese corría o risco de ser o próximo en morrer. García Ramos, que viviu nos tempos nos que aínda estaba vixente esta tradición, di que se efectuaba nas Rías Baixas...<sup>39</sup>

Este ritual recórdame unha misteriosa práctica á que se refiren na *fiannaíocht* (a literatura que describe os feitos dos *Fianna*, as lendarias bandas de guerreiros-cazadores<sup>40</sup> que vivían nas zonas remotas de Irlanda e de Escocia e que estaban baixo o mando de líderes lendarios tales como Fionn Mac Cumhaill e Goll Mac Morna). En momentos especiais, tales como antes dunha gran batalla, os guerreiros realizaban *An Dord Fiann* («o Fungar dos Fianna»), ás veces, acompañado do bater das lanzas. Eu pensara nisto como unha preparación para a morte no combate, como «anunciarlles ás abellas a súa próxima morte». Non se dicía nada, pero o fungar mesmo podía producir fermosas e máxicas harmonías que causaban somnolencia. A relación entre *An Dord Fiann* e *dord beach* (o fungar das abellas) parece evidente.

Así e todo, despois de examinar coidadosamente tódalas referencias textuais na literatura feniana, parece claro que a representación era un efecto coral producido polos guerreiros fenianos para mostrar virilidade e solidariedade en diversos contextos, algúns moi distantes da guerra e dunha morte inminente. Por exemplo, cando Fionn, o seu líder, vai namorar a Créde, a fada, no seu outeiro das fadas, rodeado polas súas 150 mulleres, os seus guerreiros producen o *Dord Fiann* batendo as súas lanzas, que lles parece moi atractivo ás mulleres.<sup>41</sup>



Polo contrario, cando os Fianna se encontran atrapados noutro outeiro das fadas, Bruíon an Chaorthainn, ... *ligeadar gártha troma truamhéalacha astu os ard ...* («...emitiron berros fortes e magoantes...»). Entón, Fionn repréndeos, dicindo:

*Scoirigí, a Fhianna Éireann ... agus ná déanaigí mná caointe díobh féin le hucht bhur mbáis! Ach gabhaigí meanma agus misneach chugaibh, agus seinnigí an Dord Fiann dúinn go cumhach ceolbhinn mar oirfideach roimh an mbás* («Parade!, Fianna de Irlanda, e non vos convertades en carpideiras ó vervos ante a morte! Fungade o Dord Fiann por nós tristemente, melodiosamente, como música antes da morte!»)<sup>42</sup>

E despois,

*... Dhlúthadar a mbéal chun a chéile agus sheinneadar an Dord Fiann d'Fhionn agus dóibh féin* («... apertaron os beizos e fungaron o Dord Fiann por Fionn e por eles mesmos»)<sup>43</sup>

Fose cal fose o significado máis profundo do *Dord Fiann* na literatura feniana, está claro que nunca se usou como parte das cerimonias fúnebres normais dos gaeles, dos seus curmáns galeses, ou dos seus veciños xermánicos do leste. No mundo gaélico, chorar nos funerais sempre lles correspondeu ás *mná caointe* («carpideiras»), malia as obxeccións ocasionais dos sacerdotes locais, e é unha práctica que se remonta claramente a épocas pagás.

Ademais, o papel das *mná caointe* está intimamente relacionado con crenzas máis antigas, tales como a da *bean sí* (a «banshee» ou mensaxeira da morte)<sup>44</sup> ou a da *badhbh*, unha manifestación da *Mór-Rioghain* /Gran Raíña), unha deusa precristiá asociada á morte no combate que decote asumía a forma dun corvo preeiro.

Parece que, polo momento, debemos aceptar a conclusión de Alonso Romero de que a restrición do *abellón* a unha zona moi romanizada con contactos marítimos comerciais co Mediterráneo suxire que é un rito que chegou coa conquista romana e non ten eco ningún na cultura precristiá de Galicia nin coa dos seus veciños do norte.<sup>45</sup>

## OSIGNIFICADO COSMOLÓXICO DOS LUGARES SAGRADOS

Volvendo agora a estes lugares sagrados nos outeiros e carballos, penedos, fontes e ríos, nos arredores destes lugares, podemos intentar visualizalos a través dos ollos daqueles que participaron en ritos relixiosos na era precristiá. Na súa obra clásica *Patterns in Comparative Religion* (Pautas na Relixión Comparativa), Mircea Eliade refírese a «epifanías» descubertas en lugares sagrados, que representan «hierofanías», manifestacións do sagrado en certos momentos e lugares específicos.<sup>46</sup>

Unha estendida «epifanía» encontrada no mundo indoeuropeo está constituída por unha árbore sagrada, decote considerada como un *axis mundi* que conecta o ceo e a terra, unha fonte ou manancial ó pé da árbore, unha pedra grande a carón da poza, e certos peixes que nadan na poza, e que, cando os pescan e os comen, confírenlle unha sabedoría sobrenatural á persoa que os come. É certo que en Galicia, os lugares sagrados –tanto cristiáns como pagáns– parecen ser dese tipo, cunha variedade de obxectos sagrados semellante ós que mencionamos, e atraen unha recua de devotos, ben polos rituais estacionais ou por necesidades persoais urxentes, que son testemuña da santidad destes lugares.

Vexamos unha antiga visión irlandesa do Alén que inclúe a mesma variedade de obxectos sagrados:



2. *Tigh na Cailliche* («A Casa da Vella») en Glen Lyon. Durante o inverno, as pedras sagradas gardábanse nesta cabana. Cf. Clarke and Roberts (1996).



3. *A' Chailleach, am Bodach, and a' Nighean* («A Vella, o Vello e a Filla.») Estas pedras naturais, gastadas pola auga, eran veneradas e gardadas na cabana chamada *Tigh na Cailliche* («A Casa da Vella»). Cf. Clarke and Roberts (1996).

Entón viu outra fortaleza, grande e real,  
e outro muro de bronce arredor dela.  
No interior había catro casas.  
Entrou na fortaleza.

Viu a gran casa real  
coa estrutura da casa feita de bronce,  
e o seu sebe feito de prata,  
e o seu teito de ás de aves brancas.

Entón viu unha fonte brillante no cercado,  
con cinco mananciais que fluían dela,  
e unha multitude de persoas bebendo a súa auga en quendas,  
e as nove abeleiras de Buan («Eterno») medrando por riba da fonte.  
As abeleiras moradas deitaban as súas abelás na fonte,  
e os cinco salmóns que había na poza collíanas e cascábanas  
e mandaban as cascas flotando polos regatos abaixo.  
O son daqueles regatos ó caer  
era máis doce ca calquera musica que se cante.

Daquela Cormac entrou na casa real.<sup>47</sup>

E podemos engadir a visión correspondente da tradición escandinava, da *Prose Edda* de **Snorri** Sturluson:

Entón preguntou Gangleri: En que sentido é famoso ese lugar?

Entón dixo Igual-de-Alto: O freixo é a árbore mellor e máis grandiosa de todas. As súas pólas esténdense por riba de todo o mundo e pasan por riba do ceo. Tres raíces que chegan moi lonxe manteñen a árbore na súa posición...

Baixo a raíz que xira na dirección dos ogros da xeada está o manancial de Mímir, no que hai sabedoría e comprensión agochados; Mímir é o nome do dono do manancial. Ten moita sabedoría porque bebe (auga) do manancial polo corno Gjöll...

A terceira raíz do freixo está no ceo, e baixo a raíz está o moi sagrado manancial chamado o Manancial do Urð [Destino]. Alí réunese o tribunal de xustiza dos deuses...

Preto do manancial, baixo o freixo, hai unha fermosa sala, e dela saen tres doncelas cuxos nomes son Urð, Verðandi, Skuld [Pasado, Presente, Futuro]. Estas doncelas danlle forma á vida dos homes, e chamámolas Norns. Hai máis Norns, claro, aquelas que acoden a cada neno que nace para poder darlle forma á súa vida, e estas son beneficiosas...

Ademais, dise que as Norns que viven preto do manancial de Urð collen auga do manancial tódolos días, e xunto con ela, a lama que hai arredor do manancial, e asperxen o freixo para que non se lle murchen nin lle podrezan as pólas. Pero esa auga é tan sagrada que todo o que entra no manancial vólvese tan branco como a película (que é chamada «tona») que hai dentro da casca do ovo...

O resío que dela cae á terra é coñecido como melada polos homes, e aliméntanse del as abellas. No manancial de Urð nútrense dúas aves; chámanse cisnes, e deles proveñen as aves dese nome.<sup>48</sup>

Vese claramente que estas dúas paisaxes virtuais representan o mesmo arquetipo, cunha lixeira alteración dos detalles e, como sinala Eliade, «... calquera árbore pódese converter na Árbore Cómica, calquera auga pode ser identificada coas augas primixenias...»<sup>49</sup>

... o arquetipo pode ser repetido a calquera nivel que desexe o home, e baixo calquera forma, por rudimentaria que sexa (igual que coa árbore sagrada, as augas sagradas, etc.); o que me parece significativo non é o feito de que o arquetipo estea aberto a rudimentarias imitacións (repeticións), senón o feito de que o home tende, mesmo ós niveis máis baixos da súa experiencia relixiosa «inmediata», a achegarse a este arquetipo e facelo presente. Se isto nos revela algo sobre o lugar do home no cosmos ... é a necesidade que o home sente constantemente de «facer realidade» os arquetipos mesmo ata os niveis máis baixos e «impuros» da súa existencia inmediata; é esta ansia por formas transcendentales –neste caso, por espazo sagrado–.<sup>50</sup>

Nestas dúas escenas descritas, atopamos árbores sagradas, e baixo elas pozas de auga que conteñen auga que confiren sabedoría (na versión escandinava) ou peixes (o salmón) que, se se comen, confiren sabedoría (noutros textos gaélicos). Preto hai casas reais ou salas nas que viven doncelas (na versión escandinava), pero lembremos o outeiro das fadas de Créde coas súas 150 doncelas no relato feniano. As doncelas escandinavas danlle forma ó destino de cada neno que nace<sup>51</sup>, e asperxen as raíces do que, evidentemente, é unha Árbore da Vida. O resío desta árbore é melada, e del aliméntanse as abellas. En canto os cisnes escandinavos, humanos (ou deuses) en forma de cisne aparecen repetidamente como figuras importantes nos textos mitolóxicos en gaélico irlandés antigo.

Así que aquí, ademais doutras cousas descritas, temos árbores, bebés, mulleres que os coidan e guían o seu destino –e abellas alimentadas por unha árbore da vida–. Ó rememorar os lugares sagrados nos outeiros de Galicia, pregúntase un se un escenario semellante era concibido para estes lugares nas Idades do Bronce e do Ferro. Unha inspección máis detallada do folclore de Galicia podería revelar máis información.

## A TRANSMISIÓN DE TRADICIÓNS PRECRISTIÁS EN ISLANDIA E NO MUNDO GAÉLICO

Ó texto irlandés que vimos de examinar daríalle forma, primeiro a un *aos dána* pagán e despois a un *aos dána* cristián, copistas monásticos incluídos, que transmitiron os textos en forma escrita. O texto escandinavo debémollo ó notable islandés Snorri Sturluson, que viviu a finais do século XII e comezos do século XIII e converteu textos orais en textos escritos. Foi Snorri quen nos deu as cancións pagás dos deuses na *Edda Poética*.<sup>52</sup>

A sociedade islandesa era unha sociedade extraordinaria. Estaba composta en gran parte por fuxidos da xustiza norueguesa e tiña un gran compoñente de gaeles tanto de Escocia como de Irlanda (quizais un cuarto da poboación). Representaban tódolos niveis da sociedade norueguesa, e os islandeses funcionaban moi democraticamente baixo as duras condicións do clima e da paisaxe islandeses. Mentres que o que sabemos da vida gaélica tende a estar centrado nos estratos superiores da sociedade gaélica, o centro da voluminosa literatura das sagas islandesas é moito máis amplo e danos unha valiosa imaxe dos «viquingos» na casa (na súa terra).

Así e todo, hai certas lagoas no que sabemos de crenzas e prácticas precristiás en Escandinavia, igual que as hai no mundo gaélico ou no mundo britónico. De tódolos xeitos, ó mirarmos ó norte desde Galicia, é importante ter presente que Escandinavia estaba no extremo norte da rede de comercio marítimo da Idade do Bronce e da Idade do Ferro,<sup>53</sup> e que sempre é prudente ter en mente os datos do mundo escandinavo ó interpretar datos arqueolóxicos de Galicia.

De tódolos xeitos, temos unha notable cantidade de material sobre as crenzas a as prácticas das comunidades gaélicas nas illas próximas á costa escocesa a finais do século XIX na obra enciclopédica *Carmina Gadelica*.<sup>54</sup> Este material recollido ó longo dun período de 40 anos polo investigador gaélicofalante Alexander Carmichael, é un tesouro.

Aínda que hoxe as Illas Hébridas Interiores e Exteriores parecen remotas no mapa de Europa, noutrora foron unha parte intrincada da comunidade de comercio marítimo dos celtas atlánticos. Lembremos, por exemplo, a importancia de Scara Brae nas Illas Orcadas xa no Período Neolítico. É moi posible, polo tanto, que o seu sistema de crenzas poida moi ben ser representativo dos mariñeiros celtas que percorrían o Atlántico durante as Idades do Bronce e do Ferro. Como vemos pola vida dos insulares de Blaskett, Aran e Tory ata anos recentes, os mundos nos que vivían todos estes insulares eran moi semellantes e parecen reflectir unha pauta que se estende ó longo de milenios.

De tódolos xeitos, ó contrario dos textos antes presentados, o material de *Carmina Gadelica* representa o amplo estrato da base da sociedade gaélica. É ese estrato o que decote conserva os elementos culturais máis arcaicos en calquera sociedade rural. Aínda que aquí non poidamos extraer moito material desta rica colección, é bo mencionar a existencia dun recurso tan valioso para a exploración de sistemas de crenzas precristiás na rexión atlántica. Como di o propio Carmichael,

Os misioneiros celtas permitiron a permanencia de elementos pagáns enxertados no seu culto cristián a partir de entón. De aí a mestura da relixión pagá e da cristiá nestes poemas...<sup>55</sup>

Varias das pregarias parecen francamente pagás, con pouca influencia cristiá visible. Outras, tales como as oracións dedicadas a Brigid, parecen vestir os santos con atributos que un esperaría nos deuses pagáns. Os rituais que acompañan estas oracións son, decote, de carácter precristián. Pero, ó final, está todo incluído na estrutura cristiá sen ningunha sensación de tensión ou de conflito.

## INVESTIGACIÓN SISTEMÁTICA DE CAMPO NO FOLCLORE COMO UNHA XANELA Á PREHISTORIA

O abundante material que hai en *Carmina Gadelica* é típico dos grandes estudos sobre o folclore nos que o material é recollido no campo por investigadores especializados durante longos períodos de tempo. A cotío, quen o recada é unha persoa de fóra da zona que é ben coñecida pola xente local. Despois, o material recollido é coidadosamente analizado por especialistas en folclore en universidades e en arquivos nacionais de folclore. O material arquivado –tanto o gravado como o transcrito– é organizado en amplas categorías de folclore e indexado coidadosamente para ser recuperado por eruditos locais e internacionais.

No caso dos contos, que se cadra constitúen a categoría máis importante de material folclórico, os individuais poden ser organizados en tipos principais de relatos e tódalas súas distintas versións. Entón os contos poden ser analizados segundo os seus elementos constituíntes: personaxes principais, eventos, contextos, etc. Estes elementos son coñecidos como *motivos* (temas centrais), e poden ser extremadamente valiosos ó analizar non só contos, senón lendas.<sup>56</sup>

Por exemplo, en Bouzas (2015), o autor menciona motivos tales como barcas de pedra, carros de bois, o gran boi de Ons, condutor das almas, e San Mamede, co seu lendario carro tirado por corzos e lobos, todos relacionados cos lugares sagrados de Galicia.

Tales motivos poden ser buscados non só en Galicia ou na Península Ibérica en xeral, senón ó longo de toda a costa atlántica en dirección norte ata Escandinavia –especialmente nas zonas gaélicas de Irlanda e de Escocia–. Decote, a súa distribución actual revela conexións entre áreas xeográficas que se remontan á prehistoria. Por exemplo, en canto ó motivo dun santo que chega á terra nunha barca de pedra, nas Illas de Arán dise que tanto Colm Cille como Santo Enda chegaron en barcas de pedra, e certos penedos con forma de *currach* móstranse con orgullo ós visitantes como a nave real!<sup>57</sup>

Partindo deste exemplo, pódese ver a importancia de crear un índice de motivos (temas centrais) para Galicia e para toda a Península Ibérica para poder investigar a distribución de motivos específicos e as súas variantes nas lendas vencelladas a lugares sagrados.

No norte, no centro e no leste de Europa, o arquivado e indexado de contos e outro material folclórico avanzou con forza, especialmente desde comezos do século XX. Irlanda foi particularmente afortunada, xa que pouco despois da independencia, eruditos escandinavos e alemáns axudaron ós irlandeses a recoller unha enorme cantidade de material folclórico e a organizar os datos. Por exemplo, na década de 1930, dirixidos polos seus mestres, alumnos de todo o país recolleron máis de un millón de páxinas manuscritas de material folclórico dos seus parentes e veciños.



Os eruditos do leste da rexión báltica, incluídos os países recentemente independizados, Finlandia, Estonia, Letonia e Lituania, convertéronse en exemplares recadadores e arquivadores de material folclórico. Letonia e Lituania teñen un interese especial para o noso estudo, porque esas foron as derradeiras zonas indoeuropeas do nordeste europeo en ser totalmente cristianizadas –algunhas delas no século XVI–. Como resultado, as crenzas precristiás sobreviviron con forza e foron intensamente investigadas.

Marija Gimbutas dámos unha vista global da cultura báltica, cunha imaxe detallada da mitoloxía.<sup>58</sup> O núcleo desa mitoloxía está contido nas cancións pagás mitolóxicas chamadas *dainos* en lituano e *dainas* en letón. Na obra de Algirdas Greimas encontramos un exemplo de como se pode analizar intensivamente o material folclórico lituano para poder acadar un profundo entendemento da antiga relixión lituana. Nela sinala a complexidade do sistema relixioso precristiá en Lituania e como estivo sometido a cambios ó longo do tempo, mesmo antes da total introdución do cristianismo.<sup>59</sup>

Marija Gimbutas tamén merece unha atención especial, porque na súa obra posterior, na que reconstrúe a cultura neolítica do sur de Rusia antes da chegada dos belixerantes pastorís indoeuropeos, principalmente a da cultura Yamnaya, salientou a continuidade dos deseños atopados na cerámica, nas teas, etcétera, ó longo dos milenios.<sup>60</sup> Sostén que as tecelás, as oleiras, etc., locais, aínda sabían o significado daqueles antigos deseños e podían explicar o que significaban. Sería interesante descubrir se as formas atopadas nos petroglifos de Galicia aínda teñen eco nos deseños folclóricos locais.

Como xa mencionei, este folclore de Letonia e Lituania é moi arcaico, pero o folclore báltico reflicte un mundo indoeuropeo moi diferente ó mundo reflectido nos textos en gaélico irlandés antigo e medio ou nas comunidades rurais gaélicas actuais. O folclore letón e lituano reflicte un mundo de fragas e estepas, e cando se menciona o mar, é o relativamente plácido Mar Báltico.

En cambio, o mundo gaélico é un mundo esencialmente marítimo de paisaxes posglaciais chuviosos e varridos polo vento, con zonas de bosque en áreas abrigadas do interior e moitos páramos, todos situados lonxe, no tempestuoso Océano Atlántico.

O mundo escandinavo, especialmente Suecia, mesmo como está reflectido no material islandés e anglosaxón, inclínase cara ó leste e cara a un legado báltico moito máis próximo ó plácido mundo letón e lituano. Irlanda e Escocia, polo contrario, reflicten un mundo atlántico tempestuoso, estreitamente vencellado non só a Gran Bretaña, senón a Bretaña e a Galicia.

## FOLCLORE GAÉLICO COMO UNHA XANELA Ó ALÉN GAÉLICO

Vexamos en detalle este tempestuoso mundo atlántico e, en particular, unha raza de seres que se cría que habitaban a paisaxe do mundo gaélico ata a xeración presente: os *aos sí*.<sup>61</sup> Estes seres chamados «fairies» en inglés<sup>62</sup>, víanse como entretecidos na vida da xente rural da zona gaélica e tiñan un papel prominente no folclore. Críase que vivían especialmente nos outeiros e nas antigas mámoas, tales como Brugh na Bóinne. Este é o relato folclórico moderno dun ancián sobre a súa orixe, pero esta explicación reflicte unha interpretación cristiá destes seres transmitida desde a época medieval:

A explicación que tiña para a súa existencia era que durante a guerra que houbo no ceo entre Deus e os anxos, Deus abriu as portas do ceo e dispúxose a botalos e ese traballo durou corenta días e corenta noites. Algúns deles quedaron no aire, outros na terra e outros no mar.

Os sitios nos que máis se vían eran os altos e había moitos nos acantilados, a carón do mar. Ó ancián oílle dicir que de non ser porque tiñan a esperanza de volver ó ceo o día do xuízo final, destruírían o mundo.<sup>63</sup>

A interacción con ese Alén podía ser perigosa. Noutro relato, un pai manda a súa filla polo gando antes dunha treboada, pero ela non dá atopado o gando e non o leva á casa.

Cando llo dixo, ó pai deulle unha arroutada e volvéndose a ela díxolle: «Que te leven os outeiros e os altos! Sae e non volvas ata que encontres o gando!». Ela safu pola porta e nese mesmo momento o pai arrepenhiuse do que dixerá, pero cando saíu a correr para chamala, ela estaba entrando no penedo coñecido como «Creig na Caillí»<sup>64</sup> ata hoxe. O outeiro tamén é coñecido como «Cnoc Áine» desde entón<sup>65</sup>, e non hai un outeiro no país tan misterioso coma ese.<sup>66</sup>

Noutro relato sobre unha rapaza que vixiaba o gando, unha moza rubia que toca a arpa nun outeiro cuberto de herba convence á rapaza para seguila e que entre no outeiro por unha porta. Unha vez dentro do outeiro, ve un castelo grande e bonito.<sup>67</sup> Cando entra na cociña, recíbea e saúdaa polo seu nome e apelido unha vella que estaba alí. A rapaza ten fame e está a piques de comer un pouco de pan, cando chega outra vella doutra sala grande e chea de xente adxacente á cociña e cun golpe tíralle a comida da man á rapaza. A vella dille á rapaza que véu a correr desde Cnoc Áine para salvala, e que a rapaza debe marchar inmediatamente sen mirar atrás ata chegar á súa casa. Entón, a vella revela a súa identidade:

Cando chegues á casa, dille a túa nai que te salvou Bidy Eibhlíne, que afogou hai moito tempo cando paseaba polo (areal de) Rough Shore. Ela saberá quen son.<sup>68</sup>

Neste relato podemos ver que o mundo dos mortos e o mundo dos Aos Sí poden superpoñerse. A primeira vella que encontra coñece ben a rapaza (aínda que a rapaza non a coñece a ela) e dálle a benvinda ó *bruíon* ou outeiro das fadas.<sup>69</sup> Está claro que a rapaza está entre parentes. A outra vella chega a correr desde outro *bruíon* (Cnoc Áine) para salvar a rapaza, xa que sabe que se a rapaza proba a comida, non poderá irse. A segunda vella é outra parente ou unha veciña da nai da rapaza. Así, as dúas vellas están estreitamente relacionadas co mundo dos vivos, aínda que agora viven no mundo dos mortos, que existe a carón do mundo familiar.<sup>70</sup>

Observemos que a segunda vella morreu afogada accidentalmente. Isto significa que non estaba debidamente preparada para a morte e, en vez de ir ó ceo, ó inferno ou ó purgatorio, foi ó mundo dos seus devanceiros. Estaba na categoría de persoas que finan sen os ritos da Igrexa. Observemos agora esta pasaxe de *Carmina Gadelica* relacionada con bebés que morren sen bautizar nas illas exteriores de Escocia:

Se o neno morrese sen bautizar, non se permitiría enterrar o corpo cos ritos cristiáns en terra consagrada. Os nenos que nacían mortos eran enterrados nun lugar aparte, decote nun lugar inaccesible, entre penedos.

...Na casa de West Cralacan hai un saínte entre as rochas onde se enterraban nenos sen bautizar, e iso recórdano persoas aínda vivas. En moitos distritos, eses nenos enterrábanse entre o solpor e o amencer, «sen un raio de sol ou de lúa, nunha noite negra e escura, onde

ningún ollo podía ver e ningún home podía distinguir». Críase que un neno así non tiña alma; senón que se convertera nun espírito, e ese espírito, «taran», entrara nunha rocha e vivía alí, converténdose en «mac talla» (fillo de rocha)», palabra que en gaélico significa «eco»... Non estou seguro da relación que tiñan estes espíritos cos trasnos coñecidos como iridich nan creag, «trasnos das rochas».<sup>71</sup>

Unha vez máis, vemos que seres humanos que finan sen os ritos da Igrexa encontran un sitio no que vivir como espíritos entre os penedos, en lugares solitarios asociados ós *aos sí*.

## O ALÉN DOS SAAMI NO NORTE DE ESCANDINAVIA E O DOS GAÉLES

Esta superposición entre o Alén e o mundo dos mortos tamén se encontra entre os saami do distante norte de Escandinavia. Sempre me impresionaron as similitudes entre o Alén dos saami e o Alén dos pobos gaélicos. Botémoslle unha ollada ó Alén dos saami:

Debaixo da terra había outro mundo senlleiro, a terra «saivo», e esta era o equivalente exacto do noso mundo, onde os finados levaban unha vida de felicidade xunto cos seus rabaños de renos, xa que a morte non significaba o final da existencia. Tamén hai referencias a un mundo dos mortos, Jabmi-Aimo. Non está claro cal era a conexión entre este e a terra «saivo», e se cadra tampouco estaba claro para os lapóns.<sup>72</sup>

Os saami tiñan un estilo de vida moi arcaico, moi parecido ó dos nosos devanceiros do mesolítico, antes da introdución da agricultura. A diferenza principal deste estilo de vida sería a introdución dos rabaños de renos quizais uns mil anos antes, que transformou a súa cultura de caza e de pesca nunha cultura nómade con rabaños de renos. Polo demais, a súa existencia era nunha gran parte como na Idade da Pedra, con artefactos ocasionais adquiridos a través do comercio cos nórdicos.

Como sinala o autor, o antropólogo danés Kaj Birket-Smith, a relixión dos saami estaba influenciada polo paganismo nórdico, e incluso algunhas ideas cristiás, pero malia a forte influencia que tivo no seu estilo de vida a transhumancia cos renos durante os mil últimos anos, a súa relixión está «... evidentemente arraigada na vida da caza, [e] a transhumancia tivo pouca influencia». O xamanismo era extremadamente importante, igual có culto ós osos.

Segundo antigas ideas lupoas, a natureza estaba tan viva como o home, e contiña forzas coas que era esencial estar a ben, pero sobre as que era imposible obter poder. O perigo dos osos podía contrarrestarse observando coidadosamente os ritos de caza ... e os cazadores podían asegurarse unha boa captura por medio da maxia gravando imaxes da súa peza en penedos situados en lugares favorables para a caza... As árbores tamén contiñan unha alma ... Certos lagos, rochas de curiosas formas, ou unha pedra de semellanza aparente a un animal ou a un home –todos estes «seides» contiñan enerxía sagrada, e facíanlles sacrificios para que os renos se multiplicasen e tivesen boa fortuna noutras cousas-. Encontráronse centos de lugares de culto deste tipo, xunto con moreas de cornos de renos sacrificados e, ocasionalmente, algunha figura de madeira cruamente tallada.<sup>73</sup>

De feito, como sinala Barry Cunliffe, nos enterramentos mesolíticos das comunidades do litoral atlántico en Gran Bretaña e Dinamarca, «os individuos estaban acompañados por moreas de cornos de reno», e «é tentador pensar que aqueles individuos adornados con cornos podían ser os xamás que facían de intermediarios entre o grupo social e os

espíritos». <sup>74</sup> En canto ós outros artigos e prácticas mencionados, xa as vimos mencionadas en citas desde Escocia a Galicia. Axiña volveremos cos saami cando falemos dos lugares de culto en Escocia.

O folclore que describe o mundo dos *aos sí* entre os pobos gaélicos contén motivos que deben ter unha considerable antigüidade. Un relato fala dun mariñeiro que estaba a pescar cuns compañeiros «...e viu que unha vaga monstruosa ía cara a eles». Lánzalle un zapato á vaga e amáinaa. Aparece outra vaga enorme, e lánzalle o outro zapato á segunda vaga e esta amaina. Entón aparece unha terceira vaga, e esta vez, o heroe lanza un coitelo grande contra a vaga. «Así que o fixo, o mar amainou e quedou liso como unha táboa». Descubre que a vaga era unha muller dos *aos sí* que o amaba e intentaba afogalo para podelo salvar. <sup>75</sup> Observemos que entre os chucotos de Siberia, ó encontrarse cun vento xélido na tundra, un chucoto lanza un coitelo contra o vento para poder amainalo. Podemos estar razoablemente seguros de que o «coitelo contra o vento/vaga» é un motivo folclórico que non chegou a esas dúas comunidades por vía dunha ruta comercial marítima!

### PRÁCTICAS VIVAS DE CULTO PRECRISTIÁN NUNHA ZONA GAÉLICA

Despois de mencionar tanto os saami de Escandinavia como os gaeles de Irlanda e Escocia, é hora de falar dun descubrimento recente nas Terras Altas (Highlands) de Escocia. Oínlle esta historia por primeira vez ó Profesor Allan Macinnes, da Universidade de Strathclyde, cando visitou California a finais da década de 1980. Tal como lembro os detalles, uns funcionarios do goberno querían asolagar un val remoto nas Terras Altas escocesas para instalar unha planta hidroeléctrica. Naquel momento, os residentes da zona achegáronse ós funcionarios gobernamentais ás caladas para manifestarlles a súa preocupación.

Resulta que no val había un lugar de culto e a comunidade local seguía realizando nel prácticas rituais. No val había unha cabana pequena considerada un lugar sagrado. En tempos nos que aínda se practicaba a transhumancia en Escocia, os mozos da comunidade local levaban gando ó val durante o verán, e a cabana podía ser un refuxio en momentos de mal tempo.

Na cabana había tres pedras chamadas *am Bodach* (o vello), *a' chailleach* (a vella), e *a' nighean* (a filla) <sup>76</sup>. No verán, colocaban as tres pedras fóra coidadosamente sobre a herba, ó sol, pero ó final do verán, cando volvían levar o gando ós pastos máis baixos, metían as pedras na cabana outra vez, con provisións para o inverno! <sup>77</sup> Clarke e Roberts (1996) dan o relato completo.

### MÁIS SOBRE OS SAAMIE A SÚA POSIBLE PRESENCIA NA ESCOCIA PREHISTÓRICA

O que me impactou no momento foi a semellanza do trato dado ás pedras no val das Terras Altas escocesas e o dado a certas pedras amorfas na comunidade saami en Escandinavia. Entre os saami, vellos relatos falan de «deuses do lar» que as familias levaban con elas nas súas migracións. Eses deuses non eran imaxes talladas, senón pedras irregulares, quizais «de forma curiosa» como na devandita pasaxe. Conservábanas coidadosamente envoltas en tea, e mentres viaxaban, dábanlles un lugar especial na zorra. En ocasións cerimoniais, desenvolvíanas e colocábanas sobre céspede fresco.

Pola información ofrecida en Clark e Roberts (1996) sobre pedras similares coidadas por familias nas terras altas de Gran Bretaña, parece que foi unha práctica moi estendida en Gran Bretaña. Suxire isto a presenza de individuos saami en Gran Bretaña durante o



4. Fonte Sagrada na Illa Negra, en Ross e Cromarty, Escocia. Máis de 50.000 anacos de tea foron atados ás árbores e matas próximas por peregrinos da época actual que deseaban ser curados. Os costumes vellos resístense a desaparecer. Cf. Clarke and Roberts (1996).



5. Fonte Sagrada de Bendrade (Oza-Cesuras, A Coruña, Galicia). É impresionante ver como o mesmo ritual de culto ás augas pervive de xeito idéntico en diversos pobos atlánticos. Foto: José M<sup>a</sup> Veiga.

período mesolítico, ou mesmo antes, a finais da Idade de Xeo, cando Gran Bretaña e Escandinavia estaban máis ou menos conectadas por terra?<sup>78</sup>

A investigación xenética demostrou que o ADN mitocondrial das mulleres saami ten vencellos específicos co das vascas, mentres que os cromosomas Y dos varóns saami apuntan a vencellos coa Europa central.<sup>79</sup> Demostrouse que outras teorías anteriores, con connotacións raciais, que vencellaban os saami con «Asia» eran falsas, polo que, en termos do seu ADN, os saami son tan europeos como os seus veciños. En cambio, parece que a cría de renos e outros elementos de cultura material foron tomados prestados dos seus veciños do leste do Ártico.

O que me fascina desde hai tempo é que case todos os dialectos saami mostran o fenómeno lingüístico coñecido como «preaspiración». Expresada simplemente, a preaspiración consiste en producir un son [h] inmediatamente antes dunha consoante xorda como [p], [t] ou [k]. Por exemplo, en gaélico escocés, atopamos eses sons en palabras como *mac* [mahk], «fillo», *putan* [puhtan], «botón», e *cupa* [kuhpa], «copa».

En Europa, a distribución xeográfica da preaspiración é moi restrinxida. Encóntrase no noroeste de Europa soamente: en Escandinavia, en Islandia, nas Illas Feroe e en Escocia.<sup>80</sup> En canto ás linguas, encontrámola en tódalas linguas saami, agás no saami inari (que ten post-aspiración), en diversos dialectos escandinavos descendentes do nórdico antigo, e en gaélico escocés (pero non en gaélico irlandés nin manés). Dito doutro xeito, a preaspiración é virtualmente universal entre unha poboación de falantes dunha lingua urálica (saami), en diversos dialectos dunha lingua xermánica (descendentes do nórdico antigo) e en certos dialectos dunha lingua celta (só en dialectos escoceses).

A preaspiración non é unha característica das linguas indoeuropeas e tampouco é unha característica das linguas urálicas. Así e todo, atopámola no khalkha (halh) mongol e en diversas linguas indíxenas de Norte América. Parece ser unha característica fonolóxica arcaica, e aínda que existe un debate considerable sobre como xurdiu e se espallou este fenómeno, supoño que se trata dunha característica lingüística eurasiática zonal arcaica



conservada polos saami, que se consideran os colonizadores orixinais da Península Escandinava desde a Idade de Xeo en adiante e que falan unha lingua urálica arcaica, ou desenvolvérona eles independentemente na península.

Eu explicaría a existencia da preaspiración nas linguas nórdicas escandinavas como unha característica tomada prestada dos seus veciños saami polos colonos xermánicos. En canto a aspiración en gaélico escocés, paréceme unha característica indíxena de Escocia. Non a levaron os irlandeses a Escocia e, na miña opinión, tampouco a levaron alí os nórdicos.

Ningún dos dialectos de gaélico irlandés que existen hoxe en Irlanda mostra trazos de preaspiración, nin sequera nas zonas nas que se asentaron colonos nórdicos. Tampouco en Inglaterra. Se os colonos nórdicos fosen a causa da preaspiración, por que non está a preaspiración amplamente estendida nas zonas de asentamento masivo de colonos nórdicos?

Se observamos un mapa de distribución da preaspiración en Escocia, descubrimos algunhas pautas moi interesantes.<sup>81</sup> Encontramos a preaspiración máis forte nas zonas máis gaélicas –ó longo de tódalas Terras Altas occidentais e nas illas do sur, co equivalente de [maxk] «filo», [puxtan] «botón», e [kuxpa] «copa»–. Canto máis nos achegamos ás zonas do norte, que foron as de maior asentamento nórdico no pasado, máis lene é a preaspiración, producindo o equivalente de [mahk] «fillo», [puhtan] «botón», e [kuhpa] «copa». Isto é o contrario do que era de esperar se fosen os nórdicos quen introducisen esta característica ós gaeles escoceses.

A preaspiración máis lene de todas dáse na zona do sur de Argyll e do norte de Perthshire, producindo o equivalente de [maxk] «fillo», [putan] «botón», e [kupa] «copa», con preaspiración soamente diante da consoante [k]. Teñamos en conta que Argyll foi precisamente a zona da Escocia picta na que os irlandeses do norte se asentaron primeiro.

Así, á parte de explicacións máis complicadas, parece que o centro da zona gaélica de Escocia –a menos afectada por estranxeiros– é a máis caracterizada pola preaspiración. Isto suxíreme que a preaspiración é unha característica de substrato dunha lingua que existiu alí antes da expansión dos gaeles na Escocia picta. Isto non quere dicir que os pictos falasen un dialecto saami –acepto que o picto era un dialecto britónico (celta Q)–. Así e todo, creo que nalgún momento posterior ó final da Idade de Xeo, os seus devanceiros falaban un dialecto saami.

O obxectivo desta longa digresión é dicir que creo que as semellanzas conceptuais entre o mundo gaélico dos *aos sí* e o mundo *saivo* dos saami, así como o parecido das prácticas rituais en Escocia e nas zonas saami de Escandinavia, non son accidentais. Ademais, as paisaxes estivais dos saami no norte de Escandinavia e as dos gaeles nas zonas de páramos postglaciais varridos polo vento en Escocia son moi similares e soportarían un estilo de vida parecido e, moi posiblemente, unha maneira semellante de ver a vida.

## SISTEMAS E PRÁCTICAS DE CRENZAS PRECRISTIÁS QUE SOBREVIVEN NA GRAN BRETAÑA MODERNA

Despois de mencionar a aparente supervivencia dun sistema de crezas arcaicas nas Terras Altas de Escocia, podemos pasar agora a unhas investigacións moi interesantes nas que se inclúen os datos de Escocia, pero nas que tamén se inclúen moitos datos de dentro das fronteiras de Inglaterra, en particular na cadea montañosa dos Peninos, que se estende como unha columna vertebral ó longo do norte de Inglaterra.<sup>82</sup> Na obra *Twilight*

of the Celtic Gods (*Crepúsculo dos Deuses Celtas*), o Dr. David Clarke e o seu colega Andy Roberts fixeron máis de 10 anos de traballo de campo nos Peninos e en zonas veciñas sobre a supervivencia de crenzas e prácticas precristiás nesas zonas.

Durante moitos anos realizaron un amplo traballo de campo traballando moi discretamente con informantes individuais. Decote, estes informantes preferían quedar no anonimato, pero cooperaban cos investigadores foráneos sobre unha base de confianza mutua. A erudita escocesa, a Dra. Anne Ross, autora de *Pagan Celtic Britain (Gran Bretaña Celta Pagá)*<sup>83</sup>, nacida nas Terras Altas Escocesas e familiarizada co devandito lugar de culto escocés, animou a Clarke e Roberts co seu traballo.

Un traballo de campo tan coidadoso demostra o que se pode acadar, mesmo hoxe, ó investigar sistemas de crenzas e prácticas rituais precristiás na Europa occidental. Resulta que nas zonas rurais illadas, ocupadas por comunidades asentadas hai tempo nas que desde hai innumerables xeracións viven e casan entre eles grupos de familias, pódense transmitir tradicións moi arcaicas de xeración en xeración ó longo de milenios.

No proceso de transmisión parece estar involucrado un membro de avanzada idade de certa familia da zona local –decote unha avoa– que fai de gardiá dun lugar de culto local, e é a encargada de pasar as crenzas e prácticas rituais a membros máis novos da familia. A comunidade coopera no mantemento das prácticas de culto locais e, normalmente, participa en certas celebracións estacionais –que, de feito, son as celebracións trimestrais do ano celta mencionado anteriormente por Bouzas Sierra–. Axiña volveremos explorar con máis detalle a instrución dada por membros maiores da familia ós membros máis novos, pero antes botarémoslle unha ollada rápida ás dúas maneiras principais de investigar sistemas de crenzas precristiás: investigación arquivística e investigación de campo.

## INVESTIGACIÓN DE SISTEMAS DE CRENZAS PRECRISTIÁS

A investigación arquivística consiste principalmente na investigación de sistemas de crenzas por medio do exame de documentación escrita sobre sistemas de crenzas ó longo dos séculos. Podería consistir na «investigación bibliotecaria» que a todos nos é familiar, pero podería consistir no amplo uso de material non publicado gardado en arquivos de folclore. Por exemplo: *The Golden Bough: A Study in Comparative Religion (A Póla de Ouro: Un estudo sobre Relixión Comparativa)* é un bo exemplo de investigación arquivística a finais do século XIX<sup>84</sup>, mentres que as moitas obras eruditas de Georges Dumézil sobre a relixión e a sociedade protoindoeuropea son un bo exemplo da investigación máis avanzada, baseada en documentos, do século XX.

Polo contrario, as investigacións feitas por antropólogos durante a década de 1920 sobre sistemas relixiosos en áreas coloniais de todo o mundo, demostraron a importancia do traballo sistemático de campo para comprender os sistemas de crenzas e os rituais que os acompañaban. Este traballo sistemático revelou rapidamente a inexactitude de gran parte do material escrito sobre relixións non europeas, e permitiu unha comprensión moito máis profunda deses sistemas relixiosos.

De feito, a observación directa de sistemas de crenzas alleos ten unha longa historia en Europa. Xulio César foi un observador-participante da relixión e da sociedade gala que estaba destruindo activamente e, de feito, contou co druída Divitiacus como guía e conselleiro.<sup>85</sup> Parece que tamén Tácito, ó escribir a súa *Xermania*, estivo ben informado polos romanos que estiveran en zonas xermánicas e estaban familiarizados coas crenzas e prácticas relixiosas das tribos xermánicas.

Moito despois, durante a expansión europea ás Américas, os misioneiros españois presentes en América Central e América do Sur escribiron amplas descrições das crenzas e prácticas relixiosas locais nas comunidades entre as que vivían, igual que fixeron os misioneiros xesuítas en Canadá, e esas descrições foron eloxiadas por antropólogos modernos pola súa exactitude e obxectividade.

Resumindo, fixéronse grandes avances na comprensión dos sistemas relixiosos de pobos analfabetos por medio dun bo traballo etnográfico de campo, pero ese traballo de campo ten unha longa historia.

Para o que nos concerne, quero facer notar tres destacadas exploracións de crenzas e prácticas relixiosas no século XX nas que se contou coa participación de individuos que tiñan coñecementos particularmente profundos das relixións locais: o equivalente a xamás, adiviños ou sacerdotes.

O primeiro cúmulo de traballo de campo é o do erudito finés Uno Harva entre os agricultores fineses do Volga –os pobos mordovios, cheremises e maris– da Rusia central.<sup>86</sup> Traballando en comunidades pagás cos *karts* (sacerdotes pagáns), puido obter descrições detalladas do mundo espiritual de pobos cuxos devanceiros serían veciños próximos dos primeiros indoeuropeos. Aínda que o mundo relixioso explorado é un mundo urálico, sen dúbida contén elementos culturais tomados prestados do sistema de crenzas e prácticas rituais dos primeiros indoeuropeos, xa que as diferenzas lingüísticas poden operar como filtros entre comunidades culturais veciñas, pero non funcionan como barreiras impenetrables entre elas. A min paréceme fascinante que aínda sexa posible acadar descrições tan detalladas de sistemas relixiosos precristiáns na Europa moderna.

Os dous segundos exemplos de traballo de campo en asociación con especialistas relixiosos de comunidades locais proceden de África. O primeiro exemplo é o traballo pioneiro do antropólogo francés Marcel Griaule, *Dieu d'eau: entretiens avec Ogotemeli* (*Deus da Auga: Entrevistas con Ogotemeli*).<sup>87</sup> Os dogóns son un pobo arcaico do Sáhara central que representa un pobo cuxos devanceiros foron parte das antigas pradeiras do Sáhara. A detallada descrição do sistema relixioso contén unha referencia á importancia de certa constelación, que é o tipo de información que pode ter un sacerdote, pero non un profano.

O segundo exemplo procede de Sudáfrica: unha exploración detallada da relixión tradicional do pobo zulú da República de Sudáfrica polo antropólogo Axel-Ivar Berglund. Berglund foi o fillo zulúfalante duns misioneiros luteranos que, ó falar zulú con fluidez, puido explorar os matices da relixión tradicional do pobo zulú. No seu libro transcribe palabra por palabra as súas conversacións gravadas con especialistas relixiosos zulús, tales como adiviños, fazedores de chuvia, herboristas e «vaqueiros celestes» (especialistas que protexen a comunidade dos lóstregos). Por medio de interrogatorios moi detallados, puido cribar a información e corrixir os detalles de descrições anteriores da relixión zulú.

Así, queda clara a importancia dos relatos detallados, sistemáticos e ben fundados do interior da comunidade de crentes. Os relatos sobre crenzas e prácticas relixiosas precristiás en Europa non adoitan ter este nivel de claridade ou fiabilidade, xa que decote dependemos de estranxeiros para obtelos e xeralmente os observadores foráneos son observadores hostís.

## A EVIDENCIADO NORTE DE INGLATERRA

Volvamos agora ó traballo feito nos montes Peninos do centro de Inglaterra polo Dr. David Clarke e o seu colega Andy Roberts. Un informador é citado amplamente ó longo do

libro, e aínda que este informador nunca se describiría a el mesmo como un «sacerdote da vella relixión», é obvio que é moi elocuente e que pensa profundamente na tradición na que foi criado. Na miña opinión, os seus comentarios son un documento sociolóxico importante que describe como sobreviven durante séculos os sistemas de crenzas precristiás nun ambiente relixioso hostil. Estes son algúns extractos importantes:<sup>88</sup>

Pasei toda a miña infancia e a maior parte da miña vida adulta na zona de Harfedale, en Yorkshire, de onde somos orixinarios eu e máis un grupo de familias ós que estou emparentado... Sempre se me dixo que a miña familia e as súas diversas ramificacións viviran nesta parte do mundo desde o comezo do tempo... Supoño que somos ‘pagáns’ –pero só no sentido de que o mundo do paganismo se refería orixinalmente ás crenzas e prácticas de quen vivía no campo–.

Desde o comezo da miña infancia en adiante fun educado na tradición familiar... e en lugar dunha educación formal como a que existe na tradición cristiá, a nosa educación tiña unha forma moito máis relaxada, aínda que, dalgún xeito, intensa. A instrución era responsabilidade dos membros máis vellos da familia... No momento do meu «espertar»..., miña avoa materna era a responsable de pasar as ensinanzas –inicialmente pasábanse de avó a neto, de muller a home ou de home a muller– e isto tiña a forma de ‘paseos pola natureza’ (lembramos que daquela eu só tiña sete anos) durante os que percorríamos quilómetros, fíxese o tempo que fíxese, en tódalas estacións do ano e a calquera hora do día e da noite...

Pouco e pouco, de ver unha serie de estradas, camiños, campos e outeiros, comecei a ver a topografía xeral da zona na que vivía dun xeito totalmente distinto... Deambulabamos libremente... prestándolle unha atención total á terra e a como estaba formada, as súas formas, texturas e lugares ocultos... Ela sinalaba e nomeaba certas características da paisaxe... e cheguei a coñecerlos por aqueles nomes. Contábame contos sobre elas e sobre os poderes que as habitaban e as protexían. Había xigantes, fadas, espíritos e forzas máis sutís e poderosas en tódolos sitios... Aprendeume a miralo todo desde un outeiro a un regato a unha folla e, ó miralos correctamente, a ver tanto os procesos físicos como os significados máis relevantes...

Tiven que aprender tódolos nomes, literalmente –os nomes locais, claro–, de cada planta, de cada árbore, de cada tipo de pedra, de cada animal, de cada ave, de cada insecto, de cada peixe e demais. Tiña que saber onde se podían encontrar todos, que aspecto tiñan en calquera época do ano e, se as tiñan, cales eran as súas utilidades (medicinais, prácticas do que fose)...

Ensinoume as épocas específicas do ano, do mes e do día e mailo que significaban e para que se podían usar e como o clima e as súas pautas indicaban certas cousas que ían chegar para as plantas e os animais. Tamén o Sol, a Lua e o ceo da noite se converteron nun lugar diferente, poboado de heroes e viláns, deuses e deusas. Tan distantes e formando parte aínda así do poder único ó que me ía expoñendo de vagar...

...Tamén fun introducido á crenza fundamental da nosa tradición: que a terra é sagrada. E con ese fin considerabámonos administradores, gardiáns das áreas nas que vivían membros da nosa familia... Agricultores, gandeiros, gardamontes e moitos campesiños normais sabían dos nosos coñecementos sobre plantas e animais, e certos membros da familia axudábanos con remedios naturais e herbais tanto para problemas de animais como de seres humanos... Tampouco nos consideraban nada fóra do normal por termos aquelas crenzas e coñecementos. Era como se noutro fose algo moi estendido e aceptado, pero que agora só era competencia duns poucos...

Rendiamos culto? Non, non realmente. Para nós, o noso culto era estar vivos e ser parte do corpo da nai: manternos fieis á tradición e sinalar os momentos especiais, estar abertos ós poderes naturais era suficiente para nós. Os poderes que venerabamos estaban pechados na

paisaxe, inherentes ó poder do clima e manifestos no ciclo do cambio das estacións, e que, ó final, tamén estaban presentes en nós. Non era nada complicado, nada sobrenatural, e para min, polo menos, o xeito no que debería vivir a xente...

...só foi cando lin sobre outras tradicións en Derbyshire e noutros lugares, que me decatei do espalladas que estaban e do semellantes que eran as nosas crenzas por todo o país.

O que vemos aquí, nas ensinanzas que recibiu o informador na súa infancia, no fondo, é o mesmo cós coñecementos tradicionais que absorbería calquera no mundo rural gaélico de Irlanda ou de Escocia hai un par de séculos. Observamos a gran atención prestada ós *dinnseanchas* (coñecementos da toponimia) e ós *dúile*, as forzas elementais que actúan a través da natureza. A única diferenza notable en Yorkshire é a ausencia de referencias a santos e, polo contrario, a referencia explícita a deuses e deusas.

### SANTOS OU DEUSES? POR QUE É TAN EXPLICITAMENTE PAGÁN O MATERIAL INGLÉS?

A explicación pode estar na historia da zona. Aínda que a cadea montañosa dos Peninos foi unha área de refuxio para a cultura celtobritónica durante o período das invasións anglosaxoas e é posible que esta fose reforzada culturalmente por estar tan preto de áreas galesas, a cultura local debeu sufrir unha considerable presión externa, tanto na época inicial da cristianización como, posteriormente, na época da reforma protestante.

Foron os misioneiros irlandeses quen se encargaron da cristianización dos anglosaxóns en Northumbria, xa que os galeses, molestos pola invasión anglosaxoa de Gran Bretaña, negáronse a participar na cristianización dos anglosaxóns.<sup>89</sup> Pola actitude dos misioneiros irlandeses noutros lugares, tamén sería de esperar a indixenización do cristianismo nesta zona. Así e todo, lembremos a actitude de Alcuíno de York respecto ós coñecementos tradicionais pagáns, e teñamos en conta que York está en Yorkshire, polo que é posible que o clero anglosaxón non tivese unha «actitude tan suave» ante a conservación da herdanza precristiá nas zonas rurais.

Ademais, na época da reforma protestante, os mananciais sagrados e os rituais estacionais sufrían decote serios ataques –especialmente por parte do clero evanxelista– tanto polas súas conexións co catolicismo como polas sospeitas que espertaban as devanditas tradicións sobre a supervivencia do paganismo en zonas rurais.

Como resultado, a xente local aprendeu a practicar as súas crenzas en silencio, aceptando o cristianismo, pero mantendo as ensinanzas cristiás aparte das súas crenzas ancestrais. Como di un segundo informador:

Cando eu era un neno, no (distrito) Peak había unha capa de crenzas que non era cristiá. Era antiga, e a xente sabía que non era cristiá. Pero non a consideraban prexudicial para o cristianismo, porque toda a xente que eu coñecía ía a unha igrexa ou a unha capela, pero eran como dous compartimentos distintos da súa vida.<sup>90</sup>

Este enfoque bastante esquizofrénico para integrar dous sistemas relixiosos opostos nunha cultura é moi coñecido para antropólogos de todo o mundo, e pode explicar o estraño dato descuberto polos folcloristas: que a retención de elementos «pagáns» é lixeiramente máis alta nas estritas comunidades calvinistas das illas exteriores de Escocia que nas comunidades católicas das illas.



O informador continúa:

Non era unha teoloxía nin unha filosofía nin un tipo de «cousa» relixiosa organizada. Era máis como a fe nas fadas en Irlanda, todo relacionado co *genii loci* –espíritos do lugar–. Eran contos sobre outeiros de fadas, árbores, mananciais e cousas polo estilo, todos relacionados con certos lugares. Tamén había deidades, pero sen formar parte de ningún sistema relixioso.<sup>91</sup>

Ademais de que en Yorkshire deuses e deusas non foron «bautizados» (empregando a terminoloxía de John Carey), parece haber pouca diferenza entre os coñecementos tradicionais das zonas gaélicas de Irlanda e de Escocia e os coñecementos tradicionais dos Peninos en Inglaterra.

Ademais da importancia deste material como testemuño da existencia continuada dunha tradición tan coherente (e non simplemente dunha escolma de crenzas e ritos que sobreviviron ó paso do tempo dunha maneira pouco sistemática) en Inglaterra, así como en Irlanda e en Escocia, tamén ten a importancia de proporcionarlle un contexto a un inusitado documento da Irlanda do século XIX.

#### UNHA TRADICIÓN CORRESPONDENTE NA IRLANDA DO SÉCULO XIX

Este documento, titulado *Fealsúnacht Aodha Mhic Dhomhnaill (A Filosofía de Hugh McDonald)*, foi escrito por un mestre e poeta dunha zona rural, Aodh Mac Domhnaill / Hugh McDonald, que a mediados do século XIX vivía no nordés do Condado de Meath. É un manuscrito extenso, de oito capítulos, e foi publicado finalmente por Colm Beckett como un libro ben editado en 1967.<sup>92</sup> É un libro curioso que captou atención na época da súa publicación, pero poucos comentarios desde entón, que eu saiba.

Como comenta o seu editor, «...é un libro peculiar e, que eu saiba, é a única obra sobre a natureza en gaélico irlandés que está baseada na tradición popular».<sup>93</sup>

Existe unha gran diferenza entre *Fealsúnacht Aodha* e os panfletos escritos polos médicos tradicionais de Irlanda, tanto no que respecta ó estilo como ó contido... As substancias encontradas nas curas de Aodh son de orixe irlandesa... O máis probable é que Aodh Mac Domhnaill adquirise as súas curas da medicina popular.<sup>94</sup>

Ademais, Beckett desbota a influencia directa doutros materiais publicados que puidesen estar accesibles a Mac Domhnaill naquel momento. Por exemplo, aínda que as curas encontradas na obra de Mac Domhnaill se sobrepoñen parcialmente co *Complete Herbal* de Culpeper, tras un exame minucioso do texto manuscrito, Beckett cre que Mac Domhnaill non lera o libro de Culpeper ou que nin sequera oíra falar del, e que tampouco lera *Natural History of Ireland (Historia Natural de Irlanda)* de Thompson nin os estudos da Real Academia Irlandesa.<sup>95</sup>

Resumindo moi brevemente o contido de *Fealsúnacht* como o esboza Beckett, Mac Domhnaill comeza mencionando a natureza de Deus e a creación, extraéndoo das escrituras cristiás, pero axiña corta esa especulación, dicindo que é unha parvada que a xente tente debater o inconmensurable.

...cando non entenden as cousas que son evidentes e comprensibles para os sentidos. Para eles habería moito máis proveito no estudo da Natureza, porque é a partir dese estudo cando lles sería posible entender un pouco máis dos misterios de Deus.<sup>96</sup>

Aquí vemos inmediatamente a mesma perspectiva filosófica que encontramos nas «ensinanzas» descritas en Yorkshire: que a natureza ten moito que ensinarnos se a examinamos a fondo.

Beckett continúa:

Case ten a mesma opinión cós antigos gregos con respecto á composición da materia: que hai tres elementos [dúile] básicos, i. e., lume, auga e vento –omite o cuarto elemento, terra– e que as distintas cousas se crean mesturándoas en distintas proporcións.<sup>97</sup>

Centrarémonos nestes tres *dúile* posteriormente, xa que para Mac Domhnaill son a base de toda a vida creada. Este concepto da vida é sorprendentemente arcaico, e non hai unha explicación fácil para a orixe do conceptualismo de Mac Domhnaill.

Beckett continúa:

Todo o vivo xorde do apareamento de macho e femia. A terra é a avoa dos animais e a nai das plantas. O ceo («ar») é o seu esposo, que deposita a semente no seu útero...<sup>98</sup>

Non hai dúbida de que nestas crenzas resoan as mencionadas nas descrições da «ensinanza» en Yorkshire.

Beckett continúa:

O señorío sobre tódalas demais criaturas foille dado ó Home.<sup>99</sup> Foi creado todo para o seu proveito, mesmo as cousas que el considera nocivas... O Home ten cinco sentidos corporais, igual cós animais, pero o Home ten tres sentidos espirituais, que lles faltan ós animais: entendemento, memoria e vontade, e estes permítenlle exercer xuízo, e distinguen o Home dos animais irracionais ... Debido ó pecado de Adán, o Home –así como tódalas criaturas vivas– é susceptible ás doenzas, pero tódalas súas curas están dispoñibles sobre a face da terra.<sup>100</sup>

De feito, a énfase no texto manuscrito de Mac Domhnaill está nas curas proporcionadas pola terra, a nosa nai, e non sobre as doenzas debidas ó pecado orixinal. É unha vista moi diferente á perspectiva normal do cristianismo sobre os sufrimentos da vida. Mac Domhnaill é claro; se usamos a razón que Deus nos deu, podemos aproveitar os agasallos que a nosa nai, a terra, proporciona tan xenerosamente.

Como indica Beckett, o resto do manuscrito está dedicado a unha descrición detallada dos usos dos diferentes animais e plantas para proveito humano. Tódolos seres vivos teñen o seu papel e a súa función, como ordenou o misterioso Deus. Cada criatura, agás o home, ten a súa Némesis, e isto axuda a regular as poboacións animais. Moitos animais sobreviven comendo plantas, e outros animais sobreviven cazando as especies que se lles asignaron. As estacións funcionan para controlar a reprodución, e as estacións do mar son opostas ás da terra.

Relaciónase todo para acadar unha harmonía xeral, deseñada por un Deus misterioso. Non hai sentido da evolución. Funciona todo segundo un plan divino trazado ó comezo da Creación e deseñado para beneficio de todos, especialmente dos seres humanos. O noso benestar depende de que entendamos o plan divino e adquirimos ese entendemento por medio dunha observación minuciosa da natureza.

De tódolos xeitos, a natureza que describe non é a da ciencia do século XIX. Parece representar a visión dun mundo arcaico no que, por exemplo, as baleas, as focas e as



6. *Dá Chích Anann* («Os Dous Peitos de Anu»), Co. Kerry, Irlanda. Este asombroso elemento paisaxista leva o nome dunha antiga deusa que marca a paisaxe coa súa forma. É un exemplo espectacular do concepto de Mac Domhnaill sobre a terra como nai nosa.  
Cf. Clarke e Roberts (1996).

toniñas son peixes (*éisc*) anómalos que se reproducen como mamíferos terrestres.<sup>101</sup> Refírese mesmo á londra (*dobharchú*) como a un «anfíbio» (*loscán*) que ten o poder de levar as mulleres que se acheguen demasiado á beiramar!<sup>102</sup>

A riqueza e o detalle da filosofía de Mac Domhnaill merecen unha análise minuciosa, que non podemos facer aquí. O texto básico, incluído o texto básico e a súa transcripción á lingua gaélico-irlandesa estándar escrita, pero excluídas as notas e o prólogo do editor, son unhas 134 páxinas. Cando descubrín o texto, e despois durante moitos anos, non tiña contexto para este estraño manuscrito. Como di Beckett, é único.

#### A HERDANZA COMÚN DA IRLANDA GAÉLICA E DE YORKSHIRE

De tódolos xeitos, despois de ver os datos orais recollidos por Clarke e Roberts en Yorkshire, penso que xa temos un contexto. Mac Domhnaill era un poeta tradicional e estaba afeito a copiar manuscritos. De feito, no século XX aínda se copiaban manuscritos moi vellos – mesmo do período do gaélico irlandés medio. Estes poetas e copistas eran os derradeiros *aos dána*, a clase douta que se remonta ó período precristián.

Sábese que estas persoas tiñan coñecementos esotéricos, que necesitaban para poder traballar coas referencias dos vellos manuscritos. Incluso houbo monxes medievais que sospeitaban que certos membros seculares desa clase douta sabían demasiado sobre o paganismo! Por referencias contemporáneas ás actividades dos adiviños (*togharmagh*), que envoltos en peles frescas de touro se deitaban en lugares apartados e solitarios para soñar co futuro nun estado de trazo, sabemos que tales coñecementos, indiscutiblemente pagáns, existiron ata o século XVII en Irlanda, e en Escocia ata o século XVIII.<sup>103</sup>

A diferenza entre as áreas gaélicas e o norte de Inglaterra parece ser que, nas áreas gaélicas, os coñecementos que xeralmente se tiñan sobre crenzas e ritos precristiáns

confiábanse nunha gran parte á clase douta, tanto clerical como profana, que actuaba conscientemente como gardiá destes coñecementos tradicionais. Polo contrario, na Inglaterra rural non había unha clase indíxena douta para absorber estes coñecementos e pasárllelos a outras xeracións.

Polo tanto, parece que en lugares como Yorkshire, certas familias –facendo o papel das familias douts profesionais das áreas gaélicas de Irlanda e de Escocia– encargáronse de pasar o conxunto de información que explicaba a paisaxe local e que se consideraba esencial para sobrevivir nela. No proceso, as familias que facían o papel de gardiáns do *dinnseanchas* no seu sentido máis profundo, ó longo dos séculos desenvolveron un sistema intensivo de preparación para a transmisión destes coñecementos que a maioría das familias das áreas gaélicas non necesitaban, xa que alí as familias douts locais continuaron as súas actividades sen trabas e a maioría dos gaeles rurais absorbían o que necesitaban das súas actividades cotiás.

O sorprendente do manuscrito de Mac Domhnaill é que o contido do *Fealsúnacht* parece abranguer unha boa parte do currículo descrito para «a ensinanza» en Yorkshire. Parece que, fose cal fose o modo de transmisión, o conxunto básico de coñecementos era esencialmente igual nas dúas áreas. Malia o cambio de lingua, os cambios relixiosos, a urbanización e industrialización da periferia da comunidade rural, houbo unha gran continuidade na transmisión de material cultural precristián en amplas zonas de Gran Bretaña e de Irlanda.

#### A IMPORTANCIA DOS *DÚILE* («ELEMENTOS») NO *FEALSÚNACHT* DE MAC DOMHNAILL

Volvendo a nosa atención ó material co que empezamos, a situación dos lugares sagrados en Galicia e a conexión coas áreas celtas do norte, centrémonos agora no material máis arcaico do *Fealsúnacht* de Mac Domhnaill, o papel dos tres *du'ile* («elementos», ou forzas naturais) fundamentais.

Mac Domhnaill abre esta discusión dunha maneira interesante. Abordando a cuestión da natureza de Deus, observa que algunhas persoas din que hai tres persoas nun só Deus (a trindade cristiá), e que outras din que en Deus só hai unha persoa. Desbotando a posibilidade de pescudar filosoficamente a natureza de Deus, invita á xente a examinar cuestións que son claras e comprensibles para os sentidos naturais, e logo di o seguinte:

*Tá an uile ní arna chumadh de thrí chorp, mar atá, tine, uisce agus gaoth; agus gach ar chruthaigh Dia, is de na trí dhuar [= dúil] sin seo a rinne sé iad, i gcruth go bhfreagraíonn agus go bhfulaingíonn na coirp nádúrtha in éineacht le chéile.*

(«Está todo composto por tres elementos, i.e., lume, auga e vento, e todo o que Deus creou, fíxoos con estes tres elementos, de maneira que os corpos naturais se correspondan entre eles e sufren tanto uns como outros»)<sup>104</sup>

Parece dicir que, xa que a natureza está evidentemente composta de cousas que son tripartitas, por que non había ser tripartita tamén a natureza do creador de tódalas cousas? Como nos di un pouco máis adiante, ... *dá dhroim sin go bhfuil an spiorad diaga, uile-chumhachtach, do-chuimseach, rúndiamhrach seo ar a dtráchtann na Scrioptúir, folaithe uainn i ngach slí, ach amháin in obair ordaithe an nádúir...* («...polo tanto, este espírito divino, todopoderoso, universal e misterioso, sobre o que nos informan as escrituras, está

oculto para nós de tódalas maneiras agás no ordenado traballo da natureza ...)»<sup>105</sup> E, polo tanto, a obra do Creador reflicte directamente o propio Creador.

O mundo gaélico está cheo de referencias á Santísima Trindade, claro; as referencias a *An Triúir* están sempre presentes nas oracións e conxuros do *Carmina Gadelica* de Carmichael, e a fórmula *in ainm an Triúir* («no nome dos Tres») é unha fórmula moi espallada que substitúe a *in ainm an Athar, an Mhic agus an Spioraid Naoimh* («no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo») no mundo gaélico. Tamén houbo trindades de santos (Patricio, Colm Cille e Brighid), e mesmo de deidades pagás anteriores a eles (p. ex. as tres Machas).

Pero que son estes tres *dúile* dos que todo está composto? Examinemos os moitos significados do termo *dúil* que encontramos no gran dicionario gaélico irlandés-inglés chamado *Foclóir Gaeilge Béarla*. O dicionario divide o termo *dúil* en dúas entradas, pero penso que podemos xuntalas. Ó facelo, descubrimos que o termo *dúil* está perfectamente organizado en tres categorías de significado (outra trindade!). A primeira ve os *dúile* como forzas da natureza, a segunda ve os *dúile* como seres individuais –xa sexan anxicais, humanos ou animais–, e a terceira ve os *dúile* como os desexos e as expectativas que viven dentro dos seres.

As tres categorías de significado implican dinamismo, actividade ou movemento e a manifestación de diversos graos de enerxía, e parecen encaixar unhas dentro de outras como unha boneca *matrioshka*. A nós, como seres humanos, por exemplo, aféctannos as forzas elementais do clima ou do mar, movémonos ó longo da paisaxe, e con móvennos (ás veces intensamente) as forzas emocionais do noso interior. Estes tres coñecementos están presentes no mundo conceptual gaélico e están claramente reflectidos no material de Yorkshire. Observemos a atención prestada ós ríos ou ó mar, por exemplo, visto case como un ser humano.

## O FUNCIONAMENTO DOS *DÚILE*

Con estes coñecementos, sigamos escoitando a Aodh Mac Domhnaill:

*... mar tagann na rúndiamhra seo le chéile, i gcruth go bhfreagraíonn siad a chéile i mórán de mhodhanna, amhail agus mar atá gach ní cumtha d'aon adhmaid amháin, mar atá tine, uisce agus gaath. Agus tá na trí cháilíocht seo i ngach substaint díobh seo ionas nach bhfuil corp, beo nó marbh, nach bhfuil de na trí phearsa chéanna.*

(«...porque estes misterios se unen, de xeito que se corresponden entre eles de moitas maneiras, como se todo estivese formado por unha soa substancia ('madeira'), i.e., lume, auga e vento. E estas tres calidades están en toda substancia, de maneira que non hai corpo, vivo ou morto, que non sexa das tres mesmas persoas (sic!)».<sup>106</sup>

Continúa:

*Tá tine agus uisce sa ghaath, agus tá gaath agus uisce sa tine, agus tá gaath agus tine san uisce; agus mar chruthú air sin, taispeánann siad iad féin go laethúil in aghaidh a chéile. An tráth a éiríos an tine sa ghaath, triomaíonn agus loisceann sí éadan na talún; an tráth a bhuas an t-uisce, is é a thagas taisleach uathí — i gcóir go ndeirimid «gaath loisneach» agus «gaath fhionntais» [= fionn-tais].*

(«Hai lume e auga no vento, e hai vento e auga no lume, e hai vento e lume na auga; e como proba diso, révelanse diariamente, contrastando uns con outros. Cando o lume se eleva no



vento, sécase e abraza a face da terra; cando gaña a auga, sae humidade dela [o vento] e así dicimos ‘vento abrasador’ e ‘vento húmido’.)<sup>107</sup>

E conclúe:

*Sin anois triar [= triúr] in aon. Mar an gcéanna don uisce, tá tine agus gaoth ann, ionas go ngluaiseann agus go loisceann uaidh féin. Ionas go dtaispeánann agus go n-oibríonn gach cáiliócht díobh seo i ngach aon chorp díobh féin amhail mar a dhéanas i ngach corp eile, i gcruth go bhfuil sé soiléir, sothuigthe go leor don intinne is anbhainne ar bith gur den triúr seo atá gach ní eile réidh.*

(«Aí está! Unha trindade! (Tres en un!) É o mesmo na auga: hai lume e vento nela, de xeito que se move e se queima por si mesma. De maneira que se revela cada unha destas calidades e funciona en cada corpo destes igual que en tódalas demais cousas, de modo que estea suficientemente claro e sexa facilmente comprensible incluso para a mente máis débil que todo está composto por esta trindade.»)<sup>108</sup>

## MAC DOMHNAILL SOBRE A CREAÇÃO

Segue para falar da creación:

*Tá trí ní sa Diagacht nach bhfuil i gcumhacht aingeal nó daoine a thuiscint, mar atá, mórgacht, eagna agus cumhacht Dé, agus is in ordú an nádúir amháin is féidir a thuiscint go bhfuil gach ní díobh seo follas; ar dtús, mar atá an talamh as ar baineadh na huile nithe, arna cruthú le cumhacht agus ar [a] suíomh le tuiscint agus ar a n-ordú le heagna, ionas go ndéanann siad fianaise le chéile gur aon údarás amháin atá acu uile, agus dá bhrí sin nach fe ídir le haon di ‘obh marthain gan chu ‘namh an dara...*

(«Na Divindade hai tres cousas que é imposible que entendan anxos ou humanos, e son a maxestuosidade, a sabedoría e o poder de Deus, e só na orde da natureza é posible comprender que cada unha delas está manifesta. Primeiro, a maneira na que a terra, da que se colleitan tódalas cousas, existe, [con tódalas cousas] creada por medio do poder, disposta con entendemento e ordenada con sabedoría, de xeito que [esas cousas] son testemuñas de que todas teñen unha autoridade, e por esa razón, ningunha delas podería existir sen a axuda das outras...»)<sup>109</sup>

Logo expande a relación entre o ceo e a terra:

*... amhail agus nach bhféadann an talamh a thoradh a thabhairt uaidh gan chúnaimh na neamha atá os a chionn. Agus mar an gcéanna gurb é an talamh is bunáit do na dúile neamhaí, ar chóir go ndéanann siad malairt triomlaigh agus taisligh le chéile; i gcruth go dtóirchítear an talamh ó na neamha amhail coirp chóimheascacha eile, agus mar an gcéanna go ramhraítear agus go n-oiltear na dúile le sult agus le taisleach na talún.*

(«...de maneira que a terra non pode dar os seus froitos sen a axuda do ceo. E do mesmo xeito, a terra é o escenario no que actúan os elementos celestes, de maneira que intercambian sequidade e humidade entre eles, de modo que a terra é fertilizada polo ceo igual ca outros corpos que se aparean, e do mesmo xeito os elementos nútreanse e engordan co pracer e coa lentura da terra.»)<sup>110</sup>

E despois amplía os principios feminino e masculino:

*Tuig, a léitheoir, gur fearga agus banda a rinne Dia gach ní ar dtús, agus gur ó na fearga a thoirchítear na banda uile, agus gurb é sult na gcorp banda a oileas agus a thugas neart do chorp gach ní nádúrtha nó go bhfása agus go n-abai siad. An tráth a chuireas síoladóir barr sa talamh, ... toirchítear an úir uaidh, agus is é an sórt céanna a thugas an rí-mháthair seo uaithi; ach cuirim i gcás nach saothraíonn agus nach gcuireann duine ar bith an talamh, is ní follas go dtugann sí barr uaithi féin, ach ní hé an sórt a chuireas an síoladóir talamhaí a thagas ó nádúr, ach síol fiáin gan dea-bhlas, de nós nádúr an tsíoladóira ónar cuireadh é, mar atá, an spéir.*

(«Entende, lector, que Deus creouno todo macho e femia desde o comezo, e son os machos os que fertilizan as femias, e que é o pracer do corpo das femias o que nutre e lle dá forza ó corpo de tódalas cousas naturais para que medren e maduren. Cando un sementador sementa un cultivo na terra, ... fertiliza o solo, e é desa mesma maneira como esta Gran Nai dá [froito], pero observemos que cando un ser humano non cultiva ou sementa a terra, está claro que ela dará unha colleita por ela mesma, pero non da clase que sementa un sementador terrestre que procede da natureza senón unha semente brava sen bo sabor, igual cá natureza do sementador que a sementou — o ceo»)<sup>111</sup>

E aquí menciona especificamente «sementar» desde o ceo:

*Óir níl síon dá dtagann ón spéir nach mbíonn síolta éagsúla cóimheascha ina measc, ach go mór mór an fhearthainn agus an drúcht, ar ghléas má thiteann siad fá thalamh lom dearg, bíodh gur bóthar clochach nó lár crua, faoi cheann ocht n-uaire agus daichead go bhfeictear é ina scraith ghlas mar ghort; agus an t-uisce as thagas anuas in aimsir doinimne agus a chónaíos i gclais nó i ndíog, má theilgtear fá uachtar chré dheirg é, go dtoirchíonn an úir mar an gcéanna. Ar chóir go dtuigimid as seo gurb í an úir an bhanda is máthair nádúrtha go gach uile ní, agus dá réir sin, is é an t-aer is leannán agus is caomhchéile di de réir eagna agus orduithe Dé.*



7. Dentro da tumba en *Brugh na Bóinne*, Newgrange, Co. Meath, Irlanda. Obsérvase a tripla espiral na pedra grande da esquerda. Como di Barry Cunliffe, «hai cinco mil anos, na pedra coa tripla espiral caerían as raiolas de sol do amencer do solsticio de verán.» Representan estas espirais o que Mac Domhnaill chamaba os *dúille* (elementos) de vento, lume e auga, agardando ser tocados por unha raiola do Sol? Cf. Cunliffe (2001), pp. 178-179.

(«De xeito que non hai unha treboada que veña do ceo na que non haxa distintas sementes mesturadas nela, pero especialmente a choiva e o resío, de tal maneira que se caen en solo vermello árido, tanto se é unha estrada pedregosa ou solo duro, ás 48 horas verase unha capa verde de solo como un campo; e a auga que cae durante unha treboada e queda nun suco ou nunha foxa, se se bota nunha superficie de barro vermello, o solo será fertilizado igualmente. Disto debemos aprender que o solo é o [principio] feminino que é a nai natural de todo, e polo tanto, que o ceo [ar] é o seu esposo e compañeiro amoroso segundo a sabedoría e os mandamentos de Deus.»)<sup>112</sup>

Volve expandir os principios masculino e feminino:

*Ní ghintear ní ar bith gan chóimheasc fearga agus banda, ionas gur ón bhfireannach a ghabhtar an síol ar dtús, ach gurb éigin dó aimsir iomchuí a chaitheamh i mbroinn a mháthar mar a n-athraítear a cháilíocht, ionas go dtig a bheith i ndeilbh agus i gcló a athar; [ach] lán de cháilíocht a mháthar; agus níl duine ná ainmhí, amhas [«predator»], earc [= ainmhí beag] ná cearnamán [= feithid], ó ollphéist na mara go míoltóg an aeir, crann, arbhar nó luibheanna nach gcaithfear a nginiúint ar an nós seo, ach amháin nach ionann slí a ngintear iad.*

(«Nada se xera sen o apareamento de macho e femia, e é do macho de onde xorde primeiro a semente, pero debe pasar un período axeitado no útero de súa nai onde cambia a súa calidade, para que poida ter a forma e feitura de seu pai, pero chea da calidade de súa nai; e non hai humano ou animal, depredador, animal pequeno ou insecto, desde a serpente mariña [sic!] ó mosquito do ar, árbore, gran ou herba, que non se xere deste xeito, excepto que non todos son xerados da mesma maneira.»)<sup>113</sup>

## A IMPORTANCIA DA TERRA COMO NAI DE TODOS

Conclúe, encomiando a terra como nai de todos:

*Óir is í an talamh is máthair mhór do gach ní talmhaí, agus is máthair bheag do gach ní dá ngintear ina mbroinn féin, mar atá, adhmaid agus arbhar, luibheanna agus féara dá bhfásann uaithi, dá gcuirtear inti le beart duine nó cóimheasc na néalta neamhaí. Is é fáth dá ngairfimis máthair de ní ar bith, ní a ngintear nó a n-oiltear toradh uaithi — amhail is gurb í an talamh is máthair do gach ní dá gcuirtear ina broinn nó dá bhfásann ó nádúr uaithi; agus dá droim sin go bhfuil d'fhiacha ar gach ní díobh seo, ó airde a thógas siad a gcinn nó a ngéaga, a gcromadh go híseal agus filleadh ar ais go hucht na máthar a thug beatha dóibh ar dtús, agus is dá dhroim seo a thagas na séasúir iomchuí a thugas síolrú agus fás agus bás lena ndroim — ach amháin go bhfuil cuid de gach clann níos buaine ná a chéile, agus fós dá chineál.*

(«Xa que é a terra quen é a avoa de tódalas cousas terreaís, e é a nai de todo o que é concibido no seu útero, como a madeira e o cereal, herbas e pastos, de todo o que nace dela, tanto se é sementado polo esforzo humano como polo apareamento coas nubes celestiais. Esa é a razón pola que chamamos «nai» a calquera cousa da que se poida concibir ou nutrir froito –porque a terra é unha nai para todo o que se sementa no seu útero ou que nace dela naturalmente–; e por esa razón é responsable de cada unha destas cousas, sen importar o alto que eleven as súas cabezas ou as súas pólas, para baixar e volver ó peito da nai que primeiro lles deu a vida, e é por esta razón pola que veñen as estacións que traen semente

e crecemento e morte ó seu paso, excepto que haberá algúns da súa camada de maior lonxevidade cós seus conxéneres, e o mesmo é aplicable a cada especie.»<sup>114</sup>

Moito despois, di que a terra e o mar son *dís deirfiúr* («dúas irmás»)<sup>115</sup>, e que, debido ás diferentes calidades da terra e do mar, a numerosa proxenie destas dúas nais sente unha animosidade natural mutua.<sup>116</sup>

### UNHA CONEXIÓN ENTRE MAC DOMHNAILL E BRUGH NA BÓINNE?

Non vou seguir falando do abondoso material que se encontra no *Fealsúnacht*, pero o que citei ata agora mostrará a fonda perspectiva «pagá» existente na estrutura cristiá (exactamente o que John Carey, Seán Ó Duinn ou Alexander Carmichael contarían que esperásemos dos gaeles!) Tamén vemos que o seu contido reflicte fielmente o mesmo legado cultural que encontramos na tradición oral de Yorkshire. Resulta aparente que debeu existir un abundante folclore local xunto coas ensinanzas que Mac Domhnaill puidese recibir como un dos derradeiros *aos dána*, a clase douta do mundo gaélico.

Colm Beckett atribúelle unha aguda observación, pero é posible que as súas observacións estean baseadas nas observacións de parentes e veciños que se remontan a innumerables xeracións na campiña. Como vimos nos seus comentarios con respecto a que as londras puidesen levar consigo mulleres adultas, polo menos algunhas das súas concepcións sobre o funcionamento detallado da natureza poden estar baseadas en antigas crenzas tradicionais espalladas pola zona.

A área na que vivía estaba no Condado de Meath, e foi alí onde existiu un dos centros cerimoniais máis grandiosos da Irlanda precristiá: *Brugh na Bóinne*, o complexo do Val do Boyne. Que porcentaxe da visión do mundo que xace baixo os antigos coñecementos tradicionais da área está reflectido no *Fealsúnacht*? É unha boa pregunta, aínda que quizais non atopemos unha resposta rápida.

Volvamos un momento á idea de Mac Domhnaill sobre que todo está composto por tres elementos (*dúile*) básicos: lume, vento e auga. Se imaxinamos estes dinámicos elementos como tipos de enerxía, na forma de lapas danzantes, de ventos arremuíñados, e de remuíños de auga, podémoslos concibir como vórtices, representados graficamente como espirais. De feito, na tumba de Newgrange, no Val do Boyne, hai unha impresionante tripla espiral, e como indica Barry Cunliffe, «hai cinco mil anos, na pedra coa tripla espiral caerían as raiolas de sol do amencer do solsticio de verán».<sup>117</sup> É posible que ese evento fose visto pola xente desa zona remota como un dedo do sol tocando os *dúile* de lume, vento e auga, acelerando toda a vida con esa acción?

### CONCLUSIÓN

Volvendo agora ó punto no que comezamos, os lugares sagrados de Galicia, o seu aliñamento cos corpos celestes e con puntos de referencia terrestres, e o folclore asociado a eles, vemos que en Gran Bretaña e Irlanda hai unha enorme cantidade de información que pode axudarnos a entender a paisaxe cultural prehistórica de Galicia. En lugar dunha escaseza de datos, temos un aluvión de información que tardaríamos varias vidas en explorar. Non só nos campos da arqueoloxía e do folclore, senón que na antropoloxía e na relixión comparativa atopamos todo tipo de datos que ofrecen novas perspectivas sobre o pasado prehistórico de Galicia.

En Galicia ocorreron moitas cousas. A enorme obra enciclopédica *O libro da vaca: Monografía etnolingüística do gando vacún*<sup>118</sup> é un excelente exemplo de investigación do que calquera pobo estaría orgulloso. Teñamos en conta que se centra no animal doméstico máis importante para os gaeles e para os galegos. Que mellor lugar para comezar un exame sumamente detallado do legado cultural?

Pero eu faría unha suxestión, e sería a creación dun índice de motivos de lendas e contos galegos. Podería estar estruturado sobre a base dos índices de motivos existentes creados para os arquivos de folclore no norte, centro e leste de Europa. A existencia dese índice facilitaría moito a comparación de motivos tales como figuras sagradas chegando por mar nunha barca de pedra ou en carros cunha importante función simbólica dos que turran bois, corzos ou lobos dentro da Península Ibérica e por toda Europa.

Hai unha cousa da que non tratamos neste artigo e que é amplamente debatida en Mallory (2016). E é a fascinación irlandesa polas datas dos calendarios. Sabemos o teimudos que foron os irlandeses sobre o cambio da data da Pascua no calendario cristián, pero ó contrario de calquera outro pobo europeo, tamén intentaron relacionar datas con eventos que outras nacións asignarían á prehistoria ou mesmo á mitoloxía. Foron tan ousados que trataron de datar con precisión eventos que se remontan polo menos á época de Sláine, o primeiro rei dos Fir Bolg en Irlanda 1.934 anos antes de Cristo! As listas de reis e dinastías impresionan a Stephen Oppenheimer<sup>119</sup>, pero Mallory é moito máis escéptico.

Sabemos que os pobos que observan o ceo crean calendarios, e os que crean calendarios tenden a crear cronoloxías tradicionais que se remontan a épocas mitolóxicas. O problema cos personaxes e eventos localizados hai moitísimo tempo é que, sen testemuñas escritas, dependemos da memoria dos historiadores orais. Como descubriu Jan Vansina durante as súas investigacións sobre a prehistoria da África central, despois de varias xeracións que abrangan cinco séculos ou máis, a historia temperá tende a ser substituída por mitoloxía segundo se van fundindo coas figuras dos deuses os personaxes históricos vagamente recordados.<sup>120</sup>

Este é certamente o caso da historia irlandesa temperá, na que figuras mitolóxicas poden converterse en figuras históricas, e figuras históricas poden adquirir as características de deuses. Por conseguinte, aínda que as datas conmemoren un evento real, é posible que non teñamos unha imaxe clara do que foi ese evento, nin de quen estivo involucrado. Pero iso meteríanos no estudo da historia propiamente dita, e non na investigación dos sistemas relixiosos do pasado.

Para nós, entender os sistemas relixiosos subxacentes no folclore actual ten máis importancia que comprender o seu contexto social prehistórico, e, como xa dixen, temos datos abundantes e varios enfoques metodolóxicos que se poden empregar para cribar ese material.



## NOTAS

Dada a súa importancia documental, mostramos os planos deste proxecto que seguen o Camiño Real: desde Betanzos a Irixoa e na parte final, nas Toldas e Cruceiro da Loba. No medio marcamos ou seguimos o *Itinerario Militar* para o Camiño Real:



Fig. 23.- Portada do *Proyecto de la carretera provincial de Betanzos á Villalba* (1868-90).



Figs. 24-25.- Arriba, mapa xeral do proxecto de estrada Betanzos-Cruceiro da Loba (1868-90). Nótese que a lápiz está marcado o traxecto que se realizaría a partir de 1881 (trazado actual da estrada). Abaixo, plano do proxecto. Hai que notar que desde Irixoa ó Marco do Peón esta proxectada estrada non vai polo antigo Camiño Real.











Fig. 29.- Tramo Sanín-Areas.



Fig. 30.- Tramo de Areas.



Fig. 31.- Tramo de San Antón (ou San Cosme).

Campo de mãmoas de San Antón




Fig. 32.- Tramo San Antón (ou San Cosme)-Eiroa





Fig. 33.- Tramo Eiroa-Iruxoa.








Fig. 37.- Ortofoto Voo Americano 1956.  
Tramo de Balcóns e o «O Mesón».



Fig. 38.- Ortofoto Voo Americano 1956. Tramo desde «O Mesón»  
[topónimo que vén do antigo mesón] á «Volta dos Illós».




Fig. 39.- Ortofoto Voo Americano 1956.  
Tramo desde a «Volta dos Illós» ó «Marco do Peón».






Fig. 41.- O proxecto de estrada de 1868 coincidía no traxecto do Camiño Real no tramo de Casacamiño ó Cruceiro da Loba.





Fig. 42.- Plano do tramo do camiño entre o Marco do Peón e o Cruceiro da Loba. O Marco do Peón era o lugar onde confluían as antigas xurisdicións do mosteiro de Sobrado e do mosteiro de Monfero. Posiblemente, o Marco do Peón é a «Pena Madrazo» da antiga documentación, dos deslindes do coto xurisdiccional do mosteiro de Monfero. Hoxe serve de linde dos concellos de Monfero, Irixoa e Aranga. Plano recollido da «Acta de la operación practicada para reconocer la línea de término y señalar los mojones comunes a los términos de Aranga y Monfero». Instituto Geográfico y Catastral, Provincia de La Coruña, 1943. Disponível en liña: <<http://centrodedescargas.cnig.es/www.ign.es/CentroDescargas/catalogo.do?Serie=ACLLI>>



**Fig. 43.- Ortofoto Voo Americano 1956. De Casacamiño-As Toldas a Cruceiro da Loba (San Pedro de Cambás).**



**Fig. 44.- Ortofoto Voo Americano 1956. Tramo: Tramo de A Tolda pola Corda da Serra Nos límites das parroquias de San Pedro do Val de Xestoso e Santa María de Labrada.**



**Fig. 45.- Ortofoto Voo Americano 1956. Tramo: Torre de Labrada-Os Carballiños. Entre A Torre de Labrada e os Carballiños está a coñecida «A Revolta Vella» [Concello de Guitiriz].**



**Fig. 46.- Ortofoto Voo Americano 1956. Tramo: O Carballiño-Os Xiros. Este tramo vai dos Carballiños, pásase o rego Gatelle e logo está Cece e Os Xiros. Todo na parroquia de Santa María de Labrada. O camiño ia por Porto Areoso, A Veiga da Relá e logo chegaba a Cece, pasaba a Ponte dos Xiros e Os Xiros.**

**Castro de Fontauro**





Fig. 47.- Ortofoto Voo Americano 1956.  
Tramo: Os Xiros-As Toxeiras.  
No medio do tramo pasábase pola esquerda da Paderna




Fig. 48.- Ortofoto Voo Americano 1956.  
Tramo: As Toxeiras-A Pigaroa.  
(Das Toxeiras, na parroquia de Santa María de Labrada e concello de Guitriz, cruzamos o Rego do Porto Salgueiro para pasar ó concello de Xermade. Ía ata o cruceiro de Pigaroa, deixando as casas á dereita e cruzaba a ponte sobre o Rego Cerracín).



Fig. 49.- Ortofoto Voo Americano 1956.  
Tramo: A Pigaroa-Mediafariña (parroquia de San Xulián de Cazás, concello de Xermade).



Fig. 50.- Ortofoto Voo Americano 1956.  
Tramo: Mediafariña-O Castro da Igrexa.





Fig. 51.- Ortofoto Voo Americano 1956.  
Tramo: O Castro da Igrexa (parroquia de San  
Martíño de Codesido) [Concello de Xermade]-O  
Cordal [Concello de Vilalba]



Fig. 52- Ortofoto Voo Americano 1956.  
Tramo: O Cordal-Lanzán



Fig. 53.- Ortofoto Voo Americano 1956.  
Lanzán-A Capela.  
O Camiño ia pola «Cruz de Gracia» antes de chegar  
á Capela da Ascensión.




Fig.54 - Ortofoto Voo Americano 1956.  
Tramo: A Capela (parroquia de Santa María de  
Tardade) [pasando pola parroquia de San Martíño  
de Distriz]-Portocelo.





Por conseguinte, desde Vilalba a Betanzos, o peregrino iría polos seguintes lugares:

En Vilalba collería pola ponte da Magdalena en dirección a Mourence, pasando polo camiño do medio cara o Pazo da Veiga, e Ponte Trimaz, no que actualmente hai unha ponte con dous arcos de pedra e ó seu carón unha antiga «venta». A partires de aquí o camiño ía próximo ó río (á dereita da estrada que vén desde a Ponte do río Trimaz, pola fraga corre o Camiño Real) e cara á parroquia de Santa María de Gondaisque, Distriz e a Capela da Ascensión, na parroquia de Santa María de Tardade. A carón da capela había unha «venta» (segundo o Catastro de Ensenada e Tomás López.)

Seguía o camiño polo Portomedroso ata a “Cruz de Gracia”, alí cambiaba de dirección deixando o río e dirixíndose polas proximidades do Cordal pola Calzada de Raiola en dirección ó Castro da Igrexa, por Codesido, e chegaba á Pena de Cazás. Cóllese aquí cara a Mediafariña e San Xurxo e a Pigaroa. Cruzamos a antiga ponte de pedra e deixamos Pigaroa á esquerda, indo ata o cruceiro. Seguimos a pista de terra por Boy Formigo e Fraga Bella e logo collemos cara ás Toxeiras que quedan á dereita. Pasa pola Paderna. De aquí vaise para Os Xiros, Cece e Os Carballiños («venta»), e deixamos Gatelle á dereita. Dos Carballiños vai á Torre de Labrada e alí sube para a Corda da Serra, deixando Estremil á esquerda.

Unha vez na Corda da Serra, límite das provincias de Lugo e A Coruña, cóllese terreo chan ata o Cruceiro da Loba, pasando á dereita do campo de mámoas de Galiñeiro, A Tolda («venta») e Casacamiño, e remata no Marco do Peón, segundo «Límites de las feligresías de Buriz y Labrada según el estudio de Fray Bernardo de Cardillo y Villalpando, documento con letra del siglo XVII» (ed. López Sangil). Foron doazón a Monfero do rei Fernando II en 1177.

Desde o Marco do Peón comenza a baixada pronunciada da serra pola Volta dos Illós, que remata no antigo «mesón» ou «venta» (unha «venta» no lugar de Balcones na parroquia de Sta M<sup>a</sup> de Verís, segundo a tese de doutoramento de M<sup>a</sup> del Carmen Álvarez Monterroso, *A parroquia galega a partir da carta geométrica de Galicia*). A «venta» está mencionada tamén no Catastro de Ensenada e hoxe aparece en ruínas. Desde aquí imos cara a Irixoa, pasando pola Ponte Carballo e Campo das Bestas ata desembocar na estrada de Betanzos-Vilalba en Carreira.

A partir do cruce coa estrada, botamos man dos planos do «*Proyecto de la carretera provincial de Betanzos á Villalva* (1868-90)» e seguimos ata Irixoa. No Fieital comeza a subida ata a ermida de Santo Antón (ou San Cosme), en campo de mámoas, e alí comeza a baixada ata Betanzos, pasando por Areas, A Costa, Sanín, Paderne, Obre, ata a igrexa de Nosa Señora do Camiño, despois de deixar á dereita o Castro de Obre. O Santuario de Nosa Señora do Camiño ou «dos Remedios», localízase na confluencia deste Camiño Norte co chamado Camiño Inglés.



## A IMAXE DO PEREGRINO MEDIEVAL EN BETANZOS

Se exceptuamos Santiago de Compostela, non existe en Galicia ningunha vila nin cidade medieval máis xacobeas que Betanzos, por dúas razóns esenciais: 1) porque en Betanzos conflúen de vello tres rutas xacobeas (o Camiño Norte, o Camiño Inglés e o Camiño que vén de Sada), e 2) porque Betanzos pode considerarse como a capital do gótico galego e na iconografía franciscana das súas tres igrexas medievais hai numerosas imaxes do apóstolo, na súa dobre faciana (como peregrino e como cabaleiro), e tamén de peregrinos en xeral, homes e mulleres que camiñan entre tentacións varias ata chegar á meta soñada, identificada xeralmente cun paraíso vexetal ó que pode dar acceso o propio San Pedro coas chaves.

Un pouco antes do Ano Santo de 1993 (o 17-XII-1992) apareceu en Betanzos unha estatua de vulto, con sinais de estar suxeita a unha parede por detrás, realizada en granito e que representaba a un Santiago Peregrino (fig. 58) (Erias, 1988, 1993 e 2014).

Apareceu no nivel máis baixo dos cimentos da parede oriental, case no extremo sur, do edificio chamado Antigas Escolas de San Francisco, hoxe Conservatorio de Música «Carlos López García-Picos», pero que en orixe pertenceu ó antigo convento de San Francisco, que, logo do deterioro producido pola desamortización de Mendizábal, foi destruído na súa meirande parte nos anos setenta do século XIX, en pleno Sexenio Revolucionario, Primeira República e anos seguintes.

Responde á mesma imaxe que vemos nun peregrino da fronte do sarcófago do bispo don Martín Rodríguez (*Martín el Zamorano*, falecido en 1242), da catedral



Fig. 58.- Santiago Peregrino de Betanzos, orixinario do *moesteiro* de San Francisco (segunda metade do século XIV). Museo das Mariñas. Foto: Alfredo Erias.



Fig. 59.- Santiago Peregrino (s. XIV), que forma parte dun apostolado da ábsida da igrexa de San Francisco de Betanzos. Foto: Alfredo Erias.

de León. Sería un home barbado, cuberto por unha especie de chapeu ou bonete, que o protexería do sol, do frío e da choiva, probablemente de ás curtas (como neste sepulcro) ou quizais anchas cara abaixo (ao xeito dos peregrinos e dos esmoleiros das *Cantigas de Santa María*, de Alfonso X).

Estes peregrinos do século XIII levan, polo menos algúns, o *baculus* e a escarcela. En Betanzos, a escarcela é substituída por unha cantimplora (que era un elemento descoñecido en Galicia.), pero ten ademais un elemento significativo que o identifica como apóstolo: o libro do evanxeo, pechado e protexido por ferraxes. O *baculus* remata na parte inferior nunha conreira de metal, a maneira de aguillón invertido para axudarse a camiñar e como arma.

Cóbrese cunha peliza (*pel*, *pellica* ou *pellizón*), algo descoñecido na imaxe de peregrinos da Galicia medieval. Esta peza ten un corpo superior ou capa que chega á altura da cintura e que cobre os brazos, que irían á súa vez vestidos coas mangas do xubón (aínda que non se ve). A parte máis longa da peliza non chega ata os pés e deixa ver o saio, peza intermedia entre a peliza e o xubón. Os pés van calzados, aínda que o escultor non entra en detalles.

Este Santiago Peregrino de Betanzos é, polo tanto, o resultado de esquematizar un modelo que tiña plena vixencia máis de cen anos antes. Como Santiago e como peregrino entra de cheo na doutrina e intereses dos franciscanos, se ben este modelo non terá descendencia na cidade, aínda que se esculpirán outros varios.

Se este Santiago Peregrino é espectacular, non o é menos o que forma parte do apostolado da ábsida da igrexa de San Francisco. Un apostolado maltreito do que soamente quedan catro apóstolos,

sendo un deles Santiago Peregrino (identificado por Erias, 2014: 554), que, realizado na segunda metade do século XIV, sigue de cerca o modelo do Santiago Peregrino que está de pé, con báculo e cartela, nunha das columnas do Pórtico da Gloria.

A partir de aquí, deixaremos que as imaxes e os seus pés falen (a alusión a tal ou cal capitel, segue o código da tese doutoral de Erias, publicada no 2014).



Figs. 60, 61, 62.- Capitel da ábsida da igrexa de Satiago (**S-36**). Esta é a interesantísima escena central, co cabalo de Santiago como protagonista, ó tempo que o Apóstolo aparece de dúas maneiras diferentes: detrás, con bandeirola, como cabaleiro vitorioso contra os seus inimigos infieis musulmáns (que, por influencia franciscana, nunca aparecen nas tres igrexas góticas betanceiras, aínda que se intúen); e diante, como peregrino, coa súa escarcela, na que mete a man, probablemente para alimentar ó animal. Nos dous casos réalzase a súa santidade por un nimbo. Fotos: Erias.







Fig. 63.- Cara norte do tímpano da porta sur da igrexa de Santiago coa imaxe de Santiago Cabaleiro cun orante diante, imitando de maneira máis sintética o tímpano de Clavijo da catedral de Santiago. Este tema, que parece o máis antigo nesta igrexa (s. XIV), repetirase no tímpano da porta occidental. Foto: Erias.



Fig. 64.- Canzorro da igrexa de San Francisco con dúas follas esquemáticas do Paraíso, flanqueando unha vieira simbólica dos peregrinos a Santiago. Foto: Erias.





Fig. 65.- Porta occidental da igrexa de Santiago (Betanzos) coa imaxe de Santiago Cabaleiro, que imita o tímpano da porta sur e sintetiza o de Clavijo da catedral de Santiago. Foto: Erias.



Fig. 66.- Tímpano da porta occidental da igrexa de Santiago (Betanzos). Foto: Erias.



**Fig 67.-** Arriba, desenrolo do capitel SF-02 (Erias, 2014) da parede norte do coro da igrexa de San Francisco (ca. 1498). Tres peregrinos (dous homes e unha muller), escena da Anunciación, un anxo que acompaña e protexe no camiño e dous franciscanos peregrinos. Abaixo, detalle do primeiro peregrino. Fotos: Erias.





Fig. 68.- Detalle do capitel SF-02 (Erias, 2014). Unha muller peregrina xacobeá. Foto: Erias.



68



Fig. 69.- Peregrino do capitel SF-02 (Erias, 2014) da parede norte do coro de San Francisco (ca. 1498). Foto: Erias.





Figs. 70, 71.- Capitel da igrexa de Santiago (S-18). Peregrinos a Santiago de Compostela. Distínguense polas vieiras, os báculos e o libro do evanxeo. Hai dous na esquerda (nosa dereita), un con báculo e libro, e unha muller rezando; e hai outros dous na dereita (probablemente os mesmos), con sendos libros e un sentado, quizais en actitude de cansazo ao final do camiño. No medio, un protagonista, con gran báculo e escarcela en forma de vieira, que se pode identificar como Santiago Peregrino. Quizais teña o libro no peto esquerdo, onde mete a man, quizais para que non llo colla o gran animal que o tenta ou para darlle forza contra a tentación, representada pola besta. O animal podería ser unha especie de lobo, posto que se asemella a algunhas das cabezas deste animal dos Moscoso no intradós dos arcos desta igrexa e da de Santa María. E, aínda que non parece especialmente malvado (non se ven dentes puntiagudos), podería ser perverso ao botar a lingua tentadora cara ao peregrino (en sinal de querer meterlle malas ideas), pero tamén podería ser un animal da tentación vencido ou aplacado pola palabra, ao xeito de diversas accións levadas a cabo por san Francisco e representadas nos capiteis da porta occidental desta mesma igrexa.

Fotos e debuxo: Erias.





Fig. 72.-Peregrinos xacobeos dun capitel da igrexa de Santiago (S-08). Entre os tres peregrinos hai tres veneras e o segundo (o das mans levantadas) ten en fronte un gran animal que, aínda que a primeira vista non parece un lobo, podería selo se o comparamos con algunhas das cabezas de lobo do intradós dos arcos desta igrexa e da de Santa María (simbólicas da familia Moscoso, á que pertencía a segunda muller de Fernán Pérez de Andrade, Constanza de Moscoso). Non parece atacar, senón que, pola contra, baixa a cabeza en sinal de submisión ante o peregrino. E este peregrino a Santiago de Compostela podería ser san Francisco, posto que levanta as dúas mans ao ceo, de similar xeito a como o fai no monte Alverna (tímpano da porta occidental da igrexa de San Francisco e capitel SF-15). Pero tamén podemos albiscar certos paralelos cos capiteis SF-10 e SF-17 (nos que San Francisco está fronte a diversos animais do bosque que lle escoitan embelesados), cun capitel da porta occidental da igrexa de Santiago no que san Francisco aplaca un león, ou con outro desta mesma porta no que aplaca unha manada de lobos (Erias, 2014). Fotos: Erias.




Fig. 73.- San Francisco entre lobos (quizais de Greccio) no primeiro capitel do lado da epístola do pórtico occidental da igrexa de Santiago. Debuxo: Erias.



Fig. 74.- Aspecto do capitel **S-16** con dous peregrinos, unha muller e un home, ela rezando e el con libro do Evanxeo e báculo, intentando sortear os dragóns da tentación que os rodean, axudados polo emblema/talismán que é a vieira. Foto: Erias.



Fig. 75.- Capitel da igrexa de Santiago (**S-01**). Desde a esquerda ata a dereita (ao revés de como o vemos) a vida é un peregrinar que transcurre entre monstros da tentación que debemos vencer para, finalmente, chegar ó Paraíso. Así pois, desde a esquerda vemos: un orante axeonllado fronte a unha árbore (posible alusión á árbore da Ciencia do Ben e do Mal e ás mazás prohibidas); séguelle unha persoa de pé que parece levar o libro do evanxeo para o camiño. A continuación, a cabeza dun gran monstro (similar aos lobos dos Moscoso do intradós dos arcos desta igrexa e da de Santa María) ao que se enfrenta un home cun gran pau. Ten dous paralelos nos capiteis SM-08 e SM-09 de Santa María. Máis aló, espera un dragón infernal con dous corpos e, finalmente, a vexetación frondosa do Paraíso. Foto: Erias.





Fig. 76 .- Capitel da igrexa de Santa María do Azougue (**SM-01**). Peregrino xacobeo coa vieira como símbolo, no medio do bosque do camiño a punto de enfrentarse ós dragóns infernais tentadores. Se os vence, máis aló, á súa dereita, está a vexetación do Paraíso. Foto: Erias.



Figs. 77, 78.- Dous canzorros da igrexa de San Francisco, que representan a Santiago Peregrino, con *baculus* e libro do evanxeo. Fotos: Erias.





Fig. 79.- Un probable peregrino quita a espiña do pé a outro nun capitel da porta occidental de Santa María do Azogue. É un eco do grupo escultórico que representa ao deus Pan que saca a espiña do pé dun sátiro, e do que existen varias versións. Foto: Erias.



Fig. 80.- Apostolado no retablo renacentista do arcediogo, da igrexa de Santiago de Betanzos. Á dereita, o apóstolo Santiago como peregrino. Data de arredor de 1525.





Fig. 81.- Imaxe máis antiga do patrón de Betanzos, San Roque, vestido como peregrino xacobeo. Está no retablo renacentista do arcediago, da igrexa de Santiago (ca. 1525).





Fig. 82 a, b, c.- A vieira xacobeá é protagonista no escudo do arcediágo Pedro de Ben na súa capela funeraria renacentista (ca. 1525) da igrexa de Santiago.





Fig. 83 a, b, c.- Máis imaxes da vieira xacobeá na capela funeraria renacentista (ca. 1525) do arcediágo Pedro de Ben, na igrexa de Santiago.



## HOSPITAIS DE PEREGRINOS EN BETANZOS

Francisco Vales Villamarín (1975) danos noticia do *hospital de San Bartolomé*, fundado por Fernán Pérez de Andrade na segunda metade do século XIV e rexido polos monxes do convento de Santa Catalina de Montefaro. Estaba na rúa Travesa, no espazo de outro hospital máis antigo, de nome descoñecido. Este autor achega no apéndice unha copia do século XVIII da *Sentencia dictada por don Alfonso Rodríguez, prior del monasterio de San Martín de Jubia, en relación con la administración del hospital de San Bartolomé fundado en Betanzos por Fernán Pérez de Andrade. Año 1406*. Nela lemos o seguinte:

*...Fernan Rodrigues, hospitalero del hospital de San Barthollameu, de la dicha villa de Betanzos, que ante mi parecio fray Alfonso de Eyllano, ministro del monesterio de Santa Catherina de Montefaro, e se me querelo descendo que Fernan Peres Dandrade, caballero, a que Dios perdone, fesera el dicho hespital e lo dotara con ciertas posiciones, el qual dicho hespital fisiera para se en el acojeren los pobres e peregrinos por amor de Dios...*

José García Oro (1988) no seu traballo sobre «Hospitales y médicos en Betanzos durante el siglo XVI» sinala:

*...Parece seguro que en 1394 existían ya dos hospitales: uno que se consideraba del regimiento y otro que acababa de fundar Don Fernán Pérez de Andrade. Este era muy probablemente un hospital o alberguería para peregrinos jacobeos que el fundador constituyó como mecenas de la nueva familia religiosa de los Terciarios Regulares Franciscanos.*

A principios do século XVI había tres hospitais segundo un informe do reximento da cidade ós Reis en 1505 (Simancas. Provisión real de Segovia, 29 de xuño de 1505). Martínez Santiso (1892) di que estes hospitais eran os de *San Cristóbal*, *San Bartolomé* e o da *Anunciata*. Este último, estaba situado na entrada da cidade pola Ponte Vella, a carón da rúa da Fonte de Unta, que segundo varios autores como Vales Villamarín (1975) ou Erias (1985:67) era coñecida de antigo como «Rúa de Francia». Precisamente, Manuel Martínez Santiso (1892:324) achéganos datos da fundación do *Hospital da Anunciata* polo rexedor Vasco García en 1545, en cumprimento dun acordo municipal.

Pola súa parte, García Oro (1988:19) cita un documento de 1550 (AGS-RGS, I-1550) no que Betanzos xestiona ante o rei Carlos I a necesidade dun novo hospital para a cidade:

*...que en ella se ha comenzado a hazer e haze un hospital grande de que hay muy gran neçesidad, a causa del pasaje e romeria e concurso de la gente e peregrinos pobres que por alli pasan en romería a Señor Santiago, e por no le aver avido hasta aquí an perecido algunos, e de cada dia reçieben gran trabajo e fatiga. E por no tener esa çiudad propios para ello, el dicho hospital esta por acabar.*

Refírese ó novo hospital da Anunciata, á beira da Ponte Vella (*Pontem de Untia* na carta real de Alfonso IX de 13-02-1219) e da «Rúa de Francia», tamén chamada na citada carta real de 13-02-1219, *vallem antiquam* ('congostra o

*camino de carro hondo*', segundo Luís Montegudo, 1984: 43). Este hospital estivo en mans dos *Hermanos de la Venerable Congregación de los Obregones*, sendo patróns do mesmo os rexidores da cidade de Betanzos. Estivo en activo ata 1678 (Fernandez Fernández, 1986), cando se fundou no mesmo edificio o convento de *Madres Agustinas Recoletas*. Hoxe aínda se conserva o edificio, ademais dos escudos de Carlos V e da cidade na fachada.

De 1674 son os documentos fundacionais do *Hospital de San Antonio de Padua*, dados por don Antonio Sanchez de Taibo y Vilousaz e dona Estefania de Valenzia y Guzmán. Da acta fundacional consérvase unha copia realizada en 1798 (AMB, c. 3.032). Incluída na documentación fundacional está unha Cédula de 2 de febreiro de 1671 na que se di o seguinte (fol. 17v e18r):

*La Reyna Governadorea por quanto por parte de vos el Conzejo Justizia y Reximiento de la Çiudad de Betanzos una de las siete que representan el nuestro Reyno de Galizia nos ha sido hecha relación que habiendo reconocido lo mucho que padezen vuestros vezinos y los de vuestra tierra y demas lugares çercanos a ella por la falta que haze no tener hospital donde curar sus enfermedades y **aberiguar y curar los muchos Peregrinos que por ella pasan a bisitar el cuerpo del santo Apostol Santiago tan frecuentado de todas las naziones de europa y mas de franzeses y en particular en los años de Jubileos y plenísimos; pues una cassilla, que ay con nombre de hospital, a que asiste un hermano de los de la Religión de San Juan de Dios, no tiene medios aun por via de limosna con que recoxerlos ni una noche sola, si pasan los pobres de dos o tres; por la miseria de la tierra...***

Este hospital, no Campo da Feira (hoxe praza dos Irmáns García Naveira), funcionaba como fundación perpetua, e os seus patróns eran a cidade e o arcebispo de Santiago de Compostela. Hoxe é pazo de xustiza.

## PEREGRINOS SINGULARES DO CAMIÑO POR BETANZOS

### 1489-92, bispo armenio Mártir de Arzendjan

O bispo armenio Mártir de Arzendjan di nas primeiras liñas da súa narración o seguinte:

*Yo, Mártir, aunque solamente de nombre, nacido en Arzendján, y obispo, residente en la ermita de San Ciríaco de Norkiegh, (pequeña población cercana a la populosa Arzendján), había deseado por largo tiempo ir a visitar la tumba del santo príncipe de los apóstoles... (García Mercadal (1952).*

Emprendeu a súa gran peregrinación o 19 de outubro de 1489. Chegou a Constantinopla, Roma (1489, saíndo de aquí o 9 de xullo de 1491), Francfort (e seguiu a ruta do Rin), Colonia, Francia e España cara a Santiago de Compostela polo Camiño Norte. Desde Bilbao pasou a Santander, Santillana, San Vicente de la Barquera e Oviedo...



Fig. 84.- Portada do libro de Martir sobre a súa peregrinación.

*Je partis ensuite du bord de la mer, et je m'avançai pendant long-tems dans l'intérieur du pays; je marchai, et je parcourus cinq ou six villes, dans les quelles je fus traité avec beaucoup d'honneur; en fin, après avoir encore marché pendant beaucoup de jours, je parvins à la grande ville de Porth-engageath [1: Portugalete], où je séjournai quatre jours. J'en sortis seul, et j'allai à Santh ander [2: Santander], puis à Santhelana [Santillana del Mar], et ensuite à San misan [3: San Vicente de la Barquera], au bord de la mer, où je fus traité avec beaucoup de bienveillance. Je partis de là [Santillana], pou aller à San salvathour [4: Oviedo], puis à la ville de Bedants [5: cette ville est Betanzos, en Galice, située dans l'enfoncement de la grande baie qui sépare la Corogne du Ferrol, à peu près à égale distance des deux villes]. De là, avec beaucoup de peines, mais soutenu par le secours de Dieu, très fatigué et affaibli, je parvins enfin jusqu'au temple et au tombeau de sani Jacques, tout saint, glorieux, et la lumière du monde... (Martyr, traducido con notas por Saint-Martin, 1827: 47-48).*

Evidentemente, desde Oviedo a Betanzos, por terra como viña, soamente puido marchar polo Camiño Norte, isto é, por Ribadeo, Mondoñedo e Vilalba ata chegar a Betanzos.

### 1501, Felipe el Hermoso

Esta viaxe, que non peregrinación, foi narrada por Antoine de Lalaing en 1502, posto que acompañou ao protagonista. Logo foi recollida por M. Gachard na súa *Collection des voyages des souverains des Pays Bas* (1876).



Fig. 85.- *Felipe el Hermoso*.  
Foto: Museo del Louvre.

*Le jeudi. Cheevaucherent chincq lieves, jusques a Villeabbe (1: Villalba).*

*Le vendredi. Disnèrent à Ferrier (2: Ferreyros. Il y a plusieurs villages de ce nom dans la province de Santiago), chincq lieves de la Betanse (3: **Betanzos, petite ville du royaume de Galice, située dans una espèce de presqu'île formée par la Betanzos y Sada**), du grandeur de Haulx (4: Hal en Hainaut, aujourd'hui province de Brabant.), port de mer, assise au pendant d'une montaigne. Est bochue, estroitte, mal pavèe et située en tresfort lieu. De deux pars enclose de maretz et d'une grosse rivièere yssante des montaignes. Le pays d'entour est fructueux et beau, spécialement de vignobles.*

*Le samedi, ve, disnèrent à Polle, chincq lieves de là. Le soir couchèrent à Saint-Jacques en Compostelle, maistresse ville du royaume de Galice. Petite, mais assés belle...*

### 1520, Robert Langton

Era un clérigo e xurista inglés que realizou a peregrinación a Santiago de Compostela, deixando constancia do seu itinerario nos seus apuntes, que coñecemos a través da obra de Blackie (1924).

Entra en España por Irún e toma o camiño vasco por Vitoria e despois diríxese a Burgos onde segue o itinerario do Camiño Francés. Como facían moitos peregrinos do seu tempo, á altura de León dirixíuse a Oviedo para contemplar as reliquias da catedral.

De Oviedo segue o Camiño Norte de Galicia, nomeando as localidades seguintes:

*Rivade (Rivadeo)*

*Villia maior (Villamor?)*

*Villia alva (Villalba)*

**Betans (Betanzos)**

Crone... (La Coruña)

Hospitall (Hospital [probablemente de Bruma])

C. Compostella (Santiago de Compostela)

...

(Blackie, 1924: 7)



Fig. 86.- Robert Langton. <[http://xacopedia.com/Reino\\_Unido](http://xacopedia.com/Reino_Unido)>



### 1538, Bartolomeo Fontana

O 19 de febreiro de 1538 o cosmógrafo veneciano **Bartolomeo Fontana** inicia o camiño en Venecia cara a Roma e desde aquí partirá para Santiago de Compostela a onde chega o 18 de setembro de 1539. E do diario desa viaxe quedounos un libro que foi impreso por Agostino Bindoni en Venecia no 1550. Titúlase, *Itinerario, overo Viaggio da Venezia a Roma e poi da Roma fino a San Giacomo in Galizia*. Tal como indica Mariutti (1967: 481) é o propio Fontana o que declara ter seguido «*la via degli antichi pellegrini*» (h. 20 t), e refírese probablemente ó itinerario anónimo do século XIV denominado «marciano» [Venezia, Bibliot. Marciana, Ms. It. XI, 32 (6672)] que foi publicado por Ángela Mariutti no 1967. O seu título orixinal di así: *Da Veniexia per andar a meser San Zacomo de Galizia per la uia da Chioza*. Sen embargo, ó chegar á Península o peregrino do século XIV seguiu en liñas xerais o Camiño Francés de Triacastela, mentres Fontana adoptou a outra alternativa: o camiño da costa cantábrica que chega a **Ribadeo**. E di como se pode ir desde aquí dereito por **Vilalba e Betanzos**, co que nos documenta claramente o antiquísimo Camiño Norte.

De Ribadeo quien quiera ir directo a Santiago va a Vila Nova que dista 4 leguas, después la ciudad de Villamazor, a 1 legua, **Vilalba**, 5 leguas, Santa María de Tordoia [en realidade tratábase de **Tardade**], 1 legua, **Betanzos ciudad y puerto de Mar**, a 6 leguas, a Pola 5 leguas, Compostela donde está Santiago, a 4 leguas, después Santa María da Barca a 12 leguas, encontrando algún pueblo más por el camino, y de la Barca a Fisterra 4 leguas. Pero yo fui derecho al mar, primero al Finisterre, alargando este camino solamente 5 leguas. Partí de Ribadeo y vi estos lugares desde el mar y otros muchos sobre los que no escribo: Viveiro a 12 leguas de Rivadeo [sic.] por camino; Santa Marta a 4 leguas; Neda a 6 leguas; Mugaridos a una legua; Ares a 1 legua; Pontedeume a 1 legua. A la entrada de Pontedeume pasé un largo y antiquísimo puente de piedra, sustentado por muchos arcos, que atraviesa un puerto. Jamás vi uno tan largo, en ningún país, ni visto por mí ni por nadie, en el medio del cual hay un hospital que alberga peregrinos. Miño a 1 legua; Coruña a 3 leguas; Caión a 3 leguas, este está sobre un promontorio; Malpica 3 leguas; Muxía a 5 leguas, todos están sobre el mar océano... (Fontana, 1550, traducido por Macedo, 2004).

### 1719, Xacobe III de Inglaterra

Cuestións políticas e relixiosas forzaron a Xacobe III de Inglaterra a exiliarse en Francia e logo sería coñecido como *The Old Pretender* ‘o vello pretendente’ ao trono, xa que o seu fillo Charles Edward Stuart pasaría a ser *The Young Pretender*.

No Libro de Bautizados da igrexa de Santiago de Betanzos, de 1700 a 1727 (hoxe no Arquivo Diocesano de Santiago) documéntase a chegada de Xacobe III como peregrino a Santiago de Compostela. Estivo os días 17 de abril e 5 de maio. Non coñecemos exactamente o itinerario: soamente que viña de Castela.



Fig. 87.- Jacobo Francisco Eduardo Estuardo, por Alexis Simon Belle. *National Portrait Gallery, London.*

### Jacobo III. Cato. Rey de Ingl<sup>ra</sup>

Lunes diez y siete de Abril de mil sete<sup>os</sup> y diez y nueve años, dije missa privada a la Mag<sup>d</sup> de Jacobo Tercero Catholico Rey de la Gran Bretaña en esta Igle. de Santiago; **pasando de Castilla a la Coruña**; hoy Cinco de Maio de el mismo año, día de S. Pio Quinto Papa y Confesor celebré seg<sup>da</sup> missa en la misma igl<sup>a</sup> y Altar de el Apostol delante su Mag<sup>d</sup> (ilegible) Su intencion, en una y otra missa no tomo el Hono Filial, ni permitio el ceremonial correspondiente asu real persona, y solo executé las precisas ceremonias, al darle agua bendita, y algunas en la missa dentro, y fuera de el Canon, y a memoria de su catolica piedad, y la religion de ese Principe, parecio poner el asiento eneste libro y al otro día cinco de Mayo de mil settos, y diez y nueve años. Tenia este Principe quando pasó por esta Ciudad treinta y un años de edad; y solo trece

quando debía entrar a reinar en Inglaterra por muerte de su Padre Jacobo II. que havia fallecido en 16 de Septbre de 1701 en Francia, adonde se acogiera a la sombra de Luis XIII huyendo las iras de el Principe de Orange usurpador de la corona de Gran Bretaña. Mantubose en Francia Jacobo III despues dela muerte de su Padre hasta la de otro Luis XIII en que

resolvió irse á Roma en el Pontificado de Clemente undecimo. Y en este viaje se le proporcionaría la gloria de haber perdido primero el cetro y corona de todo un Reyno, antes que dejar de ser catholico. Tubo en Roma dos hijos, el uno es Carlos Stuardo, noveno Principe de Gales; el otro es Carlos Benedicto Cardenal Yarck. qr [falta] (p. 137 y vuelta).  
Joan Joseph de Puzo, y Agr (p. 137) (Lorenzo & Lagoa, 2001).

### 1738-39, o caso da familia Mulier, que peregrinaba desde Lucerna, e a cesárea *post-mortem* documentada máis antiga de Galicia

No folio 19 r/v do «*Libro y memoria de los difuntos que mueren y de aquí en adelante murieren en este Hospital de S. Antonio*» de Betanzos (AHSA do AMB, c. 3.163) contense unha historia extraordinaria que coñecemos polo traballo dos doutores José Carro Otero e Carlos Fernández Fernández (1986). Unha familia de peregrinos de Lucerna (actual Suiza) chega a Betanzos en pésimo estado de saúde. Está constituída polos esposos María Isabel e Cristóbal Mulier e por un neno duns dous anos. Dada a súa situación establécense na «Peregrinería» do hospital, un lugar destinado, como o seu nome indica, a atender ós peregrinos. Cristóbal morre pronto (non sabemos de qué) e é enterrado no cemiterio da institución o 26-11-1738. María Isabel, enferma dun «*accidente alfarético*» (vascular cerebral), morre repentinamente dous meses e algúns días despois. Pero esta muller estaba embarazada e aquí vén o extraordinario, porque se lle fai, cinco horas despois, unha cesárea *post-mortem* (1739, a máis antiga documentada en Galicia), e logra que saíse un neno que por desgraza soamente viviu unha hora e

media, e foi bautizado nese tempo. O documento transcrito por Carro e por Fernández (1986) di así:

*María Ysabel. Natural de Germanía*

*En quatro de febro (febrero) de Mill Sietezientos y treynta y nuebe se dio sepultura en el Zementerio de este Hospl. (Hospital) de Sn. (San) Antonio de Betanzos al Cadaber de María Ysabel de nación Germana y oriúnda de Lucerna Perigrina y viuda q (que) finco de xptobal (Cristobal) Mulier natural tambien de Germanía. Murió de repente en la perigrinaria de este Hospital. Recivió el sacramento de la extrema unción que los demas no se le pudieron administrar por estar incapaz de un accidente al faretico (alfarético), y de allí a cinco oras, que murió se abriu por un lado del costado y le sacaron un niño el que (a Dios gracias) recibió agua de socorro y duró ora y media cuyo caso (raro) fue bien publico en esta zitud. (ciudad) y no poco maravilloso, y admirado, y le quedó un niño de dos años y quatro meses huerfano pero (fol. 19r.) el que (es) Padre de Probidencia y huerfanos, movió su Dibina Providencia el corazon y afecto de unos buenos xptianos (cristianos) y le llebaron para su casa dentro de las tres oras que murió La Madre y Le tienen con gran cariño con animo de criarle y educarle como Padres y para que conste lo firmo como cappan (capellán) de este Hospl. (Hospital). Joseph Ant (Antonio) Perez Hermda (Hermida) (fol. 19v).*

### **1747-1773, peregrinos enfermos na «Peregrinería» do Hospital de San Antonio de Padua, de Betanzos**

Carlos Fernández Fernández na súa tesina, *Apuntes para la historia del hospital de San Antonio de Padua de la ciudad de Betanzos, 1674-1896*, lida na Universidade de Santiago en 1986, comenta que o *Hospital de San Antonio*, segundo os planos de José Vega y Verdugo, tiña unha «**Peregrinería**», aínda que aparece con distintos cualificativos: «**peregrinería**», «**peregrinería mayor**» e «**peregrinería de clérigos**». Segundo este autor, podería ser que fosen distintas salas diferenciadas polo estatus social ó que pertencesen. A documentación semella non dar máis detalles.

A maioría son peregrinos xacobeos, pero curiosamente tamén hai algúns que van a *San Andrés de Teixido* polo que agora chamamos Camiño Inglés. Chegan enfermos e procuran curarse, pero tamén os hai que morren. Son 27 anos de peregrinos que obviamente (así se pode deducir pola súa procedencia), veñen maioritariamente polo Camiño Norte que chega ó santuario betanceiro de Nosa Señora do Camiño para cruzar logo a Ponte Vella cara a cidade. Documentámoslos no *Libro de asientos de las entradas y salidas de los enfermos...* (AMB, c. 3.163). Vexamos pois estes datos e a que conclusións nos levan:

**27 anos (de 1747 a 1773, inclusives) de peregrinos (a Santiago de Compostela a inmensa maioría, e a San Andrés de Teixido algúns) que entraron no Hospital de San Antonio de Padua de Betanzos para curarse ou para morrer, segundo o seu *Libro de asientos de las entradas y salidas de los enfermos...* (AMB, c. 3.163)**



Peregrinos xacobeos.



Peregrinos a S. Andrés de Teixido ou xacobeos do Camiño Inglés (desde Ferrol).

**1747, 3 peregrinos (1 home e 2 mulleres):** 1 de Francia e 2 de orixe descoñecida

En siete de febrero de mil siete cientos quarenta y siete entro por enfermo Juan Francisco **peligrino vezino de Lion de Francia** su ropa toda ella vieja y de poco valor Salio este enfermo el dia doze de febrero después de almuerzo (fol. 2r).

En veinte y cinco de agosto entro por enferma Theresa M<sup>a</sup> **perigrina** su ropa no vale nada Salio el dia treinta de agosto (fol. 13r).

En trece [diciembre] entro **una niña hixa de una perigrina** llama Pasqua Salvadora (?) Salio el dia veinte y nueve de diciembre (fol. 18r).

**1748, 6 peregrinos (3 homes e 3 mulleres):** 1 deles procede de San Pedro de Baroña, actual concello de Porto do Son, e vai a San Andrés de Teixido; 2 de Francia e 3 de orixe descoñecida

En veinte y siete de marzo entro Pedro Brenan **peregrino Frances** su ropa sin valor Salio el dia quince de abril (fol. 22v).

En quatro de maio entro Julio Baptista **peregrino** su ropa de tal Salio el dia siete de maio (fol. 24v).

En dos de julio entro Josepha de Acheya **peregrina** su ropa no vale Salio el dia diez y ocho de Julio (fol. 28r).

En tres de septiembre entro Josepha Cathalina **peregrina** su ropa no vale salió el dia siete de septiembre (fol. 30r).

En seis de septiembre entro Gabriel Tome vecino de **San Pedro Baroña romero de San Andres** su ropa un saio mediano de Buriel calzon de lo mismo y camisa Salio este enfermo el dia diez y siete de setiembre (fol. 30r).

En diez y ocho de diciembre entro Maria Ancus **Francesa peregrina** su ropa sin estimación Salio el dia veinte y uno de diciembre (fol. 33r).



**1749, 14 peregrinos (10 homes e 4 mulleres):** 1 de Milán, 1 de cerca de Madrid, 1 de Neda (polo Camiño Inglés), 1 de Nobara (?), 3 de Francia, 1 de Alemania, e 6 de orixe descoñecida

En tres de febrero entro por enfermo Julio Cerron **peregrino pobre** Salio el dia onze de febrero (fol. 35v).

En diez y siete de febrero entro Baltasar Mostelda **peregrino** natural de Milan su ropa sin estimación Salio el dia veinte y siete de febrero (fol. 36r).

En veinte de marzo entro Manuela Francisca **peregrina** su ropa sin valor alguno Salio el dia primero de abril (fol. 37r).

En veinte y seis de marzo entro Maria de San Nicolas vecina de San Caetano de junto a Madrid **peregrina** Salio el dia veinte y seis de abril (fol. 37v).

#### **En la peregrinaria:**

En cinco de abril entro en la **peregrinaria una enferma que no se le entiende su nombre** y se le asiste como de convalecencia Murio el dia diez de maio (fol. 38r).

En diez y nueve de abril entro Domingo Vazquez **peregrino** y vecino de la villa de Neda su ropa sin valor alguno En veinte y tres de abril murió este enfermo (fol. 38r).

En diez de junio entro Joseph Antonio Misan vezino de Nobara **peregrino** su ropa sin estimación Salio el dia diez y siete de junio (fol. 39v).

En veinte y nueve de julio entro Dionisio Boonn **peregrino Frances** Salio el dia quatro de agosto (fol. 42r).

En doce de agosto entro un **peregrino** llamado Jorxe Fingan su ropa de estimación Salio el dia diez y seis de agosto (fol. 42v).

En diez y seis de agosto entro Maria Dominga **peregrina** Su ropa inútil. Natural de **Alemania**. Salio el dia primero de septiembre (fol. 43r).

En veinte y uno de setiembre entro un **peregrino** que no sabe o no se le entiende su lenguaxe (Salio el dia veinte y nueve de setiembre (fol. 44v).

En diez y seis de noviembre entro un muchacho **peregrino Frances** su ropa inútil (fol. 46v).

En veinte y quatro de noviembre entro un **peregrino Frances** natural de Paris llamado Nicolas Lafeneso (?) Su ropa inútil (fol. 46v).

En veinte y nueve de diciembre entro un **peregrino** que no se le entiende su lenguaxe (fol. 47r).

**1750, 25 peregrinos (23 homes e 2 mulleres):** 12 de Francia, 5 de Alemania, 1 do «Reino de Córdoba», 1 de Valencia, 1 do «reino de Aragón» e 5 de orixe descoñecida

En cinco de enero entro Santiago Fiser **peregrino frances** su ropa inútil (fol. 47v).

En veinte y cinco de enero entró Andres de Gui (?) **francés** su ropa inutil (fol. 48r).

- En diez y seis de febrero entro Julio de Proma (?) **francés** su ropa inutil (fol. 49r).
- En quatro de marzo entro un **peregrino alemán** que no se entiende su abla. Salio el día veinte y tres de marzo (fol. 49v).
- En doce de marzo entro Francisco de Aleman **francés** su ropa inútil. Salio el veinte y tres de marzo (fol. 49v).
- En trece de abril entro Diego Perez **peregrino** su ropa inútil Salio el dia ocho de maio (fol. 50r).
- En diez y siete de abril entro Bartolome de Calons (?) **peregrino aleman** su ropa inútil Salio el dia veinte y ocho de abril (fol. 50v).
- En diez de maio entro Francisco Artipre (?) **peregrino aleman** su ropa inútil Salio el día diez y seis de maio (fol. 51r).
- En diez y siete de maio entro Alexandre Braser **peregrino** Salio el dia veinte y ocho de maio (fol. 51r).
- En diez y ocho de maio entro un **peregrino Frances** llamado Abirent Salio el dia veinte y ocho de maio (fol. 51v).
- En once de Junio entro Ana Maria **peregrina** su ropa inútil Salio el dia quinze de junio (fol. 52v).
- En diez y siete de junio entro por enfermo Joseph Laborda **peregrino** su ropa inútil Salio el dia dos de julio de esta presente vida (fol. 53r).
- En diez y cho de junio entro por enfermo Pedro **peregrino frances** su ropa no vale Salio el dia nueve de julio (fol. 53r).
- En diez y ocho de junio entro por enfermo Miguel Marsanqs **Peregrino francés** su ropa no vale Salio el dia nueve de julio (fol. 53r).
- En veinte de junio entro por enfermo Julio Albarel **Peregrino francés** su ropa no vale Salio el dia veinte y tres de junio (fol. 53r).
- En siete de agosto entro Francisco Brezelon **Peregrino francés** su ropa inútil Salio el dia doce de agosto (fol. 55r).
- En veinte y seis de septiembre entro Francisco de Mesa **Peregrino del Reino de Cordoba** su ropa inútil Salio el dia cinco de octubre (fol. 56v).
- En trece de octubre entro una **Peregrina alemana** que no se le entiende otra cosa Salio el dia diez y seis de octubre (fol. 57v).
- En diez y siete de octubre entro por enfermo Gregorio Yzquierdo **Peregrino** su ropa una capa usada y lo mas no vale. Salio el dia treinta de octubre (fol. 57v).
- En veinte y siete de octubre entro Tomas (?) **Vecino de Valencia** su ropa de **pobre peregrino**. Salio quatro de noviembre (fol. 57v).
- En primero de noviembre entro Pedro Arrot (?) **Aleman Peregrino** su ropa inutil Salio el dia diez y ocho de diciembre (fol. 57v).

Entro en veinte y seis Roman de **nacion francesa y peregrino** su ropa inutil. Salio el dia cinco de diziembre (fol. 58r).

En veinte y siete de noviembre entro Froilan Pargus **aleman peregrino** su ropa inutil. Salio el dia quatro de diziembre (fol. 58r).

En quatro de diziembre entro Pedro de Ambros **peregrino frances** de ropa inutil. Se llamaba Pedro Gibeaud **natural de Marsella** murio en nuebe de Diziembre año 1750 (fol. 58v).

En veinte y quatro de Diziembre entro por enfermo Martin de Chare **peregrino del reino de Aragon** su ropa no vale. Salio el dia tres de henero de 51 (fol. 58v).

**1751, 28 peregrinos (27 homes e 1 muller):** 11 franceses, 1 alemán, 1 de «Bizcaia, 2 de Navarra, 1 de Oviedo, 1 de Mantua, 1 de Irlanda, 1 de Saboya, 1 de Austria, 1 de Zaragoza, 1 do «reino de Córdoba», 1 da «villa de Noia», 1 de Hungría e 4 de orixe descoñecida

En tres de henero entro por enfermo Phelipe de Ville extranjero **Peregrino** su ropa no vale. Salio el dia veinte y seis despues del almuerzo henero (fol. 59r).

Peregrino. En cinco de henero entro por enfermo Froylan Pargus **Aleman** esta en la **Peregrinaria** por no poder estar arriba por su enfermedad. Salio el dia once de enero (fol. 59r).

En 9 de henero entro por enfermo Julio Baptista Briguil **frances Peregrino** su ropa no vale. Murio el dia doze de henero de 1751" (fol. 59r).

En onze de henero entro por enfermo Andres de Vibanco **Peregrino** su ropa usada. **Vezero de la ciudad de Bizcaia**. Murio el dia doce de enero (fol. 59r).

En veinte y quatro de henero entro por enfermo Manoel Belasco **vezino de Pamplona reyno de Navarra** su ropa inutil. Salio el dia quatro de febrero (fol. 59v).

En veinte y cinco de henero entro por enfermo Esteban Belasco vezino de **Villa de Zarraga del reino de Navarra Peregrino** su ropa no vale. Salio el dia quatro de febrero (fol. 59v).

En veinte y seis de henero entro por enfermo Julio Luis de **nacion frances Peregrino** su ropa no vale. Salio el dia veinte y ocho de febrero (fol. 59v).

En veinte y nuebe de henero entro por enfermo Santiago Vaben **frances Peregrino** su ropa no vale. Salio el dia ocho de febrero (fol. 59v).

En treinta de henero entro por enfermo Adrian de Mer **frances Peregrino** su ropa no vale. Salio el dia cinco de febrero (fol. 59v).

En ocho de febrero entro Julio de Carvaxal **del obispado de Obiedo Peregrino**. Salio el dia diez y seis de febrero (fol. 60r).

En veinte y tres de febrero entro Alexandro Domini natural de **Mantua peregrino** su ropa inutil. Salio el dia nuebe de marzo (fol. 60v).

En veinte y tres de febrero entro Ygnacio Fuisse **peregrino Irlandes** su ropa inutil. Salio el dia diez y ocho de maio (fol. 60v).

En quatro de marzo entro Francisco Carrero **Peregrino** su ropa inutil. Salio el dia trece de marzo (fol. 60v).

En trece de marzo entro Angela Galeana **peregrina saboiana** Su ropa inutil. Salio el dia veinte y cinco de marzo (fol. 61r)..

En quinze de marzo entro Francisco Vecrins **peregrino austriaco** su ropa inutil. Salio el dia veinte y seis de marzo (fol. 61r).

En diez y nueve de marzo entro (?) Basemon (?) **Peregrino** su ropa inutil. Salio el dia diez y siete de abril (fol. 61v).

En veinte y cinco de marzo entro Joseph Martines **peregrino de la diocesis de Zaragoza**. Su ropa inutil. Salio el dia tres de abril (fol. 61v).

En veinte y nueve de marzo entro Marcos Duran **vecino y peregrino del reino de Cordoba**. Su ropa inutil. Salio el dia nueve de abril (fol. 61v).

En veinte y ocho de abril entro Jud Horman **francés de Burdeus** su ropa de peregrino. Salio el dia tres de maio (fol. 62v).

En veinte y cinco de maio entro un **peregrino francés** llamado Joseph su ropa inútil. Salio el dia primero de junio (fol. 63v).

En treinta de maio entro Ju<sup>o</sup> Senchain((?)) **Peregrino francés** su ropa inútil. Salio el dia ocho de junio (fol. 63v).

En treinta de maio entro Ju<sup>a</sup> Molen((?)) **Peregrino francés** su ropa inútil. Salio el dia siete de junio (fol. 63v).

En once de junio entro J<sup>o</sup> de Josefs((?)) **Peregrino** Labotaro(?) Su ropa inútil. Salio el dia diez y nueve de junio (fol. 64r).

En once de junio entro Ju<sup>a</sup> Noles **Peregrino francés** su ropa inútil. Salio el dia diez y nueve de junio (fol. 64r).

**En veinte y dos de junio entro por enfermo Santiago Gutierrez Peregrino Vezino de la villa de Noya su ropa inútil. Salio el dia primero de julio (fol. 64r).**

En onze de septiembre entro en el numero 2L AAnt<sup>a</sup> Mancelo **peregrino francés** su ropa inútil. Salio el dia diez y ocho de septiembre (fol. 66r).

En onze de septiembre entro Lorenzo Marcells **peregrino francés** su ropa inútil. Salio el dia veinte y dos de septiembre (fol.66r).

En veinte y ocho de septiembre entro Ju<sup>a</sup> Gili **peregrino de Ungria**. Salio el dia cinco de octubre (fol. 66v).



**1752, 8 peregrinos (5 homes e 3 mulleres):** 4 de Francia, 1 de Alemania, 1 de Flandes e 2 de orixe descoñecida

En diez y ocho de enero entro Maria Barbara **Peregrina** su ropa inútil. Salio el dia veinte y siete de enero (fol. 69r).

En veinte de febrero entro Francisco Lodia **Peregrino Frances** su ropa inútil. Salio el dia veinte y seis de febrero (fol. 70r).

En veinte y cinco de febrero entro Santiago Laverdon **peregrino francés** su ropa inútil. Salio el dia veinte y siete de febrero (fol. 70v).

En diez y ocho de marzo entro Maria de Hisgan **Peregrina alemana** de ropa inútil. Salio el dia veinte y ocho de marzo (fol. 71v).

En tres de maio entro Monsieur (?) Medal Enpinal (?) **Peregrino del lugar de Martin de Barros en Paris** su ropa inútil. Salio el dia diez y seis de mayo (fol. 72v).

En diez y seis de junio entro Antonio Es (?) **Peregrino Frances** de ropa inútil. Salio el dia dos de julio (fol. 74v).

En 24 de junio entro por enfermo Theodoro Gillessen **flamenco Peregrino** su ropa no vale. Salio el dia diez y ocho de julio (fol. 75r).

En veinte y siete de octubre entro por enferma Juana Calicera **Peregrina** su ropa inútil. Salio el dia treinta y uno de octubre (fol. 81v).

**1753, 10 peregrinos (7 homes e 3 mulleres):** 3 de Saboia, 1 de Irlanda, 1 de Navarra, 2 de Italia e 3 de orixe descoñecida

En primero de enero entro un **peregrino** que dixo llamarse Guillaume de Bouzel. Sin ropa. Salio el dia siete de enero (fol. 84v).

En tres de enero entro una **peregrina Saboiana** del lugar de Rute (?) Llamada Maria a la Mandrela. Su ropa inútil. Salio el dia diez y seis de henero (fol. 84v).

En diez de enero entro Cathalina Mandula **Peregrina saboiana**. Su ropa inútil. Salio el dia veinte y cinco de enero (fol. 85r).

En diez y siete de henero entro por enfermo Pedro Alamandula **Peregrino natural de Saboya** ropa inútil. Salio el dia veinte y cinco de enero (fol. 85v).

En diez de agosto entro Guillermo Brebo **Peregrino Irlandes**. Su ropa inútil. Salio el dia doce de septiembre (fol. 91v).

En siete de setiembre entro por enferma Mariana Trebo **Peregrina** su ropa usada. Salio el dia diez y ocho de septiembre (fol. 93r).

Carlistas controlaban los accesos desde posiciones dominantes de altura. Sobre estas posiciones se inició el ataque el día veinticinco pudiendo entonces ser roto el cerco, aunque con un gran costo en pérdidas de vidas humanas en los dos bandos; de hecho, Vicente M<sup>a</sup> será ascendido a Capitán, por vacante de sangre de Don Primitivo Manero fallecido en el combate de San Pedro de Abanto que había tenido lugar el día veintisiete de marzo. La Real Orden de su nombramiento fue prontamente otorgada, el día trece de abril de 1874, por el Rey Alfonso XII.

El 28 y 29 de abril de 1874, ya como Capitán, participó en los combates y toma de Galdames. Para esta batalla se internaron por Las Muñecas para conseguir llegar finalmente a San Pedro de Galdames. Subiendo hacia Akendibar no pudieron romper el cerco y sufrieron numerosas bajas. Decidieron atacar las posiciones enemigas en Las Muñecas, en primer lugar, para poder lograr su objetivo consiguiendo por fin la retirada Carlista en el día dos de mayo.

Continuará durante el mismo dos de mayo asistiendo al levantamiento del sitio de Bilbao, que llevaba en esa situación más de dos meses. Los bombardeos a la ciudad por el Ejército Carlista, muy criticados en la prensa europea, y los asaltos a las posiciones defensivas dieron lugar a una penosa situación tanto para los sitiados como para sus defensores. La escasez de alimentos fue muy notoria y se esperaban los refuerzos ansiosamente. Al final, tras las derrotas sufridas por los Carlistas en otros puntos, pudo darse por finalizado el sitio con la victoria del Ejército de la República y su entrada en la ciudad el día dos de mayo de 1874.

El Ejército Carlista trataría entonces de conquistar alguna otra plaza grande, por lo que se empeñaron en los asedios a las ciudades de Vitoria, Irún, San Sebastián y Pamplona. Finalmente no podrían conseguir ninguna de estas plazas.

El 24 del mismo mes de mayo, a las ordenes del Capitan General Marqués del Duero, el protagonista de nuestra historia participó en los combates habidos en Villarreal de Alava pasando luego a Vitoria donde cayó enfermo el día 31. Desconocemos el motivo de esta enfermedad de la que tardará un mes en recuperarse. En su hoja de servicios, no consta que hubiese recibido ninguna herida en combate, por lo que deducimos que la causa debe haber sido una enfermedad común.



12.- Documento firmado por el Teniente Coronel de su Batallón por el cual se acredita que le había sido concedida, por derecho, la Medalla de Bilbao con los pasadores de Abanto y Muñecas-Galdames.



13.- Real Cédula de 22 de enero de 1875 por la que le es concedido, en recompensa por sus méritos, el grado de Comandante de Infantería. Firmada por el Rey Alfonso XII.

Por Real Decreto del día diez de junio del año 1874 y Real Orden de dicho mes, le fue concedida la medalla conmemorativa del sitio de Bilbao con los pasadores de Abanto y Muñecas-Galdames.

Una vez restablecido de la enfermedad, se incorporará a su Batallón en operaciones militares el día seis del mes de julio, asistiendo el día veinticuatro de agosto a la acción militar de Monte del Tuyo. Poco más de un mes después, el día ocho de octubre de 1874, lo encontraremos nuevamente luchando en los enfrentamientos que tuvieron lugar en San Vicente. En estas ocasiones estuvo a las órdenes del General Ramón Blanco.

En noviembre, en los días diez y once, tomará parte en los combates que se desarrollaron en las inmediaciones de Irún, al mando del General Laserna, por cuyo buen comportamiento y los méritos demostrados en dichas operaciones, sobre todo en la última de ellas, obtuvo el grado de Comandante, según Real Orden de el día veintidós de enero del año 1875.

Nos llama la atención en esta cédula el modo más cercano y personal, no utilizado en despachos anteriores, con que se le comunica su nuevo rango militar por parte del Rey Alfonso XII:

...Por mi resolución de 22 de Enero de 1875 vine a concederos a Vos Don Vicente Rodríguez y González, Capitán de Infantería, el grado de Comandante de la propia arma, en recompensa del mérito que con-

tragasteis en las operaciones practicadas contra las facciones Carlistas sobre Irún los días diez y once de Noviembre del año anterior...

Nuestro militar continuará batallando. Lo vemos asistiendo, el día primero de febrero de 1875, bajo el mando del General Laserna en la acción militar que tuvo lugar en el Monte de San Cristóbal; el día primero del mes de marzo pasó al campamento del estratégico Monte Esquinza; el día veinticuatro de ese mismo mes su batallón fue destinado a operar por la provincia de Burgos encontrándose el 21 de junio en el enfrentamiento de Medianas. Al fin de dicho mes, al haber sido nombrado Depositario de su Batallón, será trasladado nuevamente a Logroño.



14.- Despacho firmado por el Rey Alfonso XII por el que se le acredita el haber sido merecedor, por segunda vez, de la Cruz Roja del Mérito Militar.



15.- Medallas de la época (fotografía obtenida de Internet):  
Cruz Roja del Mérito Militar,  
Cruz de Benemérito a la Patria,  
Medalla conmemorativa de Bilbao.



16.- Cruz de la Real Orden de San Hermenegildo. Concedida a Vicente M<sup>a</sup> el 27 de agosto de 1876. (fotografía tomada de Internet).





17.- Modesta Ares Mancera, a los veinticuatro años de edad, sosteniendo a su primogénito en brazos. Año 1877.







19.- Placa de la Real y Militar Orden de San Hermenegildo del siglo XIX. (fotografía tomada de Internet). Concedida el 24 de diciembre de 1885.

Se ve que deseaban encontrarse de nuevo pero la guerra se alargaba demasiado. Para poder lograrlo, decidieron planificar su matrimonio aun cuando la contienda no había concluido todavía. De esta época, durante sus destinos en Logroño, fue tomada la fotografía con la que iniciamos el relato de su biografía. Seguramente se la hubiese enviado a Modesta, su prometida, entre las cartas que se intercambiaron, orgulloso de hacerla partícipe de sus méritos y de las condecoraciones recibidas hasta entonces.

Hemos podido saber por el Acta que consta en el Libro Sacramental de Matrimonios de la parroquia de Modesta, la cual se encuentra en el Archivo Diocesano de Santiago de Compostela, que la ceremonia de la boda había tenido lugar en la Iglesia de Santiago de Betanzos el día 28 del mes de octubre de 1875 a las ocho y veinte minutos

de la tarde; el novio estuvo representado por su futuro cuñado Constantino, según poder que le fue otorgado por Vicente M<sup>a</sup>, firmado en Logroño el día 18 de ese mismo mes.

Concluyó el año cumpliendo su destino en la plaza de Logroño desempeñando la menos agitada comisión de Cajero y demás servicios de su clase.

En ese corto período de relativa quietud, Modesta viajará a Logroño para reunirse con su ya marido Vicente M<sup>a</sup> y así, poder disfrutar de su mutuo amor y compañía hasta fin de año. El volverá a la lucha y Modesta a Betanzos, aguardando ambos a su primer hijo que ya estaba en camino.


A incios de 1876, continúa de guarnición en Logroño y en Burgos.

A nuestro héroe, Vicente M<sup>a</sup> Rodríguez González, siendo Comandante, por Real Orden de veintisiete de junio le será comunicada la concesión, por el Rey constitucional de España, Alfonso XII, de la Cruz Roja de la Orden del Mérito Militar. En esta ocasión ya por segunda vez, en virtud de los méritos contraídos y distinguido comportamiento observado en los servicios de guerra prestados, desde el día veintiuno de enero al dos de marzo de 1876, en las operaciones del Ejército del Norte, en la defensa de la guarnición de Logroño y de los fuertes avanzados al frente del enemigo.

Se especifica, lo mismo que en las anteriores ocasiones:

...Por tanto mando á los Capitanes generales, Gobernadores de plazas y demás Jefes, Oficiales y soldados de los Ejércitos y Armada Nacionales, á los Tribunales, Jueces, Autoridades, Intendentes y Comisarios de Guerra, y á cualesquiera otras personas de todas clases, fueros y condiciones que le hayan y tengan por tal Caballero de primera clase de dicha Orden del Mérito Militar guardándole todas las distinciones que le deben ser guardadas...

El mismo año, por Real Orden del día tres del mes de julio sería declarado, también por segunda vez, Benemérito a la Patria. En uso de dos meses de licencia que le fueron




El Sr. D. Vicente Rodríguez González  
 Capitán de Infantería en esta Ciudad  
 en com. fecha de esta  
 me dice lo siguiente  
 Remito a V. para  
 en vista al Capitán de  
 Infantería retirado D. Vi-  
 cente Rodríguez González  
 copia de la hoja matriz de  
 méritos y Reales Despachos  
 de retiro y grado de Teniente  
 Coronel devolviéndome el  
 mismo con copia del mis-  
 mo en el papel correspon-  
 diente y un pliego de dos  
 pesetas en blanco para la

concedidos por el Capitán General de  
 Burgos, saldrá con destino a Betanzos el  
 día quince de agosto de 1876, para  
 reencontrarse con Modesta y su nueva  
 familia. El permiso solicitado por Vicente,  
 para asuntos propios, era con el objeto  
 conocer a su primogénito que acababa  
 de nacer el día 14, víspera del inicio de su  
 viaje de regreso. También volverá a ver a  
 Micaela, su madre, que se había  
 desplazado a Betanzos para ser la madrina  
 de su nieto. Su padre, para entonces, ya  
 había fallecido.

Sin terminar el permiso, pasó, por  
 orden superior y a voluntad propia, a  
 situación de reemplazo con residencia en  
 la Ciudad de Betanzos de los Caballeros.

20.- Comunicado por el que se le informa  
 que, por Reales Despachos, le ha sido  
 concedido el retiro con el grado de  
 Teniente Coronel de Infantería.


toma de razón.  
 Lo que con inclusión  
 de los documentos de re-  
 ferencia traslado a V para  
 su conocimiento y efectos,  
 sirviéndose oportunamente  
 pasar a mis manos el Real  
 Despacho de grado de Teniente  
 Coronel con copia del mismo  
 en el papel correspondiente  
 y un pliego de papel sella-  
 do de dos pesetas para la to-  
 ma de razón, según se in-  
 tesa en el anterior super-  
 ior inserto.

que a 15 m<sup>o</sup> años.  
 Betanzos 14 de Mayo de 1876.  
 El Coronel  


Dica  
 Sr. D. Vicente Rodríguez González Com. Cor.  
 Capitán de Inf<sup>te</sup> retirado en esta Ciudad  
 Betanzos



21.- Vicente Mª Rodríguez González a finales del siglo XIX.



22.- Su firma y rúbrica.

Por Real Orden del día veintisiete del mes de agosto de 1876, Vicente Mª fue merecedor, por la constancia en su servicio al ejército y su respetable comportamiento, de otra condecoración de alto rango, la que lo acreditaba como Caballero de la Cruz de la Real y Militar Orden de San Hermenegildo, orden de caballería creada por el Rey Fernando VII en 1814 tras finalizar la Guerra de la Independencia.

Desde entonces permanecerá en Betanzos, siendo el primero de año de 1878, según Real Orden de esa fecha, significado al Ministerio de Estado para la Cruz de Isabel La Católica.

A partir del veintidós de marzo del mismo año y por orden del Director General de su arma, fue destinado al Batallón de Reserva de Betanzos nº 63. En este destino continuará hasta el final de su vida profesional.

En 1880 resultó nombrado en junta, Depositario del Batallón con efecto del primero del mes de julio, haciéndose cargo de la Caja para lo cual resultó reelegido de nuevo cuatro años más tarde.

Continuando en las actividades correspondientes al cargo antes mencionado, por Real Cédula del día veinticuatro

de diciembre del año 1885 le fue concedida, con antigüedad de veinte de agosto de de 1885, la placa de la Real y Militar Orden de San Hermenegildo, máxima recompensa a los que mas allá de sus libertades y sufrimientos en la batalla, han demostrado su constancia en el servicio al ejército con intachable conducta.

No en vano, entre el tiempo transcurrido y los premios ganados había acumulado al fin de su carrera treinta y siete años, un mes y diez días de servicio.

Durante todo este tiempo no tuvo que sufrir procedimientos, castigos ni amonestaciones de ningún tipo por parte de sus superiores y solamente disfrutó de dos permisos a lo largo de toda su actividad profesional, los cuales ya hemos mencionado en esta biografía.

Durante el año siguiente, a fines de septiembre, en virtud de lo dispuesto por el Director General de su arma pasará al cuadro permanente del depósito de esta zona, incorporándose el día primero de octubre de 1886 y encargándose desde este día del Detall del Batallón. La propuesta elevada a tal efecto fue aprobada el día veintiocho del mismo mes.

Continuó desempeñando este cargo hasta el día quince de abril de 1887. A finales del mes de mayo causará baja en su puesto, por haberle sido concedido el retiro por Real Orden de nueve de mayo de dicho mes, con residencia en Betanzos.





23.- Vista de Betanzos desde el cauce del río Mendo, a principios del siglo XX. Sobre el desaparecido puente romano al fondo de la imagen, la casa con galería fue la última morada del protagonista de nuestra biografía.

Por el Exmo, Sr. General Gobernador Militar de la provincia, con fecha de 24 de marzo de 1888 le fue entregada la copia de la hoja matriz de sus servicios y el grado de Teniente Coronel de Infantería.

Vicente M<sup>a</sup>, en cuanto a su carácter, fue siempre una persona ecuánime, seria, formal y sin estridencias que llevó una vida honorable hasta el fin de sus días.

En su hoja de servicios, podemos leer, en el apartado de notas de concepto de su Jefe del cuerpo, las siguientes características personales suyas:

Valor: Acreditado  
Aplicación: Mucha  
Capacidad: Mucha  
Conducta: Buena  
Puntualidad en el servicio: Mucha  
Salud: Buena  
Estado: Casado  
Estatura : 1.650 cm.

En cuanto a la instrucción militar:

En ordenanzas: Mucho  
En táctica: Mucho  
En procedimientos militares: Bueno  
En detalle y contabilidad: Mucho  
En teoría y practica de tiro: Bueno  
En arte militar: Bueno

En lo que atañe a su vida personal, ésta discurriría en el Betanzos de su época como cabeza de la familia fundada con Modesta habiendo conseguido un total de 6 hijos, cuatro varones y dos mujeres.

Por lo que hemos podido conocer, el hogar basculaba constantemente tratando de mantener un punto de equilibrio entre el padre que pretendía imponer mucha disciplina a sus vástagos y una joven madre que adoraba a sus hijos mimándolos y consintiéndolos en exceso.

Sabemos que tuvo residencia en las betanceiras Rúa Nueva nº 55, Rúa de San Francisco nº 19 y finalmente en la casa de Puentenuevo nº4, en la cual permanecería hasta el fin de su vida.

Está claro que su deseo era que alguno de sus hijos hiciese la carrera militar. De hecho, envió a su primogénito a la Academia Militar que existía en Cuba para formar en esta profesión a los hijos de militares. Pero, por el contrario, su hijo, tras varios años de permanencia en dicha academia, acabaría abandonando definitivamente la vida militar con gran disgusto por parte de su padre, como no es difícil de suponer.

La vida continuó transcurriendo en el Betanzos entre finales del siglo XIX y principios del XX.

A pesar de la considerable diferencia de edad que le llevaba a Modesta, sería ella la que fallecería en primer lugar, el día cinco de abril de 1907, repentinamente, a causa de una congestión cerebral, según consta en su partida de defunción. Contaba entonces cincuenta y cuatro años de edad.

La pérdida de este pilar fundamental para la familia supuso un gran golpe para él, que ya se encontraba mayor, lo cual entristeció grandemente lo que le quedaba de vida. Sobreviviría a su esposa veintiún meses solamente.

La vida de Vicente M<sup>a</sup> llegaría a su fin en su casa del Puente Nuevo, a las cuatro de la tarde del día veintisiete del mes de enero del año 1909. Falleció a consecuencia de una insuficiencia respiratoria causada por una bronquitis crónica que padecía en los últimos años de su vida.

Contaba a su muerte setenta y seis años. Le quedaban, entonces, dos hijos menores de edad que dejó bajo la tutoría de su cuñado Severo Ares Mancera.

Sus restos mortales recibieron sepultura en el Cementerio Municipal de Betanzos.

#### NOTAS

Todos los datos de esta biografía han sido extraídos de:

La hoja de servicios de Vicente M<sup>a</sup> Rodríguez González que se encuentra custodiada en la Sección 1<sup>a</sup>, Legajo R.1710, en el Archivo General Militar de Segovia.

La documentación familiar.

---

#### AGRADECIMIENTOS

A Alfredo Erias Martínez, Director del Museo das Mariñas, del Archivo y Biblioteca municipales de Betanzos y del *Anuario Brigantino* por invitarme a escribir en esta revista, y a sus colaboradores por la amabilidad constantemente recibida.

A mi tía abuela Leonor Rodríguez y mi tía Maricruz Camino Rodríguez por haber preservado, a través de los años, toda esta magnífica documentación y habérmola cedido, en esta ocasión, para poder iluminar la biografía de nuestro antepasado.

# Galería de profesorado galego en América nos séculos XIX-XX (Arxentina, Uruguay e Cuba)

ANTÓN COSTA RICO\*  
UXÍA BOLAÑO AMIGO\*\*

Para Xosé Ramón Fandiño, quen desde a  
*Gran Enciclopedia Gallega*, arrequeceu con  
entusiasmo e xenerosidade a memoria de nós

## Sumario

A emigración a América entre mediados do século XIX e a fin do primeiro terzo do XX tamén rexistra un singular número de ensinantes, maioritariamente varóns e algunhas mulleres, que en ocasións desenvolveron valiosas actividades formativas e pedagóxicas en América. Un capítulo máis da nosa historia colectiva, ata o presente menos considerado polos estudos históricos e que aquí se presenta.

## Abstract

The emigration to America between the mid-nineteenth century and the end of the first third of the twentieth century also has a unique number of educators, mostly male and some women, who have occasionally developed valuable educational and pedagogical activities in America. A chapter more of our collective history, to the present less considered by the historical studies and that appears here.

## INTRODUCCIÓN

Hai catro décadas que naceu entre nós a preocupación por coñecer e valorar o fenómeno da creación de escolas en Galicia só o impulso dos emigrantes galegos a outras latitudes. Neste empeño, as primeiras observacións e as máis insistentes ao longo deste tempo estiveron relacionadas coa dita creación de escolas por parte das «Sociedades de Instrución» constituídas en distintos puntos de América mediante a conxunción de valiosos esforzos de acción mancomunada levada a cabo por milleiros de emigrantes galegos e galegas, ata o punto de chegar a constituír máis de 400 Sociedades en Cuba, Arxentina e Uruguay, como lugares preferentes, cos seus regulamentos democráticos, co resultado de máis de 400 aulas formalizadas como escolas unitarias ou como colexios que reunían varias unidades en cada caso.

Para tal logro foi necesario xerar unha moi importante concienciación entre as comunidades galegas de emigrantes, co gallo de abrir e consolidar múltiples accións de conxunción co convencemento da súa necesidade. Tal como o expresaba Mercedes Vieito desde A Habana:

*Hace falta en Galicia una labor activa, una incesante campaña vindicadora y, sobre todo, muchas escuelas, pero escuelas galleguistas, con maestros competentes e hijos de la región, muchas granjas, muchos bancos que al fomentar la riqueza agrícola y pecuaria, puedan librar al labriego de las garras de la usura y habilitarlo para ejercer plenamente y a su satisfacción el derecho al sufragio<sup>1</sup>.*

\* **Antón Costa Rico** é catedrático de Historia da Educación na Universidade de Santiago de Compostela.

\*\* **Uxía Bolaño Amigo** é profesora do Dpto. de Pedagogía e Didáctica da Universidade de Santiago de Compostela. Ambos do Grupo de Investigación SEPA da USC.

A diversidade de estudos e achegas bibliográficas sobre a cuestión foi recollida, sintetizada e actualizada en recente publicación do Consello da Cultura Galega, baixo a dirección do profesor Vicente Peña Saavedra<sup>2</sup>.

Imos tamén coñecendo cada vez mellor o que supuxeron as creacións escolares que procederon do impulso dos «indianos», en particular no tempo político chamado da Restauración, é dicir, daqueles emigrantes galegos como foi o caso tan notado dos irmáns betanceiros Juan María e Jesús García Naveira<sup>3</sup> que ao facer algunha apreciábel fortuna económica en América decidiron destinar unha parte da mesma a tales efectos escolares, facéndoo na maior parte dos casos por vía testamentaria. E falamos igualmente dunha observación que se estendeu a tempos anteriores (Antigo Réxime e primeiras décadas do século XIX).

Estes procesos analíticos, xunto a outras achegas de historia social, foron permitindo acceder a datos, supostos e hipóteses relacionados co pensamento escolar e pedagóxico, manifestado polos emigrantes (e/ou as Sociedades) nos seus regulamentos, nos documentos que acompañaron o envío de recursos económicos para a construción dunha determinada escola ou para a dotación tanto de recursos humanos como de mediacións didácticas. As finalidades expresadas, de ordinario, teñen importante similitude, mais deixan entrever con algunha frecuencia matices, singularidades e diferenzas, que podemos conectar cos idearios sociais dos promotores, isto é, coas súas ideoloxías socio políticas, unha cuestión que quedou aberta a través de varias achegas iniciadas por Xosé M. Malheiro en 2006<sup>4</sup>, e que no presente texto tamén se contemplan.

En efecto, América, nos seus diversos contextos, foi para numerosos emigrantes, un escenario que permitía acceder a múltiples visións sociais, sendo ocasión de disonancia cognitiva, de posíbel afirmación dunha dada ‘heterodoxia’ ou de intuicións peteirando no caletre; isto é, espazo de contradicións, de contrastes, de interrogantes novos..., podendo vivenciar así e implicarse en novas prácticas sociais. E como a educación está tan ligada á construción social e aos seus horizontes, non ha de estrañar que tamén as cuestións ideolóxicas se fixeran presentes, contribuíndo a orientar algunhas das finalidades desexadas para o movemento de creación escolar en Galicia: que persoas formar nas escolas?, que orientación cívica fortalecer?, escolas para ‘facilitar’ a emigración con destrezas laborais e de coñecemento solicitadas desde América, ou escolas pensadas para contribuír ao desenvolvemento social en Galicia, propiamente?

Na sondaxe destas interrogantes fomos achegándonos a novas observacións de investigación, poñendo o acento nos actores concretos (emigrantes galegos) impulsores das creacións escolares, detectando a súa formación, ideoloxía e as súas conexións con outros homes e mulleres axentes da construción social<sup>5</sup>. Foi así, como non só percibimos que, en diversas circunstancias, América foi un laboratorio social que devolveu a Galicia cidadáns e cidadás mellor formadas, curtidas nalgunhas loitas sociais e conscientes dos seus puntos de vista, senón que tamén percibimos mellor a influencia dos galegos e galegas que saíron de Galicia xa con posicións ideolóxicas críticas desde as que incidiron sobre outros actores galegos en América, así como tamén puidemos percibir algunhas das interrelacións que uns e outros estableceron con outras persoas.

Algunhas achegas entre nós teñen salientado, ademais, a presenza de galegos en América desenvolvendo unha función educativa, en particular no tempo colonial e primeiros intres da independencia da Arxentina e, neste sentido, sempre será impagábel o meticuloso traballo desenvolvido por Alberto Vilanova Rodríguez, *Los gallegos en la Argentina*<sup>6</sup>.



Este exercicio docente foi tamén realizado por unha parte dos homes e mulleres republicanas españolas e galegas, logo da traxedia da Guerra civil e da ditadura franquista en España<sup>7</sup>, dos que aquí non falaremos.

Na presente achega queremos referirnos, en troques, aos galegos que durante a segunda metade do século XIX e primeiro terzo do XX desenvolveron funcións educativas en América, sobre os que hai xeralmente noticias precarias aquí e acolá, mais non unha aproximación con algunha intencionalidade unitaria<sup>8</sup>. É o que aquí pretendemos realizar: unha galería mínima, predisposta para posteriores indagacións e afondamentos; unha galería que presenta un discreto reconto de nomes, que, porén, en varias ocasións ofrece informacións e valoracións que nos permiten falar de ilustres ensinantes galegos en América, que contribuíron ao desenvolvemento da educación popular, tanto alí, como tamén en Galicia.

#### UN BREVE RECONTO: ENTRE A ETAPA COLONIAL E OS INICIOS DAS REPÚBLICAS

Grazas ás informacións reunidas, sobre todo por Alberto Vilanova<sup>\*9</sup>, temos coñecemento da presenza frecuente de relixiosos galegos que exerceron como educadores ou impulsores da creación de centros formativos, entre eles diversos misioneiros franciscanos<sup>10</sup>, xesuítas e dominicos, durante os séculos XVII e XVIII en diversas latitudes de América; os franciscanos Fr. José Niebla\* e Fr. Antonio Grande Fernández\*, este en Santiago del Estero; Diego Avelino de Compostela (1635-1704), que logo de ser reitor e mestre de Humanidades en Toledo e de ocupar a cátedra de Teoloxía e de Metafísica da Universidade de Valladolid, pasou á Habana en 1685 como bispo, onde fundou dous colexios para nenos e para nenas e un hospicio<sup>11</sup>; ou os xesuítas Juan Fecha\*, profesor de música cos indios; Juan Bautista Peñalba\*, teólogo en Córdoba; Tirso González de Santalla\*; Ignacio García, reitor do colexio dos xesuítas de Santiago de Chile e Juan José Figueroa, profesor este de Gramática e director do colexio dos xesuítas de Bos Aires entre 1695 e 1724<sup>12</sup>.

Durante o século XVIII e inicios do XIX é mester referirse igualmente a algunhas importantes figuras: o xesuíta José Quiroga Méndez\*, profesor, hidrógrafo, explorador e publicista no Paraguai desde 1745; Fr. Pedro Guitián y Arias\*, nomeado en 1784 catedrático de Sagrada Escritura e logo reitor da Universidade de Córdoba; Juan Alsina\*, matemático e físico, iniciador da Escola de Náutica de Bos Aires; o militar mariño, matemático e astrónomo Pedro Antonio Cerviño Nuñez\*, que foi director da Escola de Náutica de Bos Aires; o tamén profesor desta Escola de Náutica Juan C. O'Donnell Figueroa\*, nado na Coruña, igualmente director dela logo de Cerviño, e catedrático de matemática na Universidade de Córdoba (Arxentina); Melchor Fernández Ramos\*, catedrático do Colexio de San Marcos en Bos Aires; o humanista tudense Pedro Fernández\*, considerado por Alberto Vilanova «o pai intelectual dos próceres da independencia arxentina», que foi desde 1786 catedrático de literatura latina no aristocrático Colexio de S. Carlos (creado en 1783) e que morreu en Bos Aires en 1834; o xesuíta Pedro Montenegro\*, especializado en botánica médica e farmacéutica, sendo autor do texto *Materia médica misionera*; o teólogo na Universidade de Córdoba Juan Bautista Peñalba\*, ou tamén Francisco Suárez García<sup>\*13</sup>, impulsor cultural desde a gobernación de Pujol en Corrientes.

---

\*Todos os nomes de ensinantes referenciados por Alberto Vilanova irán aquí acompañados dun (\*). Os referenciados, para Uruguay, por parte de C. Zubillaga irán acompañados de dobre asterisco (\*\*), evitando a contínua citación e indicación de páxinas de referencia.

E do caso que citemos, ademais, varios nomes relacionados con Cuba. O de Ramón de la Sagra<sup>14</sup>, quen en 1823 se dirixiu á Habana en calidade de catedrático de historia natural adxunto ao recentemente creado Xardín Botánico, e que deseguida ocupou a cátedra de botánica agrícola da Escola de Agricultura da Sociedade Económica de Amigos do País da Habana, sendo nomeado tamén director do Xardín Botánico, que organizou cunha dobre atención médica e agrícola. O de José Benito Ortigueira Fariñas, frade franciscano que entre 1833 e 1866 tivo unha notable dedicación na Escola patriótica en Santi Spiritus, con metodoloxía de escola mutua; chegou a Cuba en 1824 onde primeiramente fundou un colexio antes de asentarse en Santi Spíritus; foi un dos promotores do primeiro xornal da cidade, *El Fenix* e tivo contactos con La Sagra, acolléndoo na súa casa, cando este regresou a Cuba en 1859. E tamén podemos citar o nome de Salvador Zapata, quen por mor dos seus estudos chegou a recibir do Protomedicato da Universidade da Habana en 1813 o título de Mestre de farmacia, profesión que exerceu. Ao morrer deixou a súa importante herdanza para a creación das Escolas Zapata<sup>15</sup>.

### PAÍSES QUE NACEN: ACTORES E PROCESOS EN RELACIÓN COA EDUCACIÓN

É oportuno que situemos contextualmente a composición da galería de docentes galegos e por iso faremos sucintas aproximacións aos procesos que aconteceron e aos actores que se mobilizaron, sobre todo na Arxentina, como espazo máis dinámico e pluriforme, arredor do desenvolvemento educativo.

#### *Na Arxentina*

A través dun longo proceso político con moitas pugnas interiores, finalmente a Arxentina lograba o seu primeiro Goberno nacional en 1852 sen que isto tivera consecuencias inmediatas apreciábeis no campo das ideas e das políticas educativas. Consecuencias que si se puideron rexistrar, porén, desde que o intelectual liberal e masón Domingo Faustino Sarmiento acadou a presidencia da Nación durante o período 1868-1874, coa compañía de Nicolás de Avellaneda no cargo de ministro responsábel da instrución pública.

Sarmiento, que tiña coñecemento, tanto das realizacións pedagóxicas norteamericanas do momento, como das ideas e debates educativos europeos<sup>16</sup>, e grande preocupación polo desenvolvemento da educación<sup>17</sup> «manifestado en 1858 coa creación dos *Anales de la Educación Común* e mediante numerosas páxinas e algún notábeis textos», propiciou a chegada de educadoras americanas á Arxentina e promoveu a creación de Escolas Normais para a formación do profesorado e dos «colexios nacionais» de educación secundaria que se estenderán ás 14 capitais das Provincias<sup>18</sup>. Consciente da necesidade de formación de profesores situou o liderado na Escola Normal de Paraná (capital da provincia de Entre Ríos), como o mellor berce e centro renovador da educación nacional, que foi dotada en 1870 dun novo plan de estudos, confiando a súa dirección desde 1871 ao pedagogo español de orientación pestalozziana José M<sup>a</sup> Torres<sup>19</sup>.

Serán estas bases e a Constitución política de 1853, que depositaba a administración educativa nas Provincias, sobre as que se asentará a política educativa na Arxentina, en particular na década dos anos Oitenta: créanse o Consello Nacional de Educación (CNE), con importantes atribucións<sup>20</sup> como a disposición dun corpo de inspectores técnicos e os Consellos provinciais, para a xestión administrativa da educación, ademais de pór en marcha en 1881 a publicación *El monitor de la Educación Común* (dependente do CNE),

celebrase en 1882 un importante Congreso Pedagógico<sup>21</sup> que preparará as bases da importante Lei Fundamental 1420 de Educación de 1884 tomando en consideración o antecedente da Lei de Educación Común da provincia de Bos Aires (1875) e lexitímase no campo das ideas pedagóxicas a influencia krauso positivista, ao introducir en 1886 na Escola Normal de Paraná Pedro Scalabrini unha orientación de positivismo cristiá mesturado con postulados darwinistas e evolucionistas<sup>22</sup>.

Será un momento de importante expansión e de institucionalización dun sistema público e parcialmente centralizado de educación<sup>23</sup>, en particular logo da sanción da L.1420, baixo os principios de educación laica, obrigatoria e gratuíta<sup>24</sup>; ampliarase o número de Escolas Normais, que diplomarán a moitos milleiros de mestres e mestras aínda que con gravosas deficiencias e heteroxeneidade na formación docente; e aprobaranse diversas disposicións, como a de 1903, que dividía a República en tres grandes «rexións» para centralizar e impulsar tres importantes Escolas Normais modelo (en Corrientes, en Catamarca e en San Luís<sup>25</sup>). Aínda a Lei 4874 de 1905 favoreceu a creación de «escolas nacionais» nas provincias que o solicitaran, contribuíndo así a tal expansión, que se fixo exponencial en canto ao maxisterio, en chegando os anos vinte do século XX<sup>26</sup>.

*Desde o punto de vista da orientación didáctica afirmáronse o positivismo e o intuicionismo pestalozziano, dúas correntes debemos recordar a miúdo coincidentes, pero tamén con manifestacións diferentes. Así, o Regulamento das escolas públicas bonaerenses aprobado en 1908 indicaba no seu art. 18: «La enseñanza será intuitiva y práctica, debiendo empezar siempre por la observación de objetos sensibles. La enseñanza no debe solo asegurar los conocimientos útiles de la vida, sino también procurar el desarrollo de las facultades»<sup>27</sup>.*

Nesta perspectiva, incorporábanse aos programas escolares coñecementos procedentes da socioloxía, a medicina, a xeografía asentada nun concepto amplo e dentro das ciencias sociais, a agricultura, a gandería... disciplinas nas que a observación é un elemento basal da metodoloxía didáctica: o docente guía e ensina a descubrir, mentres que o contacto directo cos obxectos e instrumentos de estudo introduciría aos alumnos directamente no método científico<sup>28</sup>. Deste modo dábaselle carácter didáctico aos museos e favorecíanse as excursións escolares, as prácticas agrícolas e os talleres, con diferenciación para nenos e para nenas.

Outras medidas ao longo dos anos vinte e trinta favoreceron a mellor cualificación técnico pedagóxica do sistema educativo arxentino, tratando de facer das escolas unha



Fig. 1.- A Liga Patriótica de Enseñanza de Uruguay impulsou a educación.



Fig. 2.- D. Faustino Sarmiento promoveu intensamente o desenvolvemento educacional arxentino.

‘avanzada de civilización’ ao entendelas en palabras de 1912 do pedagogo galego Ignacio Ares de Parga como «organismo social e centro de cultura pública»<sup>29</sup> (expresión que reflicte o pensamento e a filosofía educativa do filósofo americano John Dewey<sup>30</sup>), necesariamente neutral no sentido ideolóxico relixioso, espazo de cultura positiva e con carácter nacional arxentino (dadas as altas taxas de inmigración que na República existían<sup>31</sup>). Así o estudou con sentido crítico o historiador da educación Hector Ruben Cucuzza<sup>32</sup>, que avalou a formulación realizada previamente por Adriana Puiggrós en canto á existencia dunha conxunción entre intelectuais liberal-oligárquicos e nacionalistas católicos no establecemento da orientación central da política educativa<sup>33</sup>.

Neste tempo expansivo foron varias as correntes de pensamento educativo<sup>34</sup> que se explicitaron; xunto dos conservadores e dos intelectuais católicos, houbo tamén unha tendencia democrático radical, influída polo pestalozzianismo, o froebelianismo e o krausismo, con figuras como as do institucionista Carlos Norberto Vergara<sup>35</sup> e o positivista Alfredo Ferreira<sup>36</sup>, os dous desde a Escola Normal de Mercedes, que se expresou a través das revistas *La Educación* e *La Escuela Positiva* (1895), e unha tendencia socialista, con figuras como as de Joaquín V. González Beltrán<sup>37</sup>, desde a Escola Normal de Paraná (Corrientes), de Raquel Camaña e de Julio Ricardo Barcos<sup>38</sup>. Este último adheriuse en momentos do seu percorrido vital ás posicións libertarias: en 1906 dirixiu a escola laica de Lanús<sup>39</sup>, pasando a dirixir de seguida a Escola Moderna ata 1909; impulsou en 1912 a creación da Liga de Educación Racionalista<sup>40</sup>, sendo director do xornal da Liga *La Escuela Popular* entre 1912 e 1913.

Unhas e outras correntes<sup>41</sup> estiveron presentes nos diversos «Congresos Americanos del Niño», desde o que se celebrou en Bos Aires en 1913 como «Congreso Nacional del Niño»<sup>42</sup>, antecedente do «Primer Congreso Panamericano del Niño» celebrado na mesma capital en 1916, que inspirou desde criterios positivistas, evolucionistas e euxénicos a creación en 1925 da «Oficina Internacional Panamericana del Niño» ou «Instituto Internacional de protección a la Infancia», con sede en Montevideo, á imaxe da situada en Bruxelas, e onde destacou a figura de Paulina Luisi, médica e feminista.

### *No Uruguay*

En 1821, baixo contaxio da presenza en Bos Aires de Mr. Thompson, membro da sociedade propagadora do ensino mutuo ou lancasteriano, creouse en Montevideo a Sociedade Lancasteriana e deuse inicio á escolarización baixo este sistema pedagóxico. En 1847 a dirección do ensino encomendouse ao Instituto de Instrución Pública. Porén, hai que salientar que así como a Arxentina tivo en Domingo Faustino Sarmiento o líder que impulsou as tarefas de desenvolvemento da educación, tamén o Uruguay, que accedera á súa independencia plena como República en 1828, tivo na figura de José Pedro Varela<sup>43</sup> o líder educacional fundamental, que seguiu os pasos que na Arxentina dera Sarmiento. Varela impulsou en 1868 a creación dun movemento social e de opinión («Sociedad de Amigos de la Educación Popular») desde o que provocaría a aprobación gubernamental da Ley de Educación en 1877; lei que sentou as bases do sistema educativo sendo Varela Inspector Xeral de Educación de Montevideo<sup>44</sup>, seguindo os criterios positivistas e de evolucionismo social que imperaban na Arxentina. A lei de 1877 creaba unha Dirección Xeral de Instrución Pública dependente do Ministerio de Instrución Pública. Dispoñía a escolarización primaria laica<sup>45</sup>, obrigatoria, con coeducación e gratuíta entre os 6 e os 14 anos en escolas públicas, que podían ser urbanas<sup>46</sup> e rurais<sup>47</sup>, así como unha educación



secundaria dispensada a partir dos 12 anos de idade e seis de educación primaria. Tamén se crearon varias Escolas Normais.

Hai que destacar, así mesmo, a creación en 1888 da «Liga Patriótica de Enseñanza»<sup>48</sup> de filiación masónica<sup>49</sup> e laica coa preocupación por formar a nación, unir aos cidadáns, promover a ensinanza racional e científica e a educación para «civilizar e modernizar»<sup>50</sup>. Nunhas e outras iniciativas colectivas favorábeis ao desenvolvemento da educación popular acompañaron a Varela diversas figuras, como foron o balear Orestes Araujo, autor de diversas obras didácticas, Mariano Pereira Núñez, como Director de Instrución Pública, e mesmo os galegos Antonio Barreiro Ramos e Vázquez Cores.

Non será ata 1918 que a Dirección Xeral foi substituída por un Consello de Ensinanza primaria e normal, ramificado en Comisións departamentais de instrución primaria para os distintos departamentos territoriais, baixo a presidencia dun Inspector de escolas, como parte dun corpo nacional de Inspectores cunha forte formación técnica e actividade de formación de docentes. A finais dos anos 20 había en Uruguay algo máis de 900 escolas rurais<sup>51</sup> que, con frecuencia, incorporan hortas escolares para o ensino de prácticas rurais e de pequenas industrias do fogar.

### *En Cuba*

A escola mantivo en Cuba o seu carácter colonial ata fins do século XIX, destacando neste período final dous pedagogos cubanos, José Varona, positivista e evolucionista, e Valdés Rodríguez, autor dun orixinal tratado de pedagogía co título *Ensayos de Educación*. Quedando o control político e administrativo en mans americanas, o superintendente de escolas Alexis Everett Frye e o comisionado Matthew Hanna desenvolveron un notable programa de desenvolvemento escolar, ao que tamén contribuíu Enrique José Varona, que con bastantes altibaxos se continuou desde o inicio do tempo republicano ao longo das tres primeiras décadas do século XX. Hai que facer notar, así, distintas influencias americanas na actuación didáctica que, con todo, conservou moitos dos trazos da escola tradicional memorista. De todos modos, figuras como a do didacta Aguayo, e un conxunto de excelentes revistas de educación tenderon a ofrecer unha imaxe renovada para o sistema educativo de Cuba.

### GALEGOS E GALEGAS EN AMÉRICA

Como se ten estudado con intensidade con múltiples monografías e outras achegas<sup>52</sup>, desde o inicio dos anos setenta do século XIX, máis dun millón de galegos e galegas saíron de Galicia para converterse en inmigrantes en diversas repúblicas americanas, sobre todo en Cuba e no cono sur, no período comprendido entre as catro últimas décadas do século XIX e as dúas primeiras do século XX. Para desenvolver alí, con preferencia nos espazos urbanos, múltiples oficios e destinos laborais, case sempre humildes e esforzados. Foron eles quen en grande medida contribuíron á industrialización americana, achegando a súa forza laboral, aínda que tamén desenvolveron múltiples actividades comerciais, agrarias e en menor medida no sector servizos<sup>53</sup>. Foron elas quen desenvolveron actividades chamadas ‘de fogar’. Milleiros os homes e as mulleres que alá morreron en silencio e con separación dos seus familiares queridos en Galicia; milleiros os que tamén puideron volver a Galicia con pouca riqueza material. Entre todos e todas, tamén os houbo que fixeron apreciábeis e por veces ben rechamantes fortunas, como sabemos.

Houbo unha menor parte deles que desenvolveron actividades intelectuais, académicas ou que supoñían poñer a proba conviccións ideolóxicas, como Núñez Seixas puxo de

manifesto co seu estudo panorámico sobre o galeguismo en América<sup>54</sup>. Nuns casos, porque xa saíran de Galicia con formación e predisposición para iso, como aconteceu cun grupo de emigrados/exiliados que, intelectualizados, despois de manter lazos ou de formar parte do republicanismo federal hispano e galego durante o Sexenio democrático e a Primeira República española, no tempo da Restauración pasaron a América, mantendo entre si distintos lazos de fraternidade e comunicación: Bernardo Barreiro, Manuel Bares, Indalecio Armesto<sup>55</sup>, Benigno Teijeiro Martínez, Ignacio Ares de Parga, Adolfo Vázquez Gómez, Cesar Cisneros Luaces que en 1879 fundou *El Gallego*, José María Cao, que en América desenvolverá a actividade periodística en *Caras y caretas* e en *El Eco de Galicia*, ou Manuel Castro López que dirixirá desde 1898 o *Almanaque Gallego*, no que escribirán algúns dos anteriores.

Noutros casos, porque nos grandes territorios sociais de América tiveron oportunidades aproveitadas para enfiar a formación que lles posibilitaba implicarse nestas actividades intelectuais, preferentemente ás ligadas ao xornalismo, aos movementos sociais organizados<sup>56</sup> e á docencia e outras iniciativas de educación popular.

Isto explica a presenza, no tempo anterior ao que vai supoñer o exilio político do 36, de actividades xornalísticas, de librería e editoriais, como as sinaladas por Zubillaga<sup>57</sup> no caso do Uruguay ou por Neira Vilas<sup>58</sup>, para Cuba; as actividades culturais, asociativas e de formación desenvolvidas por unha parte dos Centros galegos creados pola diversa xeografía americana; a inserción nos movementos sociais de orientación socialista e anarquista<sup>59</sup>; a constitución de agrupacións de orientación política<sup>60</sup> en conexión coas organizacións políticas hispanas republicanas<sup>61</sup>, rexionalistas/nacionalistas<sup>62</sup>, socialistas...; ou as múltiples cabeceiras de prensa: *El avisador galaico*, *El eco de Galicia*, *Galicia moderna*, *A gaita gallega*, *La tierra gallega*,...desde Cuba; ou *El despertar gallego* (máis tarde *Galicia*) *El gallego*, *Céltiga*, *Correo de Galicia*, *Revista galaica*, *La Unión Gallega*, *Acción Gallega* de Casa Galicia, *Eco de Galicia*, *Boletín de la Unión Hispano Americana pro Valle Miñor*, *Nuestra Obra*, *Fomento de la instrucción gallega*... desde a Arxentina; ou *La Voz de Galicia* desde Montevideo, acompañando a creación de diversos orfeóns de música tradicional de Galicia (o 20 de decembro de 1907 no Teatro Tacón da Habana resoaría por vez primeira o Himno Galego), ou as academias de educación que se sitúan en particular nos centros galegos da Habana<sup>63</sup> e de Bos Aires, e na Casa de Galicia de Montevideo<sup>64</sup>.

Neste contexto poderemos trazar algunhas informacións sobre a acción docente realizada en distintos casos por xentes procedentes de Galicia.

## UNHA PRIMEIRA GALERÍA

É a nosa intención a de apuntar unha primeira e básica galería de nomes de ensinantes que, como tales, aquí se reúnen. Ademais dos nomes ligados á educación na Arxentina, maioritariamente anotados por Alberto Vilanova (como faremos notar mediante asterisco \*) e dunha parte dos citados para o caso de Uruguay, que debemos ao profesor Zubillaga (que faremos notar mediante asterisco dobre \*\*), os demais nomes proceden de brevísimas referencias anotadas de modo disperso. A procura de información e datos, feita desde Galicia sen a presenza investigadora en América non nos ten permitido ata o presente ofrecer imaxes máis construídas, agás nalgúns casos específicos que situamos aparte, como son os de Alonso Ríos, Ares de Parga, Benigno M. Teijeiro e Adolfo Vázquez Gómez os catro na Arxentina e o de Vázquez Cores no Uruguai, cinco destacados educadores e ensinantes galegos.

### *Ensinantes en Cuba*

· Antonio do Campo de la Fuente (1892-1969): En 1916 chegou a Cuba desde Ourense; foi profesor de francés no centro académico Concepción Arenal do Centro Galego da Habana, activista cultural, secretario do Comité representativo das Sociedades de Instrución á altura de 1920 e exerceu a dirección de *Vida Gallega* e de *Vida Gallega en Cuba*. Como bibliófilo constituíu unha notable Biblioteca galega<sup>65</sup>.

· José Castro Chané: compostelán residente en Cuba desde 1893 foi director do Orfeón «Ecos de Galicia» do Centro Galego e doutras agrupacións galegas. Volveu a Galicia en 1907, pero retornou a Habana e desde 1914 foi profesor de música do Centro Galego. Morreu en 1917. Nas aulas do Centro Galego foron tamén profesores, entre outros, Jesús María Caula<sup>66</sup>, Vicente Díaz González, Vicente Fraíz Andón<sup>67</sup> e Ramiro Marcote, tamén bibliotecario do Centro Gallego e autor dunha *Historia de Galicia*, editada en 1925.

· Vicente Fraíz Andón (Silleda, 1859 - Santiago, 1919): despois de acadar o título de Mestre Superior en Madrid en 1881 e de exercer algún tempo a docencia en Galicia, en 1890 foi nomeado profesor da Escola Normal Superior de Mestres da Habana, cidade onde acadou tamén o doutoramento en Filosofía e Letras. Alí puxo en marcha diversas iniciativas a prol da cultura galega, desenvolveu actividades de dirección de prensa pedagóxica e impulsou e dirixiu o centro de ensino Concepción Arenal do Centro Galego. No seu regreso a terras galegas, gañou praza como director da Escola Normal Superior de Santiago de Compostela e desenvolveu un amplo labor na mellora da formación do profesorado, con convocatoria ademais de encontros pedagóxicos en 1906 e 1909, ata o ano do seu pasamento en 1919.


· Constantino Horta y Pardo: Este eumés, con título de profesor elemental e superior, chegou a Cuba contra os últimos anos da década dos setenta do século XIX e completou alí a súa formación na Escola de Comercio da Habana como perito e profesor mercantil, exercendo como profesor desta Escola ata 1898. Organizou e dirixiu entre 1884 e 1896 a ensinanza de comercio e de adultos e foi profesor do Centro Galego da Habana. Participou en 1893 no Congreso Pedagóxico de Chicago como delegado do Concello da Habana e da Asociación de Profesores da illa de Cuba e ao regreso nomeárono director do *Boletín del Profesorado de Cuba*; foi autor de 15 libros de texto algún deles traducido ao inglés; o seu *Tratado completo de aritmética comercial universal* acadou as 37 reedicións en 1928. En 1894 fundou a Biblioteca Comercial hispano-americana de ciencias comerciais. En 1898 viaxou a Francia, Italia e Portugal. En 1904 regresa á Habana, onde de novo será profesor do Colexio Mercantil do Centro Galego, terá diversas



Fig. 3.- O musicólogo Castro Chané educou desde o folclore galego varias xeracións de galegos e galegas.



Fig. 4.- O profesor Vicente Fraíz que coidou da memoria e honra á Rosalía de Castro, uníndoa coa formación do profesorado.



Figs. 5-6.- O eumés Constantino Horta foi destacada figura académica nos ensinos comerciais, adquirindo sona en toda América.

actividades como conferenciante, incluíndo Bos Aires, cultivará un rexionalismo morno (polo que non adherirá ás Irmandades da Fala) e escribirá distintos textos xornalísticos en *Nova Galicia*, *Galicia* de Bos Aires e en *Galicia da Habana*, *El Eco de Galicia*, ou *La Tierra Gallega*. Morre en 1923. Entre os títulos dos libros editados, ademais do citado, anotamos os seguintes: *Tratado Universal de Teneduría de Libros*, *Tratado Universal de Documentos Comerciales, Industriales y Administrativos* e *Tratado de*

### *Correspondencia Comercial Universal Cuatrilingüe.*

· Andrea López Chao<sup>68</sup> foi profesora do Centro Galego da Habana. Participou no activismo feminista cubano e ocupou cargos societarios no Centro Galego como dirixente de «Hijas de Galicia», a entidade de protección sanitaria feminina creada en 1917.

· María Muñoz Portal (A Coruña, 1886 - A Habana, 1947). Esta destacada musicóloga, pedagoga e profesora, logo de realizar estudos musicais en Cádiz con Manuel de Falla, casará co enxeñeiro Antonio Quevedo Sánchez, trasladándose o matrimonio a A Habana levando alí o máis novidoso da técnica de composición musical europea. Na Habana, onde adoptou o nome de María Muñoz de Quevedo, foi fundadora de coros xuvenís, dun conservatorio e da Coral da cidade (1932), ademais de dirixir a Escola para Músicos da Orquestra Filharmónica, propiciando a consolidación do movemento musical coral cubano. No repertorio do Coral da Habana incluíu cancións galegas e en 1921 vinculouse á creación da Real Academia Galega, a través da «Asociación iniciadora y protectora de la Academia Gallega», sendo autora do seu emblema. Segundo a súa biógrafa<sup>69</sup> María Muñoz incorporou o ensino da música ao sistema educativo cubano, con novidosas orientacións metodolóxicas, abeiradas á pedagogía da Escola Nova, e prestou especial atención á música popular e á creatividade do alumnado.

· Eduardo Núñez Sarmiento (Ribasar, Rois, 1865 - Santiago, 1906): este mestre superior que ampliou estudos en Madrid e en Porto e que á altura de 1885 escribía en *El Magisterio Gallego*, de Santiago de Compostela, con orientación liberal reformista e rexionalista, trasladouse en 1894 a Habana onde viviu ata 1905, desenvolvendo sobre todo labores periódísticos, aínda que tamén tivo algunha actuación docente nas aulas do Centro Galego da Habana.

· José Rubinos Ramos (A Coruña, 1898 - 1963). Este xesuíta desenvolveu case toda a súa vida en Cuba, sendo alí profesor de Historia da Literatura no prestixioso Colexio xesuíta de Belén nos anos 40-60. Foi o último presidente da «Asociación Iniciadora y Protectora de la Real Academia Gallega» e autor de *Fábulas galegas para os nenos grandes e pequenos* (A Habana, 1960).





Figs. 7, 8 e 9.- Andrea López Chao, María Muñoz e Mercedes Vieito, tres destacadas docentes galegas presentes na Habana, estes animosos do asociacionismo dos galegos e das galegas naquelas terras.

· Ramón Verea García\* (Curantes, A Estrada, 1833 Bos Aires, 1899). Á altura de 1855 exerceu o maxisterio primario en Asagua la Grande (Cuba) e pasou en 1865 a New York onde foi profesor de español; alí fundou *El progreso* (1884) e patentou en 1878 unha singular máquina de contabilidade.

· Mercedes Vieito Bouza: esta filla de galegos, nacida en Cuba, foi unha constante impulsora das actividades asociativas dos galegos en Cuba, cunha actuación preferentemente periodística nas publicacións *Galicia* e *Eco de Galicia*, desde o comezo dos anos dez do século XX. En 1918 reincorporouse á revista *Eco de Galicia* e ao mesmo tempo exerceu de mestra. Creou a súa escola «La Aurora» no barrio de Luyanó na Habana para o ensino primario de nenos de ambos os sexos<sup>70</sup>.

### ***Ensinantes en Arxentina***

· Cayetano A. Aldrey Salvado\* (1851-1922): á altura de 1874 exercía en Bos Aires como profesor de diversas materias lingüísticas. Foi un dos apoios no inicio do *Almanaque Gallego* de Castro López en 1898.

· Manuel Bares Giraldez\* (Bueu, 1855 - Bos Aires, 1945): librepensador e republicano federal, acadou en Pontevedra en 1873 o título de mestre superior de primeiro ensino. Escribía en *La República* (Madrid) de orientación republicana federal, que dirixía Indalecio Armesto. En 1875 pasou a Arxentina situándose en Mercedes, a 100 kilómetros de Bos Aires, onde escribiu en *El Pueblo*. Estivo conectado con Manuel Lemos, masón e un dos creadores das Escolas da Unión pro Valle Miñor, sendo un dos impulsores de distintas iniciativas patrióticas en Galicia. Foi cofundador e primeiro director de «Banco de Galicia y Buenos Aires» en 1905. En 1925 foi nomeado socio da Real Academia Galega<sup>71</sup>.

· José María Blanco Gerpe\* (Silleda, 1878 - Bos Aires, 1957). Emigrou á Arxentina, onde comezou os estudos sacerdotais. Regresou a España en 1898 e estudou linguas clásicas e teoloxía, sendo docente de Elocuencia Sagrada e Hebreo. Volveu a América, e en 1913 obtivo a cátedra de Física Experimental en Montevideo e as de Psicología, Cosmoloxía e Ciencias Físicas e Naturais na Universidade Pontificia de Bos Aires. Fundou a revista *El Salvador* (1926) e publicou traballos de investigación na revista *Estudios*. Editou un *Canto*, en hexámetros e en grego, e un ensaio sobre *A Ilíada*. Organizou a Academia de



Fig. 10.- O musicólogo Enrique Lens, profesor en Galicia e logo na Escola Normal da Habana.



Fig. 11.- O republicano-federal Manuel Bares Giraldez, un dos motores do asociacionismo cívico da galegidade en Bos Aires.

Filosofía arxentina e dirixiu a Academia Literaria de La Plata.

- Ricardo Conde Salgado\* (A Coruña, 1853 - Villa Urquiza, 1938): Trasládouse a Bos Aires en 1873 e aquí foi profesor no Instituto Mercantil e chegou a ser catedrático de Xeografía marítima, de Historia e de Lingua Castelá na Escola Naval Militar; tamén exerceu labores como xornalista.

- José García Taboada\*: Situouse en Córdoba (Arxentina) en 1873 e aquí dirixiu o Colegio Español. En 1876 obtivo por oposición praza como docente nunha escola municipal que exerceu ata 1881; de seguida pasou a dirixir a escola nocturna para obreiros e desempeñou a súa dirección ata 1891.

- Enrique Lens Viera\* (A Coruña, 1854) despois de ser profesor de música na Escola Normal de Santiago de Compostela, en 1908 dirixiuse a Bos Aires onde foi profesor de música da Escola Normal de Bos Aires, para a que compuxo o seu himno oficial.

- José Lorenzo González\*: Entre 1887 e 1892 exerceu como primeiro profesor de cegos no Asilo de Orfos de Bos Aires e introduciu o sistema Braille na Arxentina; formouse en Santiago de Compostela na súa Escola de Xordomudos e Cegos<sup>72</sup>.

- Silo Nóvoa Padreda exerceu como profesor no ensino oficial en escolas bonaerenses dependentes do Consello Nacional de Educación<sup>73</sup>.

- Martín Spuch Martínez\* (Tui, 1848-1914) En 1866 chegou á Arxentina e en 1874 pasou a ser profesor de farmacoloxía na Universidade de Bos Aires, regresando a Galicia en 1904. Publica: *El paludismo en la constitucion médica de Buenos Aires*, 1875. Masón.

### **Ensinantes no Uruguay**

- Manuel G. Álvarez\*\*. Este profesor galego, natural de Ponteareas, fíxose cargo da primeira escola popular gratuíta e laica, con carácter experimental instalada en 1868 no barrio Cordón de Montevideo por parte da «Sociedad de Amigos de la Educación Popular» (SAEP)<sup>74</sup>.

- Antonio Barreiro Ramos\*\* (A Laracha, 1851- Montevideo, 1916). En 1867 emigrou a Montevideo e chegou a ser empresario de La Librería nacional a partir de 1871 e editor desde 1877, obtendo nos anos 90 do século XIX unha importante ascendencia política e intelectual. Non foi docente, senón libreiro e editor, mais como editor foino de numerosos libros de texto, incluídos os preparados polo seu coterráneo Francisco V. Cores<sup>75</sup>.

- Manuel Buceta\*\*. Chegou a Uruguay a comezos de 1880 e foi director da escola da Sociedade de Amigos da Educación Popular en Florida.

- Jenaro Joaquín Calvo\*\*. Foi mestre en Uruguay ata que o goberno militar o destituíu en 1882; foi fundador e director do «Colexio Galaico-Americano» en Montevideo e impulsor das actividades instrutivas do Centro Galego de Montevideo. Tamén afecto á masonería.

· José María Campos\*\*. Ao rematar a Primeira República en España pasou de Ferrol a Montevideo en 1874 onde realizará tarefas docentes, pasando logo a Minas de Corrales e a Paysandú e de aquí a Mercedes, onde se fai cargo dunha Escola de 2º Grao. En 1883 fundou un colexio particular («Colegio Uruguayo»), que en 1885 incorporou estudos secundarios con recoñecemento oficial e un crecente recoñecemento social. José M<sup>a</sup> Campos dirixirá este centro ata 1896. Morrería en Montevideo en 1899. Hoxe existe en Mercedes o Liceo José M. Campos

· Juan B. Estevez. Este pontevedrés con boa formación e estudos instalárase en Montevideo en 1873. En 1875 obtén alí o título de mestre de 2º Grao pasando a ser profesor no Instituto Politécnico, ata que coa reforma de Varela e mediante oposición pasou a unha escola de 3º Grao, que dirixía Vázquez Cores. Será logo profesor do Liceo de Estudios Universitarios e en 1883 dirixirá o «Colegio del Sacramento» en Colonia, volvendo a Montevideo en 1887, onde seguirá exercendo a docencia ata o 1893. En 1897 publica con Vázquez Cores dous textos de Gramática e Composición Castelá<sup>76</sup>.

· Constante Generoso Fontán Illas (Ponteareas, 1833 1901, Paysandú) En 1853 trasladárase de Galicia a Salto (Uruguay) onde foi profesor no Colexio de Humanidades: aquí impartiu aritmética superior, *teneduría* de libros, xeografía e solfexo (Puiggrós, 74). En 1856 será director do Colexio Nacional en Concordia, e en Paysandú en 1858 funda a escola «Amistad y Progreso», que desde 1863 pasou a ser Liceo del Plata<sup>77</sup>.

· José A. Fontenla, con Filomena Ortega, dirixiu á altura de 1882 o Liceo uruguayo («colegio de señoritas»)<sup>78</sup>.

· José Moirón Paz. Este relixioso galego establecido no Uruguay a fins do XIX foi profesor do Centro Galego de Montevideo á altura de 1918. No Centro Galego de Montevideo (nado en 1879) en 1881 xa se impartían clases gratuítas de lectura, escritura, cálculo, *teneduría* de libros, francés, música e ciencias naturais. Igualmente, máis adiante, a «Casa de Galicia» no seu proxecto de 1917 tiña presente as cuestións de instrución. A escola, bautizada en 1924 como Curros Enríquez, incluíu tamén as prácticas de dactilografía<sup>79</sup>.

· Evaristo Novoa y López. Outro galego *varelista* que foi impulsor das actividades instrutivas do Centro Galego de Montevideo (*Desde Compostela*, nº 212, 1897) de *El Eco* e *Galicia*; colaborador literario en *El almanaque gallego* de Manuel Castro López.

· Manuel Riguera Montero\*\*. Procedente das terras de Viveiro fundou en 1870 en Montevideo o Instituto Oriental. En 1878, ano en que se doutora en Leis na Universidade de Montevideo, inicia o exercicio docente no Colexio de S. Francisco de Montevideo. En 1882 asociado co galego Manuel Acevedo López codirixe o «Colegio de la Esperanza». Editou en 1882 o libro de texto *Bosquejo Geográfico descriptivo universal, en particular*



Fig. 12.- Antonio Barreiro puxo a súa editora La Librería Nacional ao servizo da causa da educación popular en Uruguay.



Fig. 13.- Manuel Riguera Montero, impulsor de iniciativas docentes en Montevideo e autor de libros de texto.

de las Repúblicas Argentina y Oriental del Uruguay<sup>80</sup> Foi profesor de latinidade no colexio Galaico-Americano de Jenaro G. Calvo e tamén na Universidade de Montevideo. Manifestouse contrario á fundación da RAG<sup>81</sup>.



Fig. 14.- Antón Alonso Ríos, figura emblemática das reivindicacións socio-políticas do nacionalismo galego, educador, e tamén guieiro político en Buenos Aires durante a longa noite de pedra.

#### CINCO PROFESORES REPUBLICANOS, MASÓNS E DIFUSORES DA EDUCACIÓN POPULAR

**Antón Alonso Ríos** (Cortegada, Silleda 1887–Bos Aires, 1980)

Este profesor, líder agrarista e político galeguista, realizou os estudos de Maxisterio en Santiago baixo a protección do seu tío Vicente Fraíz Andón, director da Escola de Maxisterio, que previamente fora director da Escola Normal da Habana e director do plantél de instrución Concepción Arenal do Centro Galego. Ao non poderse dedicar á docencia por motivos de atención familiar e ter que desenvolver outras actividades, emprendeu en 1908 o camiño da emigración bonaerense, onde validou o seu título ante o Consello Nacional de Educación e incorporouse á docencia nunha das escolas da Capital. Exerceu logo o maxisterio en escolas da provincia de Mendoza, retornando a Bos Aires como director de escola. Entre 1913 e 1920 foi profesor de Historia no Instituto Politécnico.

Xunto a actividade docente Alonso Ríos desenvolveu unha intensa actividade cultural, periodística e política entre as comunidades dos emigrantes galegos, motivo polo que en 1931, no comezo da IIª República española, volveu a Galicia, onde ao non saír electo deputado pasou a exercer como director e mestre da escola impulsada polos emigrantes en Tomiño «La aurora del porvenir» ata que en febrero de 1936 acadou acta de deputado como parte do P. Galeguista. Alonso Ríos foi de fundamental importancia no nacemento da sociedade de instrución «Hijos de Silleda» en 1908 e na dirección pedagóxica seguida por ela, facéndoo desde as súas posicións e desde a experiencia didáctica acumulada no seu traballo escolar na Arxentina; esta Sociedade impulsou a creación de tres escolas nas terras de Silleda, con nomes cargados de simbolismo: a escola Rosalía de Castro en 1912, a Bernardino Ribadavia, en 1917, e a Francisco Giner de los Ríos en 1921. O seu impulso foi igualmente necesario na creación da «Federación de Sociedades Gallegas, Agrarias y Culturales», tamén en Bos Aires en 1921. Alonso Ríos achegou, ademais, vigorosos textos de prensa arredor da necesidade de creación de «escolas activas e efectivamente galegas», tal como examinou en diversos momentos X. M. Malheiro<sup>82</sup>.

**Ignacio Ares de Parga\*** (Ourense, 1865 - Bos Aires, 1922).

Despois de adquirir unha formación docente en España, en Ourense e probablemente en Madrid, onde puido tomar contacto con destacados republicanos (cuestión ata o momento mal coñecida) trasladouse en 1885 a Bos Aires, onde foi no inicio docente de matemáticas na Academia Británica. A súa actividade educadora, non ben coñecida, debeu ser ampla, como de algún modo dan a entender as súas achegas escritas publicadas entre 1905 e 1906 na revista do Consello Nacional de Educación *El monitor de la educación común*<sup>83</sup> e os seus contactos con figuras destacadas no plano pedagóxico e tamén no



político, que salientaban a necesidade de modernizar a educación e ‘argentinar’ a poboación, moita dela inmigrante. Foi director da Escola Nocturna B e tamén á altura de 1920 da Escola elemental (calle Necochea). Participou na vida asociativa e mutualista do profesorado arxentino en entidades como «El Magisterio», creada en 1896, a «Asociación de la Protección Mútua», a «Asociación Pro-Maestros de Escuela» e a «Sociedad de Educación Industrial». En 1912 publicou o libro, de carácter descriptivo, *La escuela argentina. Puntos de vista educacionales*<sup>84</sup>. Participou igualmente desde o final do XIX nas actividades do republicanismo español en Bos Aires e foi un dos impulsores da Agrupación Rexionalista «A Terra», en 1917, en contacto con Vicente Risco, da Casa de Galicia en Buenos Aires, organizando o seu plan de estudos, e do Banco de Galicia. Escribiu tamén diversos artigos en varias das publicacións dos emigrantes galegos e foi, entre 1911 e 1915, director do *Boletín de la U.H.-A. Pro Valle Miñor*, a revista que acompañaba as Escolas de Valle Miñor fundadas desde América en 1909, onde publicou unha quincena de artigos educativos.

Estas escolas<sup>85</sup>, baixo a dirección do profesor Eladio Ferreiro e co acompañamento pedagóxico de Ares de Parga, quen en Bos Aires recibía continuos informes elaborados por Eladio Ferreiro, mantendo habitual contacto coas Escolas, coidaban con suma atención os aspectos pedagóxicos e didácticos, desde unha filosofía educativa que favorecía a educación intuitiva e práctica co recurso constante á natureza, o neutralismo escolar, a rexeneración social e a formación ética liberal.

A figura de Ignacio Ares de Parga ten merecido arestora diversos estudos<sup>86</sup>. Un mestre galego, Silo Novoa Padreda, tivo ocasión de ver a escola bonaerense dirixida por Ares de Parga en 1929, retratándoa nas seguintes palabras:

«Una escuela modelo. Lo que vi en ella en mi visita», Faro de Vigo, 21/VI/1929

Durante mis diez años de actuación en el magisterio argentino, como director oficial dependiente de las escuelas del Consejo Nacional de Educación de dicho país, visité una escuela del propio Buenos Aires al frente de la cual figuraba como director don Ignacio Ares de Parga. En la escuela dirigida por este gran maestro observé lo siguiente:

### I. Principios

1º. Cada asignatura estaba dividida en partes o asuntos por su orden natural. Cada asunto estaba a su vez logicamente dividido y subdividido hasta que a cada lección no correspondiera sino «una idea nueva»; y tan sencillamente dispuesta cada lección que el maestro podía dar todas las explicaciones y presentar todos los ejemplos necesarios para que los alumnos la aprendieran como era debido.



Fig. 15.- Ignacio Ares de Parga, ilustre pedagogo, institucionalista, republicano, ligado ás Escolas da Unión pro Valle Miñor.



Fig. 16.- Un dos textos escritos por Ignacio Ares de Parga, plenamente introducido nos debates educativos arxentinos.

2°. En las clases primarias e intermedias no se ponía como «tarea» el aprender de memoria ningún hecho ni principio; la memoria no hacía sino recordar los usos, a favor de diversos ejercicios que interesaban directa e indirectamente a los sentidos.

3°. Antes de pasar a una lección nueva era preciso que se comprendiera bien y se aplicara la que se estuviera aprendiendo.

4°. No se perdía tiempo ninguno en intentar explicaciones de asuntos, que los alumnos por razón de su edad o falta de experiencia no pudiesen comprender.

5°. En las clases adelantadas los principios de generalización se iban deduciendo de lo aprendido en las clases inferiores.

## II. Práctica

1°. La clasificación estaba hecha con todo cuidado, de modo que en cada clase no entraran sino los alumnos que estuvieran en un mismo grado de adelanto.

2°. Las lecciones se explicaban con brevedad y buen método, e ingeniosamente, evitando añadir palabras que pudiesen oscurecer el sentido. Siempre que era posible los discípulos repetían las explicaciones o ejemplos, con los objetos «en la mano».

3°. El libro de texto se usaba en clase, más que como manual de instrucción, para sacar de él materiales con destino a los ejercicios de repaso.

4°. En todas las recitaciones se ejercitaba el juicio de los alumnos, por medio de la distinción y la comparación; se cultivaba el gusto y esmero en la escritura; se procuraba evitar todo defecto de ortografía y era de rigor el arreglar en orden lógico los asuntos al presentarlos por escrito en la pizarra o encerado.

5°. El maestro no decía nada en lugar de lo que habían de decir los discípulos; y se exigía terminantemente que estos hicieran preguntas tan a menudo como se les hacían a ellos.

6°. Las recitaciones eran cortas y se sucedían con toda regularidad; duraban de diez a treinta minutos.

7°. A las clases primarias e intermedias se dedicaba casi el doble del tiempo regular; por tanto a las de clases superiores había que destinar menos tiempo para adelantar en igual proporción.

## III. Resultados

El grado de aplicación de los alumnos era notable. No era preciso atender a cuestiones de disciplina, porque los discípulos no tenían, al parecer, tiempo para hacer travesuras. Cada recitación era un éxito decidido o un fracaso completo para el discípulo; no había confusiones, ni auxilios, ni engaños. En esta escuela había método y esto tiende a lograr que se estudie con eficacia y por lo tanto a elevar la humanidad.

### **Benigno Teijeiro Martínez\*** (Ortigueira, 1846 - Entre Ríos, Argentina, 1925<sup>87</sup>)

Este destacado ortigueirés que realizou estudos de agrimensura no Instituto da Coruña, seguindo os pasos profesionais do seu pai e que se manifestou con fortes inquiredanzas intelectuais na súa xuventude, desde as que levou a cabo estudos de agrimensura e de historia local en Ortigueira, e con preocupacións políticas que o levaron a presidir o comité local de Ortigueira do Partido Republicano Democrático Federalista, en 1870 trasladouse a Cuba, de onde regresou ao pouco tempo, aínda que en 1873 volvería a partir a América: Montevideo, como punto de chegada, Paraguay en tránsito e finalmente Concepción del Uruguay, capital de Entre Ríos, onde se instala e realiza os estudos de maxisterio, que o capacitaron para ser director da escola de varóns nº 2 da cidade. Á mesma cidade chegou tamén a profesora catalana Francisca Soler<sup>88</sup>, coa que casou en 1875. E pouco máis tarde Benigno Teijeiro entraría a formar parte da loxa masónica Jorge Whashington.

En colaboración coa súa dona desenvolveu unha intensa vida académica e cultural, con frecuente publicación de artigos e edición de libros<sup>89</sup>, acompañada dunha sólida formación no campo histórico xeográfico, que incluía o campo arquivístico<sup>90</sup> que canalizou particularmente cara ao estudo da provincia de Entre Ríos e do conxunto da Arxentina e aínda de América mediante a elaboración de numerosos libros de texto nestes campos, ao tempo de cultivar aspectos relacionados coa historia e a cultura galega<sup>91</sup>, tal era a súa intensidade de estudo: desde director escolar, pasaría a profesor catedrático no Colexio Nacional ou Instituto da Cidade<sup>92</sup>. Logo, en 1890 exerceu como profesor catedrático da Escola Normal de Mestres<sup>93</sup> e vocal-secretario do Consello Escolar do distrito que chegou a presidir, tomando tamén contacto coa actualidade das ideas pedagóxicas ao tempo de formar parte do comité directivo de «La Fraternidad», unha institución de promoción educativa e de ser socio de Antonio Martínez Piñón, tamén galego e masón, no establecemento «Librería del Colegio».

É do caso salientar igualmente a súa participación na organización do Congreso Pedagóxico Internacional Americano celebrado en Bos Aires<sup>94</sup>, deixándonos unha referencia do mesmo en *Los oradores del Congreso Pedagógico Internacional Americano de Buenos Aires*.

A súa posición didáctica en canto ao ensino pode quedar reflectida nestas palabras súas presentes no prólogo do seu primeiro texto de Historia de 1879:

*El lenguaje sencillo y familiar en esta clase de obras destinadas al desarrollo de las jóvenes inteligencias, es una recomendación (frente a, nuestro) las formas narrativas, compuestas de períodos en un lenguaje tan ampuloso y metafísico para los niños que bien parecen disertaciones escritas para leer en las Academias. Así como en la enseñanza objetiva es necesario que los niños adquieran una percepción clara, correcta y facil, a fin de estimular y robustecer su atención, también en la enseñanza de las ciencias pueden emplearse con éxito, textos que como el nuestro sirven para el desarrollo de la memoria a la vez que inician a la juventud en útiles conocimientos y la llevan gradualmente de la observación a la reflexión, y de esta a las altas facultades del raciocinio y del juicio. Tal es el método que he seguido<sup>95</sup>.*

El mesmo tiña esta posición epistemolóxica con respecto ao coñecemento histórico:

*La verdad histórica no se obtiene solamente con los documentos que se tienen a mano en cualquier archivo; es indispensable acumular pruebas autenticadas, pruebas documentales que no dejen lugar a dudas y aún así resultará siempre la verdad histórica relativa, no absoluta, sino provisoria, mientras no se hallen nuevas pruebas, nueva documentación que permita establecer con más precisión y recto juicio aquella verdad<sup>96</sup>.*



Fig. 17.- Unha longa e laboriosa vida, a de Benigno Teijeiro, que gozou de recoñecemento nas terras de Entre Ríos, sendo ao tempo celebrado en Galicia.




Fig. 18.- Benigno Teijeiro foi autor de numerosos libros de texto, en particular no campo dos estudos históricos, onde destacou como investigador (Fondo RAG).

**Libros de texto editados por Benigno Teijeiro Martínez:**

- Nociones de Historia argentina* (Aprobadas por el Consejo de Educación de la provincia de Entre Ríos. Buenos Aires, 1879).
- Compendio de Historia Argentina desde el descubrimiento del Nuevo Mundo hasta nuestros días, con notas eruditas, críticas y de interés para los preceptores y alumnos* (aprobada para el uso escolar en la provincia de Entre Ríos). Buenos Aires: Imprenta, Lib. y litografía de La Patria, 1879.
- Curso elemental de Historia Argentina*. Primer curso: del descubrimiento hasta la segunda invasión inglesa, 1492 1808. París y Buenos Aires: Pedro Igón, 1885, 140 pp.
- Curso elemental de Historia Argentina*. Segundo curso: desde la independencia hasta la reorganización constitucional, 1808 1880. Buenos Aires: Pedro Igón, 1885, 159 pp.
- Nociones de Historia Argentina*. Buenos Aires: Igón, 1885 (con 16 ediciones ata 1898).
- Lecciones de Geografía para escuelas comunes*. Buenos Aires: Igón Hnos., 1886, 267 pp.
- Lecciones de Geografía Argentina* (para el grado superior de las escuelas comunes, Escuelas Normales y Colegios nacionales). Buenos Aires: Igón, 1886 (reed. 1888, 1890), 120 pp.
- Lecciones de Geometría práctica* (con 193 figuras). Buenos Aires: Igón Hnos., 1885, 64 pp. (Con profusión de gráficos e mapas. En 1895 editouse unha segunda edición mellorada co título *Geometría elemental*. Buenos Aires).
- Nociones generales de geografía y, en particular, de la República Argentina*. Concepción del Uruguay, 1888, 164 pp.
- Nociones de Aritmética para las escuelas elementales y de aplicación de las Normales*. Buenos Aires: Igón, 1889, 94 pp.
- Guía general de Educación Secundaria y Normal, con una introducción histórica*. Concepción del Uruguay, 1889, 334 pp.
- Cartografía histórica de la república Argentina*. Curso gradual de Historia para los colegios y escuelas argentinas. Buenos Aires: Talleres del Museo de la Plata, 1893.

**Francisco Vázquez Cores\*\*** (Ferrol, 1848 - Montevideo, 1914)

Otro republicano federal galego e masón que se 'exiliou' a América, onde exerceu a docencia durante máis de 30 anos en Montevideo co título de profesor de Tercer grado, obtido en concurso público de oposición, presidido por José P. Varela. Foi aquí en 1879 un dos fundadores e tamén presidente do Centro Galego de Montevideo e colaborador de *El Eco de Galicia* (1882 83) e de *La Unión Gallega*<sup>97</sup>, segundo ten exposto Carlos Zubillaga. Ao respecto, continuou mantendo lazos coas vibracións democráticas e galeguistas, como o puxo de relevo en diversos escritos de prensa, tamén nos inicios do século XX<sup>98</sup>. En tal sentido, en 1907 concedéuselle a presidencia honoraria en Montevideo do comité das Escolas Valle Miñor, que desde Bos Aires atendía Ares de Parga, como vimos. Como docente foi un importante autor de libros de texto de Historia, Xeografía, Xeoloxía, e Historia Natural e tamén editor e libreiro no campo da educación<sup>99</sup>, desde o que contribuíu ao éxito da reforma educativa de José Pedro Varela, segundo recollen os estudosos, que sinalan ademais que os cadernos de escritura por el deseñados serviron durante varias décadas para a aprendizaxe da escritura dos nenos uruguaios, a tal punto que del puideron dicir. «vivió para los niños».

Por motivacións políticas e polo seu rexeitamento ditatorial en 1882 foi destituído como profesor, xunto con outros oito, por ser tachado de Varelista, e nese momento tivo ocasión de escribir: «He enseñado a mis alumnos el amor a la humanidad, a la libertad, a la patria, a la ciencia y al estudio; horror a la tiranía, al fanatismo y a la intolerancia. Abnegación y austeridad hasta el sacrificio»<sup>100</sup>.



Como indicamos, foi autor de 21 libros de textos e recursos didácticos, ademais das libretas de escritura. Con eles procuraba «non fatigar ao alumno con detalles minuciosos, poñendo atención na claridade das nocións, mediante a explicación do que se podía ler para comprender ben o seu contexto, a definición das palabras, a presenza de preguntas para que os nenos usaran as palabras presentes nos libros»<sup>101</sup>.

#### Libros de texto editados por Francisco Vázquez Cores:

- Zoología popular con la clasificación más moderna. Libro primero: Los mamíferos*. Montevideo: Librería Vázquez Cores, 1885, 104 pp.
- Geografía razonada de 2º grado: escrita y arreglada estrictamente al Programa de las escuelas* (1886).
- Los peces*. Montevideo: Librería Vázquez Cores y Montes, 151 pp.
- Geografía (sic) de Europa con nociones de historia de todas y cada una de sus naciones*. Montevideo: Librería Vázquez Cores, 1889, 392 pp.
- Reptiles y anfibios con la clasificación más moderna* (1891)
- Geografía (sic) de Oceanía*. Mont: Vázquez Cores, Dornaleche y Reyes, 1891, 162 pp.
- Geografía (sic) preliminar*. Montevideo: Librería Vázquez Cores, 184 pp.
- Geografía física y astronómica*. Montevideo: Librería Vázquez Cores
- Geografía de la República Oriental del Uruguay*. Montevid: Lib Vázquez Cores, 1899, 172 pp.
- Los mamíferos primeros y Los mamíferos segundos*. Mont.: Libr. V. Cores, 1901, 2 vols.
- Cartilla geográfica de la República Oriental del Uruguay*, con datos hasta el día. Montevideo: Librería Vázquez Cores, 1902, 97 pp.
- Curso práctico y teórico de escritura inglesa, redonda, gótica-alemana y gótica-inglesa*. Montevideo: librería Vázquez Cores, 189- (?); 13 vol.
- Curso práctico y teórico de escritura. Letra americana*. Mont: libr. Vázquez Cores, 189- (?); 6 v.
- Geografía de América*. Montevideo: librería Vázquez Cores, 1888; 272 pp.
- Los invertebrados menos los artrópodos*. Montevideo: Vázquez Cores y Montes, 189-, (?), 189 pp. (obra premiada en exposiciones de Barcelona y París)
- Las aves primeras : arreglado a los carteles de Historia Natural de Schreiber y de Johnston*. Montevideo: Vázquez Cores y Montes, 1896 (?), 2 vols.
- Los artrópodos: arreglado a los carteles de Historia Natural de Schreiber*. Montevideo: Vázquez Cores y Montes, 1897, 235 pp.
- Geografía de la República Oriental del Uruguay*. Montevideo: Librería Vázquez Cores, 1899, 172 pp.
- Geografía de América y Europa*. Montevideo: Librería Vázquez Cores, 1906 (?), 319 pp.
- Geografía de Norteamérica: con nociones de historias de todos y cada uno de sus países*. Montevideo: Librería Vázquez Cores, 246 pp.
- Geografía de Sudamérica*. Montevideo: Librería Vázquez Cores, 334 pp.
- Geografía física y astronómica*. Montevideo: Librería Vázquez Cores, 154 pp.
- Geografía de Asia*. Montevideo: Librería Vázquez Cores, 1903, 255 pp.
- Geografía de África*. Montevideo: Librería Vázquez Cores, 1906 (?), 201 pp.
- El lector oriental*. Montevideo: Librería Vázquez Cores, 1907 (?), 484 pp.
- Cartilla geográfica de la República Oriental del Uruguay*, con datos hasta el día. Montevideo: Librería Vázquez Cores, 1902, 97 pp.



Fig. 19.- Vázquez Cores, que foi autor de numerosos libros de texto, tamén editou valiosos cadernos de escritura que gozaron de grande difusión en todo o Uruguay.

**Adolfo Vázquez Gómez\*** (Ferrol, 1869 - 1950, Montevideo)

O lucense<sup>102</sup>, betanceiro e sobre todo galego Adolfo Vázquez Gómez non foi docente como as figuras anteriores. Estamos sobre todo ante un militante do Partido Republicano Democrático Federalista, masón e progresista que exerceu fundamentalmente labores periodísticos e de concienciación arredor da xustiza social, da democracia e da fraternidade, e que desde tales consideracións lle concedeu á educación un importantísimo papel social. O seu activismo neste campo fíxoo incómodo para as autoridades, polo que ou ben se exiliou (no caso español) ou ben tivo que afrontar a súa expulsión doutros países, como lle aconteceu en Francia e no Uruguay. Con todo, tamén realizou algunhas actividades estritamente docentes. El mesmo se describía en 1922: «Soy un cruzado de las tendencias emancipadoras y creo firmemente en su triunfo final, por medio del amor entre los hombres que pueblan el planeta»<sup>103</sup>, co convencemento de que era preciso «batallar sin descanso por la completa difusión de la enseñanza racionalista», seguindo os consellos de Ferrer i Guàrdia, o creador da Liga Internacional para a Educación da Infancia<sup>104</sup>.

Con 16 anos, en 1885, ao tempo que realizaba os seus estudos secundarios con intensidade formativa no Instituto de Lugo<sup>105</sup>, inicia as súas actividades periodísticas como redactor de *El Regional* de Aureliano Pereira en Lugo e co envío de textos a *Galicia Moderna* da Habana; xa daquela incorpórase á masonería na loxa Idea 171; pronto pasaría a Santiago para dirixir *Galicia Liberal*. Marchou a Madrid onde se relacionou co líder galego Telesforo Ojea y Somoza, con Pi i Margall e con Fernando Lozano (*Demófilo*), o director da importante publicación *Las Dominicales* e impulsor da creación de escolas laicas e de sociedades obreiras cooperativas e culturais. Aquí ingresou na redacción de *La República* e escribía textos para *La Guindilla* de Pontevedra, que dirixía Saíz Armesto, outro exiliado logo á Arxentina, e *El Combate* de Barcelona. En novembro do 1886, ante a represión política, chegaba a Lisboa onde toma contacto co prestixioso intelectual Teófilo Braga, levando a cabo de novo distintos labores de prensa e de educación popular ateneísta, polo que foi deportado a Francia: en Burdeos en 1887 dirixiu por pouco tempo segundo propia indicación a (modesta) escola que en Burdeos tiña a «Confederación Española de Enseñanza Laica», volvendo a Lisboa ata que coa amnistía política española de xaneiro de 1889 volve a España, en particular a Betanzos, onde estaba radicada arestora a súa familia. Entre Betanzos e a Coruña desenvolveu unha notable actividade político-cultural republicana, ata que en 1892 partiu para Bos Aires, onde tomaría inmediato contacto cos sectores republicanos españois e con Gerardo Comas Cortina, quen pouco antes dirixira a escola laica da Coruña. Con el fundaría en Bos Aires *El Herald Español*. Máis tarde dirixirá el mesmo *La Voz de la Patria*, chegando a residir tamén en Montevideo, en contacto con Vázquez Cores e con Barreiro Ramos, entre outros, e mesmo con quen sería aquí presidente da República, José Batlle y Ordoñez. A finais de 1895 retorna a Bos Aires, establecendo unha forte conexión co masón e ex venerable da loxa Garibaldi de Montevideo Salvador Ingenieros, italiano e socialista, pai do tamén importante intelectual positivista e masón José Ingenieros<sup>106</sup>, desempeñando alí as súas tradicionais actividades socio culturais, para volver logo a Montevideo<sup>107</sup>, ata ser de novo expulso e residir en Bos Aires deica o inicio da presidencia republicana uruguaya de Batlle y Ordoñez en 1911.

En 1913, detéctase a súa participación como conferenciante e profesor de Historia na «Liga de Educación Racionalista» de Bos Aires, no ano en que regresa a España e participa no XVII Congreso Internacional do Libre Pensamento en Lisboa<sup>108</sup>; en 1914 queda rexistrada a súa participación nun importante mitin agrario en Lavadores (Vigo). No seu regreso

establécese en Paysandú (Uruguay), aínda que seguiu escribindo e impulsando iniciativas periodísticas, mentres como conferenciante o seu paso podía rexistrarse en múltiples ateneos e centros de educación popular, con orientación anarquista e masónica, de Uruguay, de Arxentina<sup>109</sup>, e tamén de Brasil<sup>110</sup>, Paraguai, Chile, Ecuador e Perú: «Su obra (de la masonería), aparte de los propósitos altamente humanitarios de aminorar los males del pauperismo y de velar por la viuda, por el huérfano y por el caído, fuere quien fuere, se caracterizó siempre en sentido francamente liberal y de emancipación social»<sup>111</sup>, tivo ocasión de escribir.

Vázquez Gómez foi autor dos seguintes libros: *Nuevos rumbos educacionales* (1922: Buenos Aires), *El país del prodigio* (sobre Brasil) (1922: Buenos Aires), *Socialismo y librepensamiento* (1895: Montevideo: 1895), *La masonería* (1921: Buenos Aires) e *Ecos del Combate* (1940: Montevideo), sendo dono dun estilo «axil e incisivo, con obra multiforme e copiosa, con cultura vasta e profunda», dixo del Angel L. Carotini, ao presentar o seu texto *El país del prodigio*. Mantivo algunha correspondencia con Unamuno e co socialista francés Jean Jaurès<sup>112</sup>; fala nos seus textos de Ernesto Nelson, o pedagogo arxentino alumno de Dewey, e da pedagoga uruguaia Raquel Camaña, que organizou en 1913 o Primeiro Congreso do Neno, como persoas amigas, e tocantes á educación escribía deste modo:



Fig. 20.- Adolfo Vázquez Gómez, o inqueda difusor dos ideais republicano-federais, confiou totalmente nunha educación libre a prol dunha humanidade libre.

*Falta hace que los nuevos rumbos educacionales sacudan a los pueblos. La liberación del niño es el punto de partida de la liberación del hombre. Rompamos las cadenas de la esclavitud. Y creemos un mundo nuevo, que tenga por base la salud física, moral e intelectual de todos los habitantes del planeta*<sup>113</sup>.

*Preparaz la aurora...Enseñadles (a los niños) que el trabajo del brazo o del cerebro es la ley superior de la vida, pues nadie debe tener el privilegio de vivir parasitariamente, sin ser cooperador en la poducción del grupo social a que pertenece. El único bienestar honrado es el que el hombre conquista mediante el trabajo socialmente util. Enseñadles que todos los pueblos serán hermanos en el porvenir, pues la historia demuestra que el sentimiento de solidaridad social se ha extendido progresivamente de las familia a la tribu y de la tribu a la nación; de la nación se extenderá a la humanidad...Preparad, pues, los hombres nuevos para los tiempos nuevos*<sup>114</sup>.

E pensando na Terra, Galicia, escribía o noso autor en 1923:

*Para que ese ideal se haga carne entendía yo (y sigo entendiéndolo) que se precisa una explosión distinta a la de una bomba. Mi explosivo, mi salvador explosivo, el único a mi juicio utilizable para pulverizar el bloque secular de la extorsión, de la tiranía, del saqueo, ostenta una denominación apacible, tranquila, dulce: la escuela. Multiplicarla, llevarla a los más recónditos lugares de Galicia, destruir el analfabetismo, dar en ella enseñanza cívica—explicando los deberes y los derechos del ciudadano, desarrollar el entendimiento, abrir paso a la razón, cultivar la ética: he ahí la más grande, la más trascendental, la más*

*avanzada y la más humana de las revoluciones...La escuela y el maestro representan, para la revolución, lo que el arado y la semilla para el campo....sin excluir en tanto la acción de los ciudadanos emancipados, conscientes*<sup>15</sup>.

Neste momento, Adolfo Vázquez comezaba a dirixir literariamente *Céltiga* desde Buenos Aires, o que faría só durante 1924 e parte de 1925, o período no que a cuestión educacional está máis presente na publicación, a través da súa propia sinatura, ocultada en ocasións como Luís de Neda: así, no nº de 30 de outubro de 1924 realiza un eloxio de Edmondo de Amicis, o profesor socialista italiano autor dese libro de lectura infantil tan apreciado polas xentes da ILE en España, *Cuore (Corazón)*, traducido por H. Giner de los Ríos); escribe sobre a reforma educativa de José Comorera; abre a sección «Páxinas infantís», como esixencia da fraternidade americana; salientou a J. Jaurés como amigo; e referiuse ao educador arxentino José B. Zufiaur, «quien a los niños, a los pájaros y a las plantas consagraba las mejores horas de su existencia», entre algún outros motivos. Con esta confianza escribía en 1940: «Hay claridades rojas que anuncian los nuevos días. Ellos vendrán»<sup>16</sup>.

\*\*\*

Cinco educadores galegos: unha memoria viva para arar o noso presente do século XXI.

#### NOTAS

<sup>1</sup> VIEITO, M. (1923): «El silencio de las masas». *El Eco de Galicia*, 7.1., nº 182.

<sup>2</sup> PEÑA SAAVEDRA, V. (Com.) (2013). *Luces de alén mar: as escolas de americanos en Galicia. No centenario fundacional das sociedades galegas de instrucción radicadas en América e das súas realizacións académicas nas localidades de procedencia* (Catálogo da mostra). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2ª edic. rev. e amp.

<sup>3</sup> O *Anuario Brigantino* veu de sempre prestando atención valiosa a estas figuras, con traballos máis recentes abordados por Alfredo Erias, Eduardo Fuentes e Aurora Alonso de Rocha, que construíu unha magnífica Nota de homenaxe sobre eles no nº 39 (2016) pp. 383-388.

<sup>4</sup> MALHEIRO GUTIÉRREZ, X. M. (2006): *As escolas dos emigrantes e o pensamento pedagóxico: Ignacio Ares de Parga e Antón Alonso Rios*. Sada: E. do Castro.

<sup>5</sup> O que tamén se pode percibir mediante a consulta en liña da Enciclopedia da Emigración: <http://www.encyclopediadaemigraciongalega.com/>.

<sup>6</sup> VILANOVA RODRÍGUEZ, A. (1966): *Los gallegos en la Argentina*. Buenos Aires: Ed. Galicia. Vid. igualmente BORES GAMUNDI, F. (1991): *Galicia y la evangelización de América*. Santiago: Xunta de Galicia.

<sup>7</sup> COSTA RICO, A. (2006): «Profesores galegos exiliados: a luz do porvir que se mantivo acesa», en *Actas do Congreso internacional O exilio galego (Santiago de Compostela, 24-29 de setembro de 2001)* (CD). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 1423-1453 e FERREIRO FENTE, J. G. (en prensa): «Toda a terra é dos homes: profesores galegos, exilio político e acción docente». *Historia y Memoria de la Educación*, nº 9, 2019.

<sup>8</sup> A obra que máis se aproxima neste sentido é a elaborada por PÉREZ LEIRA, (2009, 2ª ed.): *Protagonistas de una epopeya colectiva*. Vigo: Grupo de comunicación de Galicia en el mundo, se ben debemos anotar ademais os textos de: REY CASTELAO, O. (2001): «Los gallegos en el Río de la Plata durante la época colonial» en Nuñez Seixas, X. M., *La Galicia austral. La inmigración gallega en la Argentina*. Buenos Aires: Biblos; RODRÍGUEZ NIEDERHAUSERN, C. (2007): *Los gallegos en el Río de la Plata (1520-1810)*. Pontevedra: Deputación; SIXIREI PAREDES, C. (1995): *Galegitude e cultura no exterior*. Santiago: Xunta de Galicia, e VEGA CASTILLOS, U. R. (1991): «La inmigración gallega al Uruguay (1830-1930)», en Puiggrós, E. et alii: *La inmigración española en el Uruguay. Catalanes, gallegos y vascos*. Montevideo: OEA/Instituto Panamericano de Geografía e Historia.

<sup>9</sup> Todos os nomes referenciados por este autor irán aquí acompañados dun (\*), evitando a específica indicación do Tomo e as páxinas correspondentes.



<sup>10</sup> Os franciscanos galegos destinaron o seu convento de Herbón (Padrón) desde 1701 a Colexio Seminario de Misioneiros, polo que desde o mesmo centro emprenderon tamén a formación en varias das linguas amerindias.

<sup>11</sup> NEIRA VILAS, X. (2000). *Crónicas Galegas de América (Rolda segunda)*. Sada: E. do Castro, p. 95.

<sup>12</sup> Os dous últimos citados anotados en Núñez Seixas, *La Galicia austral, op. cit.*, pp. 49 e 29, respectivamente.

<sup>13</sup> Sobre a figura deste ferrolán, situado en América entre 1848 e 1860, que volto a Ferrol sería presidente do comité local do Partido Republicano Democrático Federal, deputado, alcalde e iniciador do PSOE na cidade interesa ver a contribución de PIÑEIRO DE SAN MIGUEL (2000): *Francisco Suárez García. Actividade dun republicano federal no concello de Ferrol e nas Cortes*. Ferrol: Concello de Ferrol.

<sup>14</sup> Unha figura do máximo relevo, como puxemos de manifesto en Costa Rico, A. (2013): «A educación nos Países Baixos nos anos trinta do século XIX: Informes e textos de Ramón de la Sagra». *Sarmiento. Anuario Galego de Hª da Educación*, 17, 213-252. Incluímos aquí abondosas referencias de achegas á figura de Ramón de la Sagra.

<sup>15</sup> NEIRA VILAS, X. «Memoria da emigración». *Faro de Vigo*, 30.V.1993.

<sup>16</sup> Acolloendo con preferencia as referencias procedentes de Francia e o psicoloxismo da educación *spenceriano*, procedente de Inglaterra.

<sup>17</sup> SALVADORES, A. (1941): *La instrucción pública desde 1810 hasta la sanción de la Ley 1420*. Buenos Aires: Talleres Gráficos del Consejo Nacional de Educación.

<sup>18</sup> TEDESCO, J. C. (1970): *Educación y Sociedad en la Argentina (1880 1900)*. Buenos Aires: Pannedille.

<sup>19</sup> A súa figura será enxalzada en 1912, como «patriarca de la pedagogía argentina», por parte do profesor galego Ignacio ARES DE PARGA en *La Escuela Argentina. Puntos de vista educacionales*. Buenos Aires: Asilo de Huérfanos. Torres foi autor dun notábel *Curso de Pedagogía*.

<sup>20</sup> Dependente do Ministerio de Justicia e Instrucción Pública.

<sup>21</sup> Que organizan os directores das escolas públicas de Bos Aires e os das Escolas Normais da nación. A Escola Normal de Paraná será o foco irradiador do clima ideolóxico positivista e de rexeneración social que está presente no Congreso Pedagóxico.

<sup>22</sup> SOLARI, M. H. (2006): *Historia de la educación argentina*. Buenos Aires: Paidós, 16 reimp.

<sup>23</sup> FIORUCCI, F. (2014): «Maestros para el sistema de educación pública. La fundación de Escuelas Normales en Argentina (1890-1930)». *Revista Mexicanas de Historia de la Educación*, nº 3, p. 27.

<sup>24</sup> Ao período escolar primario, previsto con sete cursos entre os 6 e os 14 anos, seguían os estudos secundarios e profesionais cunha ampla gama (Colexios nacionais e liceos, Escolas comerciais, Escolas Normais, escolas de artes e oficios, Escolas industriais, Escolas profesionais femininas) e os estudos universitarios.

<sup>25</sup> A recoñecida Escola Normal de Mercedes da que foi director o pedagogo positivista Victor Mercante, impulsor da influencia da pedagogía científica francesa e quen en 1915 foi o fundador da Facultade de Ciencias da Educación de La Plata. Vid. ALLIAUD, A. (2007): *Los maestros y su historia. Los orígenes del Magisterio*. Buenos Aires: Granica.

<sup>26</sup> FIORUCCI, F. (2014), *op. cit.*, p. 30

<sup>27</sup> DIRECCIÓN GENERAL DE ESCUELAS DE LA PROVINCIA DE BUENOS AIRES (1908): *Reglamento para las escuelas públicas*. Buenos Aires: Taller de impresiones oficiales.

<sup>28</sup> FERNÁNDEZ, A. (2008): *Escuela y Nación. Alfredo Ferreira: un proyecto pedagógico*. Buenos Aires: Corregidor, p. 135.

<sup>29</sup> ARES DE PARGA, I. (1912), *La Escuela Argentina, op. cit.*, pp. 8 14.

<sup>30</sup> As ideas de Dewey tiveron un excepcional cultivador en Arxentina na figura de Ernesto Nelson, quen entre 1910 e 1914 foi director da sección pedagóxica do Colexio Nacional da Universidade de La Plata, e con quen se relacionou Ares de Parga.

<sup>31</sup> En 1914 catro de cada 5 varóns maiores de vinte anos eran estranxeiros e a cuestión de como integralos e como construír o 'carácter nacional' mobilizou moitos debates ideolóxicos dentro do mesmo liberalismo e do nacionalismo político, que se trasladaron ao campo educativo, a través das varias estratexias escolares para 'arxentinizar' unha poboación tan diversa. Vid. GRONDONA, M. (1967): *La Argentina en el tiempo y en el mundo*. Buenos Aires: Primera Plana, 1967.

<sup>32</sup> RUBEN CUCUZZA, H. (2007): *Yo argentino. La construcción de la nación en los libros escolares*. Buenos Aires: Miño y Dávila. Cucuzza ante a recepción de inmigrantes distingue tres posicións nacionalistas arxentinas: un nacionalismo romántico, un nacionalismo oligárquico liberal e un nacionalismo patriótico conservador (filofascista).

- <sup>33</sup> PUIGGRÓS, A. (1996, 3ª edic.): *Sujetos, disciplina y currículo en los orígenes del sistema educativo argentino (1885-1916)*. Buenos Aires: Galerna (T. I de *Historia de la educación en la Argentina*).
- <sup>34</sup> WEINBERG, G. (1984): *Modelos educativos en la historia de América latina*. Buenos Aires: Kapelusz.
- <sup>35</sup> Carlos N. Vergara, ademais de ser fundador de *La Educación* e de exercer como director da Escola Normal de Mercedes (1887 1990), creou unha escola piloto innovadora, impulsou o *Boletín de Educación* de Santa Fe e é considerado un adiantado da escola activa e nova. Vid.: JIMÉNEZ LANDI MARTÍNEZ, A. (1996): *La Institución Libre de Enseñanza y su ambiente*. T. III: *Período escolar (1881 1907)*. Madrid: Ed. Complutense, p. 251. Tamén X. M. MALHEIRO (Vid. «O pensamento pedagógico reformador arxentino» en *As escolas dos emigrantes...*, op. cit., pp. 63 92) salienta o institucionalismo de Vergara, influenciado sobre todo pola figura do institucionalista español Antonio Atienza y Medrano, que se trasladou á Bos Aires en 1889, antecedendo as viaxes que alí realizarán posteriormente Adolfo Posada e Rafael Altamira. Ao respecto das relacións hispano arxentinas: Rama, C. M. (1982): *Historia de las relaciones culturales entre España y la América latina*. Madrid: FCE, e Blanco Rodríguez, J. A., García Álvarez, A. (2015). *El legado de España en Cuba*. Madrid: Silex.
- <sup>36</sup> Foi impulsor, desde a revista *La Escuela Positiva*, dunha orientación escolar práctica, concreta, utilitaria e nacional. En 1904 foi nomeado Inspector Xeral de Ensino Secundario, Normal e Espacial. Impulsou as «Sociedades Populares de Educación». Vid. FERNÁNDEZ, A. (2008): *Escuela y Nación. Alfredo Ferreira: un proyecto pedagógico*. Buenos Aires: Corregidor.
- <sup>37</sup> Dirixiu a publicación *Archivos de Pedagogía y ciencias afines. Órgano de la sección pedagógica do Colexio Nacional da Universidade de La Plata*.
- <sup>38</sup> Julio Barcos (1883-1960) foi inspector do CNE e fundou en 1908 a Escola Moderna de Bos Aires, con inspiración ferrerista; foi perseguido polas súas posicións políticas. Escribiu: *Como educa el Estado a tu hijo* (1927) e *Libertad sexual de las mujeres*. En 1912 impulsou a creación da Liga Nacional de Maestros, de onde xurdiría en 1916 a Confederación Nacional do Maxisterio.
- <sup>39</sup> Confluencia de liberais, socialistas e anarquistas. A socialista Ramona Ferreira foi a primeira directora desta institución. En 1909 o CNE obrigou ao cese de actividade das escolas libertarias de Bos Aires.
- <sup>40</sup> ALBERTO ACRI, M., CACEREZ, Mª. C. (2011): *La educación libertaria en la Argentina y en México (1861-1945)*. Buenos Aires: Libros de Anarres, pp. 110 e ss. A Liga, que prolongou a súa actividade ao longo dos anos dez e vinte tamén nas cidades de Rosario e Santa Fe e que dispuxo da publicación *Francisco Ferrer*, dirixida polo catalán Samuel Forner, tivo considerábeis antecedentes de orientación anarquista na Arxentina, desde que Enrico Malatesta e outros italianos crearan en Bos Aires en 1885 o «Centro de Estudios Sociales», ao que se incorporaron en 1889 un grupo de anarquistas cataláns chegados á cidade.
- <sup>41</sup> Ás que e refire MALHEIRO GUTIÉRREZ, X. M. (2018): «Imigração, escola e construción nacional: algúns notas sobre a República Argentina», *Cadernos de História da Educação*, Uberlândia (BR.) (en prensa).
- <sup>42</sup> Previamente, no Congreso Científico Inter-Americano de 1910 celebrado en Bos Aires en 1910 houbera unha «Sección de Ciencias Psicológicas», atenta á psicoloxía experimental, sendo a primeira ocasión que en América se reunían especialistas de psicoloxía de diversos países latinoamericanos. Vid. IGLESIAS, S. (1988): Un viaje a través de los espejos de los Congresos Panamericanos del Niño IIN/OEA; <[http://iin.oea.org/Cursos\\_a\\_distancia/CursosProder2004/Bibliografia\\_genero/UT1/Lectura.1.6.pdf](http://iin.oea.org/Cursos_a_distancia/CursosProder2004/Bibliografia_genero/UT1/Lectura.1.6.pdf)> (consultado o 31/V/2018); SUASNÁBAR, C., CHELI, V. (2015): «El papel de los congresos internacionales en el proceso de conformación del campo disciplinario de la educación en Argentina (1910 1937)», *Revista Brasileira de História da Educação*, nº 39, pp. 83-107, e CARLI, S. (2002): *Niñez, pedagogía y política: transformaciones de los discursos acerca de la infancia en la historia de la educación argentina (1880-1955)*. Buenos Aires: Miño y Dávila.
- <sup>43</sup> Con antecedentes familiares galegos.
- <sup>44</sup> José Pedro Varela tivo necesidade de exiliarse debido ao seu liberalismo reformador en Bos Aires, de onde regresaría en 1772. Foi autor do texto *La educación del pueblo*. Vid. BRALICH, J. (2011): «José Pedro Varela y la gestación de la escuela uruguaya». *Revista de Historia educativa latinoamericana*, nº 17, pp. 43-70.
- <sup>45</sup> En 1909 decretouse a prohibición do ensino relixioso na educación primaria. Sobre a cuestión: «Los combates por la enseñanza en los escenarios de la secularización (1860 1934)» en CAETANO, G. (2013): *El Uruguay laico: matices y revisiones*. Montevideo: Penguin Random House.
- <sup>46</sup> Entre outros coñecementos destacaba a presenza das ciencias naturais, dos rudimentos de física e os traballos manuais.

<sup>47</sup> Aspectos como o coñecemento do corpo humano, o estudo do medio, as leccións de cousas, o debuxo, o canto, a moral, a Constitución, e as artes e oficios e as actividades comerciais estaban presentes entre os coñecementos escolares.

<sup>48</sup> ISLAS, A. (2009): *La Liga Patriótica de Enseñanza. Una historia sobre ciudadanía, orden social y educación en el Uruguay (1888-1898)*. Montevideo: Banda Oriental.

<sup>49</sup> É preocupación masonica a de traballar na mellora da condición humana e neste sentido calquera persoa pode ser candidato a mason e membro dunha Loxa a través dun camiño de aprendizaxe, co acompañamento dun mestre-mason que fai de padriño do candidato. O proceso de iniciación e de integración pode permitir ir ascendendo graos ata chegar ao 33, propio dun Venerable Mestre. *Vid.* CLODIC, A. (2003). *J'ai été franc-mason*. Chatou: Carnot. A intervención das orientacións masonicas nos impulsos educativos era moi sólida. Ao respecto, poden ser tomados en consideración: ÁLVAREZ LÁZARO, P. (1996): *La masonería, escuela de formación del ciudadano. La educación interna de los masones españoles en el último tercio del siglo XIX*. Madrid: Universidad Pontificia de Comillas; ÁLVAREZ ROMERO, J. M. (2005): *Krause, Giner y la Institución Libre de Enseñanza. Nuevos estudios*. Madrid: Universidad Pontificia de Comillas.

<sup>50</sup> LIGA PATRIÓTICA DE ENSEÑANZA (1890): *Memoria de la Liga Patriótica de Enseñanza correspondiente al primer año de su fundación*. Montevideo: Vázquez Cores, Dornaleche y Reyes.

<sup>51</sup> Nunha delas, a de Canteras de Río Chico, exercería nos anos 30 do século XX o mestre escolanovista Jesualdo, que será recoñecido como un dos grandes educadores latinoamericanos, tanto pola súa experiencia pedagóxica como polos seus textos, entre eles *Los fundamentos de la Nueva Pedagogía* (Caracas: Ediciones de la Biblioteca/ Universidad Central de Venezuela, 1968).

<sup>52</sup> Elaboradas, entre outros, por M<sup>a</sup> Xosé Rodríguez Galdo, Núñez Seixas, R. Villares, B. Cupeiro, C. Zubillaga, A. Vilanova, V. Peña Saavedra, X. M. Malheiro, X. R. Barreiro, X. Neira Vilas, F. Devoto, Cabo Villaverde, J. C. Moya, Fernández Prieto, R. Soutelo Vázquez, O. Rey Castelao, P. Cagiao Vila, M. Fernández Santiago, C. Sixirei, A. Eiras Roel, Pérez Prado, A. Magariños, Fernández Cortizo, González Lopo, Nadia de Cristóforis e Costa Rico.

<sup>53</sup> Vida Rodríguez, J. A. (2005). *La emigración gallega a Cuba: trayectos migratorios, inserción y movilidad laboral (1898-1968)*. Madrid: CSIC, Biblioteca de Historia de América; Oramas Camero, A. (2007). *Galegos da Habana*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

<sup>54</sup> Núñez Seixas, X. M. (1992): *O galeguismo en América, 1879-1936*. Sada: E. do Castro.

<sup>55</sup> «El primer exiliado gallego que anduvo por Buenos Aires fue Indalecio Armesto que desembarcó en 1884 y venía corrido de su Pontevedra, no por filósofo, sino por molesto», escribiu Pérez Prado. Armesto foi fundador do Partido Democrático Republicano Federal, con orientación cara o reformismo social e a descentralización político administrativa en España. En 1873 tomouse o acordo de crear o Partido Republicano Federal de Galicia que obtivo 37 actas do total de 45 nas eleccións ao Parlamento central da 1ª República. *Vid.* PÉREZ PRADO, A. (1973). *Los gallegos y Buenos Aires*. Buenos Aires: La Bastilla, p.207.

<sup>56</sup> Ao respecto, Pérez Prado (*vid.* nota 51) sinala: «Los gallegos, junto con los italianos y pocos más, más extranjeros, crearon y pusieron en marcha el movimiento sindical argentino» (*op. cit.*, p. 208). *Vid.* tamén, Vieites Torreiro, D., «La participación de los gallegos en el movimiento obrero argentino (1880-1930)», en Nuñez Seixas, *La Galicia Austral, op.cit.*, pp. 161-180.

<sup>57</sup> ZUBILLAGA, C. (1996): *A prensa galega de inmigración en Uruguay*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, e (1999): «Libreros y editores gallegos en Montevideo». *Madrigal*, nº 2, pp. 139-145.

<sup>58</sup> Neira Vilas, X. (1985): *A prensa galega de Cuba*. Sada: Ed. do Castro.

<sup>59</sup> No campo das ideas anarquistas hai distintas referencias a galegos colaboradores da publicación *Tempos Novos* ou na revista de educación *La Cultura. Revista quincenal*, ao tempo que en 1913 o pontevedrés Ramón Güimil era vocal da Liga de Educación Racionalista, como indicou Vieites Torreiro, «La participación de los gallegos...*op. cit.*», p. 170; *vid.* tamén PENELAS, C. (1996): *Os galegos anarquistas na Arxentina*. A Coruña: Espiral Maior.

<sup>60</sup> Ao respecto, DÍAZ, Hernán M. (2007): *Historia de la Federación de Sociedades Gallegas: identidades políticas y prácticas militantes*. Buenos Aires: Fundación Sotelo Blanco /Biblos.

<sup>61</sup> Podendo ser un exemplo a Liga Republicana Española, presidida en Bos Aires por Rafael Calzada, que logo pasou a denominarse Centro Republicano Español.

<sup>62</sup> Como foi o caso da Asociación Cultural A Terra, convertida en Agrupación Rexionalista en 1918, da Delegación bonaerense e montevideana da ING desde 1923 con Eduardo Blanco Amor (un segmento das Irmandades da Fala baixo a guía de Vicente Risco), ou a Sociedade Nazionalista Pondal, creada en Bos Aires en 1925.

- <sup>63</sup> NEIRA VILAS, X. (2000): «O plantel Concepción Arenal no Centro Galego da Habana» en *Crónicas galegas de América* 2. Sada: O Castro, pp. 61-63.
- <sup>64</sup> Vid. CAGIAO VILA, P. (2001): «Montevideo: ciudad de inmigrantes: la presencia gallega (1880-1917)», en BALBOA LÓPEZ, X., PERNAS OROZA, H.: *Entre nós. Estudos de arte, xeografía e historia en homenaxe ó profesor Xosé M. Pose Antelo*. Santiago: Servizo de Publicacións da USC, pp. 499-504.
- <sup>65</sup> NEIRA VILAS, X. (2000). *Crónicas galegas de América* (Rolda 2ª). Sada: O Castro, pp. 45-47.
- <sup>66</sup> PEÑA SAAVEDRA, V. (2011): «Una cartilla escolar precursora (1889) para mitigar el desarraigo socio-cultural y fraguar la identidad étnica de los gallegos de Cuba», en CELADA PERANDONES, P. (ed.) (2011): *Arte y Oficio de enseñar. Dos siglos de perspectiva histórica. XVI Coloquio Nacional de Historia de la Educación*. Salamanca: SEDHE/CEINCE/Univ. De Valladolid, vol II, pp. 459-468.
- <sup>67</sup> Vid. «Vicente Fraiz Andón», en MARCO LÓPEZ, A., PORTO UCHA, A.S. (2000): *A Escola Normal de Santiago de Compostela*. Santiago: USC, pp. 232-233. A figura de Fraiz Andón foi notada *in extenso* nun Nadal de 1998 do Decanato da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago, desde o que se promoveu igualmente darlle o seu nome a unha rúa do Campus Vida da Universidade de Santiago. Foi persoa fundamental para o logro da estatua a Rosalía de Castro que se ergue no Paseo da Ferradura en Santiago.
- <sup>68</sup> Referenciada no Album de mulleres do Consello da Cultura Galega: <http://culturagalega.gal/album/detalle.php?id=86>
- <sup>69</sup> RÍO IGLESIAS, I (2015): *María Muñoz Quevedo. A escola coral cubana*. Santiago de Compostela: Positivas.
- <sup>70</sup> COSTA ALCALDE, Mª X. (1997). «Mulleres galegas na prensa galega de América (1873-1914): o caso de Mercedes Vieito Bouza». *Estudios Migratorios*, n. 3, pp. 257-282.
- <sup>71</sup> PEREZ LEIRA, *Protagonistas...*, op. cit., pp. 49-54.
- <sup>72</sup> RODRÍGUEZ DÍAZ, A., GAVARI STARKIE, E. (2015). «Tras la huella del desconocido maestro ciego del Colegio de Sordomudos y Ciegos de Santiago: Juan Lorenzo González (finales del siglo XIX)». *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 128, 281-303.
- <sup>73</sup> Novoa Padreda, «Una escuela modelo. Lo que vi en ella en mi visita», *Faro de Vigo*, 21/VI/1929.
- <sup>74</sup> Zubillaga, C. (1996): *A prensa galega de inmigración en Uruguay...*, p. 194.
- <sup>75</sup> Zubillaga, C., «Libreros y editores gallegos...», op. cit., p. 142.
- <sup>76</sup> *Ibid.*, p. 73.
- <sup>77</sup> *Ibid.*, p. 74.
- <sup>78</sup> *Ibid.*, p. 74.
- <sup>79</sup> CAGIAO VILA, P. (2001): «Montevideo: ciudad de inmigrantes...», op. cit., p. 500.
- <sup>80</sup> *Ibid.*, p. 73 e Zubillaga, «A prensa galega...», op. cit., p. 199.
- <sup>81</sup> INSUA, 2016, p. 26.
- <sup>82</sup> MALHEIRO GUTIÉRREZ, X. M. (2006). *As escolas de emigrantes e o pensamento pedagógico: Ignacio Ares de Parga e Antón Alonso Ríos*. Sada: Edición do Castro; (2006). *Antón Alonso Ríos. Política e Pedagogía para un pobo. En Homenaxe a Antón Alonso Ríos e Ramón de Valenzuela* (pp. 159-182). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, e (2019): «Antón Alonso Ríos en a emigración, en la República, en la represión y en el exilio: enseñanzas de un maestro rural». *Historia y Memoria de la Educación* (en prensa).
- <sup>83</sup> Onde publica os seguintes traballos: «La regla del diamante (Programa de 6º grado),» 353 (1902): 911-913, (exercicios matemáticos coa regra do tres); «La regla del diamante. Programa de 6º Grado» 356 (1902): 710-712; «Desde España,» 385 (1905): 452-456 (información sobre a Escola de Artes e Oficios de Vigo e sobre a ILE); «Progresos educacionales. Una institución modelo,» 389 (1905): 924-927 (sobre a ILE de Madrid, acabada de visitar e as conversas tidas cos seus líderes); «Escuelas de adultos,» 404 (1906): 150-153 (sobre o traballo educativo con adultos).
- <sup>84</sup> O libro introducido por Carlos O. Bunge, un recoñecido intelectual liberal, *spenceriano* e partidario dun bioloxismo aristocratizante, ademais do súa orientación rexeneracionista e renovadora no plano didáctico, tamén salientaba a cuestión da 'arxentinización' educativa como reto. Ares de Parga, quizais máis para gañarse a confianza que por conviccións propias, dedica o texto «a la gloria de José María Ramos Mejía, Presidente del Consejo Nacional de Educación». Segundo diversos estudos históricos Ramos Mejía, partidario da educación xeneralizada da poboación e da 'arxentinización', non o era, en troques, da integración social democrática, de modo que deberían ser varias as modalidades educativas respondendo, así, á escala 'natural' de diferenzas biolóxicas e hereditarias das persoas, como sinalou A. Puiggrós en varios traballos aos que aludiu X. M. MALHEIRO en *As escolas dos emigrantes e o pensamento pedagógico...*, op. cit., p. 88.



- <sup>85</sup> Situadas entre Gondomar e Nigrán e que aínda actualmente conforman un centro de ESO.
- <sup>86</sup> COSTA RICO, A. (2000): «Ignacio Ares de Parga e as escolas dos americanos en Galicia». *Revista de Estudios Provinciais. Pontevedra*, nº 15 , pp. 145-156; COSTA RICO e MALHEIRO GUTIÉRREZ, X. M. (2002): «Dende o Río de la Plata para o Val Miñor: escolas que foron fachos de luz», *Revista de Estudios Miñoranos*, nº 2, pp. 57-70; MALHEIRO GUTIÉRREZ, X. M. (2003): «Ignacio Ares de Parga e a educación democrática. Un mensaxeiro de tempos novos entre Arxentina e Galicia». *REM. Revista de Estudios Miñoranos* nº 3, 2003; MALHEIRO GUTIÉRREZ, X. M. : *As escolas de emigrantes e o Pensamento Pedagóxico: Ignacio Ares de Parga e Antón Alonso Ríos*. Sada-A Coruña, Edición do Castro, 2006; MALHEIRO GUTIÉRREZ, X. M.: «A influencia do contexto educativo arxentino na Unión Hispano-Americana Pro Valle Miñor a través do pedagogo Ignacio Ares de Parga». En Malheiro Gutiérrez, X. M. (Coord.): *Emigración e Educación (1900-1936). 1º Centenario das Escolas da Unión Hispano-Americana Valle Miñor (1909-2009)*. Gondomar: Instituto de Estudos Miñoranos, 2011, pp. 297-319.
- <sup>87</sup> Desde 1945 a escola del Cerro de Concepción del Uruguay leva o nome desta figura.
- <sup>88</sup> Na «Exposición General» de Entre Ríos de 1887 merecería un notable recoñecemento pola presentación realizada dunha colección de textos pedagóxicos para a escola primaria sobre diversos asuntos e con atención singular cara a bioloxía e as ciencias naturais.
- <sup>89</sup> Así, foi colaborador en 41 órganos de prensa e revistas, e editor de máis de vinte libros, como se informa detalladamente en DÁVILA DÍAZ, J. (1927): *Benigno T. Martínez. Pedagogo- Historiógrafo-Publicista. Su vida y su obra. Apuntes biográficos- bibliográficos*. La Coruña: Zinke Hermanos e en SUÁREZ SANDOMINGO, J. M. (2011): *Benigno Teijeiro Martínez. El mayor polígrafo gallego en Argentina*. A Coruña: Concello de Ortigueira.
- <sup>90</sup> Por mor dos seus coñecementos literarios e históricos foi Director dos arquivos provinciais do departamento de educación da provincia de Entre Ríos e Secretario do Consello de Educación do departamento indicado, ao tempo que escribiu un notable estudo histórico sobre esta provincia.
- <sup>91</sup> O que o levou a publicar diversos textos tanto en revistas galegas editadas en América, como editadas en Galicia. Polos seus méritos a *Revista Gallega* de Galo Salinas dedicaba tres páxinas principais a realizar unha súa reseña biográfica en 1902 (nº 352, de 26/1/1902). Na mesma dirección, Martínez Morás considerouno « o intelectual máis estudoso e o que con máis caudal de intelixencia soubo honrar a Galicia nesta República (...) Pertence a unha xeración que se extingue, pero que nos legou exemplos dignos de ser tidos en conta. A esta xeración de emigrados cultos que invadiu coa súa luz cerebral a entón escura actualidade (...) Eles sementaron, non sen ruda laboriosidade, a semente produtora que logo xermolou, organizando os lazos e unión entre España e a Arxentina». *VID. MARTÍNEZ MORÁS (1907): Siluetas* (Primera serie). Buenos Aires: Imprenta de A. Arias Lantero, pp. 11, 15. DÁVILA DÍAZ fai notar que o 11 de novembro de 1905 Benigno Teijeiro, como tamén Castro López e Ricardo Conde Salgado os tres na Arxentina foron nomeados académicos da real Academia Galega por proposta de Manuel Murguía, o seu primeiro Presidente.
- <sup>92</sup> Profesor de «Historia Argentina y Nociones generales de Geografía y Especial de la República Argentina», o que o levou a publicar distintos libros de texto sobre estas cuestións.
- <sup>93</sup> Ata a súa xubilación en 1903 por motivo de enfermidade.
- <sup>94</sup> Que se celebrou baixo a presidencia do seu colega de loxa e profesor no Colexio Nacional de Concepción Onésimo Leguizamón no marco da Exposición Continental da Industria e contou con 300 participantes procedentes de diversos países americanos. Benigno Teijeiro foi un dos conferenciantes do Congreso, cunha cuestión máis administrativa que pedagóxica.
- <sup>95</sup> Así se expresaba Benigno Teijeiro no prólogo a *Compendio de Historia Argentina desde el descubrimiento del Nuevo Mundo hasta nuestros días, con notas eruditas, críticas y de interés para los preceptores y alumnos*. Buenos Aires: Imprenta, Lib. y litografía de La Patria, 1879, p. 6.
- <sup>96</sup> Páxina fotográfica inicial inserta en DÁVILA DÍAZ, J. (1927): *Benigno T. Martínez, op. cit.*
- <sup>97</sup> Esta publicación semanal de orientación masónica, editada entre 1881 e 1892 co lema «Todo por Galicia y para Galicia», estaba consagrada a promover a unión e a fraternidade na colonia emigrante galega.
- <sup>98</sup> Entre 1904 e 1909 publicou os textos breves: «Autonomía, ¿o?», «Farruquiño», «Pro Valle Miñor» e «¿Despierta Galicia?» no *Almanaque Gallego* que en Bos Aires dirixía o seu amigo Castro López
- <sup>99</sup> En 1883 abriu o establecemento *Librería Universal* co apoio do tamén galego Antonio Barreiro Ramos e a propaganda da Librería incluía regularmente esta indicación: «Toda persona puede entrar en esta librería, tomar los libros de los estantes y sin pedir permiso revisarlos uno por uno y retirarse sin comprar nada. Lectura de balde. Casa única en su género (sic).
- <sup>100</sup> F. VÁZQUEZ CORES, «Digna actitud», *La Unión Gallega*, nº 61, 15.10.1882, p. 160-161.

<sup>101</sup> Indicacións que facía aparecer, con adecuación, nos seus libros, dirixidas aos mestres, como no caso da súa *Geografía de Norteamérica*, onde por exemplo indicaba: «De la latitud y altitud se deduce el clima; de la configuración del suelo se originan los ríos; del clima, ríos, y naturaleza del suelo se deducen, lógica y naturalmente, las producciones generales, y de las producciones se viene en conocimiento de la riqueza del país y de sus elementos de vida. Haciendo servir de base al estudio de la geografía estos principios y circunstancias, se acostumbran insensiblemente los alumnos a ver en un espacio geográfico un miembro vivo y parte integrante de la vida de este gran cuerpo que se llama Tierra» (p. 8).

<sup>102</sup> Fillo de militar, que chegou a desempeñar a fiscalía militar en Lugo.

<sup>103</sup> VÁZQUEZ GÓMEZ, A. (1922): *El país del prodigio* (Primera parte). Buenos Aires: Ed. Carlos Vázquez, p. 63.

<sup>104</sup> VÁZQUEZ GÓMEZ, A. (1922): Nuevos rumbos educacionales. Buenos Aires: Carlos Vázquez, p. 41, 47.

<sup>105</sup> En particular co profesor de Historia Ignacio Lafarga. Nas notas sobre o seu periplo biográfico que aquí se recollen seguimos o seu propio texto: VÁZQUEZ GÓMEZ, A. (1940): *Ecos del Combate*. Montevideo: Claudio García y Cía Editores, *passim*. Estas referenciadas son coincidentes igualmente noutros lugares: «Apuntes biográficos de Adolfo V. Gómez», *El Mendo. Diario de Betanzos*, de 27/5/1991, asinado por Galo Salinas; no *Anuario Brigantino*, nº 22, pp. 70-71 e en [http://www.encyclopediadaemigraciongalega.com/biografias/vazquez\\_gomez\\_adolfo.htm](http://www.encyclopediadaemigraciongalega.com/biografias/vazquez_gomez_adolfo.htm).

<sup>106</sup> Cando en 1924 Adolfo Vázquez comezou a dirixir a publicación galega *Céltiga*, en colaboración con José Peña, fillo doutro republicano compostelá dos anos oitenta do século XIX, un dos colaboradores da publicación seró o intelectual José Ingenieros, autor en 1917, entre outros textos, de *Hacia una moral sin dogmas* (Buenos Aires: Losada, 1953, 2ª edic), e de *La reforma educacional en Rusia*. Buenos Aires: Adelante.

<sup>107</sup> Aínda debemos anotar que a finais do XIX e comezos do século XX dirixía no Uruguay a publicación *Intransigente*, sendo tamén creador da Asociación de Propaganda Liberal. Máis tarde, á altura de 1910 ao iniciarse a formación do Partido Socialista do Uruguay, participou na súa fundación., como vicesecretario do seu Comité Executivo. *Vid.* FERRER BENIMELLI, *La masonería en la España del siglo XX*, T.I, pp. 257-270, «La múltiple actividad del mason español Adolfo Vázquez Gomez el el Río de la Plata», p. 266.

<sup>108</sup> No que participan os grandes Mestres do Gran Oriente Español e Lusitano Unido e outras figuras importantes da masonería, incluíndo dous galegos: Andrés Perille, de Ourense, e Alejo Carrera, de Pontearreas. Vázquez Gómez, que chegou a acadar tamén o Grao 33 da masonería das loxa Estrela de Oriente, traía a Lisboa a representación das loxas masónicas de Uruguay e do Brasil.

<sup>109</sup> En varios momentos dos anos Vinte (1921, 1923, 1926) a súa sinatura está presente el *Almanaque Gallego* de Castro López

<sup>110</sup> Foi, por exemplo, vicepresidente da Confederação sul Americana pro Paz.

<sup>111</sup> VÁZQUEZ GÓMEZ, *Ecos del Combate.., op. cit.*, p. 129.

<sup>112</sup> Jean Jaurès, republicano radical e logo socialista, librepensador e antisectario, humanista e parte dunha esquerda ilustrada e reformadora, foi unificador do socialismo francés, fundador de *L'Humanité* en 1904, e foi asasinado en 1914. De entre a súa atención ás cuestións educativas cómpre anotar: «De l'Education», discurso pronunciado en 1910 en defensa da escola pública e a moral laica, desde a liberdade de conciencia, e como vía de progreso social, como se pode ler en JAURÈS, J. (2016): *Pour la laïque*. París: Le livre de poche.

<sup>113</sup> VÁZQUEZ GÓMEZ, *Nuevos rumbos educacionales, op. cit.*, p. 125.

<sup>114</sup> *Ibid.*, pp. 20-21.

<sup>115</sup> VÁZQUEZ GÓMEZ, A. (1923): «Contra el caciquismo. El gran explosivo», *Almanaque gallego*, p. 75.

<sup>116</sup> *Ecos del combate, op. cit.*, p. 128.



# BETANZOS século XXI, máis *MAGIC TOWN* que nunca

CARMEN COTELO\*



## Sumario

¿Resiste Betanzos no século XXI a afirmación de ser un espello social? A teor das comprobacións estatísticas, a resposta é si. Dende 2009 en diante o que vota Betanzos é unha reprodución case exacta do que vota Galicia, especialmente nas eleccións autonómicas, e do que vota España. A maiores, fórmulanse outras dúas cuestións: ¿Dá Betanzos un estereotipo de votante? ¿Hai unha María *Betanzos woman* e un Roque, *Betanzos man*? E a outra: ¿Pode ter a *magic town* unha aplicación comercial?

## Abstract

Resists Betanzos in the XXI century the affirmation of being a social mirror? In the theory of the statistics, the answer is yes. From 2009 onwards what is voted in Betanzos is an almost exact reproduction of what is voted in Galicia, specially in the autonomic elections, and that is voted in Spain. In that case, two other questions are formulated: Does Betanzos give a voter stereotype? Is there a María *Betanzos woman* and a Roque *Betanzos man*? And the other: Can *magic town* be a commercial application?

Neste 2018 cumpríronse 35 anos dende que naceu para a ciencia política o chamado *test de Betanzos*. Aquel traballo sociolóxico que Manuel Fraga presentara aos medios de comunicación madrileños arredor dunha queimada contiña unha idea-forza: Betanzos era o espello social de España. Corría o 18 de xaneiro de 1983 e acababa de inaugurarse a primeira lexislatura do cambio socialista. Efectivamente, Betanzos aproximaba moito os resultados electorais de España, cunha pequena corrección á alza cando se trataba de medir a Alianza Popular, corrección que non había que practicar querendo medir os resultados deste partido en Galicia ou na provincia da Coruña.

Pasados os primeiros anos inquedados da Transición, inaugurouse un período de estabilidade en España protagonizado polo turnismo PSOE-PP ata que chegou a crise económica do século XXI e o bipartidismo comezou a lañarse. A primeira fenda manifestouse nas eleccións europeas de 2014, logo virían as municipais e xerais de 2015, onde quedou claro que as decisións políticas ían ser cousa de catro. E a partir de aí veuse mantendo o escenario cunha inflación de convocatorias electorais, que está superando cuantitativamente incluso á da Transición, e con situacións novas en 42 anos de postfranquismo: A repetición dunhas eleccións xerais, un non a El Rei, dúas mocións de censura, e o triunfo dunha delas, tamén por primeira vez. O escenario volátil segue a ser unha realidade.

Certamente, pois, as similitudes coa Transición, que inaugurou o chamado réxime do 78, son evidentes. Naquel momento estíbese a producir unha forte viraxe no rumbo do

---

\* Carmen Coteló, de Ames (A Coruña), aínda que vinculada a Santiago dende a infancia, é xornalista. Licenciada en Ciencias da Información pola Universidade Autónoma de Barcelona (UAB), traballou en *La Voz de Galicia* e –tras un breve paso por *Diario 16-* en *El Ideal Gallego*. Posteriormente, desenvolveu o seu traballo en gabinetes de prensa. É funcionaria de carreira da Xunta de Galicia dos corpos superior (2005) e de xestión (2001). Máster en Ciencias documentais no contorno dixital pola UDC (2012) e actualmente realiza a súa tese de doutoramento na facultade de Ciencias Políticas da USC, baixo o título, *Análise de validez de Betanzos como middletown a través dos resultados nas eleccións autonómicas. Aproximación a outras convocatorias electorais. Efectos e mecanismos causais na explicación do comportamento electoral*. É coautora do libro *Betanzos, magic town* (2013) xunto con Salvador Naya, ademais de ter participado noutras publicacións colectivas.

país e no actual, a pulsión de cambio tamén é patente. No 1981, o traballo sociolóxico que colocou Betanzos no foco foi o primeiro en España -polo menos, presentado publicamente- que explorou a idea dunha sinécdoque muestral; é dicir, toma unha parte (Betanzos) polo todo (España), a imaxe e semellanza do experimento que fixeran os sociólogos Lynd en Estados Unidos no 1928.

A importación tardía a España deste modelo de laboratorio demoscópico non foi casual senón causal. No primeiro pos franquismo os cambios políticos en España eran bruscos, rápidos, inesperados, igual que hoxe, pero coa importante diferenza de que os precedentes demoscópicos eran escasos (as últimas eleccións libres quedaron moi atrás no tempo). Había que buscar novos métodos de medición demoscópica axeitados ao momento político e unha solución era a importación dalgún que xa dera resultados, por exemplo o *middletown* en USA.

A clave dunha *middletown* ou *magic town* está en reproducir a sociedade dun país ou dunha parte do mesmo nun ámbito xeográfico moito máis reducido. A reprodución refírese a que a pirámide poboacional sexa moi similar tanto por xénero como na estruturación por idades, formación, ingresos, etc... E todo iso, enténdese que conduce a un xeito similar de pensar e comportarse ante unha convocatoria electoral. E non só electoral.

Temos, pois, que Betanzos hoxendía ten 13.202 habitantes, dos cales 10.739 forman o censo electoral, e reflicte como un espello a sociedade española (case 47 millóns) e galega (non chega a 3 millóns). Ten un tamaño perfecto e moi manexable para ser auscultado tanto cuantitativamente como cualitativamente nos distintos tempos dunha situación. Por exemplo, ante unha convocatoria electoral pódese pulsar a opinión dos betanceiros antes -máis próximo ou máis remoto- dunhas eleccións, durante a consulta e inmediatamente despois de finalizar a consulta. O tamaño do laboratorio permite facelo con bastante comodidade. Deste xeito, confróntase a enquisa coa realidade material do voto en urna e, polo tanto, permite aplicar un factor de corrección nas enquisas. É dicir; é un plus moi grande para a fiabilidade.

Estase falando de convocatorias electorais, pero pódese aplicar a calquera outra situación sexa de orde político -por exemplo, preguntar sobre o grao de impopularidade dunha medida a adoptar- ou de tipo comercial. É esta unha vertente que se debería ter en conta en Betanzos.

A cuestión agora mesmo é: ¿Resiste o Betanzos de hoxe o test de comprobación que permita afirmar que é un espello social no século XXI? Unha sociedade é un ente vivo que vai cambiando a distintos ritmos co paso do tempo, logo ¿as xeracións actuais de betanceiros foron cambiando de xeito parello a como foi cambiando a sociedade española e a sociedade galega? ou, pola contra, ¿diverxeron substancialmente?

Dar resposta a estes interrogantes é un dos obxectivos da tese de doutoramento<sup>1</sup>, que estou realizando na facultade de Ciencias Políticas de Santiago na que actúan como codirectores os profesores Xosé Luis Barreiro Rivas (USC), Salvador Naya Fernández (UdC) e Álvaro López Mira (UVigo) coa previsión de ser presentada no ano electoral de 2019.

A teor das comprobacións estatísticas e do traballo de campo realizado durante tres anos -de 2014 a 2017-, a resposta é si. Máis que nunca, si.

<sup>1</sup> Análise de validez de Betanzos como *middletown* a través dos resultados nas eleccións autonómicas. Aproximación a outras convocatorias electorais. Efectos e mecanismos causais na explicación do comportamento electoral.




Na tese en construción estanse utilizando, entre outros instrumentos estatísticos, o Índice de Correlación de Pearson (en diante, ICP). Póñense en relación as porcentaxes de resultados obtidos na *magic town* cos obtidos no global da provincia da Coruña, en Galicia e, no caso das eleccións ao Congreso de los Diputados e ao Parlamento Europeo, cos obtidos en España.

O ICP é un índice que mide o grao de covarianza entre distintas variables relacionadas linealmente. Os seus valores absolutos oscilan entre o 0 e o 1. Canto máis preto de 1, maior é a correlación e canto máis se achegue ao 0, menor é a correlación. Dentro do que se consideran correlacións altas, púxose a liña vermella nun mínimo do 0,90 coa idea de disipar calquera tipo de dúbidas na demostración do *test de Betanzos*. O índice é de doada interpretación, pero hai que ter en conta que por si soa unha correlación entre dúas variables só significa que comparten información e variabilidade. A orixe da información e da variabilidade excede os recursos exclusivamente matemáticos. É dicir; o porqué desa correlación hai que buscalo neste caso na ciencia política.

Tal e como se anuncia no título da tese, dásele un protagonismo especial ás eleccións autonómicas de Galicia. Por iso, non só se comparan estatisticamente os resultados en Betanzos, cos da provincia da Coruña e os de Galicia, senón que se descende ás mesas electorais para vixiar o seu comportamento dende o comezo ata o día de hoxe. No momento en que Fraga deu a coñecer o traballo sociolóxico, só se celebrara unha convocatoria electoral en Galicia como comunidade autónoma, a do 20 de outubro de 1981, a primeira que conformou como tal a Comunidade Autónoma de Galicia. E, se ben non era baixo o ICP, tampouco era especialmente alto e, en calquera caso, non chegaba ao 0,90.

Nas convocatorias autonómicas posteriores, o ICP de Betanzos vai subindo pouco a pouco en relación a Galicia, pero non será ata o 1997 e, nomeadamente, en 2001 e 2005 cando xa se asenta moi por enriba do 0,90. Con todo, as correlacións máis altas de toda a serie de eleccións autonómicas celebradas en Galicia conséguense a partir de 2009 (0,9933), 2012 (0,9953) e 2016 (0,9977). É dicir; dende 2009 en diante o que vota Betanzos é unha reprodución case exacta -roza a unidade- do que vota Galicia e do que vota a provincia da Coruña. Dito doutro xeito, Betanzos nunca foi tan *magic town* como nos últimos dez anos do século XXI en relación con Galicia e coa circunscrición provincial. E subindo.



Evolución do voto en Betanzos nas eleccións ao Parlamento de Galicia.

As eleccións autonómicas son as que máis netamente se poden correlacionar con Betanzos. Os partidos son os mesmos en Galicia e en Betanzos, non hai coalicións con outras forzas territoriais españolas nin as forzas que non teñen asentamento fóra de Galicia «sofren» o desvío nos índices. Por exemplo, en xuño de 2016 ao propio PP no total estatal estánselle computando os votos do Partido Aragonés (PAR) co que acudiu coligado. Outro exemplo, o BNG nas eleccións xerais dá un desvío grande na correlación co total en España porque apenas ten votos fóra de Galicia.

¿E que pasa con España? Ben, nas eleccións ao Congreso de los Diputados, Betanzos dou sempre ICPs superiores ao 0,90. É este un tipo de elección no que Galicia e a provincia da Coruña rexistraban un comportamento máis en sintonía co de toda España. Por tanto, moi asimilado ao de Betanzos. Non debe esquecerse que Betanzos xurde como *magic town* como espello de España non de Galicia. Dito doutro modo, Betanzos tiña xa nos anos setenta do pasado século un xeito de votar máis en consonancia con España que con Galicia cando se refire ás convocatorias autonómicas. Por iso lle interesaba especialmente a Manuel Fraga, que en aquel momento xogaba na liga política nacional.

Dito isto, e unha vez revisadas e comprobadas estatisticamente tódalas eleccións xerais atópase que -salvo nas convocatorias de 2000 (0,8848) e 2004 (0,9068) en que se rexistra o menor grao de coincidencia con España-, Betanzos móvese comodamente por enriba do 0,90. Eso si; nunca chegara a repetir o ICP das eleccións de xuño de 1977 (0,9622). Nunca, ata agora. Nas eleccións de xuño de 2016, 39 anos máis tarde, alcanzou o 0,9676 de correlación con España, o máis alto da toda a serie de eleccións xerais celebradas en España nos últimos corenta anos. Xa que logo, pódese concluír que tamén no campo nacional Betanzos está sendo máis *magic town* que nunca.

A última convocatoria electoral revisada na tese de doutoramento é a do Parlamento Europeo. Son estas unhas eleccións difíciles de medir por distintos factores -a reacción do electorado ante elas difire moito doutro tipo de convocatorias- como, por exemplo, o feito de que forzas políticas galegas concorren en coalición coas doutros ámbitos xeográficos. En calquera caso, Betanzos ten o mesmo comportamento con respecto de España e vén dando, dende a primeira convocatoria do 1987, un índice superior ao 0,90, tendencia que só se quebrou no 1999 (0,8733). Nas eleccións europeas de 2004 (0,9886) e 2009 (0,9849) dá os ICPs máis altos de toda a serie, mentres que nas de 2014 descende ao 0,9265, correlación practicamente calcada á da convocatoria de 1989. Nestas últimas é onde Podemos rexistra o 8,65% dos votos en Betanzos por un 8,64% dos votos en Galicia e un 8,18% en España. Vese, pois, que tamén -aínda tratándose dunha elección atípica- neste caso Betanzos dá boas correlacións en tempos recentes.

Ou sexa, Betanzos nunca foi tan *magic town* como nos últimos dez anos, en calquera tipo de convocatoria electoral e, especialmente, na autonómica de Galicia. Isto quere dicir que a sociedade betanceira evoluiu no mesmo sentido que a sociedade galega e española. Polo que se refire a Galicia, rexistra a reacción ante un novo candidato na dereita que é Núñez Feijóo, pero tamén rexistra a división do nacionalismo do BNG e a aparición primeiro de AGE e no 2016, de En Marea. No ámbito español, o fraccionamento tanto na esquerda -coa aparición de Podemos- como na dereita -Ciudadanos- tamén se deixa sentir en Betanzos. Incluso é sensible á captación de votos que fai o PACMA, que ultimamente vén sumando os dos afectos e os dos desafectos cos demais partidos, o que ocorre tamén cos sufraxios brancos e nulos.


Outra parte do traballo de comprobación da tese de doutoramento foi a realización dunha enquisa cualitativa a través de grupos de discusión que levei a cabo durante dous anos e medio ininterrompidamente. Os *focus group* están especialmente indicados para tempos de moita volatilidade social e política como os que está a vivir España dende 2014. Traballei con catro grupos estables de seis persoas cada un que se foron reunindo periodicamente ao longo deste tempo a partires do 20 de xaneiro de 2015. E a maiores, contei con oito grupos de control, que se reuniron unha soa vez, coincidindo coas citas electorais. Unha xuntanza dun grupo na véspera das eleccións e unha xuntanza doutro grupo pasadas as eleccións correspondentes. Houbo aínda catro grupos máis de control monográficos que puxeron o peche ao traballo de campo e formados só por afíns ideolóxicos: un para o centro-dereita (PP e Ciudadanos), outro para o nacionalismo (BNG, CxG, independentes...), outro para Podemos-Mareas-IU e o cuarto para o PSOE. Con eles pechouse o traballo de terreo o 20 de xuño de 2017.

Foron en total 72 persoas, que vén sendo o 0,65% do electorado de Betanzos, o cal é unha porcentaxe presencial cando menos respectable para unha consulta que ademais é sostida no tempo. As persoas foron seleccionadas de modo aleatorio, estendendo a rede duns participantes a outros, buscando en organizacións culturais e sociais, tentando que fosen unha representación o máis fiel posible do universo dos electores de Betanzos, residentes habituais en tódalas zonas do municipio, dende o casco histórico ata as parroquias rurais, e con variedade de idades a partires dos 18 anos, o mínimo requirido para formar parte do censo electoral. A este respecto dicir que o participante máis novo tiña 19 anos e a máis maior 93 anos, sendo o grupo de 30-54 anos o máis representado coincidindo, por certo, coa pirámide poboacional de Betanzos.

Ou sexa, que o espectro foi amplo. A situación laboral/renda foi moi variada tamén con parados, amas de casa, xubilados ou prexubilados, funcionarios... ao igual que a formación. Si teño que recoñecer que houbo brecha de xénero. En Betanzos hai máis mulleres que homes, pero a proporción de participantes é o dobre de homes que mulleres.

Nas horas e horas gravadas cos testemuños de todos eles -a quen nunca lles agradecerei bastante a colaboración que me prestaron de xeito totalmente desinteresado- e que agora están en proceso de análise, xurdiron os grandes temas que están enriba da mesa: As dúbidas sobre o liderado estatal no PP manifestadas polos seus propios votantes, especialmente polos máis novos, aínda que manteñan unha disciplina xermánica á hora de acudir ás urnas; e o aplauso que lle darían a Feijóo se finalmente fóra o elixido para pilotar o PP nacional, aínda que algúns dos seus vían difícil a elección. Naturalmente, nesta cuestión a opinión de Betanzos non pode representar a doutros correligionarios de fóra de Galicia por razóns obvias.

As dúas concepcións, moi opostas, que conviven hoxe no PSOE tamén quedaron de manifesto, cunha división bastante clara entre os máis novos e os que viviron o 82. O mesmo que a necesidade que teñen de asentarse os grupos que están á esquerda do PSOE (Podemos, En Marea) para organizar esa forte pulsión de cambio e aprender a xogar coas regras do poder. Respecto do nacionalismo galego, a impresión é nítida: Quedan anos para que volvan a encontrarse despois de tódolos desencontros. Por último, tamén quedou patente que Ciudadanos é un partido etéreo, no sentido de que non ten estrutura nin militantes coñecidos en Betanzos, pero grazas a outras estratexias vai sumando votos, aínda sen implantación. Ten, dende logo, as simpatías dos votantes do PP, en especial as dos máis novos.



Evolución do voto en Galicia nas eleccións galegas.

O caso é que o test de Betanzos demóstrase máis vixente que nunca. E isto ocorre nun momento en que volven rexurdir con forza as *magic town* en Europa. Nos Estados Unidos non decaeron nunca. Tras Munci (Indiana), a primeira *Middletown*, foron xurdindo en distintos estados novas cidades proclamadas como representativas dos USA. Albany, Peoria... e Columbus, no estado de Ohio. Curiosamente, Indiana e Ohio están ubicadas no medio oeste estadounidense e son limítrofes. Dáse a circunstancia de que o estado de Ohio ten tamén a representatividade dos electores dos USA. De feito, dise que ten o mellor historial dos 50 estados no voto polo candidato gañador. Con Trump volveuse cumprir.

O caso de Ohio non é o de Betanzos porque Ohio é un estado, non unha cidade, e a súa serie de coincidencias céntrase no candidato. O que gaña en Ohio gaña a presidencia dos Estados Unidos. Pero Ohio ten unha cidade que si se asemella ao caso de Betanzos. É Columbus, cunha demografía que reflicte os números nacionais. É a cidade máis grande, capital do estado e unha das máis poboadas dos Estados Unidos. De feito, no aspecto comercial é unha das cidades consideradas *area market*; é dicir, considerada ideal para medir a viabilidade dun produto ou dun negocio antes de ser lanzado a escala nacional.

En Columbus probouse, por exemplo, o grao de aceptación de restaurantes como o McRib McDonalds, o Wendy e o Panera Bread mediante prototipos dos mesmos que funcionaron unha tempada na cidade antes de dar o salto á implantación en todo o país.

Hai que insistir, en Betanzos non se debería perder de vista esta aplicación.

Polo que respecta a ámbitos xeográficos máis cercanos, no continente europeo, pódense citar dous casos que retornaron á actualidade moi recentemente, en convocatorias electorais de 2017. Son os casos de Donzy en Francia e de Hassloch en Alemaña.

No primeiro caso, trátase dun pobo de 1.700 habitantes situado na Borgoña francesa que vén rexistrando índices altamente coincidentes co resultado da elección á presidencia da República dende 1981. E non só co resultado senón tamén coa proporción de votos que recibe cada candidato. É así que en cada véspera electoral os medios de comunicación e as empresas demoscópicas alteran a tranquila vida deste pequeno pobo adicado



fundamentalmente á produción do foie grass, tentando precisar o máis posible o resultado final da elección. A convocatoria 2017 tivo lugar en primeira volta o 23 de abril e en segunda volta, o domingo 7 de maio.

As primeiras enquisas realizadas en Donzy apuntaban a un importante voto oculto para a ultradereitista Marine LePen e unha porcentaxe moi similar de voto para Macron e Fillon, inclinándose as preferencias por este último. Isto polo que respecta á primeira volta. Na segunda, Macron e LePen víronse as caras co resultado xa coñecido. Forte abstención, e récord de votos brancos e nulos mantiveron a incógnita ate o final.

Polo que se refire a Alemaña, as eleccións de setembro de 2017 volveron traer á actualidade a cidade de Hassloch, un land de Renania-Palatinado da que din que é unha sorte de sociedade xermana en miniatura. Neste caso, estase a falar dunha urbe duns 20.000 habitantes que ten «profesionalizado» dende hai tempo a calidade de ser unha *area market*; ou sexa, os lanzamentos comerciais sexan do tipo que sexan próbanse antes en Hassloch e despois, unha vez vistos os resultados, valórase a posibilidade de seguir ou non no resto do país.

Como se pode apreciar, hai distintos tamaños dentro das magic towns -Betanzos estaría no medio de Donzy e Hassloch-, pero en calquera caso son censos moi manexables dende o punto de vista demoscópico. Columbus escaparía a esta apreciación, pero debe terse en conta que nese caso os estudos oriéntanse en función das distintas áreas da cidade ata sumar un global, que sería a inmensidade dos Estados Unidos de América.

Do que se trata é de lograr unha boa mostra para lograr a perfecta sinécdoque (a parte polo todo). Por exemplo, en Betanzos hai mesas electorais que veñen dando índices de correlación máis altos que outras. Quere dicirse que nos electores que viven no ámbito físico que conforma o censo correspondente a esas mesas hai un máis elevado nivel de representación. Tamén pode ser que unhas mesas representen mellor que outras os resultados de un partido político concreto.

Outro modo de buscar unha mostra que sirva para medir as preferencias da poboación son os estereotipos de votantes. Nunha cidade -sexa esta *middle* ou non- conviven distintos tipos de persoas en canto a renda económica, formación, crenzas, opinións... que poden converterse na imaxe de determinados colectivos a raíz dunha situación social, económica ou política dada. E aí xorde o estereotipo, unha imaxe estruturada e aceptada pola maioría das persoas como representativa desa situación. Ao estereotipo presúmense xeitos de pensar e de actuar que os fan máis ou menos predicibles.

Nos países anglosaxóns teñen localizados numerosos estereotipos de votantes que axudaron moito no seu momento a interpretar unha determinada conducta electoral.

Por empezar onde todo isto naceu, nos Estados Unidos fixeron especial fortuna nos anos 80 do pasado século os denominados *demócratas de Reagan*, localizados especialmente no condado de Macomb, en Michigan, ao norte de Detroit. Tiveron unha especial relevancia nas eleccións presidenciais estadounidenses de 1980 e 1984 nas que o republicano Ronald Reagan tivo unha sonada vitoria. Incluso se di que George W. Bush logrou en boa parte o seu triunfo de 1988 grazas a estes antigos demócratas que decidiron pasarse aos republicanos.

Un estudio clásico sobre este estereotipo de votante é o de Stan Greenberg, que realizou numerosas sondaxes cos *demócratas de Reagan* como obxectivo. Greenberg defíneos como votantes brancos, de clase obreira, sindicalizados, sen educación universitaria, con ambición económica, conservadores e que traballaban como operarios

en fábricas de automoción en Macomb. O condado, considerado un bastión do Partido Demócrata, votou a favor de John F. Kennedy nas eleccións presidenciais de 1960 cun avultado 63%, pero no 1984 votou a favor de Ronald Reagan nunha porcentaxe moi similar á anterior, un 66% dos electores.

Tradicionalmente votaban demócrata, pero nos primeiros anos 80 produciuse unha viraxe radical. Greenberg interpretou que estes votantes deixaron de ver aos demócratas como os mellores defensores da clase tradicional traballadora para volveuse os adalides dos pobres das grandes cidades, inmigrantes, afroamericanos e outros grupos desfavorecidos, en calquera caso minoritarios fronte aos poderosos traballadores da automoción de Detroit. ¿Que foi o que causou que os republicanos fidelizaran a este votante? En primeiro lugar, unha bonanza económica e a actitude en materia de seguridade nacional e de loita contra a delincuencia.

Paralelamente no tempo, xurdía en Gran Bretaña o *home de Essex*, un estereotipo practicamente calcado do anterior, localizado no sur de Inglaterra, que tradicionalmente votaba ao Partido Laborista, pero que en 1979 virou cara Margaret Thatcher. Neste caso, os analistas puxeron o ollo nunha lei que permitía comprar aos arrendadores de vivendas públicas despois duns anos de residir nelas. Isto converteunos en pequenos propietarios, sobre todo nas localidades de Basildon e Harlow entre outros lugares de Essex. Dalgunha maneira ingresaran na clase media e entenderon que os postulados laboristas xa non ían con eles.

En concreto, o *Essex man* tivo contrapartida na década dos 90 cando os laboristas se deron conta de que había que cambiar o paso se non querían que Thatcher seguira gañando as eleccións. A inflexión veu da man dun xove político que acuñou o que se chamou Novo laborismo. Era Tony Blair. Segundo el mesmo referiu en distintas intervencións públicas, mentres facía campaña en Sedgefield falou cun antigo votante laborista que se pasara aos *tories*, e este explicoulle que cambiara de bando porque así conseguira máis cousas na vida. A anécdota é que ese home estaba lavando o seu coche, un Ford Sierra, cando foi abordado por Blair.

Os estrategos electorais dos laboristas non desaproveitaron este feito e, tras analizar os datos sociais de que dispuñan, chegaron á conclusión de que se querían gañar as eleccións tiñan un obxectivo: o *home Mondeo*. Este modelo de coche da marca Ford foi o que substituíu ao Sierra e detectaron que entre os que o mercaban estaba un rico caladoiro de votos laboristas. Acertaron de pleno. No 1997 Blair gañou as eleccións.

Outros estereotipos británicos coñecidos que foron obxecto de estudo polos politólogos son a *Worcester woman* e o *Motorway man*. A *muller de Worcester* refírese ás mulleres desta cidade británica -unha circunscrición marxinal considerada *magic town*- ás que retratan como profesionais, interesadas na calidade de vida, consumistas e que viran o seu voto en función das mensaxes que van recibindo dos partidos políticos. Votante *torie*, nos 90 pasouse aos laboristas e probablemente hoxe xa cambiou o seu voto e non só unha vez. O *Motorway man*, refírese a votantes homes, novos, sen fillos, profesionais ambiciosos que residen nunha urbanización das aforas dunha cidade que cumpren o requisito de ter unha autoestrada pola que viaxan a diario para ir traballar. Dominan as redes sociais, mercan moito *on line* e varían moito o seu voto en función das mensaxes que reciben, pero consideran a súa decisión moi importante á hora de decidir o goberno.

Estes son algún dos estereotipos de votante máis coñecidos, pero hai moitos máis. En Canadá tivera moita repercusión a *ice hockey mum*, que tiña como denominador común o ser mulleres, nais de fillos aos que levaban a xogar ao hockey sobre xeo. Este modelo

No «Terzo» (T), ten dous cordóns seguidos da inscrición: «LA PURISIMA AÑO DE 1923». A continuación, outros dous cordóns, unha cenefa decorada cunha guirnalda e anxos, dous cordóns e outra inscrición: «SE FUNDIO SIENDO ECONOMO D. JOSE TOUBES». Pecha a inscrición outros dous cordóns.

No «Medio» (M), debaixo dos cordóns, unha decoración dunha guirnalda con figuras do cáliz e custodia.

Ten unha cruz con plataforma dun chanzo, pedestal un Cristo Crucificado con tres cravos. No lado oposto, sitúase a marca do fundidor coa seguinte lenda: «JOSE CABRILLO MAYOR / Escudo coroado de España / PROVEEDOR DE LA REAL CASA / SALAMANCA».

No «Medio Pé» (MP), a decoración remata con 8 cordóns.

A campá grande está situada na parte oposta da fachada, ten unhas medidas de 84,5 cm de diámetro por un alto interior de 72 cm, sendo o seu peso de 349 Kg.

No «Terzo» (T), ten dous cordóns seguidos da inscrición: «VIRGEN DEL ROSARIO AÑO DE 1943». Continuando con 2 cordóns máis.

No «Medio» (M), presenta unha cruz cos brazos con remates trebolados e a figura dun cristo crucificado. No lado oposto está a marca do fundidor coa seguinte lenda: «GRAN FUNDICION DE / CAMPANAS / JOSE CABRILLO MAYOR / SALAMANCA».



Fig 13.- Campá pequena situada no oco norte da torre esquerda da igrexa de san Xurxo elaborada por Zedrun.



Fig 14 e 15.- Campá mediana no frontal da torre dereita. Na figura superior, a marca de fábrica de José Cabrillo Mayor e na figura inferior, vista xeral.



Fig 16.- Campá grande situada no oco norte da torre dereita de san Xurxo feita por José Cabrillo.



Fig 17.- Campá pequena situada no oco sur da torre dereita elaborada por José Cabrillo.

No «Medio Pé» (MP), ten 2 cordóns continuando coa inscrición: «SE FUNDIO SIENDO PARROCO EL DOCTOR DON JESUS M<sup>a</sup> VIDAL VECINO». Remata a decoración con outros 2 cordóns.

A campá pequena situada á dereita da torre, ten unhas medidas de 62 cm de diámetro, un alto interior de 51 cm e pesa 138 Kg.

No «Terzo» (T), ten tres cordóns e a seguinte inscrición: «San Antonio Año de 1943».

No «Medio» (M), sitúase unha cruz simple cunha plataforma de tres chanzos. No lado oposto, debaixo da inscrición «San Antonio», presenta a marca do fundidor coa seguinte lenda: «GRAN FUNDICION DE / CAMPANAS / JOSE CABRILLO MAYOR / SALAMANCA».

No «Medio Pé» (MP), ten 5 cordóns, situándose no cordón central a inscrición: «Siendo Párroco el Doctor Don Jesús Vidal».

As tres campás desta torre sur, teñen xugo de madeira en moi bo estado e soan a través de electro-mazos.

## A COLEXIATA DE SANTA MARÍA DO CAMPO

A Colexiata de Santa María ten dúas torres, unha en cada lado do pórtico antigo, que lembran ás de San Martiño de Noia, onde só se rematou unha das dúas no século XV, (a norte). Na Colexiata de Santa María a torre rematada foi a sur, para as campás, con deseño diferente á norte, que sería para instalar unha carraca (aparello que substitúe en Semana Santa as campás dende o xoves ao domingo por estar prohibida tocalas). A torre das campás está composta por dous corpos, abríndose no superior un gran oco en arco por lado. Cóbrese cunha esvelta cantería con forma piramidal, oca interiormente ata arriba, sen abertura ningunha para a circulación do vento. Paramentos curvados, cun antepeito no





Fig 18.- Vista das torres da Colexiata de Santa María do Campo da Coruña.  
Foto de Jorge Obanza Suárez

seu arranque, de sillares con tracería tallada, apoiado a súa vez en ménsulas e algunha gárgola. Nas súas aristas ou esquinas ten por fóra algunhas ménsulas, escalonadas, tamén molduradas, e rematadas cun florón no cume, que serve de remate á torre e que debeu servir de peaña á cruz que hoxe non ten. Todo parece indicar que foi a derradeira en construírse e non antes da segunda metade do século XV.<sup>10</sup> Coa nova obra de prolongación da igrexa, a fachada correu dez metros ao occidente e as súas torres non variaron de sitio, non aparecendo agora nos ángulos senón no medio da igrexa.<sup>11</sup>

A torre campanario ten 5 campás, a grande no frontal, unha mediana na dereita e outra na esquerda estando as máis pequenas na parte traseira situándose unha enriba da outra. A grande, de unha dimensión considerable, ten unhas medidas de 143 cm de diámetro con un alto interior de 110 cm sendo o seu peso duns 1693 kg.

No corpo superior da campá, chamado «terzo» (T) ten dous cordóns aos que sigue a inscrición seguinte: «SANTA MARIA ORA PRO NOBIS». A continuación, séguenlle outros dous cordóns.

No «Medio» (M) da campá sitúase unha cruz con plataforma de cinco chanzos e decorada a base de estrelas.

No «Medio Pé» (MP) ten dous cordóns e a inscrición «LAVDATE EVM IN TIMPANO ET CHORO PSALMO 150 B+ 4», pechando con dous cordóns.

No «Pé» (P) ten unha inscrición que di: «D<sup>N</sup> MANVEL ANTONIO DE PEÑALAZIA PALACIO», dous cordóns e continúa coa inscrición: «ME HIZO ANO DE 1784», pechando con tres cordóns.

A historia desta campá naceu dun 5 de decembro de 1783 cando o cabildo de Santa María acordou «la reedificacion de la campana maior de la iglesia en atencion a hallarse la



Fig 19.- Campá grande situada no frontal da torre da Colexiata de Santa María do Campo da Coruña elaborada por Manuel Antonio de Peñalacia Palacio.

outra quebrada y sin viso y hacer notable falta para el arreglo diario de las horas de Choro y mas funciones de esta iglesia»,<sup>12</sup>. O arquitecto José de Elexalde foi quen dirixiu a fundición da campá maior da Catedral de Lugo con anterioridade a súa chegada A Coruña en 1775. Negociou a fundición co mestre campaneiro Manuel Antonio de Peñalacia Palacio, comprometéndose este «a ejecutar la campana con arreglo al plan que Elexalde le ha manifestado, siendo de su cuenta y riesgo el baciarla con los metales que sean reconocidos por legitimos y de buena calidad por la persona inteligente que el cavildo halle por conveniente como tambien sera de su cuenta ponerla en el atrio de la iglesia donde se ha de probar a satisfaccion del cavildo».<sup>13</sup>. O día 26 de abril de 1784 coñeceron os canónigos os gastos da fundición que ascendían a 27.705 reais.<sup>14</sup> En agradecemento «al trabajo y cuidado que tuvo en dirigir la obra» Elexalde recibiu 1.200 reais.<sup>15</sup>

A causa do desgaste das asas estaba cerca de desprenderse, co perigo de caer e arruinar a torre, afundindo canto atopase o seu paso; e en 1879 foi restaurada por don Antonio Sanjurjo coñecido polo alcume de «Habilidades».<sup>16</sup> Sen baixala do seu sitio, construíu un forte e arqueado xugo de ferro do que colgaría a campá. Este cepo ten entre os seus brazos unha grosa roda do mesmo metal que vai suxeita con parafusos na cabeza da campá, suplindo con isto as asas. O coste da obra semella que foi de tres mil e pico de reais.<sup>17</sup>

Manuel Antonio de Peñalacia Palacio é posiblemente fillo de Manuel de Peñalacia veciño do lugar de Castillo, Santander. En 1753 di ser maior de 60 anos, viúvo con dous fillos maiores aprendices do oficio de campaneiro. Un deles, Manuel Antonio é o que refunde «La Froilana» da Catedral de Lugo en 1791.

A campá do arco Norte, á dereita conta cunhas medidas de 80cm de diámetro, 67cm de alto e cun peso de 296 Kg.



Fig 20.- Campá situada no oco norte da torre da Colexiata de Santa María do Campo.

No «terzo» (T) ten dous cordóns aos que sigue a inscrición seguinte: «SANTA BARBARA ORA PRO NOBIS ANO DE 1799». A continuación, séguenlle outros dous cordóns.

No «Medio» (M) da campá sitúase unha cruz con plataforma de catro chanzos decorada a base de estrelas e con tres cravos nos brazos. Crúzana dous cordóns pola metade da cruz.

No «Medio Pé» (MP) ten dous cordóns e a inscrición «BENEDICAM DOMINVM IN OMNI TEMPORE SEMPERIAVS EIVS IN ORE MEO», pechando con tres cordóns. A

Fig 21.- Fachada da Colexiata de Santa María do Campo. Foto de Jorge Obanza Suárez.





inscrición traducida di: «Bendirei ao Señor en todo o momento a súa loanza na miña boca».

No «Pé» (P) pecha a decoración con dous cordóns.

O xugo é de madeira en bo estado, non ten badalo e non se ollá a marca de fábrica.

No arco do nacente ou parte traseira da torre conta con dúas campás. A inferior conta cunhas medidas de 77cm de diámetro e 67 cm de alto cun peso de 264 Kg.

No «terzo» (T) ten dous cordóns aos que sigue a inscrición seguinte: «JHS MARIA Y JOSE ANO DE 1826». A continuación, séguenlle outros dous cordóns.

No «Medio» (M) da campá sitúase unha cruz con plataforma de cinco chanzos decorada a base de estrelas.

No «Medio Pé» (MP) pecha a decoración con tres cordóns.

O xugo é de madeira en bo estado e soan a través dun electro-mazo. Non se ollá a marca de fábrica pero a decoración da cruz e o seu epígrafe delatan aos «Ocampo» de Arcos da Condesa.

A campá superior conta cunhas medidas de 58cm de diámetro, 49 cm de alto e un peso duns 113 Kg.

No «terzo» (T) ten dous cordóns aos que sigue a inscrición seguinte: «IHS MARIA Y JOSE ANO DE 1868». A letra «S» está ao revés. A continuación, séguenlle outros dous cordóns.

No «Medio» (M) da campá sitúase unha cruz cos brazos potenciados e cunha plataforma de tres chanzos. Na parte contraria presenta a imaxe dunha Santa Bárbara cinguida por unha cenefa enriba dun pedestal de catro chanzos. De arriba abaixo ten unha inscrición que di: «SANTA BARBARA/POR/PALACIO/EN BEJAN».

No «Medio Pé» (MP) pecha a decoración con catro cordóns.

O xugo é de madeira en bo estado e soan a través dun electro-mazo. O mestre campaneiro é Palacio posiblemente da saga dos Palacio de Mondoñedo xa que a campá semella ser feita en Bexán. San Paio de Bexán ou Rubiños é unha parroquia do concello lugués de Cospeito na comarca da Terra Cha e zona de influencia desta familia de campaneiros.

A derradeira campá situada no arco Sur ten unhas medidas de 95 cm de diámetro, 82cm de alto e 319 Kg de peso.

No «terzo» (T) está decorada cunha cenefa de triángulos con estrelas no seu interior. Séguenlle dous cordóns e a inscrición seguinte: «(Vieira) IHS (vieira) MARIA (vieira) Y



Fig 22.- Campá situada no oco do nacente da torre na parte inferior do mesmo.



Fig 23.- Sinete o marca de fábrica da campá superior do oco do nacente elaborada por Palacio en 1868.





Fig 24.- Campá situada no oco sur da torre da Colexiata de Santa María do Campo elaborada no 1773.

JOSEPH (vieira) ORATE (vieira) ORA PRONOBIS (vieira) ANO DE 1773». A continuación, séguenlle outros dous cordóns.

No «Medio» (M) da campá sitúase unha cruz cos brazos potenciados, tres cravos nos brazos e cunha plataforma de catro chanzos decorada a base de estrelas. Polo medio da cruz atravesa un cordón. No lado contrario da campá, por enriba do cordón sitúase unha figura dunha vieira, por abaixo chama a atención unha figura circular decorada cunha cenefa igual que no terzo. No centro unha cruz feita a base de estrelas que contén unha serie de letras no seu interior e arredor do círculo. Para ler estas principíase pola dereita da cima da asta, continuando todo o círculo, baixando logo todo o pau vertical da cruz e seguindo polo pao horizontal de esquerda á dereita. As letras resultan ser as seguintes: V. R. S. N. S. M. V. S. M. Q. L. I. V. B. C. S. S. M. L. N. D. S. M. D.

O seu significado en latín é: *‘Vade Retro Sátana, Numquam Suade Mihi Vana, Sunt Mala Quae Libas, Ipse Venena Bibas, Crux Sacra Sit Mihi Lux, Non Draco Sit Mihi Dux’*.

Esta frase aparece no reverso da medalla de San Bieito e dita cruz e inscrición ven ser unha reprodución que aparece nos rescritos contra maleficios, tempestades etc. e que se di que foi composta por Santo Tomás de Aquino. A súa tradución sería: *Apártate Satanás, nunca me atraías con enganoso, maldade é a túa carnada, bebe o teu propio veneno, A Santa Cruz sexa a miña luz, non sexa o dragón o meu señor.*

No «Medio Pé» (MP) pecha a decoración con tres cordóns.

O xugo é de madeira en bo estado e soan a través dun electro-mazo. Non se olla marca de fábrica.

## NOTAS

- <sup>1</sup> PELLÓN GÓMEZ DE RUEDA, Adela M<sup>a</sup> (2000): Campaneros de Cantabria. Centro de Estudios Montañeses, Santander, p. 15.
- <sup>2</sup> QUINTÍA PEREIRA, Rafael; RODRÍGUEZ LORENZO, Ana Rosalía (2017): A linguaxe das campás. Etnografía dos sinos. A.C. Os Chichisos. ISBN 978-84-947748-0-5. p. 12.
- <sup>3</sup> PELLÓN GÓMEZ DE RUEDA, Adela M<sup>a</sup> (2000): Campaneros de Cantabria. Centro de Estudios Montañeses, Santander, p. 15.
- <sup>4</sup> PELLÓN GÓMEZ DE RUEDA, Adela M<sup>a</sup> (2000): Campaneros de Cantabria. Centro de Estudios Montañeses, Santander, p. 16.
- <sup>5</sup> SORALUCE BLOND, J.R.; FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. (1997): Arquitecturas da provincia da Coruña, A Coruña. Deputación provincial da Coruña. ISBN 84-89652-74-0. Vol. VI. p. 90.
- <sup>6</sup> CASANOVA, Jorge (2017): «Las campanas robadas en Galicia se venden al peso, a menudo en Galicia». La voz de Galicia. 07/01/2017
- <sup>7</sup> PENA, Silvia (2011): «Roban las campanas de una iglesia de Abadín». El Mundo, Lugo, Galicia. 16/03/2011.
- <sup>8</sup> SORALUCE BLOND, J.R.; FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. (1997): Arquitecturas da provincia da Coruña, A Coruña. Deputación provincial da Coruña. ISBN 84-89652-74-0. Vol. VI. p. 90.
- <sup>9</sup> FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, Estanislao (2013): «Introdución ás firmas, marcas, selos e sinetes dos fundidores das campás de Lugo». *Revista de Investigación «ETNOGRAFÍA»*, nº 5. I.S.S.N. 1989-8541.
- <sup>10</sup> GONZÁLEZ GARCÉS, Miguel (1987): Historia de La Coruña. Edad Media. A Coruña, Caixa Galicia. PP 401-402.
- <sup>11</sup> BERNARDEZ GONZALEZ, Ramón (1862): Reseña histórica y descriptiva de Sta. María del Campo de la ciudad de La Coruña. Biblioteca de la integridad. Vol. VI. Tuy 1862. p. 80.
- <sup>12</sup> A.C.S.M.C. (Arquivo da Colexiata de Santa María do Campo). Actas Capitulares. 1781-1786. 5 decembro, fol.121v
- <sup>13</sup> Ibidem, 13 decembro, fol. 122.
- <sup>14</sup> Ibidem, 26 abril, fol. 129.
- <sup>15</sup> Vid.: Nota 49
- <sup>16</sup> BERNARDEZ GONZALEZ, Ramón (1862): Reseña histórica y descriptiva de Sta. María del Campo de la ciudad de La Coruña. Biblioteca de la integridad. Vol. VI. Tuy 1862. p. 82.
- <sup>17</sup> Ibidem, pp. 81-82.

## BIBLIOGRAFÍA

- BERNARDEZ GONZALEZ, Ramón (1862): Reseña histórica y descriptiva de Sta. María del Campo de la ciudad de La Coruña. Biblioteca de la integridad. Vol. VI. Tuy 1862.
- CASANOVA, Jorge (2017): «Las campanas robadas en Galicia se venden al peso, a menudo en Galicia». La voz de Galicia. 07/01/2017
- FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, E. (2013): «Introdución ás firmas, marcas, selos e sinetes dos fundidores das campás de Lugo». *Revista de Investigación «ETNOGRAFÍA»*, nº 5. I.S.S.N. 1989 – 8541.
- GONZÁLEZ GARCÉS, Miguel (1987): Historia de La Coruña. Edad Media. A Coruña, Caixa Galicia.
- GONZÁLEZ GARCÉS, Miguel (1981): «Los orígenes de Santa María del Campo». La voz de Galicia, 8 de novembro de 1981.
- PENA, Silvia (2011): «Roban las campanas de una iglesia de Abadín». El Mundo, Lugo, Galicia. 16/03/2011.
- PELLÓN GÓMEZ DE RUEDA, Adela M<sup>a</sup> (2000): Campaneros de Cantabria. Centro de Estudios Montañeses, Santander.
- QUINTÍA PEREIRA, Rafael; RODRÍGUEZ LORENZO, Ana Rosalía (2017): A linguaxe das campás. Etnografía dos sinos. A.C. Os Chichisos. ISBN 978-84-947748-0-5.
- SORALUCE BLOND, J.R.; FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X.; PEREIRA, C.; LOUZAO, F.J.; CORRALES, M.; TABOADA, R. (1989): «La Real Colegiata de Santa María del Campo de La Coruña». Excma. Diputación de A Coruña, ISBN 84-86040-37-X. A Coruña, 1989.
- SORALUCE BLOND, J.R.; FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. (1997): Arquitecturas da provincia da Coruña, A Coruña. Deputación provincial da Coruña. ISBN 84-89652-74-0. Vol. VI.

# A ferraría «La Trinidad» e a fundición «Demetria» de Rao (Navia de Suarna)

CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ\*

Debuxos de Xoán Ramón Marín Martínez e José Pena.

## Sumario

Na provincia de Lugo están documentadas ata finais do s. XIX máis de 50 ferrarías e varias fundicións, que beneficiaban mineral autóctono e algunhas tamén importado. Unha foi a de Rao, que traballou durante dúas épocas: a primeira como ferraría dedicada exclusivamente á obtención de ferro maleable, e a segunda como fundición sobre todo de potes dos que aínda se conservan exemplares, que se diferencian dos demais por teren estampado o nome *Rao*.

## Abstract

In the province of Lugo are documented until end of 19<sup>th</sup> century more of 50 smithies and several forges, that benefited autochthonous, and any also imported, mineral. One was in Rao, that worked during two periods: the first as smithy devoted exclusively to get malleable iron, and the second as forge, especially of pots. Still now, we may find some, that differs from others because the name Rao is marked in the belly.

## I. O FERRO EN GALICIA: FERRARÍAS E FUNDICIÓNS

En 1550 escribía o Licenciado Molina na *Descripción del Reyno de Galizia, y de las cosas notables del...*

*Tambien herrerias / que es loa en Bizcaya  
aquí las tenemos / y muchas de sobra...*

Non obstante de que o autor malagueño e cóengo do bispado de Mondoñedo dixese isto a mediados do século XVI, a produción de ferro aquí xa viña de moi antigo, nalgúns casos talvez dende a época romana, manténdose ao longo do tempo como testemuñan, entre outros, os seguintes documentos: o 28 de marzo do ano 959 o rei Sancho I e a súa dona doan ao mosteiro de Celanova unha cova propiedade da coroa situada no territorio de Lemos *undifer ferrum eiciunt*<sup>1</sup>; o 28 de agosto do 958 o mesmo cenobio ourensán adquirelle ao presbítero Plácido a súa parte das minas de *Salgariolus* e *Alvrini*, na terra de Búbal, *ipsa vena unde illum ferrum faciunt et est ipsa cova unde vena sacant*<sup>2</sup>; o 10 de decembro do 966 o bispo iriense-compostelán Sisnando II, xunto co seu irmán e a muller, déixanlle ao mosteiro de Sobrado a metade da *veneira* de Parga (Guitiriz), *illo uenario de Parriga medio*<sup>3</sup>, e, por non alongar máis esta relación, contra o ano 1058 os veciños de

\* **Clodio González Pérez** é membro do Padroado do Museo do Pobo Galego e académico correspondente da Real Academia Galega. Algunhas publicacións relacionadas co tema: *A produción tradicional do ferro en Galicia. As grandes ferrerías da provincia de Lugo*, 1994 (premio de «Investigación – 1992» da Deputación Provincial de Pontevedra); «Arquitectura e tecnoloxía populares no val de Ancares (León)» en *Sociedade e tecnoloxía tradicionais do Val de Ancares*, 1996; «A minaría e a siderurxia tradicionais do ferro na provincia de Lugo» en *Minaría. Expedientes de explotacións mineiras no Arquivo Histórico Provincial de Lugo*, 2004; «A produción tradicional do ferro na conca do río Eo: A «Compañía de la Vega de Rivadeo», *La Vega*, Veigadeo, 75/76, 2009, etc.

varias parroquias da xurisdición de Samos pagaban o «Voto de Santiago» en ferro, como as de San Cristovo de *Lauzara* (Lóuzara) e San Cristovo de *Villachana* (Vilachá).<sup>4</sup>

Os principais promotores das ferrarías dende antigo eran os centros monásticos, sobresaíndo en particular o de Samos pola produción de ferro maleable, que os ferreiros transformaban na forxa en ferramentas e outros utensilios<sup>5</sup>. Reducían o mineral en fornos sinxelos, seguindo o método coñecido pola forxa catalá, que os investigadores sitúan o descubrimento nos montes Pirineos na época visigoda.

Malia que dende comezos do século XIV xa haxa constancia da obtención de ferro fundido ou coado, que se pode botar en moldes da feitura dos obxectos que se queiran facer, as primeiras propostas de montar en Galicia estas siderurxias coidamos que datan do século XVIII: o 18 de decembro de 1748 o P. Sarmiento dille nunha carta ao seu irmán Xavier, que *desde Rivadeo á Portugal hay una cordillera para herrerías, con vena y leña para multiplicar no solo herrerías, sino para poner allí fabricas de todo género, sin necesitar que vengan de fuera, y aun podrian surtir para extraccion. Allí debia poner la fábrica de hierro colado, y no saldria tanto dinero para Potes como es testigo Felipe el barquero...*<sup>6</sup>

Un dos primeiros emprendedores do que hai novas talvez foi José Álvarez de la Braña, que en 1784 solicita *establecer una fábrica de ollas de hierro colado en los concejos de Ybias, Navia de Suarna, Llan de Gaña o Burón, sitos en este Reyno, principado de Asturias y provincia del Bierzo*, pero aínda que se lle concedeu permiso o proxecto non se chegou a materializar<sup>7</sup>. Pola contra si o de Antonio Raimundo Ibáñez, a quen o 5 de febreiro de 1791 se autoriza montar en Sargadelos *una ó mas Herrerías (...)* dos *Martinetes para tirar planchas, y toda clase de herrages (...)* y *una Fábrica de Ollas de hierro, llamadas vulgarmente Potes, á imitacion de las que se traen de Burdeos...* Esta factoría, cun dos primeiros altos fornos de España, empezou a traballar dous anos despois, fundindo, ademais de potes de diferentes tipos, canóns e outros obxectos<sup>8</sup>.

As ferrarías e fundicións antigas estaban na provincia de Lugo, agás algunha na de Ourense (como en particular a de Leira), na que tamén se encontran os principais xacementos, coma os de Formigueiros (O Courel) e Roques (O Pobra do Brollón), dos que ademais das nosas siderurxias tamén se abastecían as do Bierzo, aínda que tampouco se deixaron de explotar outros de menos importancia, algúns non máis que por parte dunha empresa, como foi o caso dos do val de Rao.

A proba máis evidente da abundancia deste mineral, só ou mesturado con outros, constituía o extraordinario número de expedientes mineiros que se conservan no Arquivo Histórico Provincial de Lugo dos séculos XIX e XX, dos que unicamente non hai ningún do concello de Rábade: Abadín, 17; Alfoz, 10; Antas de Ulla, 2; Baleira, 105; Baralla, 76; Barreiros, 62; Becerreá, 131; Begonte, 131; Bóveda, 24; Burela, 4; Carballedo, 17; Castro de Rei, 55; Castroverde, 22; Cervantes, 116; Cervo, 5; Chantada, 15; O Corgo, 3; Cospeito, 2; Folgoso do Courel, 209; A Fonsagrada, 226; Foz, 70; Friol, 40; Guitiriz, 160; Guntín, 36; O Incio, 166; Lán cara, 9; Lourenzá, 78; Lugo, 10; Meira, 114; Mondoñedo, 44; Monforte de Lemos, 68; Monterroso, 19; Muras, 57; Navia de Suarna, 71; Negueira de Muñiz, 3; As Nogais, 9; Ourol, 43; Outeiro de Rei, 8; Palas de Rei, 7; Pantón, 8; Paradela, 25; O Páramo, 1; A Pastoriza, 34; Pedrafita do Cebreiro, 15; A Pobra do Brollón, 163; Pol, 38; A Pontenova, 171; Portomarín, 30; Quiroga, 157; Ribadeo, 102; Ribas de Sil, 36; Ribeira de Piquín, 6; Riotorto, 109; Samos, 18; Sarria, 11; O Saviñao, 31; Sober, 21; Taboada, 10; Trabada, 90; Triacastela, 2; O Valadouro, 13; O Vicedo, 31; Vilalba, 60; Viveiro, 146; Xermade, 82; e Xove, 17.



Como se pode ver, onde máis abunda consonte co número de expedientes, é nos concellos da Fonsagrada (226), A Pontenova (171) e O Incio (166)<sup>9</sup>.

En particular no de Navia de Suarna hai 71, sobresaíndo polo número de minas solicitadas (das que a inmensa maioría non se chegaron a explotar), as situadas na parroquia de Rao: «Incierta» (Coro, 1844), «Dudosa» (O Carozo – Murias – Poso, 1844, 1848); «Dudosa» (O Carozo – Poso, 1844), «Gananciosa» (Meda, 1845), «Buín» (Murias, 1845), «Cantera firme» (O Carozo, 1900), «Explótame» (O Carozo, 1900), «Consuelo» (Meda – Asar, 1902), «Poso» (Murias – Donís, 1910), «Aránzazu» (O Carozo, 1910); «Carmen» (O Carozo, 1913), «Dolores» (Meda, 1917), «Mercedes» (Murias – Poso, 1917), «Álava» (Murias, 1918); «Pepito» (Traserra – Rao, 1918), «Oliva» (Rao – Asar, 1952), «Santa Bárbara» (O Carozo, 1952), «Corrita» (Meda – Coro – Murias, 1958), «María Edda» (Meda – Asar, 1958), «Leganito» (O Carozo, 1961), etc.<sup>10</sup>



Número de expedientes de concesións mineiras de ferro en cada un dos concellos lucenses, 1836-1999 (Debuxo de X. R. Marín).

## II. MATERIAS PRIMAS

Na devandita parroquia de Rao, situada na confluencia de Asturias, León e Galicia, houbo dúas factorías siderúrxicas na primeira metade do século XIX, activas en distintas épocas, de xeito que a segunda aproveitou o edificio e demais construcións da primeira<sup>11</sup>.

Os factores imprescindibles para establecer daquela unha destas empresas, e máis nun sitio tan mal comunicado e afastado dos grandes núcleos de poboación, eran tres: que non moi lonxe existisen xacementos de mineral, que abundase na contorna o combustible (adoitaba ser o que se tiña máis en conta), e que nunca faltase a auga, cando menos no inverno, para mover os enxeños e producir aire.

### 1. O ferro nos Ancares

Polo de agora a primeira referencia verbo da existencia de xacementos nestes montes data da baixa Idade Media, pero é de supor que algúns xa se coñecesen moito antes, case seguro que dende a romanización, partindo da necesidade de ferramentas para as explotacións auríferas situadas nos concellos próximos de Ibias, Santalla de Ozcos, Tinéu, etc.

O documento está relacionado coa Igrexa e, en particular, co bispado de Astorga: os cóengos acordaron en 1172 facer memoria dúas veces ao ano do bispo Don Fernando, que rexera a sé entre 1156 e 1172, en agradecemento de *haberles dado su Ilustrísima la Iglesia y heredades de Redelga y los diezmos del hierro de Ancares y la tercia de sal de*


*Lampreana*<sup>12</sup>. Non sabemos se daquela a diocese asturicense tamén tiña dominio en parte da aba galega dos montes, pero case seguro que a liña divisoria xa marcaban os cumes da serra, dependendo as parroquias de Valouta, Suárbol e Rao da diocese de Oviedo, á que pertenceron ata 1954, en que polo decreto 1.416 do devandito ano da Sagrada Congregación Consistorial, en cumprimento do acordado no Concordato do 27 de agosto de 1953 entre a Santa Sé e o Goberno Español, para axustar os lindes das dioceses dentro do posible aos das provincias civís, as dúas primeiras pasaron á de Astorga e a terceira á de Lugo.

Na de Rao a mediados do século XVIII non existía ningunha explotación, como consta na pregunta 17 do Interrogatorio do Catastro do marqués de la Ensenada: *no ay minas; salinas, Batanes ni otro artefacto a excepción de veinte y uno molinos arineros...*<sup>13</sup> Vai ser máis de corenta anos despois, en 1795, cando se teñan novas do primeiro xacemento situado no seu territorio, pero non para beneficiar o mineral na ferraría que se construía aquí, senón na do Vilar da Cuiña (A Fonsagrada), da que tamén era propietaria a «Compañía de la Vega de Rivadeo»<sup>14</sup>. Dous anos máis tarde, nun informe do militar Francisco Datoli Lassle (1766–1810) verbo dunha fábrica de armas no Bierzo, ao falar da ferraría de Teixeu de Ancares, que empezara a construír en 1788 unha sociedade formada por un veciño da mesma parroquia (Francisco Abella) e dous da lindeira de Pereda (Bernardo e Jerónimo Rodríguez, estes comerciantes e residentes en Ferrol), afirma que tiñan pensado explotar a *vena* deste xacemento pero que non llo permitira a devandita compañía que a reservaba para a súa de Rao: *finalmente que a la herrería de Ancares podrá aplicársele otro mineral que está a legua y media de ella, pasado el puerto de la Magdalena [agora denominado de Ancares], jurisdicción de Galicia pareciendo que este produce hierro más suave que el que usa actualmente, según se experimentó en la expresada herrería, aunque no da señales de ser tan abundante; siendo así que la Compañía de la Vega de Ribadeo impidió a los dueños de la dicha herrería el que arrancasen aquel mineral que dice ser mejor...*<sup>15</sup>.

En 1801 o mineral que se beneficiaba na de Rao viña deste *veneiro*, como se deduce do acordo que subscriben o apoderado da compañía, Antonio González Viejo, e o presbítero Manuel Pérez e demais veciños de Robledo<sup>16</sup> e Murias, sobre os camiños e as pontes que había que construír ou refacer: a ponte que está na *vajada de la Sierra del Carozo inmediata a la mina que se trabaja actualmente se ha de hacer tanvien para transito de Carros y Ganados...*, e tamén tería que indemnizar o importe do *montazgo de maderas y leñas, maderas y cualesquiera otro que les haya causado en la construcion del Camino de dicha Sierra del Carozo para la extraccion de sus venas...*<sup>17</sup>.

Pero o xacemento do Vieiro (na documentación tamén figura como *Bieyro e Bieyteiro*), xa se esgotou en 1805, véndose obrigados os que levaban en aluguer a ferraría a procurar outros na contorna por consello da compañía propietaria, en particular, pola parte de arriba das casas de *Murias y en el Callejón y sitio nombrado das Barrosas donde se halla una Venera descubierta de igual calidad que la del Bieyteiro*. Non atinaron ben e ante o fracaso, dous anos despois os donos estaban dispostos a alugar ou mesmo a vender a factoría a baixo prezo, de non se descubrir canto antes mineral na zona. Non sabemos de certo se o acadaron preto ou o tiñan que traer de lonxe, o caso é que en 1827 continuaba activa, como consta no *Diccionario...* de Sebastián de Miñano<sup>18</sup>.

Por estes anos rexistráronse varios xacementos no val de Rao, o que indica que se non estaba activa a ferraría anterior, había o proxecto de poñela de novo en funcionamento: o 2 de decembro de 1844, José María Bravo, residente en Santalla de Ozcos e un dos herdeiros



Situación da ferraría e fundición de Rao, e dos principais xacementos de ferro e castina (Debuxo de X. R. Marín).

do fundador, inscribe ao seu nome un *criadero de fierro en el sitio de Coro terminos del lugar de este nombre contiguo á el y a la izquierda del Rio llamado Bal-derrao*, que acorda denominar «Incierta»; o 10 do mesmo mes e ano fai igual cunha *mina de hierro con el nombre Dudosa, situada en la cruta (sic) del Monte llamado Carozo (sic), en medio del camino que sigue de Rao á Poso*, y de los peñascos que forman cuspide llamados tambien del Carozo; o 23 de xaneiro de 1845, José María Bravo e dous socios, Balbino e Juan Torres, *del comercio de Rivadeo*, solicitan o rexistro dun *criadero de Mineral de yerro en el prado que llaman de Juan Alvarez con el nombre de Gananciosa; termino del lugar de Meda*; na mesma data a de «Buín», en Murias; o 2 de outubro de 1848, Juan Torres (ou de Torres), *en nombre de la Sociedad minera, titulada «Buronense»*, pide a inscrición dun criadeiro situado no *Llano del monte Corozo*, en Murias, etc.<sup>19</sup>

Pero cómpre agardar ata 1849 para que se publiquen as primeiras análises do mineral de tres destes xacementos por parte dos enxeñeiros franceses Adrien Paillette e Emile Bézard, nun artigo do *Bulletin de la Société Géologique de France*: «Coup d'oeil sur le gisement et la composition chimique de quelques mineraux de fer de la province des Asturies

(Espagne)»<sup>20</sup>. Afirman que os minerais dérallos Guillermo Schulz e que os explotaba unha compañía de industriais do país, *tous hommes parfaitement entendus dans les affaires*, entre os que se distinguían os señores Torres e Bravo<sup>21</sup>. Precisamente fora o segundo, neto do fundador da «Compañía de la Vega de Rivadeo», quen os mandara ao laboratorio da «Compañía minera leonesa-asturiana» para analizados: o do monte Carozo; o dos *Penones* situado nas cristas dos montes, preto da aldea de Poso da parroquia do Pando e, polo mesmo, na liña divisoria co concello de Cervantes)<sup>22</sup>, e o de Meda, unha das aldeas de Rao, do que non sabemos se se chegou a explotar nalgunha das dúas épocas desta siderurxia ou por parte doutras<sup>23</sup>.

Os minerais eran hidróxidos de ferro moi compacto, percibíndose nalgún deles a simple vista, como no dos Penoas, sílice, arxila e mica. Segundo as probas que fixeran, os tres produciron entre o 45 e 46% de fundición gris. Os citados xeólogos afirman que eran rochas superficiais e que só unha delas subministrara ata 3.000 quintais de mineral, en poucos meses e a ceo aberto<sup>24</sup>. Nesta época xa se beneficiara algún na fundición de Rao, o que testemuña que estaba activa dende antes de mediados do ano 1849 en que se publica o artigo.

A memoria que presenta ao ministro de Comercio, Instrución y Obras Públicas a Junta Clasificadora dos produtos da Exposición Industrial de España, celebrada en Madrid en 1850, dedícalle un parágrafo a esta factoría, curto pero de interese, polo que se sabe que tanto o mineral coma o combustible procedían da zona: *No muy lejos de las fundiciones de Sargadelos, se encuentra la del Valle de Rao, al Este de Navia de Suarna, en la provincia de Lugo, cerca de los confines de Asturias y Leon. Mas reducida y susceptible de mayor desarrollo, se surte de minerales propios, explotados en sus cercanías, y del carbon vegetal del pais, allí obtenido con equidad. Hay orden y economía en su administracion, y reduce hoy sus trabajos exclusivamente á la fabricacion de potería, para el surtido de las comarcas montañosas que la circundan*<sup>25</sup>.

## 2. O fundente: a castina

En particular para a segunda época, cando era fundición, ademais do mineral tamén se precisaba dispor de castina da que, por exemplo, para 6.000 quintais maiores de mineral (sobre 425.100 kg<sup>26</sup>) cumprían 1.200 tamén quintais maiores deste fundente (85.020 kg, aproximadamente), dos que se obtiñan 3.000 quintais oficiais de ferro (138.027 kg)<sup>27</sup>.

Segundo os franceses A. Paillette e E. Bézard, *o fundente empregado é unha calcaria gris modificada, un pouco cristalina, procedente do terreo metamórfico que M. Schulz estudou entre Cangas de Tinéu e Rao*<sup>28</sup>.

Pero por unha carta dirixida ao administrador da ferraría Manuel Núñez, o 16 de marzo de 1850, sobre unha débeda de dous veciños da parroquia de Moia (lindeira coa de Rao e do mesmo concello de Navia de Suarna), sabemos que o xacemento de onde procedía o fundente nesta época non quedaba lonxe da factoría: *D. Juan Perez Poso, y Juan Fernandez Mangueiro vecinos de Moya, me prometieron satisfacer en conducciones de Castina ó piedra y carbon, el 1º. sobre 375 y el 2º. 118 reales que me son en deber...*<sup>29</sup> Confirmándose o sitio noutra que lle envía Ramón Monasterio o 15 de xaneiro de 1852 dende a Proba de Navia ao neste caso ex-administrador Manuel Núñez, xa que abandonara o cargo o 24 de setembro do ano anterior: *Juan de Lucas de Moya, aun no me entregó los 45 reales que confesó le debía y que quedó de entregar trampronto los ganase en Carbon, pues los restantes al completo dice se los tiene pagos en 10. quintales de piedra Caliza que*



*condujo de Muñis...*<sup>30</sup> Outra das freguesías do concello de Navia de Suarna, non obstante que daquela non era máis que unha aldea da de Barcia, distante da fundición sobre 12 quilómetros pola estrada actual.

### 3. O combustible: a leña e o carbón

Para estas factorías era moito máis importante que houberse preto combustible abundante que mineral, porque mentres que do primeiro consumían grandes cantidades, do segundo adoitaban ser pequenas, que se podían transportar dende máis lonxe, xa que non hai constancia de que algunha das dúas de Rao chegase a empregar carbón mineral.

Procedía basicamente de dúas árbores, carballos (aquí denominados rebolos) e castiñeiros, e dun arbusto, a uz. Os primeiros abundan na zona, e máis ata mediados do século pasado en que aínda se conservaban carballeiras de difícil acceso case virxes, como as das ladeiras do *fundicio* do río Valouta, que desapareceron convertidas en travesas do tren cando se abriu a vía Zamora – Ourense – Santiago de Compostela, inaugurada en 1958. Os segundos eran moi estimados pola madeira e tamén polo froito, non cortando máis que os que secaban ou había que decotar. O último, a uz, cubre todos os montes da contorna, e era moi apreciada dende antigo pola grande potencia calórica e, en particular, a raíz, coñecida nas aldeas máis próximas a Rao por cepos (Coro), torgos (Robledo) e carrochos (Murias).

A leña dos carballos e castiñeiros destinábase principalmente para calcinar (ou «cocer») o mineral, mentres que a da uz se reservaba para a redución, convertida case sempre en carbón. As cantidades que se consumían eran enormes, como se deduce do que afirma o xeólogo G. Schulz en 1838: para producir 25.000 quintais de ferro (1.150.225 kg), fixeran falta 95.000 quintais de mineral (4.370.855 kg), 25.000 quintais de leña (1.150.225 kg) e 130.000 quintais de carbón (5.981.170 kg). Do que se tira a conclusión que por cada quintal de ferro maleable ou dúctil (46.009 kg) gastáranse 6,2 de combustible (máis de 285 kg)<sup>31</sup>.

Este gasto daba lugar a unha carencia crónica que lle afectaba dende antigo a todas estas siderurxias, non se librando nin a de Sargadelos que, por exemplo, en 1849 só tiña aceso un forno por non contar con carbón, e en 1861 dicíase que co combustible de que dispoñía unicamente podía funcionar un alto forno<sup>32</sup>. Situación que chegou ao límite en 1874, ao deixar de traballar a pleno rendemento as ferrarías da Gorgueira (Quiroga), O Vilar da Cuíña (Fonsagrada), e as de Gundriz, Carqueixeda e Lusío (as tres no concello de Samos), por falta de combustible suficiente<sup>33</sup>.

Tanto a leña coma o carbón que consumiron as dúas de Rao procedían da contorna, o que non sabemos é se o segundo era elaborado polos labregos ou polos traballadores da factoría, ou quizais por ambos os dous. Hai uns 50 anos, cando os montes estaban limpos, aínda se distinguía nos situados entre a aldea de Coro e o alto do Carozo os restos das froias ou braseiros onde se obtiña o carbón, xa que debía ser de aquí de onde procedía o máis del, a teor do acordo de 1801 entre a «Compañía de la Vega de Rivadeo» e os veciños, no que consta que *el otro puente de a pie donde llaman el Bao que sirve para conducir la maior parte de carbones la han de hacer de por mitad dicho vecindario de Murias y la Compañía, mientras se sirva de ella para la conduccion de sus carbones*. Queda sobre o río Rao entre a factoría e Coro<sup>34</sup>.

Non se coñece o consumo da ferraría, pero no que concirne en particular á fundición consta que na campaña de decembro de 1849 a xuño de 1850, para obter 3.000 quintais de ferro (138.027 kg), fixeron falta 3.800 cargas de carbón de carballo (699.200 kg<sup>35</sup>) e 7.000 de

uz (1.288.000 kg), resultando que se gastaran por cada quintal de metal fundido (46,009 kg), 3,6 cargas de combustible (máis de 662 kg)<sup>36</sup>.

Cando se autorizaba a instalación dunha destas industrias, co fin de evitar enfrontamentos cos veciños e de que os montes quedasen baldíos aos poucos anos, xa se facían constar as condicións a ter en conta respecto do combustible. Por exemplo, no caso en particular da de José Álvarez de la Braña, cando solicitou o establecemento dunha *fábrica de ollas de hierro colado en los concejos de Ybias, Navia de Suarna, Llan de Gaña o Burón*, o ano 1784, proxecto que non se chegou a materializar pero que puido influír en que se construíse a de Rao, o Real y Supremo Consejo de Hacienda ordena: *Que tampoco han de poder usar de más leña que las sobrantes surtido el vecindario, pagando su importe a tasación de peritos, reconociéndose antes por estos la leña que se ha de cortar, guardándose siempre la ynstrucción de montes, cuyo importe y el de la que necesite Braña para construcción de la fábrica y edificios precisos ha de serbir también para aumentos de propios del concejo a quien pertenezcan y si las leñas fuesen de montes particulares se deberán entender con los dueños para su compra, reduciéndose éstos a equidad por medio de peritos quando pidieren precios excesivos*<sup>37</sup>.

#### 4. A forza motriz: a auga

Era imprescindible contar con abundante durante a tempada que se traballaba, xa que algunhas ferrarías non a podían completar por non dispor da suficiente para mover os enxeños, como consta en varios documentos e, en particular, no Catastro do marqués de La Ensenada a mediados do século XVIII, entre as que estaban as de Paleiras, A Quintá e A Rodela (Quiroga), Santalla e Lusío (Samos), Hórreos (O Courel), Bois (As Nogais), etc. Algunha, como a de Rugando (Quiroga) en 1874 só traballou cinco meses por este motivo<sup>38</sup>.

As dúas de Rao unicamente dispoñían da do río Valouta, que nace na aba do porto de Ancares, na provincia de León, e entra en Galicia a uns catro quilómetros antes da factoría. Non obstante que a denominación actual é a do lugar onde empeza, o nome antigo era Abeado, como consta na escritura de acordo entre a «Compañía de la Vega de Rivadeo» e os veciños de Robledo e Murias sobre a construción de pontes e camiños para uso da ferraría, asinado o 8 de febreiro de 1801: *que el puente colocado sobre el río Abeado con cuias aguas travaja dicha fabrica inmediato a ella...* O soar onde estaba a factoría era coñecido pola Veiga de Abeado (*En el lugar de la Vega de Abeado, terminos del lugar de Robledo Parroquia de Santa Maria de Rao...*)<sup>39</sup>, e actualmente aínda conservan esta denominación as terras situadas na banda de Murias: souto de Abeado, prados de Abeado, etc.

Non se coñece o método que usaba a ferraría para insuflar aire ao forno e á forxa, aínda que case seguro que era con barquíns ou foles, que funcionaban coma o mazo por medio dunha roda ou rodicio vertical que movía a auga ao caer dende o banzado. Pero, pola contra, está documentado que a fundición dispoñía dunha trompa (coñecida popularmente por *chifrón* e *chinfrón*), consistente nun tubo con varios buratos ou *oídos* polos que ao caer a auga absorbe o aire do exterior que logo expulsa polo canón que vai ao forno e á forxa. Segundo os enxeñeiros franceses A. Paillette e E. Bézard, esta factoría contaba cunha boa trompa (*armé d'une bonne trompe*) para producir aire<sup>40</sup>.

### III. A FERRARÍA «LA TRINIDAD» DE RAO


#### 1. Orixe e propietarios

A primeira siderurxia documentada na serra ancaresa é, como queda dito, a de Teixeu na aba leonesa, varios quilómetros máis abaixo do Porto de Ancares ou da Magdalena, pero con moi pequena diferenza da de Rao, polo que se poden considerar contemporáneas. Das anteriores, que deberon existir tendo en conta o feito de que os cóengos de Astorga acordasen rememorar dúas veces ao ano a memoria do bispo D. Fernando por terlles deixado os décimos do ferro de Ancares, non coñecemos memoria escrita nin tampouco se conserva oral<sup>41</sup>.

A política proteccionista de Carlos III e as exencións fiscais do ferro que se producise aquí favoreceron a construción de novas ferrarías, fundamentalmente naqueles lugares onde se contaba con abundante combustible, e mellor aínda cando tamén había xacementos ou *veneiros* non lonxe, como ocorría na contorna desta serra, dando lugar a que ao mesmo tempo xurdisen tres iniciativas semellantes: dúas na ladeira galega e unha na leonesa.

A primeira estaba promovida polo asturiano Andrés Bravo Bermúdez, natural de Santalla de Ozcos, pero residente en Ferrol e encargado da provisión de víveres e outros efectos da Maestranza de Artillería, que xa levaba alugadas as ferrarías de Montealegre (Castropol) e Nafarea (Veigadeo). Presentou a solicitude en 1783 ao Consejo de Estado para construír durante doce anos tres factorías, catro mazos e cen casas, nas xurisdicións ou concellos asturianos de Ozcos, Ibias e Grandas de Salime, e nos galegos de Burón (agora A Fonsagrada) e Navia de Suarna. O proxecto non se chegou a realizar por completo pola oposición dalgúns concellos e dos propietarios doutras empresas, pero si en parte, xa que en 1788 obtivo licenza do Supremo Consejo de Castilla para construír tres ferrarías e catro mazos, as primeiras situadas no Vilar da Cúña –ou Coiña, como se dicía daquela– (A Fonsagrada), Penalba (Ibias, que non se chegou a facer) e Rao (Navia de Suarna).

Pero polos mesmos anos apareceu outro emprendedor tamén asturiano, neste caso de Grandas e establecido na Coruña, José Álvarez de la Braña, que en 1784 (ao ano seguinte do anterior) tamén solicitou licenza ao Real y Supremo Consejo de Hacienda para establecer *una fábrica de ollas de hierro colado en los concejos de Ybias, Navia de Suarna, Llan de Gaña o Burón, sitios en este Reyno, principado de Asturias y provincia del Bierzo*<sup>42</sup>. Como no caso anterior, a petición tamén se tivo en conta, pero non se lle concede autorización ata dez anos despois e consonte coas seguintes condicións, que resumimos: Que auxiliase na obra o militar Francisco Ignacio Richter (fora quen levantara o alto forno de Sargadelos de fundir potes e outros obxectos en 1791); que podía construír a fábrica en calquera dos concellos citados, *o en sitio en que no cause perjuicio a la fábrica de igual*



Sección dunha trompa ou *chifrón*.

*clase y de herrages que estableció don Andrés Antonio Bravo Bermúdez ni a otros; que se o terreo era comunal non se lle impedise a construción da fábrica; que puidese usar de vena que necesite y del parage que le sea más conveniente, con tal que sacándola de los minerales señalados por el referido don Andrés Antonio Bravo quando trató de establecer sus fábricas, no perjudique a este o a quien le suceda o haya sucedido; que se utiliza carbón de pedra non han de poder usar de más que el preciso a la misma fábrica; que tampouco poderá usar de más leñas que las sobrantes surtido el vecindario, pagando su importe a tasación de peritos, reconociéndose antes por éstos la leña que se ha de cortar, guardándose siempre la ynstrucción de montes; que se fai camiños para beneficio da fábrica que sexa por terreos abertos e incultos y solo toque en tierra particular quando no hubiere otro arbitrio a juicio de inteligentes, pagando por tasación de éstos el importe del terreno ocupado según su calidad; que goce das mesmas exencións e regalías que se lle concederon a Bravo Bermúdez para as súas ferrarías, reducidas después de las que están acordadas por punto general a todas las de su especie, a la libertad de derechos de alcabalas y cientos en las primeras ventas al pie de la fábrica o para que señaladas como tal cobrándose en las demas ventas solo un dos por ciento por el precio de pie de fábrica, al libre tránsito del hierro que para dicha fábrica se conduzca a las provincias exentas en solo la cantidad que se emplee en ynstrumentos y máquinas que faciliten los progresos de ella; e, por último, que por lo resuelto a beneficio de las Fábricas de Bravo de comisión al regente de la Audiencia de Oviedo para el establecimiento de la de Braña en la conformidad expresada con facultad de subdelegar en un ministro de la misma Audiencia en caso de ocupación o quando conviniere pasar a territorios, oyendo la Audiencia a los ynteresados y al fiscal sobre la pertenencia de los terrenos que hubieren de ocupar quando haya dudas en quanto a ella o su legítima posesión, sin perjuicio de la execución de las obras<sup>43</sup>.*

O problema xurdiu que cando se lle concede licenza a Jose Álvarez de la Braña, en 1794, xa estaban en obras algunhas das de Bravo Bermúdez situadas nos mesmos concellos ou preto, polo que o proxecto non se levou a termo case seguro polos atrancos que puxo a «Compañía de la Vega de Rivadeo», alegando que lle afectaba á da Cuña, e tamén polo seu pasamento, como consta no poder que a muller, María Díaz y Ron, asina con José Fernández na Coruña o 26 de febreiro de 1799<sup>44</sup>.

A terceira, cronoloxicamente, foi a leonesa de Teixeu promovida en 1788 por unha sociedade constituída por tres veciños da comarca, coa idea de beneficiar mineral dun criadeiro existente preto do Porto de Ancares, pero contando antes co consentimento dos demais veciños para poder dispor de combustible que, segundo os mesmos, *tenemos superabundantes montes para coadyubar a la perpetua existencia de la propuesta fábrica sin ser necesario tocar, ni entrometerse a arrancar en los vedados y cotados que abundantemente tenemos para edificios...*<sup>45</sup>

Como se pode ver, as tres quedaban lonxe das principais vías de comunicación pero en territorios moi ricos en montes con abundante vexetación, pois os próximos ao mar e, polo mesmo, mellor comunicados, estaban totalmente esquilados ou dependían doutras empresas.

Co gallo de que Bravo Bermúdez non dispoñía de suficiente capital para levar a cabo todas as obras, en 1789 promoveu a fundación da «Compañía de la Vega de Rivadeo», constituída por 19 accionistas e da que era presidente o marqués de Astorga, Vicente Joaquín Osorio de Moscoso Guzmán (Madrid, 1756 – 1816), casado cunha filla do marqués






A Veiga de Abeado, onde estiveron a ferraría e a fundición de Rao.

de Vilafranca do Bierzo<sup>46</sup>, que pola súa influencia, case seguro, ao ano seguinte da constitución xa se lle conceden varios dereitos e exencións para fomentar as ferrarías e os mazos que constrúese en Asturias e Galicia.<sup>47</sup>

As primeiras foron as dúas situadas na parroquia do Vilar da Cuña, das que para unha delas xa se solicita permiso o 3 de febreiro de 1792 á Junta de Ferrol para cortar madeira para a súa construción, constando tamén que o encargado da obra era o mestre José Uría que, consonte co apelido, coidamos que fose vasco: *dn. Andres Antonio Bravo y Vermudez, dn. Antonio Gonzalez Viejo, y dn. Pedro Gonzalez de Carbajal, socios, y Director de la Compañía de la Vega de Rivadeo con la maior atencion representan a V.I. que hallándose con Real Cedula de S.M. de 19 de Mayo de 1788 para construir una herrería y un martinete en los terminos del Villar de Coyña jurisdiccion de Buron en el Reino de Galicia necesitan de las maderas de Roble que se acompaña...*<sup>48</sup>.

Pouco tempo despois empeza a construción da *ferrería de la Santísima Trinidad* de Rao, que era a denominación oficial, aínda que sempre consta como «La Trinidad» ou «Trinidad»<sup>49</sup>, que tivo que ser pouco antes ou en 1794, a teor do que afirma o militar Datoli Lassle no devandito ano cando di verbo da de Teixeu de Ancares que a «Compañía de la Vega de Rivadeo» non lle permitía beneficiar o mineral de Rao, por ser para a que estaba a construír nesta parroquia<sup>50</sup>. O 14 de decembro de 1796 posiblemente estaba rematado o edificio, segundo se deduce dunha carta enviada pola compañía a José Pambley (que anos despois será un dos seus rendeiros), na que lle din que *muchísimo nos ha disgustado la noticia que nos da de estar parada la Herrería del Buen Retiro que dejamos destinada para tirar los fierros para la de Balle de Rao...*<sup>51</sup> Pero a fonsagradaina debeu deixar de



Nomenclatura do mazo dunha ferraría: 1, cepo; 2, cadea; 3, boga; 4, aldabarra; 5, mandís; 6, mango; 7, mazo; 8, ingre (Debuxo de J. Pena).

traballar pouco tempo, pois o 26 do mesmo mes xa se lle comunica a Pedro González de Carbajal, director da compañía, que *la del Buen Retiro está empleada en los Herrajes para la de la Trinidad. Ya está concluído la Incle, y la Boga, y en el día se ocupa en la Fábrica del Mazo*<sup>52</sup>.

Se non se rematou nesta data debeu ser pouco despois, tendo en conta que en 1801 xa mercou aquí algún ferro Adrián Cantalapiedra, de León<sup>53</sup>. Ademais tamén foi o 8 de febreiro deste ano cando asinaron un acordo entre Isidro Pérez Llano Valdés, como apoderado de Antonio González Viejo, á súa vez apoderado xeral da «Compañía de la Vega de Rivadeo» e os veciños de Murias e Robledo, representados, entre outros, polo presbítero Manuel Pérez Murias, no que consta que se concluíra *una fabrica de fierro o Herreria con su Casa de administración y otras oficinas y Almagcenes (sic) en esta situacion le hera indispensable para su formal establecimiento en observancia de la Real facultad que para ello se les espidió servirse de las materias primeras que existen en los terminos de dichos Lugares de Murias y Robledo para cuia conducion y transporte a la citada fabrica hera tanvien preciso usar de los Puentes y Caminos reales y vecinales que oy existen y establecer otros según la necesidad y circunstancias...* Acordan arranxar os camiños e as pontes deteriorados polas obras ou melloralos para poder transportar os materiais, como *el puente colocado sobre el Rio Abeado (o actual Valouta) con cuias aguas trabaja dicha fabrica inmediato a ella aunque siempre estuvo a cargo de los dos vecindarios de Murias y Robledo para construírlo de por mitad de forma que sirviese para carro y ganado*, convindo que os veciños porían a madeira e a empresa construíría a ponte; tamén pagaría esta dous terzos e os veciños un da situada na *vajada de la Sierra del Carozo inmediato a la mina que se trabaja actualmente se ha de hacer tanvien para*

*transito de Carros y Ganados, e, por último, el puente de a pie donde llaman el Bao que sirve para conducir la maior parte de carbones lo han de costear de por mitad dicho vecindario de Murias y Compañía, mientras se sirva de ella para la conduzion de sus carbones en la propia forma que la antecedente*<sup>54</sup>.

As relacións cos veciños non foron moi cordiais, a teor do que conta o administrador aos directores da compañía, o capelán Isidro Pérez Llano Valdés, o 13 de febreiro de 1804, de que varios obreiros foran atacados por uns encapuchados: *el dia 9. del que rixe, salio de la Casa de Administracion de esta Ferreria dn. Domingo Mendez Busto en compañía de Juan Fernandez vecino de Llan de Pereyra, y Manuel Alvarez, vezino de Coro, a revisar la venera del Bieyro, y al llegar mas abajo del Puente que llaman del Carozo, les salieron siete hombres, y les golpearon vastante: al dn. Domingo, creo le partieron el brazo derecho: al Fernandez, tambien le maltrataron bastante, y el del Coro se escapo tan solamente con un palo que dice le dieron en una mano: Dicen no les conocen por estar todos enmascarados, solo si algunos sospecha de algunos...* Na mesma misiva tamén di que un suceso semellante xa se producira o ano anterior, polo que a compañía decide denunciar os feitos á xustiza<sup>55</sup>.

O motivo principal dos enfrontamentos era o combustible, igual que en case todos os sitios onde había algunha destas empresas, como consta na seguinte carta, do 17 do mesmo mes e ano: *nosotros jamas nos hemos propasado a introducirnos en terrenos, y Montes de aquellos Naturales, sin su beneplacito, me parecio del caso remitir á Vs. como lo hago, los adjuntos documentos: el del n°. 1 trata del ajuste de Montes, Leñas, y Carbones con los vecinos de Murias de Rao, que son los que aora nos perturban, y han hecho todos los atentados que e publicado requiriendosenos ultimamente según dice Pambley, no usasemos mas de las leñas, y montes de su Lugar, desatendiendose en lo que tienen capitulado con nosotros.*

*El del n° 2. es una contrata celebrada con los Dueños de los terrenos donde se descubrio la vena de fierro para el abastecimiento de la Ferreria de la Trinidad.*

*El del n°. 3, comprehende el combenio que dichos vecinos de Murias de Rao han celebrado con nosotros sobre construccion de Puentes y otras cosas que en dicho Instrumento se notan...*<sup>56</sup>

Os problemas para a ferraría non remataron aquí, pois o 26 de xullo do dito ano 1804 varios ladróns asaltaron a casa, ataron ao administrador e levaron os cartos que había, que ascendían a 23.529 reais con 24 marabedís<sup>57</sup>. Ante o sucedido veñen a Rao, José Pambley, por parte da compañía, e o xuíz e o escribán da Proba de Navia, pero logo de indagar como se desenvolveran os feitos, aproveitaron para revisar os libros de contas e a sorpresa foi que descubriron un desfalco de 30.000 reais de vellón. Ante tal acontecemento, acordaron embargarlle todos os bens ao administrador, Isidro Pérez Llano, mais como este presentou varios fiadores quedaron en despedilo e en que tería que devolver o importe subtraído en tres anos<sup>58</sup>.

A compañía decidiu entón alugar a ferraría, facéndose cargo dela José Pambley, que era representante da mesma, e Andrés Méndez Busto<sup>59</sup>.

Os seguintes datos que se posúen son os últimos que constan no Copiador de correspondencia da «Compañía de la Vega de Rivadeo» que se conserva no arquivo do Museo Provincial de Lugo: o primeiro é do 14 de outubro de 1805 e refírese á escaseza de mineral por se extinguir a *veneira do Bieyteiro* (ou Vieiro), tendo que procurar os arrendatarios pola súa conta outros xacementos, que por consello da compañía debían

facelo pola parte de arriba *de las Casas de Murias y en el Callejón y sitio nombrado das Barrosas donde se halla una Venera descubierta de igual calidad que la del Bieyteiro*. Pero ante o fracaso da busca, en 1807 trataban de alugala ou de vendela a baixo prezo, se antes non se descubría mineral na contorna<sup>60</sup>.

O último que se conserva tamén data do mesmo ano 1807, e trata de que había que reconstruír un dos paredóns que se derrubara da canle pola que ía a auga ao banzado<sup>61</sup>.

## 2. Anos de actividade e prezo do ferro

Como queda visto, en 1796 xa se fixeron o mazo e demais aparellos na ferraría do Vilar da Cuíña, e o 8 de febreiro de 1801 consta que estaba construída a *fábrica de fierro o Herrería*, e quizais tamén en funcionamento tendo en conta que neste ano xa mercou aquí algún ferro Adrián Cantalapiedra, de León<sup>62</sup>. Tivo que ser neste lapso de tempo cando empezou a traballar, malia que Lucas José Labrada en 1803 diga que foi uns dez anos antes: *Hay en éste Valle (de Rao) una fábrica de fierro, que habrá diez anos se há establecido, á donde se ocupan 20 operarios. Pero en este año (de 1803) se halla sin exercicio, por la falta de venta de fierro, aunque su clase nada há desmerecido á los años anteriores*. De ser certo o que di o ilustrado ferrolán, entón comezaría arredor de 1793<sup>63</sup>.

O que era seguro é que non lle ía ben, aínda que seguiu activa cando menos ata 1807, en que se derrubou un dos muros de contención da canle. Non se sabe se os datos que achega Sebastián de Miñano en 1827 son da época ou anteriores, pero a situación tampouco era prometedora ao afirmar que en *Rao hay una fábrica de hierro en que se ocupaban antes bastantes operarios, y que en el día está casi sin uso*<sup>64</sup>.

Descoñecemos a documentación de que dispuxo o xeólogo Hernández Sampelayo para afirmar que en 1830 estaba parada<sup>65</sup>, pero talvez foi por esta época, pois Pascual Madoz no artigo que dedica a Rao di que a única industria existente na parroquia era a *agrícola y molinos harineros; las mugeres se dedican al hilado y tejido de lienzo caseros*. Pero neste caso cómpre facer unha aclaración: non consta cando foi facilitada a información, pero tivo que ser antes de 1849 en que sae do prelo este tomo do *Diccionario*, a teor de que o ano anterior xa consta que estaba en funcionamento a fundición e non di nada dela<sup>66</sup>.

Os datos que se posúen son escasos, unicamente se sabe dalgunhas transaccións correspondentes a 1804 e 1805: o 6 de xullo do primeiro consta que se vendía a 26 reais a arroba castelá de ferro (11,5 kg), pero neste caso aclárase que a empresa debíao poñer pola súa conta en Bembibre (León); e no mes de setembro ofrecéronlle 100 reais polo quintal (46 kg), pero querían 110 ou, cando menos, 108. O ano seguinte vendeu o quintal a 105 reais e tamén se fala de a 115<sup>67</sup>. Dos clientes unicamente temos constancia dos seguintes: Adrián Cantalapiedra, de León, que merca ferro en 1801 e tamén en 1804; un que non se dá o nome que era de Astorga, en 1804; e outro que só consta como Calvo Calderero, do que se afirma que merca 150 arrobas (sobre 1.725 kg), pero que llo había que levar a Astorga ou Bembibre<sup>68</sup>.

Non obstante de vender algún ferro a particulares, quizais o máis del era para os contratos que subscribira a compañía co goberno para forxar cravos, ferramentas, ferraxes, chapas, etc., para os departamentos e estaleiros de Ferrol, Cartagena, A Habana, Mahón, etc., non só das ferrarías de Rao e O Vilar da Cuíña, senón tamén das asturianas que tiñan alugadas (Montealegre e Nafarea).



### 3. Como era a ferraría?


Actualmente non hai restos, agás parte da canle, pero a comezos do século pasado aínda se conservaban as ruínas que, como as doutras moitas construcións antigas, desapareceron ao ser empregadas as pedras en obras modernas.

As que quedaban máis preto eran as de Teixeu de Ancares (León), O Vilar da Cuíña (A Fonsagrada) e Fonquente (Vilarello – Cervantes). Da última tampouco hai nada, pero si das outras dúas, sobresaíndo o edificio industrial e as dependencias da fonsagradina, pero a de Rao debeu ser máis modesta, quizais semellante á leonesa, da que se manteñen as ruínas que permiten saber cales eran as dependencias con que contaba que, en xeral, adoitaban ser as mesmas en todas, non variando máis que o tamaño<sup>69</sup>.

Unha ferraría mediana, como a de Rao, tiña as seguintes dependencias: a canle dende o río, o banzado ou depósito da auga; a forxa onde estaba o forno para fundir o mineral e onde traballaba o mazo; o sitio dos barquíns ou foles, separados por un muro do anterior para que non recibisen tanta calor, onde tamén podía estar o carbón; o almacén do mineral, que se aproveitaría o desnivel para botalo para dentro dende o camiño que quedaba máis alto; o almacén do ferro e, por último, un ou máis cuartos onde durmían os ferreiros, xa que tiñan que permanecer na factoría noite e día durante a tempada de traballo.

Ademais había outras construcións, agora tamén desaparecidas: *a casa de administración y otras oficinas y Almacenes*, como consta no acordo asinado o 8 de febreiro de 1801 entre o apoderado da compañía e os veciños de Murias e Robledo sobre o arranxo dos camiños e das pontes<sup>70</sup>.

Por último tampouco faltaba unha pequena capela (da que se descoñece a advocación), da que os últimos restos desapareceron ao construír a finais da década dos anos setenta do século pasado a actual estrada, que quedaba pola parte de arriba da ferraría, entre esta e un cortín ou alvariza de planta circular que hai na aba do monte que, quizais, tamén pertenceu á factoría.



Planta da ferraría de Teixeu de Ancares. É de supoñer que a de Rao fose case igual, tendo en conta que todas eran moi semellantes.



Marca dun pote da fundición de Rao.

#### IV. A FUNDICIÓN OU «FÁBRICA DEMETRIA» DE RAO

##### 1. Orixe e propietarios

Máis de medio século despois faise realidade o proxecto do asturiano Álvarez de la Braña, que en 1784 solicitara licenza ao Real y Supremo Consejo de Hacienda para establecer *una fábrica de ollas de hierro colado en los concejos de Ybias, Navia de Suarna, Llan de Gaña o Burón*<sup>71</sup>. Non se chegara a materializar polos atrancos da «Compañía de la Vega de Rivadeo» que construíra a ferraría, pero vai ser un descendente do fundador desta o que acondicione o edificio anterior e faga un alto forno para fundir potes e outros obxectos.

A nova factoría, que oficialmente se denominaba *Fábrica Demetria de Rao*, empezou a traballar a finais de 1847, fundindo xa nesta campaña –que rematou en xuño de 1848– algúns potes, potas e unha estufa. Mantívose activa, ao menos, ata setembro de 1851, descoñecéndose se en adiante continuou aberta ou pechou definitivamente por mor da pouca saída dos útiles que fabricaba.<sup>72</sup> A propiedade era unha compañía con sede en Ribadeo, «Bravo, Guzmán y Compañía de las herrerías de Armenande y Villarín» (ambas as dúas situadas no concello asturiano de Allande), da que o principal accionista debía ser José María Bravo, residente en Santalla de Ozcos, neto de Andrés Bravo Bermúdez, o promotor da desaparecida «Compañía de la Vega de Rivadeo».

O director da empresa era Juan de Torres, con residencia en Ribadeo, e no tocante aos administradores da fundición de Rao, sabemos de tres: Manuel Peñamaría (1849), Manuel Núñez (1850) e Balbino de Torres (1851)<sup>73</sup>.

Segundo unhas *Advertencias á cerca del establecimiento de Rao*, que case seguro redactou Manuel Núñez cando lle deixou o cargo a Balbino de Torres, no mes de setembro de 1851, o administrador tiña que posuír *una moralidad sin tacha en todos conceptos debe reunir las circunstancias de saber seguir una correspondencia epistolar en buena letra y en estilo claro y conciso, estar muy impuesto en contabilidad: estarlo asi mismo, ó ser capaz de estarlo en breve de la marcha del horno y su mecanismo: ser ademas hombre politico, al par que circunspecto y docil: tener algun mundo y algo de cortesano, de modo que pueda dominar su genio y sus pasiones cuando convenga á los intereses que estan á su cuidado &*.

Ademais nalgún papel figura un tal *Sagues*, que debeu ser director industrial da fundición de Rao, do que se opina no documento citado que *tiene conocimientos sobrados pero aunque su celo y su alma se corrigen algo á fuerza de interes no sucede otro tanto á su caveza: comete excesos en vez de evitarlos*.

Polo ano 1851 traballaban na factoría 33 homes:

- 4 fundidores
- 12 moldeiros

- 3 picadores
- 3 cargadores
- 1 escourador
- 6 limadores ou pulidores
- 2 ferreiros
- 2 carpinteiros<sup>74</sup>.

Ademais deste persoal tamén cómpre ter en conta os veciños que se dedicaban a cortar leña, a elaborar carbón e a traelos á fábrica; así como os que transportaban os obxectos fundidos, os lingotes e os desperdicios, que podía ser en carros ou en recuas cando os camiños non permitían o paso dos primeiros, pois aínda que sempre se fala de carradas nos máis dos casos non se refire a carros cargados, senón a recuas, denominación que tamén usaban outras factorías, como a de Sargadelos.

Segundo unha carta enviada ao administrador, Manuel Núñez, o 16 de marzo de 1850, o anticipo que fixera a compañía para atender aos gastos do *establecimiento en la presente campaña* fora de 6.000 reais<sup>75</sup>.

As contías dos xornais dos operarios tiñan que ser consonte no que traballasen, pero unicamente temos coñecemento de dúas anotacións: unha do 31 de xullo de 1850, na que consta que por *19 jornales pagados de los ocupados en este mes... 75 reais, 17 maravedís*; e noutra do 7 de agosto do mesmo ano, *por 2 jornales á Jose Diaz... 2 reais*<sup>76</sup>.

## 2. O edificio industrial

Non hai constancia de que exista testemuña gráfica ou descrición do mesmo, tendo en conta que os últimos restos desapareceron cara ao ano 1920, e daquela só quedaba parte das paredes. O único que se conservou foi a canle que xa era da antiga ferraría, da que parte foi desfeita ao abrir a estrada actual a finais da década dos anos setenta do século pasado, o mesmo que os escasos restos que aínda quedaban da que fora capela.

Non hai sinais no río da represa para desviar a auga, aínda que tendo en conta que o sitio é costeiro talvez abondaba unha ringleira de pedras que cruzase o leito, que rematou por levar a corrente nas enchentes invernaís. Agora ao comezo da canle só quedan os restos dunha construción de pequenas proporcións que puido ser un *muín*, segundo din algúns veciños, quizais da época da siderurxia.

Jose María Bravo aproveitou o edificio antigo, engadíndolle de novo un alto forno que recibía o aire por medio dunha trompa, como afirman en 1848 os enxeñeiros franceses Adrien Paillette e Emile Bézard: *Os tres minerais procedentes* (dos xacementos do Carozo, Os Penoes e Meda), *fúndense no mesmo sitio onde se explotan nun alto forno con combustible vexetal, provisto dunha boa trompa*<sup>77</sup>.

Case a carón, ou moi preto, estaba a casa onde residía o administrador ou encargado, que por ser en lugar despoboado e lonxe das aldeas de Robledo e Murias, o 24 de abril de 1850, o xefe político da provincia de Lugo concedeulle licenza a *Dn. Manuel Nuñez Administrador de la fabrica de fundicion de Rao para que pueda usar de las armas prohibidas por la ley, por su profesion de Casa aislada debiendo sugetarse á las reglas de buen orden establecidas*<sup>78</sup>.

Por último, polo que atinxe ás vías de comunicación, é de supoñer que as locais se mantivesen ou fosen arranxadas as que xa se acondicionaran en 1801 cando empezou a traballar a ferraría, que consistiu en construír ou refacer varias pontes e mellorar os camiños



Licenza de armas expedida polo xefe político de Lugo ao administrador da fundición de Rao, 24 de abril de 1850 (MP-EV).

que conducían aos xacementos. Non tan doado de solucionar era por onde se exportaban os produtos, en carros ou en recuas. Na *Advertencia á cerca del establecimiento de Rao* (1851?), consta que a venda continuaría sendo moi precaria mentres non se transportase gran parte da produción a Veigadeo, mais *para conseguirlo es necesario poner transitable para carros el camino que va desde la Cuiña á Rao, debiendo marchar por la Ribera, Prevello y Meda: para ponerlo practicable hay que hacer algunos desembolsos que no serán muy suvidos, mediante á que el trozo mas difícil y mas costoso que era de la parte de acá del puente de Sena está casi corriente por cuenta y á espensas del establecimiento de Cuiña*. Coidamos que non se chegaron a

levar a termo estas obras porque a factoría deixou de traballar pouco despois<sup>79</sup>.

### 3. A produción e a calidade do ferro

Na citada *Advertencia á cerca del establecimiento de Rao* (1851?), consta que o forno traballaba de decembro a xuño, e que durante ese tempo fundía sobre 3.000 quintais (138.000 kg) de ferro, contando todos os obxectos (potes, potas, estufas, etc.), os lingotes e os desperdicios que quedaban. No devandito documento, que se reproduce íntegro como apéndice segundo, tamén se dan as cantidades de mineral, castina e combustible que se precisaban para acadar esta cantidade de metal:

- 6.000 quintais maiores de mineral (425.100 kg).
- 1.200 quintais maiores de castina (85.020 kg).
- 3.800 cargas de carbón de carballo (699.200 kg).
- 7.000 cargas de carbón de uz (1.288.000 kg)<sup>80</sup>.

Do que se deduce que para obter un quintal de ferro (46 kg), cumprían 2 quintais maiores de mineral (141,7 kg), 0,4 quintais maiores de castina (28,34 kg), e 3,6 cargas de combustible (662,4 kg).

A única opinión que coñecemos verbo da calidade débese aos devanditos enxeñeiros franceses que foron os primeiros en analizalo: *A fundición que se obtivo ata o día de hoxe é unha bonita fundición gris, que se corta e lima ben, e se aplanar algo co martelo*. O mineral procedente dos tres xacementos produciran entre o 45 e 46% de fundición gris, e a análise dun anaco de *gueuse* (goa ou agoa<sup>81</sup>) que lle mandara G. Schulz deu o 90,04% de ferro.<sup>82</sup>

### 4. A produción industrial: tipos de utensilios

O forno estaba aceso uns sete meses, de decembro a xuño, podendo fundir neste tempo sobre 1.000 *carradas* de potes e 400 de testos. O problema é que non consta a cantidade que levaba a *carrada*, xa que dependía do grandor das pezas, unicamente que o



peso era dunhas 250 libras ou 2,50 quintais (115 kg). En total, como queda dito, podía fundir arredor de 3.000 quintais de ferro (138.000 kg) nunha campaña ou *labranza* (empregando a súa terminoloxía), na que ademais dos obxectos (potes, potas, ferros de pasar, etc.), tamén se contabilizaban varios lingotes e os desperdicios.

A «Fábrica Demetria» entrou en funcionamento a finais de 1847 e, cando menos, traballou durante catro campañas. A produción da primeira e da segunda coñécese por un inventario remitido ao propietario, José María Bravo, a Santalla de Ozcos onde tiña a residencia, o 4 xullo de 1849, nas que se fundiran en total:

961 carradas de potes (dos números  $\frac{3}{4}$ , 3,  $3\frac{3}{4}$ ,  $4\frac{1}{4}$ ,  $7\frac{1}{4}$  e 12)

89 potes de segunda categoría (non se dá o número)

347 potes de terceira categoría (tampouco consta o número)

2 estufas

293 potas grandes

31 potas pequenas

1 martelo (malia que non se aclara, seguro que era para un mazo ou ferraría, que algúns pesaban máis de 200 kg)

36 carradas de testos (713 pezas)

1.294 lingotes<sup>83</sup>.

Hai que ter presente que nuns casos danse as *carradas* e noutros as pezas, non sendo posible coñecer o número total das mesmas, pois non todas eran iguais nin tampouco pesaban o mesmo. Ademais unha *carrada* non era un carro de obxectos, senón unha remesa que se mandaba. Segundo parece, no tocante en particular aos potes, tiña que ver co número, é dicir, coa capacidade, de xeito que unha *carrada* do número 4, viñan a ser 4; unha do 15, eran 15; unha do 44, eran 44...<sup>84</sup>

Outra palabra que require explicación é a de *sello* que aparece nas relacións de produción e exportación. Por exemplo, na primeira tempada fundíronse 54 *carradas* de potes e  $\frac{3}{4}$  de *carrada de sellos* de primeira categoría, e 37 de potes e  $7\frac{1}{4}$  de *sellos* de segunda. O *sello* era igual que o número de identificación: en Sargadelos, poñamos por caso, viña a ser o resultado de dividir 15 entre o número do pote, de xeito que un do 4 tiña de *sello*  $15:4 = 3\frac{3}{4}$ ; un do 10,  $1\frac{1}{2}$ , etc.<sup>85</sup>. Pero en Rao debía ser diferente, como se pode comprobar na seguinte relación dos potes que mandaran para a ferraría do Vilar da Cúña no mes de novembro de 1849:

Núm.	potes	carradas	sellos	tapas
7 $\frac{1}{2}$	105	14	—	—
10/vello <sup>86</sup>	125	12	7 $\frac{1}{2}$	—
15	160	10	10	—
18	234	13	—	127
30	75	2	7 $\frac{1}{2}$	160
36	342	9	7 $\frac{1}{2}$	305
<b>Totais</b>	<b>1.041</b>	<b>62</b>	<b>2<math>\frac{1}{2}</math></b>	<b>592<sup>87</sup></b>

#### a) Potes

O 18 de decembro de 1748, dicíalle o P. Sarmiento ao seu irmán Xavier sobre da industrialización e comercialización de Galicia, que se debían multiplicar as ferrarías e tamén montar unha fábrica de ferro coado, para que deste xeito non saíse para fóra tanto



Pote da Fábrica Demetria de Rao (non sabemos a campaña, nin tampouco se é de 1ª, 2ª ou 3ª clase).

diñeiro para mercar potes, o que amosa que nesta época xa era popular a súa presenza nas cociñas dos devanceiros, pero que aquí non había quen os fixese<sup>88</sup>. O fundador de Sargadelos, sabedor da importancia comercial desta vasilla, solicitou permiso o 5 de febreiro de 1791 para montar unha ou máis ferrarías no río Cervo, dous martinetes para tirar pranchas e toda clase de ferraxes e unha *fábrica de Ollas de hierro, llamadas vulgarmente Potes a imitación de las que se traen de Burdeos*; pero non era o primeiro que pensara no negocio, pois antes, en 1784, José Álvarez de la Braña pedira autorización para establecer unha *fábrica de ollas de hierro colado en los concejos de Ybias, Navia de Suarna, Llan de Gaña o Burón, sitios en este Reyno, principado de Asturias y provincia del Bierzo*, proxecto que non se chegou a levar a cabo pero que puido influír en que se construíse a fundición de Rao<sup>89</sup>.

Os potes habíaos de distinto tamaño, calidade e acabado, polo que os de terceira eran os máis económicos. Ao menos en Rao fundíronse exemplares dos números 6, 7½, 10, 15, 18, 30, 36, 40 e 44, que facían referencia ao tamaño e á capacidade en cuartillos casteláns (0,504 litros), pero non polo número, pois de ser igual que en Sargadelos, o máis grande era o 4 e o máis pequeno o 44: o primeiro levaba 93 cuartillos (46,87 l) e o último só 2,5 (1,26 l).

Na primeira e na segunda campaña saíron da factoría en total 961 carradas de potes, dos que non consta o número. Ademais tamén se fundiron 89 de segunda categoría e 218 de terceira, que adoitaban ter algún defecto e, polo mesmo, eran máis baratos<sup>90</sup>.

A 10 de xaneiro de 1850 había na fábrica os seguintes, sen contar os da campaña que acababa de comezar no mes de decembro, stock que amosa ben claro que a demanda era escasa:

número	unidades	
	de primeira	de segunda
6	81	3
7 ½	942	441
10	597	188
15	811	612
18	1.111	820
30	718	1.108
36	1.239	384
<b>Totais</b>	<b>5.498</b>	<b>3.556<sup>91</sup></b>

O 6 de marzo de 1850 procedeuse a clasificar os que *había debajo de la escalera del horno* en útiles, defectuosos e defectuosos inútiles, os últimos para escachar e fundir de novo. Reconto que manifesta que o número de defectuosos era alto, non obstante de que non se poida facer unha táboa estatística por se descoñecer o total da produción:

**Potes que estaban debaixo da escaleira do forno**

Núm.	útiles	defectuosos	defectuosos inútiles que se romperon
6	—	2	2
7 ½	38	85	83
10	23	29	36
15	41	126	108
18	65	273	252
30	45	178	159
36	21	78	68
40	—	2	2
44	—	1	1
<b>Totais</b>	<b>233</b>	<b>774</b>	<b>711</b>
potes maiores	—	12	12
potes pequenos	—	2	2
<b>Totais</b>		<b>14</b>	<b>14</b> <sup>92</sup>

O 24 de setembro de 1851, que son os últimos datos que coñecemos da fábrica, tiñan sen vender das campañas anteriores 12.424 potes de todos os números (pero principalmente do 36, en total 1.859) e 2.464 testos<sup>93</sup>.

**b) Potas**

O segundo utensilio por número de pezas eran as *cazuelas*, que tamén algunhas veces constan como potas, que podían ser grandes e pequenas, cos seus respectivos testos. Na primeira campaña só se fundiron 17 *cazuelas* grandes, mentres que na segunda xa foron 276 grandes e 31 pequenas, así coma os testos. A diferenza dos potes non se aclara o número ou feitura, pero polo inventario das existentes no almacén o 24 de setembro 1851 sábese que había 266 útiles e 5 inútiles, e que eran, cando menos, de cinco tipos:

*Potas:*

<i>Grandes sin pies.....</i>	12
<i>Medianas con pies.....</i>	216
<i>Mas chicas ydem.....</i>	18 ..... 1 inútil
<i>Ydem mas pequeñas.....</i>	11 ..... 4
<i>Ydem con mango.....</i>	9
	266 ..... 5 <sup>94</sup>

### c) Testos

Na primeira *labranza* ou campaña non consta que se fundise ningún, pero segundo as contas da segunda, de decembro de 1848 a xuño de 1849, entre os dos potes e os das potas foron en total 713.

### d) Outros utensilios

A base da produción eran os anteriores, pero tamén fundía outros obxectos, como estufas, martelos, ferros de pasar, lingotes, etc. Por iso non é de todo certa a afirmación de J. Caveda cando di en 1850: *que reduce hoy sus trabajos exclusivamente á la fabricacion de potería*<sup>95</sup>.

**Ferros de pasar:** No inventario que se fai na fábrica o 24 de setembro de 1851 figuran 50 *planchas de costura*. Pero tamén había outras denominadas *planchas de hogar*, pois nunha relación, que non ten data, constan dúas caixas de *planchas de hogar* e 17 de *planchas de costura*. Os primeiros eran máis pequenos, de uso doméstico, mentres que os segundos xa os mercaban os xastres e as costureiras<sup>96</sup>.

**Estufas:** Debían ter moi pouca demanda, xa que unicamente hai constancia de que fundise dúas, unha na primeira campaña e outra na segunda. Non constan as características.

**Martelos:** Só se enumera un na segunda *labranza*, pero non se di nada sobre el nin tampouco para que era. É de supoñer que se tratase dunha peza especial, case seguro para unha ferraría ou mazo.

**Lingotes:** Sabemos os que se fixeron na primeira campaña, 1.294, pero non se dá o peso, aínda que se deduce, se eran todos iguais, por nunha nota na que consta que se lle enviaron a José Braña 455,13 quintais de *fierro en lingotes* (20.935,98 kg), e que estes foron en total 1.019, polo que cada un pesaba arredor de 20,54 kg (menos de medio quintal). Tamén mandaban varios para a ferraría do Vilar da Cuíña, por exemplo 84 en 1849<sup>97</sup>.

**Desperdicios:** Eran os restos que quedaban da fundición e quizais tamén os utensilios defectuosos que se eschachaban en anacos. Hai constancia de que en 1849 enviaron algúns para as ferrarías do Vilar da Cuíña e Nafarea (Veigadeo): á primeira 700 quintais (32.200 kg) e á segunda 17 quintais (782 kg)<sup>98</sup>.

## 5. A relación coa ferraría do Vilar da Cuíña

Como queda dito, a historia destas factorías corre parella porque a ambas as dúas fundounas a «Compañía de la Vega de Rivadeo», entre os anos 1792 e 1797, como ferrarías para producir ferro maleable. A relación tamén se mantén na segunda época, dependendo de «Bravo, Guzmán y Compañía de las herrerías de Armenande y Villarín» (situadas no concello asturiano de Allande), da que o principal accionista quizais era José María Bravo, neto do fundador da primeira compañía, que transformou a de Rao en fundición como filial da fonsagrada, para onde mandaba gran parte da produción e dende a que se procedía a súa distribución.

Da do Vilar da Cuíña ou do «Buen Retiro», separada de Asturias polo río Navia, aínda quedan importantes restos, como os muros da factoría, a vivenda, os almacéns, a capela, etc. Sábese que na década dos anos trinta do século XIX estaba inactiva, sendo nesta época cando a alugaron José María Bravo e Fernando Pérez Villamil, que xa explotaban outras ferrarías, para convertela nun importante centro siderúrxico. Pouco despois, sen dúbida como complemento dela, recuperaron a de Rao, talvez tamén abandonada, na que



constrúen un alto forno para fundir toda clase de obxectos. Mantívose activa ata finais do século XIX (pechou definitivamente polo ano 1884).

Aínda que é de supoñer que fosen máis, polo de agora temos documentadas as seguintes remesas, en particular de potes, enviadas pola de Rao para a da Fonsagrada:

**Novembro de 1849**

Núm.	potes	carradas	sellos	tapas
7 <sup>1/2</sup>	105	14	—	—
10/vello <sup>99</sup>	125	12	7 <sup>1/2</sup>	—
15	160	10	10	—
18	234	13	—	127
30	75	2	7 <sup>1/2</sup>	160
36	342	9	7 <sup>1/2</sup>	305
<b>Totais</b>	<b>1.041</b>	<b>62</b>	<b>2<sup>1/2</sup></b>	<b>592<sup>100</sup></b>

**Marzo de 1850**

Núm.	potes	carradas	sellos	tapas
6	83	13	12 <sup>1/2</sup>	83
7 <sup>1/2</sup>	51	7	4	281
10/novo	105	10	7 <sup>1/2</sup>	105
15	199	14	4	389
18	144	10	—	251
30	210	7	—	125
36	198	5	6 <sup>1/2</sup>	235
<b>Totais</b>	<b>990</b>	<b>66</b>	<b>4</b>	<b>1.469<sup>101</sup></b>

**Setembro de 1850**

	Núm.	potes	carradas	sellos	tapas
De 2 <sup>a</sup> <sup>102</sup>					
	7 1/2	33	4	6	33
	10/vello	45	4	7 <sup>1/2</sup>	45
	15	105	7	—	75
	18	126	7	—	252
	30	195	6 <sup>1/2</sup>	—	355
De 1 <sup>a</sup>					
	36	124	3	8/12	425
	40	80	2	—	80
	44	44	1	—	44
	<b>Totais</b>	<b>752</b>	<b>35<sup>1/2</sup></b>	<b>(?)</b>	<b>1.309<sup>103</sup></b>

**Febreiro de 1851**

Núm.	potes	carradas	sellos	tapas
6	76	12	10	76
7 <sup>1/2</sup>	100	13	5	100
10/novo	133	14	4 <sup>1/2</sup>	130
15	202	13	7	102
18	180	10	—	180
<b>Totais</b>	<b>688</b>	<b>62</b>	<b>11<sup>1/2</sup></b>	<b>688<sup>104</sup></b>



Situación xeográfica dos vendedores, comisionistas e posibles vendedores: 1, A Ponte de Domingos Flórez; 2, Samos; 3, Veigadeo; 4, Castropol; 5, Cervantes; 6, Béjar; 7, A Proba de Navia; 8, Castroverde; 9, Ourense; 10, Cangas del Narcea; 11, S. Martín de Ozcos; 12, Palencia; 13, Castrocontrigo; 14 e 15, Monforte de Lemos; 16, Oviedo; 17, Villaviciosa; 18, Padrón; 19, Ourense, e 20, Avilés (Deseño de X. R. Marín).

En resumo, só polo que concirne ao número de potes, entre os meses de novembro de 1849 e febreiro de 1851, a fábrica de Rao mandou para a do Vilar da Cuña 3.471 (ou 3.474, como dá repasando as sumas). Ademais tamén foron 84 lingotes de ferro en 1849 (sobre 1.736 kg), e 700 quintais de desperdicios (32.206 kg).<sup>105</sup>

**6. Vendedores e comisionistas**

En varios documentos consta a relación dos principais comerciantes que vendían os produtos que saían de Rao. Por exemplo, por unha listaxe que enviou o 4 de xullo de 1849 o encargado ou administrador da fundición, Manuel Peñamaría, ao propietario José María Bravo, coñécense os nomes e enderezos dos clientes, así coma o número de obxectos e se eran de primeira ou segunda clase. Relación que se complementa cos datos que verbo dos mesmos constan na *Advertencia á cerca del establecimiento de Rao*, sen data, pero case seguro de 1851:

-**Sebastián Pumariega** (ou González Pumariega), veciño da Ponte de Domingos Flórez, poboación lindeira con Galicia na provincia de León. Sobre el dise na *Advertencia...*: *que es muy pesado en pagar y bien tretero*, pero que cómpre tratalo coa maior consideración porque *consume mucho, muy exacto en el cumplimiento de lo pactado, y cuando da dinero lo hace en grandes partidas*, ademais onde residía era un lugar moi axeitado para surtir O Bierzo, Valdeorras, Quiroga e *las Castillas*. Recibira 42 carradas de potes de primeira e 7 de segunda.

-**José Valdés**, natural de Miranda (Avilés), pero residente en Castroncán (Samos). Segundo a *Advertencia...*: *es honrrado, pero de pocas garantias; no obstante mientras el viva, prescindiendo de una desgracia, pagará con bastante exactitud*. Podía consumir entre 40 e 50 carradas ao ano. Mandáranlle 13 de potes de primeira.

-**Pablo Martínez**, tamén de Miranda (Avilés), residente na Veiga de Ribadeo (Veigadeo). Na *Advertencia...* consta que consumía 40 *carradas* anualmente, e que se lle entregaran 6 de potes de primeira e 11 de segunda.

-**Manuel Murias**, do Trobo (Castropol), na *Advertencia...* dise que *no tiene propiedad alguna pero en cambio mucha honrradez y ningun vicio*. Enviáranlle 8 *carradas* de potes de primeira e 2 de segunda, neste caso dende A Fonsagrada (O Vilar da Cuíña).

-**Francisco Álvarez**, residente en Cancellós (Cereixedo – Cervantes), na *Advertencia...* afirmase del que estaba en bo sitio, pero que consumía pouco por *temor á perderse*. Non levara máis que 3 *carradas* de potes de primeira.

-**Juan Amador**, de Béjar (Salamanca), mandáranlle 2 *carradas* de potes de primeira.

-**Ramón Hardela**, da Proba de Navia, levara *en comisión* 6 *carradas* de potes de primeira.

-**Pedro Gil**, de Riomol (Castroverde), enviáranlle dende a Fonsagrada 4 *carradas* de potes de primeira.

-**Bernardo Villar**, de Ourense, levara 4 *carradas* de potes de primeira.

-**Domingo López**, de Cangas de Tinéu (actualmente Cangas del Narcea), recibira 7 *carradas* de potes de primeira e 2 de segunda.

-**José Freyje**, de San Martín de Ozcos, tiña levado 6 *carradas* de potes de primeira.

-**Fermín Urrutia** e irmáns, de Palencia, na *Advertencia...* aclárase que *dicen que en aquel punto apenas son conocidos los potes, pero sin embargo no será malo hacer un ensayo*. Levaran *en comisión* 3 *carradas* de potes de primeira (neste caso faise constar que eran 8 potes e 8 testos).

En total, a 4 de xullo de 1849, mandáranselles aos comerciantes e comisionistas 105 *carradas* de potes de primeira categoría e 15 de segunda, así como tamén os correspondentes testos<sup>106</sup>.

Ademais sabemos que nesta época estaban en tratos con outros, como consta na *Advertencia...*:

-**Florentino Pumariega**, de Avilés, pero residente en Castrocontrigo (León), que podía consumir 50 *carradas*, *es hombre de garantias*.

-**Bernardo Valdés**, de Miranda (Avilés), residente en Monforte de Lemos, *no tiene mucho abono y es un tanto faról, no obstante al que pone estas advertencias llegó á deberle como cincuenta mil reales, que le pagó sin gran demora*. Ofreceuse a vir a Rao para el proximo Agosto y tomará veinte ó treinta *carradas*, *siendo la mayor parte grandes*.

-**Francisco Rodríguez**, tamén de Monforte, es de *gran cumplimiento, según dice Dn. José Valdés, cuyo dicho me merece toda confianza*.

-**Juan Moré**, de Oviedo, *quiere que se le remitan algunos potes pequeños en comision y no hay inconveniente en hacerlo, porque es demasiado honrrado y exacto*.

-**Os señores Crespo e Barredo**, de Villaviciosa (Asturias), *estoy seguro de su buen desempeño*.

-**José Riadigos**, de Padrón, *tambien los admite en comision*.

-**Nicolás Amor**, de Ourense, *aquella ciudad es un punto de mucha importancia y muy a proposito para poner un almacen que surta los partidos de Celanova y Vande, &*.

-**Manuel Villamil**, de Avilés: *Para Aviles mandan los de Sargadelos doscientas cincuenta carradas que consumen Don Fernando Cuervo, Don Francisco Graño, Don Manuel Villamil y la Señora Viuda de Flor: se los dan en aquel muelle á 320 reales con tapas.- El Don Manuel Villamil no tiene inconveniente en admitirlos en comision, ni en tomar por su cuenta si le gustan, las carradas que consume*<sup>107</sup>.

## 7. Fin da «Fábrica Demetria» de Rao

Por unha carta da compañía ao administrador, Manuel Núñez, datada na Fonsagrada (é dicir, na ferraría do Vilar da Cuiña) o 16 de marzo de 1850, sabemos que a factoría de Rao tiña serios problemas, non técnicos, senón pola escasa saída comercial dos útiles que fundía. Na mesma tamén lle din que o orzamento para esa campaña era de 6.000 reais, e engaden: *que atendida la quiebra ocurrida quizá sea mas escasa en productos de lo que se esperaba, aunque supongo se hará lo posible por obtener el mejor resultado cual combiene á los intereses de la sociedad y al buen nombre de V. ...*<sup>108</sup>

Non fomos capaces de pescudar ata cando traballou, xa que os últimos datos que se posúen son dous inventarios asinados o 24 de setembro de 1851: un dos efectos propios do administrador Manuel Núñez, que os vende por 1.500 reais ao novo administrador, Balbino de Torres, e outro do stock que había daquela na factoría, que amosa a enorme cantidade de obxectos que estaban nos almacéns, superior en número aos que se podían producir en toda unha *labranza* ou campaña:

- 12.424 potes (deles 20 rotos)
- 2.464 testos (64 inútiles)
- 271 potas (5 inútiles)
- 50 ferros de pasar<sup>109</sup>.

No mes de xaneiro de 1852 continuaba de administrador Balbino de Torres, pero non hai constancia se a factoría fundía ou non. O que si aínda lle debían parte do soldo ao anterior, Manuel Núñez, como recoñece por carta o director da empresa, Juan de Torres, (Ribadeo, 4 de febreiro de 1852), que por outra datada tamén na dita vila o inmediato 11 do mesmo mes, acorda entregarlle 10.000 reais, do que se deduce que estaba inactiva e que, quizais, xa non traballou máis: *convengo en entregarle los 10.000 reales que dice, sino que repito lo de antes, que esto será sin perjuicio de lo mas que podamos sacar (ao vender a mercadoría que quedaba e cobrar as débedas dos vendedores), y aun sino se fundiese mas, en todo tiempo entregaré cualquiera otra partida que sea preciso para la completa satisfaccion de Vm.*<sup>110</sup>.

Agás que existan outros documentos dos que non temos coñecemento, a «Fábrica Demetria» de Rao permaneceu en funcionamento dende finais de 1847 ata 1851 ou 1852, xa que consonte co stock que tiña o 24 de setembro de 1851, cando se fai cargo dela Balbino de Torres, talvez non se volveu acender o alto forno, dedicándose en adiante a vender exclusivamente os utensilios almacenados, que entre potes, potas, testos e ferros de pasar, ascendían a 15.120 pezas útiles e 89 inservibles.

Non hai dúbida que o motivo que levou ao abandono definitivo da fundición foi a falta de saída comercial dos produtos, pero gran parte da culpa cómpre procurala na situación socioeconómica de mediados do século XIX, que coincide coa terrible miseria que asolou boa parte da Península pola perda seguida das colleitas durante este tempo e, sobre todo,



*Y*  
 Inventario de los Utensilios Potos y Yapas que existen en los Almacenes de la Fabrica de Yarnos de Rao ala Obra de la Administracion de Sr. Manuel Suarez y Sr. Palomares.

N.	Utensilios	Pa. de 2 <sup>o</sup>	Pa. de 3 <sup>o</sup>	Otros	Yapas	Pa.	
6	2507	52	2	..	244		
7 1/2	1204	359	46	3	668	16	
10	1439	164	14	1	162		
15	1682	551	58	4	607	12	
18	1179	389	66	4	319	16	
30	999	952	0	7	..		
36	1859	524	59	1	406	20	
44			1				
<hr/>		8645	3485	240	20	2400	64

Total Gral de Potos y Yapas sana e Yarnos.  
 De 1<sup>o</sup> - 8645  
 3485  
 240  
 20  



---

 Juntos - 12390 Pa. 2464

*Potos*

Grandes sin pie	12
Med. con pie	216
Men chinas 72	18
42 mas pequenas	11
42 con mango	9
<hr/>	
	266 - 5 Mo. 2 <sup>o</sup>

Inventario do stock de utensilios existente na factoría de Rao o 24 de setembro de 1851 (MP-EV).



A canle da ferraría e fundición de Rao.

en 1853, coñecido polo ano da fame por antonomasia. Se os labregos non tiñan para pan, mal podían mercar potes e potas de ferro, cando estaban as tradicionais de barro que eran moito máis baratas.

Por último, no tocante a algunhas publicacións da época onde se menciona, por exemplo consta que estaba activa cando se redacta o libro de J. Cavada, *Memoria presentada al Excmo. Sr. Ministro de Comercio, Instrucción y Obras Públicas por la Junta clasificadora de los productos de la industria española reunidos en la Exposición Pública de 1850*, que se publica o ano seguinte. Pero case seguro que xa non cando sae do prelo o *Diccionario de Materia mercantil, Industrial y Agrícola de todas las mercancías* de J. Oriol Ronquillo en 1855, que non fai máis que copiar ao pé da letra o texto do anterior<sup>11</sup>.

## V. A FERRARÍA E A FUNDICIÓN DE RAO NA MEMORIA POPULAR

Varias persoas que agora terían máis de 120 anos, na década dos oitenta do século pasado falaban da ferraría (non distinguían entre esta e a fundición), lembrábanse das ruínas e de cando as desfizeran, e algunhas aínda tiñan potes e potas coa marca *Rao* na casa. Pero a memoria que se transmitira non era favorable; pola contra, falaban mal incidindo en que acababa coa leña, que había homes que abandonaban a terra por traballar nela, e que tampouco faltaban outros que se emborrachaban, porque o xornal ou parte tamén o podían cobrar (segundo contaban) coa augardente que traían os arrieiros cando viñan cargar os potes e demais utensilios. O último confirmase polo inventario dos efectos propios do administrador Manuel Núñez, do 24 de setembro de 1851, entre os que había: *dos Barriles uno de 4@ y otro de cinco este con algun aguardiente*, o que testifica que se comercializaba ou, cando menos, se consumía na fábrica<sup>12</sup>.

Non obstante o descontento xa viña dende cando se instalou a primeira siderurxia, como amosa o feito de que os veciños ata chegasen a atacar a varios traballadores: o 9 de febreiro de 1804, Domingo Méndez Busto, Juan Fernández e Manuel Álvarez que subiran a revisar o xacemento do Vieiro, ao pasar pola ponte do Carozo foron agredidos por varios homes encapuchados (que o encargado da ferraría cría que eran de Murias). E non era a primeira vez, pois o ano anterior xa se rexistrara outro suceso semellante<sup>13</sup>. As causas do enfrontamento case seguro que eran varias, pero fundamentalmente o excesivo consumo de combustible que deixaba aos veciños sen leña dabondo para o inverno (como sucedía coa maioría destas industrias); a ocupación de terreos comunais e, sobre todo, privados, se non chegaban a un acordo satisfactorio sobre o valor dos mesmos; as débedas aos

veciños que se dedicaban a elaborar carbón e a carrexar leña e mineral, e ao incumprimento da contía acordada dos xornais dos traballadores.

Actualmente da ferraría «La Trinidad» e da fundición «Demetria» de Rao non queda máis que parte da canle por onde se desviaba a auga do río Valouta (ou Abeado, como se chamaba daquela) para o banzado, algúns potes e o que contan as persoas maiores, que é o mesmo que dicían os avós e os pais<sup>114</sup>.

## APÉNDICE DOCUMENTAL

### Apéndice I

*Estado que dice los objetos que elaboraron en la fábrica Demetria de Rao, desde que se puso en marcha hasta la fecha.*<sup>115</sup>

	Potes			
	1 <sup>a</sup>		2 <sup>a</sup> <sup>116</sup>	
A saber:	Carradas	sellos <sup>117</sup>	Carradas	sellos
<i>Procedentes de la primera campaña</i> <sup>118</sup> .....	54	¾	37	7¼
<i>Yden de la segunda idem</i> <sup>119</sup> .....	550	3	319	12
<i>Total de carradas de ambas campañas</i>	604	3 ¾	357	4¼

*Se hicieron tambien en la 1<sup>a</sup> potes de 3<sup>a</sup>*..... 129

*Ydem*..... *id*.....*en la 2<sup>a</sup>*..... 89

*Total de potes de 3<sup>a</sup>*..... 218

*Ygualmente se elaboraron en dichas campañas:*

*En la 1<sup>a</sup> Estufas*..... 1

*Cazuelas grandes*..... 17

*En la 2<sup>a</sup> Estufas*..... 1

*Martillos*..... 1

*Cazuelas grandes*..... 276

*Ydem pequenas*..... 31

*Tapas 36 carradas ó sean piezas*..... 713

*Lingotes de la 1er. Campaña*..... 1294

(MP-EV: Papeis da ferraría de Rao, doc. 1r)

### Apéndice II

*Advertencia á cerca del establecimiento de Rao.*<sup>120</sup>

*El horno solo debe trabajar, mientras no se hagan las carboneras, seis meses que principiaron con el de Diciembre y acabaran por consiguiente con el de Junio.-*

*En la temporada dicha se pueden elaborar mil carradas de potes con cuatrocientas de tapas.-*

*Para hacer estas carradas se necesitan los obreros siguientes.-*

4. fundidores

12. molderos

3. picadores

3. cargadores

1. escoriador

6. rascadores



## Advertencias á cerca del establecimiento de Rao.

El hornó no debe trabajar, mientras no se lleguen las carboneras, sin mas que principiar con el de Diciembre y acabasen por siguiente con el de Junio.

En la temporada dicha se pueden deberse mil canchadas de pelle con cuatrocientos de topas.

Para hacer estas canchadas se necesitan las obras siguientes.

- 4. fundidores
- 12. moladores
- 3. puñadores
- 3. carpenteros
- 1. herrador
- 6. moedores
- 2. herreros incluso el machacante
- 2. carpinteros
- 38. en total.

Cada canchada de pelle para aproximadamente 2500 libras

Las 1000 canchadas 250.000 libras sean 2500 q<sup>l</sup>

Las 1000 topas y otras de desperdicio 500 libras

Total 3.000 quintales

Para esta 3000 q<sup>l</sup> de fierro se necesitan las l<sup>as</sup> materias siguientes

- 4000 q<sup>l</sup> de coque de vena
- 1200. " de castina
- 3800 sacos de carbon de noble
- 7000. " de brasa

### Completada.

El administrador á una moralidad sin tacha en todo concepto debe reunir las circunstancias de saber seguir una correcta y prudente política en buena letra y en estilo claro y sencillo, á saber muy impetuoso en vitalidad, á saber en mismo, á ser capaz de estar en breves de la marcha del horno y en mecanismo, ser ademas hombre politico, al par que circunspeto, y de ser tener algun mundo y algo de experiencia, al modo que pueda dominar al genio y sus pasiones, como tambien á los intereses que le son á su cuidado.



2. *herrerros incluso el machacante*

2. *carpinteros*

33. *en todos.-*

*Cada carrada de potes pesa aproximadamente 250. Libras<sup>121</sup>.-*

*Las 1.000 carradas 250.000 libras ó sean 2.500 quintales<sup>122</sup>.-*

*Las 400 tapas y esceso de desperdicio 500 dichos<sup>123</sup>.-*

---

*Total 3.000 quintales<sup>124</sup>*

*Para estos 3.000 quintales de fierro se necesitan las primeras materias siguientes.-*

*6.000 quintales mayores de vena<sup>125</sup>*

*1.200 « « de castina<sup>126</sup>*

*3.800 cargas de carbon de roble<sup>127</sup>*

*7.000 « « « de brezo<sup>128</sup>*

#### — **Empleados** —

*El administrador á una moralidad sin tacha en todos conceptos debe reunir las circunstancias de saber seguir una correspondencia epistolar en buena letra y en estilo claro y conciso, estar muy impuesto en contabilidad: estarlo asi mismo, ó ser capaz de estarlo en breve de la marcha del horno y su mecanismo: ser ademas hombre politico, al par que circunspecto y docil: tener algun mundo y algo de cortesano, de modo que pueda dominar su genio y sus pasiones cuando convenga á los intereses que estan á su cuidado &.-*

*Sagues fue hasta aquí director industrial tiene conocimientos sobrados pero aunque su celo y su alma se corrigen algo á fuerza de interes no sucede otro tanto á su caveza: comete escesos en vez de evitarlos.-*

#### — **Fundidores** —

*Francisco Gonzalez lo es escelente y una vez que se le quitase el vicio de beber no necesitaba el establecimiento de otro facultativo.-*

*Labradela fue un buen rutinario pero en el edia está cansado.*

*Villar lo fue segundo y aunque es vicioso embustero é insoburdinado no deja de tener disposicion y estando con un buen primero desemeñará su cometido.-*

*Loureiro lo fue asi mismo segundo, pero como es tan bruto y haber cometido ademas la falta de marcharse para Castilla antes de concluir la campaña, aconsejaria que no se volviese á admitir, y que se pusiese en su lugar á Antonio Principe de Coro, que fue cargador.-*

*Para este oficio de cargador servirán Angel Lopez de Corugedo, José Fernandez y Juan Alvarez de Coro: Santa Marina lo fue, pero su estudio no está en trabajar, y si en aparentar que lo hace: es todo un hipócrita.-*

#### — **Molderos** —

*Lorenzo hará un buen primero para potes grandes: es interesado, pero juicioso y amigo de cumplir con su deber.-*

*Sanchez es tambien bueno para los grandes y para los pequeños y aunque de veces en cuando se emborrachaba, teniendo entonces un genio díscolo, no lo hará en adelante si hay quien sepa reprenderle con oportunidad y tino: tiene orgullo muy bien entendido que le estimula á cumplir con su deber.-*

*Victoriano aun no se puede llamar buen moltero, pero lo sera en breve y por esta razon y la de ser juicioso debe ser admitido.*

*Si se encontrata otro Lorenzo, ú otro Sanchez nada perderia el establecimiento aunque le diera un buen sueldo.-*

*Robledo y Penedela podrán entrar de primeros en las mesas de menos importancia y á poco tiempo Tuimil y Rancaño.-*

*Segundos podran serlo Pedro Lopez de Murias, Pasarin de Sena, Manuel Gonzalez de Coro y el hijo del Taonero: señalo este porque en un apuro puede coger la palanca.-*

*Rascadores ya estan algo ensayados José Lopez, Juan Perez y Pedro de Murias, Domingo Rodriguez y Manuel Gonzalez de Coro.-*

*Picadores el gaitero de Murias, Carlos Santalla de Coro y Antonio Fernandez de Villarpille<sup>129</sup>: señalo este por que es buen carbonero y conviene allí para enseñar á hacer el carbon de roble á los de Poso y otros pueblos: esta idea la desenvolveré cuando sea la reunion a viva voz.-*

*Escoriador lo fue escelente José Vega de Penedela.-*

#### — Consumo de obgetos —

*Será muy precario mientras no se transporte una gran parte de ellos á la Vega de Rivadeo; para conseguirlo es necesario poner transitable para carros el camino que va desde la Cuiña á Rao, debiendo marchar por la ribera, Prevello y Meda: para ponerlo practicable hay que hacer algunos desembolsos que no serán muy suvidos, mediante á que el trozo mas dificil y mas costoso que era de la parte de acá del puente de Sena está casi corriente por cuenta y á espensas del establecimiento de Cuiña.*

#### — Consumidores actuales —

*Don Sebastian Gonzalez Pumariega, de Puente de Domingo Florez aunque es muy pesado en pagar y bien tretero, se debe tratar con la mayor consideracion por que es de abono, consume mucho, muy exacto en el cumplimiento de lo pactado, y cuando da dinero lo hace en grandes partidas.- El punto donde vive es muy apropiado para poner un almacen que surta el Vierzo, Baldeorras y aun las Castillas y Quiroga: sobre esto ya le hice algunas indicaciones y quedamos en reunirnos para ultimarlas.-*

*Don José Valdes, vecino de Miranda de Aviles y residente en Castroncan es honrado, pero de pocas garantias; no obstante mientras el viva, prescindiendo de una desgracia, pagará con bastante exactitud las cuarenta ó cincuenta carradas que puede consumir anualmente.-*

*Don Pablo Martinez, tambien de Miranda de Aviles tiene alguna propiedad y aunque al parecer no es de gran disposicion va saliendo muy bien de sus compromisos y no le considero muy empeñador: consume unas cuarenta carradas.-*

*Don Manuel Murias del Novo no tiene propiedad alguna pero en cambio mucha honrradez y ningun vicio.-*

*Don Francisco Alvarez, residente en Cancellós, aunque esta en buen punto consume poquísimo porque abarca tambien poquísimo por temor á perderse.-*

#### — Consumidores con quienes se está en principio de relacion —

*Don Florentino Pumariega, vecino de Aviles y residente en Castro-contrigo es hombre de garantias; consume cincuenta carradas, que tomará si se las arreglan.-*

*Don Bernardo Valdes, vecino de Miranda de Aviles y residente en Monforte, no tiene mucho abono y es un tanto farol; no obstante al que pone estas advertencias llegó á deberle como cincuenta mil reales, que le pagó sin gran demora, según ofreció vendrá á Rao para el proximo Agosto y tomará veinte ó treinta carradas, siendo la mayor parte grandes.-*

*Don Francisco Rodriguez, residente tambien en Monforte es de gran cumplimiento, según dice Don José Valdes, cuyo dicho me merece toda confianza, y á quien por lo tanto tengo comisionado para hablar á este y á los mas que se la merezan á él.-*

*Don Juan Moré, de Oviedo, quiere que se le remitan algunos potes pequeños en comision y no hay inconveniente en hacerlo, por que es demasiado honrrado y exacto.-*

*Los Señores Crespo y Barredo, de Villaviciosa tambien los admiten en comision y estos seguro de su buen desempeño.-*

*Los Señores Urrutia y hermano, de Palencia, dicen que en aquel punto apenas son conocidos los potes, pero sin embargo no será malo hacer un ensayo, mandandoles algunos en comision.-*

*Don José Riadigos, de Padron, tambien los admite en comision.-*

*Don Nicolas Amor, de Orense, hace lo propio: aquella ciudad es un punto de mucha importancia y muy a proposito para poner un almacen que surta los partidos de Celanova y Vande &.-*

*Para Aviles mandan los de Sargadelos doscientas cincuenta carradas que consumen Don Fernando Cuervo, Don Francisco Graiño, Don Manuel Villamil y la Señora Viuda de Flor: se los dan en aquel muelle á 320 reales con tapas.- El Don Manuel Villamil no tiene inconveniente en admitirlos en comision, ni en tomar por su cuenta si le gustan, las carradas que consume.-*

*Otra, y de mas trascendencia me atrevo á hacer tambien á los Señores socios, que sino nombran un director ó administrador que sea capaz por su actitud fisica y moral de montar aquel establecimiento cual corresponde en todos conceptos, que se le abandone, mediante á que siguiendo como hasta ahora, y particularmente durante mi direccion, es inevitable su ruina con la nuestra; así como en otro caso y fundado en datos que se palpan y que no tienen por consiguiente nada de ilusiones, hijas de sueños dorados, pronostico, ó mejor dicho, veo, un negocio que dará grandes vetajas.-*

(MP-EV: Papeis da ferraría de Rao, doc. 12)

### Apéndice III

***Ynventario de los Potes Tapas Potas Planchas de costura & que existen en los Almacenes de la Fabrica de Fundicion de Rao a la entrega de la Administracion que Dn. Manuel Nuñez hace a Dn Balbino de Torres.***

<i>Nº</i>	<i>Potes de 1ª</i>	<i>Yd. de 2ª</i>	<i>Yd. de 3ª</i>	<i>Rotos</i>	<i>Tapas</i>	<i>Ynútiles</i>
6	259	52	2	—	244	—
7½	1294	353	46	3	668	16
10	1439	164	14	1	162	—
15	1682	551	58	4	607	12
18	1173	889	66	4	313	16
30	993	952	0	7	—	—
36	1859	524	53	1	406	20
44	—	—	1	—	—	—
.....						
	8645 <sup>130</sup>	3485	240	20	2400	64

*Total General Potes y Tapas sanas é Ynutilis*

*De 1ª ... 8645  
3485  
240  
20*

*— Juntos....12390 Potes 2464 —*

————— *Potas* —————

<i>Grandes sin pies</i> .....	12	
<i>Medianas con pies</i> .....	216	
<i>Mas chicas Ydem</i> .....	18	1 inútil
<i>Ydem mas pequeñas</i> .....	11	4
<i>Ydem con mango</i> .....	9	

---

266 ..... 5

*Planchas de costura*..... 50

*Rao 24 de Setiembre de 1851*

*Balbino de Torres*

(rubricado)

(MP-EV: Papeis da ferraría de Rao, doc. 11)

#### Apéndice IV

#### ***Existencias de efectos de propiedad de Don Manuel Nuñez que quedan en Rao para beneficio en su cura y venta a Don Valvino de Torres – a saber –***

*En la panera centeno ferrados* ..... 13<sup>131</sup>

*Idem Trigo en el cuarto del medio*..... 7<sup>132</sup>

*120 peselos de la vena de patatas o sean a tres fanegas 35 ó 40 fanegas<sup>133</sup>. Mas medio tocino; gran porcion de cebolla para todo el año; cuatro ojas de Bacalao. En la despensa del corredor dos arrobas y media poco mas ó menos de azeite<sup>134</sup>, una de arroz, una libra<sup>135</sup> de chocolate, una fanega de Sal<sup>136</sup> y gran porcion de guisantes, y diez carros de leña, &. Extiercoles y verdura, dos jarros de loza, 16 platos y dos fuentes medianas, tres basos grandes y cuatro medianos de cristal, una botella de 4 cuartillos y tres botellas un (?) y una cofayna<sup>137</sup> nueba de Loza fina y fuentes tres de bajo pintado, dos Barriles uno de 4@ y otro de cinco este con algun aguardiente<sup>138</sup>, dos aceyteras y tres embudos de mayor á menor y algunos otros efectos como zedazos &, como tazas, jicaras, jarros, barrilyllos de manteca &&*

*Rao 24 de Setiembre de 1851*

*Balbino de Torres*

(rubricado)

*Valor 1.500 reales*

(MP-EV: Papeis da ferraría de Rao, doc. 10)



## NOTAS

- <sup>1</sup> *O tomo de Celanova*, ed. de J. M. Andrade, Consello da Cultura Galega, 1995, doc. 356.
- <sup>2</sup> Ídem, doc. 440.
- <sup>3</sup> *Tumbos del monasterio de Sobrado de los Monjes*, ed. de P. Loscertales de G. de Valdeavellano, Madrid, I, p. 35.
- <sup>4</sup> *El tumbo de San Julián de Samos (siglos VIII-XII)*, ed. de M. Lucas Álvarez, Santiago de Compostela, 1986, p. 430. Agora a segunda non é máis que unha das aldeas da de Castroncán (Samos).
- <sup>5</sup> No século XIX aínda explotaba seis: Gundriz, Leira, Pallares, Rodela, Rugando e Santalla, das que en 1834, o ano anterior á definitiva exlastración, obtivo pola venda do ferro 88.000 reais, a partida máis grande que recibía que ata superaba á do centeo (87.516 reais). En 1767 o rei Filipe V autorizoulle ter un monxe en La Bañeza (León) para xestionar a venda do que exportaba a León e Castela (GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *A produción tradicional do ferro en Galicia. As grandes ferrerías da provincia de Lugo*, Deputación Provincial de Lugo, 1994, pp. 101-102).
- <sup>6</sup> «Sobre nuestra industria. (Carta inédita del P. Sarmiento)», *El Diario de Santiago, de intereses materiales, noticias y anuncios*, 20, 21 e 23 de novembro de 1874; e *Epistolario do P. Sarmiento, disposto por Xosé Filgueira Valverde e María Xesús Fortes Alén*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1995, p. 42.
- <sup>7</sup> AHN: *Órdenes Generales de Rentas*: libro 38, exp. 5.093.
- <sup>8</sup> CASARIEGO, J. E.: *El marqués de Sargadelos o los comienzos del industrialismo capitalista en España*, Oviedo, 1950, pp. 239 ss., e tamén MEIJIDE PARDO, A.: *Documentos para la historia de las Reales Fábricas de Sargadelos*, Sada, 1979, pp. 91 ss.
- <sup>9</sup> PEREIRA OLIVEIRA, M<sup>a</sup>. D. (coord.): *Minaría. Expedientes de explotacións mineiras no Arquivo Histórico Provincial de Lugo*, 2004, pp. 137 a 208.
- <sup>10</sup> AHPL: Expedientes mineiros: concello de Navia de Suarna.
- <sup>11</sup> O xeólogo Primitivo Hernández Sampelayo dicía en 1931 (a zona visitouna algúns anos antes), que o mineral do Vieiro *se consumiu en dos ferrerías que hubo instaladas en el trayecto de Murias - Rao, y en una de las cuales se fabricaron las potas o calderos tan usados por los aldeanos (Memorias del Instituto Geológico y Minero de España. Criaderos de hierro de España. T. IV. Hierros de Galicia, Madrid, II, 1931, p. 518)*. Afirmación que deu pé a que algúns investigadores afirmen que existiron dúas situadas en diferentes lugares, cando o único que sucedeu foi que a mesma traballou en dúas épocas (quizais cun pequeno intervalo de inactividade), pois tanto a documentación como a información proporcionada por persoas moi maiores hai case corenta anos, coinciden en que estaban no mesmo sitio.
- <sup>12</sup> Arquivo catedral de Astorga: «Particulares», núm. 133; QUINTANA PRIETO, A.: *El Obispado de Astorga en el siglo XII*, Publicaciones del Archivo Diocesano de Astorga, 1985, p. 424.
- <sup>13</sup> AGS: Catastro de La Ensenada: *Interrogatorio de la Feligresía de Santa María de Rano*. Non é un erro, senón que se consideraba así o topónimo castelanizado, como tamén consta na pregunta primeira do mesmo catastro: *digeron que dicha feligresía se llama como lo referido de St<sup>a</sup>. Maria de Rano*.
- <sup>14</sup> MPL: Casa de Miranda: *Copiador de correspondencia de la Compañía de la Vega de Rivadeo*, 12-2.5.15-1 / 2. En adiante: *Copiador de correspondencia...1*, f. 103.
- <sup>15</sup> DATOLI LASSLLE, F. J.: «Informe sobre el proyecto de establecer una fábrica de armas en la provincia del Bierzo», 1797, en BALBOA DE PAZ, J. A.: *El Bierzo en la obra de dos militares del siglo XVIII: Datoli y Munárriz*, Ponferrada, 1992, pp. 67-68.
- <sup>16</sup> Antigamente era Robredo, como aínda se denomina unha das aldeas da parroquia de San Pedro de Cervantes, malia que cada vez son máis os que din Robledo, mesmo a nivel oficial.
- <sup>17</sup> AHPL: Protocolos notariais, 13.77/2.
- Coñecido tamén por *Caroso* (AGS: *Interrogatorio de la feligresía de Santa María de Rano* (sic), 1752). HERNÁNDEZ SAMPELAYO, P., adoita dicir Carozo (*Obr. cit.*, II, 1935, p. 516 e outras), pero algunhas veces tamén *Corozo* (*Obr. cit.*, II, p. 489).
- O último escribe verbo deste xacemento: *Toda esta parte alta, y el sitio conocido por Carozo, está sembrado de costras de pudinga de mineral de hierro, en la que el cimienta es hidróxido, en general rojo, de formación moderna (...) Adquiere este depósito más espesor en la bajada hacia Rao y se ve que indistintamente descansa sobre pizarras metamórficas y sobre la roca arenosa* (*Obr. cit.*, II, pp. 516-517). E noutro lugar: *pero la mayor intensidad de depósito está en el sitio conocido por Corozo (1.200 -m de altitud-), en donde empieza el barranco, largo y áspero, que antecede al río Rao* (*Obr.*

cit., II, p. 488). *El espesor de este depósito ferruginoso será en general de 0,60 a 0,80 metros, llegando a veces a un metro, y por excepción dos metros; el criadero se recorrerá en varios kilómetros (...) Es muy difícil hacer cálculos del mineral aprovechable, pero llegará a varios miles de toneladas (...) Este mineral es fácilmente reductible y se ha beneficiado hacia los años 1835-40 en la antigua herrería de Murias de Rao (Obr. cit., II, p. 488-489).*

<sup>18</sup> MPL: *Copiador de correspondencia...*, 2, fs. 40v e 59v; MIÑANO, S. de: *Diccionario geográfico-estadístico de España y Portugal*, VII, Madrid, 1827, p. 233.

Exploraron un filón en Ibias (Asturias), a uns 15 quilómetros da ferraría en liña recta, do que tamén se quixo levar mineral para a do Vilar da Cufiña, pero os resultados non deberon ser satisfactorios porque non se volveu falar del (MPL: *Copiador de correspondencia...*, 1, f. 103).

<sup>19</sup> AHPL: Expedientes mineiros: concello de Navia de Suarna.

<sup>20</sup> Páxinas 575 a 579. A versión castelá safu en febreiro de 1853 no *Boletín Oficial del Ministerio de Fomento*: «Ojeada sobre la situación de los criaderos de hierro y composición química de algunos de estos minerales de la provincia de Asturias», pp. 373 a 377; e en 1916, L. DE ADARO Y MAGRO inseriu un resumo, «Minerales de Rao», no libro *Memorias del Instituto Geológico de España. Criaderos de hierro de España. Tomo II. Criaderos de Asturias*, pp. 192 a 195.

<sup>21</sup> A pesar de que non se fai ningunha aclaración, o primeiro é Juan de Torres, director da compañía en 1850, e o segundo o fundador e, quizais, principal accionista, José María Bravo, de Santalla de Ozcos (PAILLETTE, A / BÉZARD, E.: «Art. cit.», p. 577; MP-EV: *Papeis da ferraría de Rao*, docs. 2 e 4).

<sup>22</sup> A denominación é Os Penoes. Os autores franceses din da súa situación que *sobre unha certa extensión dende o vértice do monte Carozo seguindo unha liña aproximada de N. a S. áchanse as mesmas cristas chamadas no país Penones* («Art. cit.», p. 577). Vén a ser a parte máis alta da serra, as penas ou penedos, entre Murias e Poso, onde estaba a «Dudosa» que rexistra José María Bravo o 10 de decembro de 1844: *una mina de hierro con el nombre Dudosa, situada en la cruta (sic) del Monte llamado Carozo (sic), en medio del Camino que sigue de Rao á Poso, y de los peñascos que forman cuspide llamados tambien del Carozo...* (AHPL: Expedientes mineiros: concello de Navia de Suarna).

<sup>23</sup> Escribe Hernández Sampelayo: *En Meda se vuelve a ver otro depósito y corte de hidróxidos, grande respecto a la extensión que ocupa, pues entra por debajo del pueblo (Obr. cit., II, p. 518).*

<sup>24</sup> Os autores franceses dan a equivalencia en quilogramos, 138.000, polo que se trataba de quintais casteláns (3.000 *quintaux de minerais (138.000 kilog.) sans autre travail que l'abatage à ciel ouvert (et cela en quelques mois)* (PAILLETTE, A. / BÉZARD, E.: «Art. cit.», p. 177).

<sup>25</sup> CAVEDA, J.: *Memoria presentada al Excmo. Sr. Ministro de Comercio, Instrucción y Obras Públicas por la Junta clasificadora de los productos de la industria española reunidos en la Exposición Pública de 1850*, Madrid, 1851, p. 194. Este mesmo texto foi reproducido anos despois en *Fomento. Revista de Agricultura, Industria, Comercio y Obras Públicas...*, «Fundiciones. Hierros», Madrid, 15 de xaneiro de 1854, p. 157.

<sup>26</sup> Cómpre ter en conta que o *quintal maior* ou *quintal macho* que se usaba exclusivamente para o mineral equivalía a 70,85 kg no oeste de Asturias (Castropol) e 86,25 kg cando se aclara que é o galego. Como neste caso non se di nada e, ademais, a empresa era asturiana, é de supoñer que sexa o primeiro. O quintal oficial ou castelán eran 46,009 kg (GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *Obr. cit.*, p. 252).

<sup>27</sup> MP-EV: *Papeis da ferraría de Rao*, doc. 12.

<sup>28</sup> «Art. cit.», p. 179.

<sup>29</sup> MP-EV: *Papeis da ferraría de Rao*, doc. 4.

<sup>30</sup> Ídem, doc. 13.

<sup>31</sup> Como non se aclara, partimos da base que en todos os casos se refire ao quintal castelán de 46,009 kg.

<sup>32</sup> MADOZ, P.: *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*, XIII, Madrid, 1849, p. 863; ESPAÑOL, C.: «Memoria sobre la Fábrica de Fundición de hierro de Sargadelos (Galicia)», *Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo*, V, Lugo, 1952, pp. 28 ss.

<sup>33</sup> HERNÁNDEZ SAMPELAYO, P.: *Obr. cit.*, III, pp. 39-40.

<sup>34</sup> AHPL: Protocolos notariais, 1377/2.

Os propietarios da do Vilar da Cufiña (que eran os mesmo da de Rao) dirixíronse a Antonio Raimundo Íbañez, dono de Sargadelos, o 7 de febreiro de 1794, para que os informase das condicións para traer unha cuadrilla de carboeiros vascos como fixera el, e que as que poñían eles eran: *han de hacer de su cuenta las cortas de leña y todas las mas operaciones hasta combertirla en Carbon, el Acarreo es de Nuestra cuenta; el Carbon se mide a la entrega en la ferrería, se les pagará por cada carga que se compone de quatro fanegas medida de Castilla, dos reales y tres quartillos; ademas de esto daremos a cada cuadrilla que haga dos mil cargas de carbón 300 reales de gratificación.* Non sabemos se se

chegou a un acordo e, de levarse a termo, se tamén afectou á de Rao (MPL: *Copiador de correspondencia...*, 1, f. 70v e 71).

<sup>35</sup> Coidamos que se refira á carga castelá de 4 fanegas, sobre 184 kg.

<sup>36</sup> MP-EV: *Papeis da ferraría de Rao*, doc. 12.

<sup>37</sup> AHN: *Órdenes Generales de Rentas*: libro 38, exp. 5.093.

<sup>38</sup> GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *Obr. cit.*, pp. 49-51.

<sup>39</sup> AHPL: *Protocolos*: 1377/2.

<sup>40</sup> «Art. cit.», p. 579.

Sobre a feitura e funcionamento destes enxeños hidráulicos, pódese ver GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *Obr. cit.*, pp. 77 ss.

<sup>41</sup> Archivo catedral de Astorga: «Particulares», núm. 133; QUINTANA PRIETO, A.: *Obr. cit.*, p. 424.

<sup>42</sup> ARG: *protocolos notariais*, 1617, f. 54.

<sup>43</sup> AHN: *Órdenes Generales de Rentas*, lib. 38, exp. 5.093.

<sup>44</sup> ARG: *Protocolos notariais*, 1617, fs. 54 ss.

<sup>45</sup> AHPL: *Protocolos notariales*, 3.492, ano 1788.

<sup>46</sup> Non sabemos se tería algo que ver coa construción da de Rao o devandito marqués, tendo en conta que este territorio (a xurisdición de Navia de Suarna) era señorío seu por depender do condado de Altamira, título que ostentaba entre outros.

<sup>47</sup> AGS: *Junta de Comercio y Moneda*, 295.

Sobre esta compañía pódense ver, entre outros: VÁZQUEZ VAAMONDE, M<sup>a</sup>. del C.: *La metalurgia en Galicia de los siglos XVIII al XIX. Ferrerías, fundiciones y forjas*, tese de doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela, 1995; LÓPEZ ÁLVAREZ, J. / GRAÑA GARCÍA, A.: *Ferrerías, mazos y fraguas en Asturias*, Oviedo, 1998; GONZÁLEZ PÉREZ, C.: «A produción tradicional do ferro na conca do río Eo: A «Compañía de la Vega de Rivadeo», *La Vega. Publicación bimestral de información histórica del concejo de Vegadeo*, 75/76, 2009.

En 1793 era director da mesma Pedro González de Carvajal, e coincidindo coa Guerra do Rosellón ou da Convención entre España e Francia, entregou como axuda ao goberno pintura de varias cores, 8 reais diarios para manter dous soldados e *toda la madera y toxo que tiene en los montes inmediatos al Ferrol, y sirva para dar brisca á los buques de la Marina Real*. O enfrontamento rematou co Tratado de Basilea (1795) (*Mercurio de España*, Madrid, setembro, 1793, III, p. 122).

<sup>48</sup> MPL: *Copiador de correspondencia...*, 1, f. 20.

<sup>49</sup> *En la Casa de administracion de la ferreria de la Santísima Trinidad, Parroquia de Santa Maria de Rao, concejo de Navia de Suarna...* (AHPL: *Protocolos*, 1377/3, 21 de abril de 1804).

<sup>50</sup> DATOLI LASSLLE, F. J.: «Art. cit.», p. 67.

<sup>51</sup> MPL: *Copiador de correspondencia...*, 1, f. 127.

<sup>52</sup> Ídem, 1, f. 127v.

<sup>53</sup> Ídem, 2, fs. 15 e 39v.

<sup>54</sup> AHPL: *Protocolos notariais*, 1377/2.

<sup>55</sup> MPL: *Copiador de correspondencia...*, 2, f. 4 e 4v.

<sup>56</sup> Ídem, 2, fs. 11v e 12.

<sup>57</sup> *Señores míos: No puedo menos de comunicar á Vm. como en la Noche del 26 del corriente Julio, como á cosa de las once y media de la Noche, me entraron en casa por su poca seguridad dos ladrones que después de atarme de pies y manos en ropas menores al propio pie de la cama á donde dormía, me han sacado las llaves del bolsillo han recoxido el Dinero que encontraron tras de ellas que heran las de una Arca, y una Lacena, y pareciendole poco el Dinero este que ascendería á la cantidad de unos tres mil reales incluso unos veinte de la Criada que tenia en un bolsillo en la misma Lacena, vuelven á cometerme nuevamente amenazandome con pistolas al pecho, vociferando me havian de matar en la ora, que este no era Dinero para una ferrería, que mucho mas Dinero havia, que dixese de él prontamente y de lo contrario que mi vida poca hera; Les dixese no havia mas Dinero, por que aunque es cierto caminaba mucho fierro, todo hiba al fiado, y con cedula o Libranza de los señores Directores de la Compañía, cuyas papeletas les mandé reconociesen, á nada me han dado ohida mas temerarios y porfiando en su depravado intento, en terminos que el mas bajo de ellos hizo la accion como el soltarme un tiro de una de las dos Pistolas que me tenían puestas al pecho, les supliqué me diesen tiempo para reconciliarme con Dios, me contestó el pequeño con mucha ira, que dixese del Dinero, ó concluhía mi vida en la ora, y donde no ya lo encontraban llevando los dineros míos, que acababan de quitarme la vida, y por salvar esta en vista de tanto desenfreno, y poco temor á Dios con estos malebolos, que en bez de hohirme se mostraban mas encendidos, ayudado del temor, y miedo á*

la Muerte, con que me amenazaban ... les dixen el sitio adonde tenia debaixo de terra, y en un bote, mayor partida puesta en oro, que hera el produto de el fierro beneficiado por mi en Dinero agarraron de la luz, se fueron al sitio que hera la bodega de el vino, hicieron la escavacion, y habiendo hallado el bote se marcharon con él, y con una tela de lienzo que tenia en una arca... (MPL: Copiador de correspondencia..., 2, f. 38).

<sup>58</sup> Este señor tamén se dedicaba, entre outros negocios, ao do gando: o 21 de abril de 1804, José Pérez, veciño de Poso (Donís), recoñece que lle debe 1.749 reais con 6 marabedís de vellón, por varias quantas que entre los dos han tenido antes de ahora, de Ganado, y otros aberes... (AHPL: Protocolos, 1377/3).

<sup>59</sup> MPL: Copiador de correspondencia..., 2, fs. 36, 38 e 38v.

<sup>60</sup> Ídem, 2, fs. 40v-41.

<sup>61</sup> Ídem, 2, f. 59v.

<sup>62</sup> Ídem, 2, fs. 15.

<sup>63</sup> *Descripción económica del Reyno de Galicia...*, Ferrol, 1804, p. 109.

<sup>64</sup> *Obr. cit.*, VII, Madrid, 1827, p. 233.

<sup>65</sup> *Obr. cit.*, III, p. 111.

<sup>66</sup> *Obr. cit.*, XIII, p. 372.

<sup>67</sup> MPL: Copiador de correspondencia..., 2, fs. 15, 17, 37 e 39v.

<sup>68</sup> Ídem, 2, fs. 15 e 39v.

<sup>69</sup> Da do Vilar da Cuña consérvase a estrutura completa, a capela e as ruínas da vivenda e doutras construcións auxiliares (GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *A produción tradicional do ferro en Galicia. As grandes ferrerías da provincia de Lugo*, pp. 144 ss. e 166 ss.), e da ancaresa os muros da factoría e da casa do administrador (GONZÁLEZ PÉREZ, C.: «Arquitectura e tecnoloxía populares no val de Ancares (León)» en *Sociedade e tecnoloxía tradicionais do Val de Ancares*, 1996, pp. 320 ss.)

<sup>70</sup> AHPL: Protocolos notariais, 1.377/2.

<sup>71</sup> ARG: protocolos notariais, 1.617, f. 54.

<sup>72</sup> No mesmo ano 1848 tamén se constituíu a sociedade para construír outra das grandes siderurxias galegas, a de Carril (Vilargacía de Arousa), que permaneceu activa ata 1878. Xa posteriores son, entre outras, a de Sanjurjo en Vigo, Solórzano e Sanjurjo na Coruña, Malingre en Ourense, etc.

<sup>73</sup> Este último acompañou a Guillermo Schulz nunha excursión que fixo polas inmediacións de Ribadeo a finais de 1832, e tamén foi quen lle deu varias mostras de galena e unha pedra *muy estraña del valle de Oro en su parte occidental: En varios paseos que he dado en compañía de D. Balbino Torres, he reconocido las inmediaciones de Rivadeo (...)* Ensayé así mismo las otras muestras de Galena que me dio D. Balbino de Torres sin saber los puntos de donde son... (SCHULZ, G.: *Cuaderno de campo, nº 1 (Sept. – Nov. 1832)*, ed. de J. R. Vidal Romaní, Ed. do Castro, 1992, pp. 99-105-106).

<sup>74</sup> MP-EV: *Papeis da ferraría de Rao*, doc. 12. Apéndice II.

<sup>75</sup> Ídem, doc. 4.

<sup>76</sup> Ídem, doc. 8.

<sup>77</sup> «Art. cit.», p. 579.

Para ver a diferenza entre estes dous métodos, GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *A produción tradicional do ferro en Galicia. As grandes ferrerías da provincia de Lugo*, pp. 77 ss.

<sup>78</sup> MP-EV: *Papeis da ferraría de Rao*, doc. 8.

<sup>79</sup> Ídem, doc. 22.

Por este camiño ata Ribadeo, tamén se mandaban os barriliños da fábrica de manteiga que había en Murias, segundo aínda dicían os veciños maiores hai uns corenta anos.

<sup>80</sup> O quintal maior ou quintal macho non se usaba máis que para o mineral é equivalía a 70,85 kg no oeste de Asturias (Castropol) e 86,25 kg cando se di que é o galego. Como neste caso non se aclara nada e, ademais, a empresa era asturiana, supoñemos que sexa o primeiro. O quintal castelán eran 46,009 kg; e a carga castelá equivalía a 4 fanegas, sobre 184 kg. (GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *Obr. cit.*, p. 252).

<sup>81</sup> Os dicionarios galegos e casteláns non recollen esta palabra que se usaba na siderurxia tradicional, que era sinónimo de fornada: *y no sacar por esta causa más de cinco hagoas en ellas* (Ferraría de Barxa de Lor, 1753); *y al lado opuesto está el mazo en donde se adoba y se estira la zamarra o agoa* (GÓMEZ NÚÑEZ, S.: *El General de Artillería Don Juan Manuel Munárriz...*, p. 28) (GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *Obr. cit.*, p. 245).

<sup>82</sup> PAILLETTE, A. / BÉZARD, E.: «Art. cit.», p. 179.

<sup>83</sup> MP-EV: *Papeis da ferraría de Rao*, doc. 1v. Apéndice I.

<sup>84</sup> VÁZQUEZ VAAMONDE, M<sup>a</sup> del C.: *La metalurgia en Galicia en los siglos XVIII al XX*, tese de doutoramento, 1995, p. 258.



- <sup>85</sup> Ídem, p. 360, e tamén da mesma autora: *Sargadelos – Carril – Santiago*, 1994, p. 49.
- <sup>86</sup> Había dous modelos, por iso se aclara que se trata do antigo.
- <sup>87</sup> As sumas nalgúns casos non coinciden: está ben a primeira, a segunda serían 60, non entendemos a terceira, e a cuarta volve estar ben (MP-EV: *Papeis da ferraría de Rao*, doc. 5r).
- <sup>88</sup> «Art. cit.»
- <sup>89</sup> AHN: *Órdenes Generales de Rentas*: libro 38, exp. 5.093.
- <sup>90</sup> MP-EV: *Papeis da ferraría de Rao*, doc. 1v. Apéndice I.
- <sup>91</sup> Ídem, doc. 3r. A suma dos de primeira categoría está mal, son 5.499.
- <sup>92</sup> MP-EV: *Papeis da ferraría de Rao*, doc. 3v.
- <sup>93</sup> Ídem, doc. 10.
- <sup>94</sup> Ídem, doc. 11.
- <sup>95</sup> *Obr. cit.*, p. 194.
- <sup>96</sup> MP-EV: *Papeis da ferraría de Rao*, docs. 11 e 22v.
- <sup>97</sup> Ídem, doc. 1v.
- <sup>98</sup> Ídem.
- <sup>99</sup> Deste número había dous modelos.
- <sup>100</sup> As sumas nalgúns casos non coinciden: está ben a primeira, a segunda serían 60, non entendemos a terceira, e a cuarta volve estar ben (MP-EV: *Papeis da ferraría de Rao*, doc. 5r).
- <sup>101</sup> A suma dos sellos non a entendemos (MP-EV: *Papeis da ferraría de Rao*, doc. 5r).
- <sup>102</sup> Como queda dito, os potes podían ser de primeira, segunda ou terceira clase.
- <sup>103</sup> A segunda suma está mal, son 34½, e o papel está roto no total dos sellos (MP-EV: *Papeis da ferraría de Rao*, doc. 5r).
- <sup>104</sup> Está mal a suma dos potes, son 691 (MP-EV: *Papeis da ferraría de Rao*, doc. 5r).
- <sup>105</sup> Ídem, doc. 1r.
- <sup>106</sup> Ídem, docs. 12 e 2. Apéndice II.
- <sup>107</sup> Ídem, doc. 12. Apéndice II.
- <sup>108</sup> Ídem, doc. 4.
- <sup>109</sup> Ídem, doc. 11. Apéndice III. As sumas non sempre están ben feitas, polo que damos as reais tendo en conta o importe dos sumandos.
- <sup>110</sup> Ídem, docs. 14, 15 e 17. Na misiva do 11 de febreiro tamén lle di se quere cobrar os 10.000 reais xuntos ou en varias veces, *pues que como aunque tengo vendido el lino, no lo cobro sino poco a poco...* O que amosa que a compañía tamén se dedicaba á importación do liño, que vendía para tecer aquí as mulleres nas casas.
- Ademais debía tratar na comercialización de manteiga, sendo posiblemente da súa propiedade a fábrica de manteiga de Murias, situada no medio da aldea, da que os veciños maiores contaban que a mandaban dende aquí en barriliños para Ribadeo. A casa aínda se conservaba en bo estado na década dos anos 80 do século pasado, pero desta industria case non dispoñemos de datos: O 2 de agosto de 1850, escribe no libro de contas o administrador da fundición Manuel Núñez: *Este día han subido una libra de chocolate para la Fabrica de manteca*; e cando deixa a ferraría e pasa a ser administrador Balbino de Torres, no inventario dos efectos que posuía asinado o 24 de setembro de 1851 figuran *barrilyllos de manteca*, dos que non se dá o número nin o prezo. Continuaba activa en xaneiro de 1852, en que Ramón Monasterio da Proba de Navia pregunta ao antigo administrador, Manuel Núñez (deixara de selo o 24 de setembro do ano anterior), se lle entregaran os 358 reais que debía *Ramon de la Fabrica de Manteca* (MP-EV: *Papeis da ferraría de Rao*, docs. 8, 9 e 10).
- <sup>111</sup> Páx. 194, e t. III, p. 168, respectivamente.
- <sup>112</sup> MP-EV: *Papeis da ferraría de Rao*, doc. 10.
- Non sabemos a que arroba (@) se refire, pero é de supoñer que sexa á castelá e, en particular, á que se usaba para medir o viño, que equivalía a 16,133 litros. Como tiña dous barrís, un de 4 e outro de 5 arrobas, en total serían sobre 145,20 litros.
- <sup>113</sup> MPL: *Copiador de correspondencia...*, 2, fs. 4 e 11.
- <sup>114</sup> No núcleo urbano de Murias aínda hai unha vivenda que é coñecida pola «casa da ferraría», pero non porque houbese alí unha, que é imposible tendo en conta o sitio, senón a que talvez viviu nela algún encargado ou administrador.
- <sup>115</sup> Nun documento anterior escrito na mesma folla figura a data do 4 de xullo de 1849, que debe ser a mesma do presente.
- <sup>116</sup> Primeira e segunda categoría. Tamén, como se verá, había potes de terceira.
- <sup>117</sup> Sobre o significado desta palabra, véxase o capítulo IV, apartado 4: «A produción: tipos de utensilios».

- <sup>118</sup> A primeira campaña foi de decembro de 1847 a xuño de 1848.
- <sup>119</sup> A segunda, de decembro de 1848 a xuño de 1849.
- <sup>120</sup> Sen data, pero case seguro que é de cando Manuel Núñez deixou a administración da fundición e se fixo cargo da mesma Balbino de Torres, a finais de setembro de 1851.
- <sup>121</sup> Tendo en conta que se trata da libra castelá, de 0,460 kg., serían arredor de 115 kg.
- <sup>122</sup> Un quintal eran 100 libras, por tanto sobre 115.000 kg.
- <sup>123</sup> Arredor de 23.004 kg.
- <sup>124</sup> 138.024 kg, aproximadamente.
- <sup>125</sup> Equivalía a 86,26 kg, en total sobre 517.560 kg.
- <sup>126</sup> Sobre 103.512 kg.
- <sup>127</sup> A carga castelá equivalía a 4 fanegas, 184 kg. En total 699.200 kg, aproximadamente.
- <sup>128</sup> Sobre 1.280.000 kg.
- <sup>129</sup> Na marxe: *se fugó*.
- <sup>130</sup> Mal sumado, o total é 8.699, que lle afecta tamén ao total de potes, que non eran 12.390, senón 12.424.
- <sup>131</sup> No concello de Navia o ferrado equivalía aproximadamente a 15 litros, e pasado a quilogramos de centeo, 12,62, polo que o gran que tiña non superaría os 165 kg.
- <sup>132</sup> O ferrado de trigo pesaba sobre 11,72 kg no concello de Navia, sendo o total uns 90 kg.
- <sup>133</sup> Peselos: Calquera cesto e, en particular neste caso, os que usaban para transportar o mineral. Non se coñece a capacidade porque o texto non está claro, unicamente supoñendo que fosen 40 fanegas (a 63 litros cada unha –non sabemos o peso das patacas–), serían sobre 2.520 litros, polo que cada peselo tería unha capacidade duns 21 litros. Os peselos desta comarca diferéncianse das cestas, *mezas* e *pesos*, en que non teñen asas nin aro (GONZÁLEZ PÉREZ, C.: «Aproximación etnográfica á cultura material da montaña lucense: notas históricas e situación presente», volume II de *Antropología y Etnografía de las proximidades de la Sierra de Ancares*, Deputación Provincial de Lugo, 1991, pp. 234 ss. e 265 ss.).
- <sup>134</sup> A arroba, supoñendo que fose a castelá de aceite, valía 12,5 kg ou 12,563 l. O total sería sobre 31,40 litros.
- <sup>135</sup> A corrente era a de 0,460 kg.
- <sup>136</sup> Sobre 46 kg.
- <sup>137</sup> Almofía ou palangana.
- <sup>138</sup> A arroba de viño equivalía a 16,133 litros, polo que os barrís terían unha capacidade de 64,532 e 80,665 litros, respectivamente.

## BIBLIOGRAFÍA

### a) Fontes documentais

ARCHIVO GENERAL DE SIMANCAS (AGS):

-*Junta de Comercio y Moneda*, 295.

-Catastro de La Ensenada: *Interrogatorio de la feligresía de Santa María de Rano* (sic).

ARCHIVO HISTÓRICO NACIONAL (AHN):

-*Órdenes Generales de Rentas*, libro 38, exp. 5.093.

ARCHIVO HISTÓRICO PROVINCIAL DE LEÓN (AHPLe):

-*Protocolos notariales*, 3.492 (1780, ferraría de Ancares)

ARQUIVO DO REINO DE GALICIA (ARG):

-Protocolos notariais de Antonio Pardo de Ponte y Andrade, 1617 (1799).

ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL DE LUGO (AHPL):

-Expedientes mineiros

- Protocolos notariais: 1377/2 (1801), 1377/3 (1804).

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO (MPL):

-Casa de Miranda: *Copiador de correspondencia de la Compañía de la Vega de Rivadeo*, 1792-1807 (12-2.5.15-1 e 12-2.5.15-2).

MUSEO PEDAGÓGICO-ETNOGRÁFICO «VILLAPOL» (MP-EV), Bretoña, A Pastoriza (Lugo):

-*Papeis da ferraría de Rao*<sup>139</sup>.

### b) Fontes impresas

ADARO Y MAGRO, L. DE: *Memorias del Instituto Geológico de España. Criaderos de hierro de España. Tomo II. Criaderos de Asturias*, Madrid, 1916.

BALBOA DE PAZ, J. A.: *El Bierzo en la obra de dos militares del siglo XVIII: Datoli y Munárriz*, Ponferrada, 1992.

- - -: *La siderurgia tradicional en el noroeste de España. Siglos XVI-XX*, Editorial Csed, S.L., Astorga, 2015.

CAVEDA, J.: *Memoria presentada al Excmo. Sr. Ministro de Comercio, Instrucción y Obras Públicas por la Junta clasificadora de los productos de la industria española reunidos en la Exposición Pública de 1850*, Madrid, 1851.

HERNÁNDEZ SAMPELAYO, P.: *Memorias del Instituto Geológico y Minero de España. Criaderos de hierro de España. T. IV. Hierros de Galicia*, Madrid: I, 1922; II, 1931; III, 1935.

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *A produción tradicional do ferro en Galicia. As grandes ferrerías da provincia de Lugo*, Deputación Provincial, Lugo, 1994 (1ª reed. 2000).

- - -: «Arquitectura e tecnoloxía populares no val de Ancares (León)», *Sociedade e tecnoloxía tradicionais do Val de Ancares*, Consello da Cultura Galega, 1996.

- - -: «A minaría e a siderurxia tradicionais do ferro na provincia de Lugo» en *Minaría. Expedientes de explotacións mineiras no Arquivo Histórico Provincial de Lugo*, Xunta de Galicia, 2004.

<sup>139</sup> O conxunto está formado por 22 documentos aos que lles asignamos un número segundo a data para podelos citar:

-1849: 1r= 4 de xullo; 1v= (sen data), pero é a mesma do anterior; 2= 4 de xullo de 1849.

-1850: 3r= 10 de xaneiro; 3v= 6 de marzo; 4= 16 de marzo; 5r= 25 de marzo; 6= 24 de abril; 7= 3 de agosto; 8= (despois do 7) de agosto.

-1851: 9= febreiro; 10= 24 de setembro; 11= 24 de setembro; 12= sen data, pero de 1851.

-1852: 13= 15 de xaneiro; 14= despois do 15 de xaneiro; 15= 4 de febreiro; 16= 11 de febreiro; 17= 18 de febreiro; 18= 24 de marzo; 19= 29 de maio.

-Sen data: 20r; 20v; 21; 22r; 22v.

- - -: «A produción tradicional do ferro na conca do río Eo: A «Compañía de la Vega de Rivadeo», *La Vega. Publicación bimestral de información histórica del concejo de Vegadeo*, 75/76, 30 de abril de 2009.
- LABRADA, L.: *Descripcion economica del Reyno de Galicia por la Junta de Gobierno del Real Consulado...*, Ferrol, 1804.
- ORIOLO RONQUILLO, J.: *Diccionario de materia mercantil, industrial y agrícola*, III, Barcelona, 1855.
- PAILLETTE, A. / BÉZARD, E.: «Coup d'oeil sur le gisement et la composition chimique de quelques mineraux de fer de la province des Asturies (Espagne)», *Bulletin de la Société Géologique de France*, 2ª serie, t. VI, París, 18 de xuño de 1849.
- - -: «Ojeada sobre la situación de los criaderos de hierro y composición química de algunos de estos minerales de la provincia de Asturias», *Boletín Oficial del Ministerio de Fomento*, 61, t. V, Madrid, 24 de febreiro de 1853 (Versión castelá do artigo anterior).
- PEREIRA OLIVEIRA, Mª. D. (coord.): *Minaría. Expedientes de explotacións mineiras no Arquivo Histórico Provincial de Lugo*, Xunta de Galicia, 2004.
- VÁZQUEZ VAAMONDE, Mª. del C.: *Sargadelos – Carril – Santiago*, Ed. do Castro, 1994.
- - -: *La metalurgia en Galicia de los siglos XVIII al XIX. Ferrerías, fundiciones y forjas*, tese de doutoramento, Facultade de Xeografía e Historia, Universidade de Santiago de Compostela, 1995.





# Arredor de Filomena Dato Muruais (1856-1926)

XESÚS TORRES REGUEIRO\*

## Sumario

Achegamento á vida e obra da poeta ourensá Filomena Dato Muruais (1856-1926), residente moitos anos nas Mariñas de Betanzos, na parroquia bergondesa de Moruxo, onde faleceu. Escritora bilingüe en español e galego, galardonada en múltiples certames e sinalada feminista do seu tempo, foi a primeira muller en publicar un libro en lingua galega logo de Rosalía Castro: *Follatos*, 1891.

## Abstract

Approach to the life and work of the poet from Ourense Filomena Dato Muruais (1856-1926), residing many years in the Mariñas de Betanzos, in the parish of Bergondo (Moruxo), where she died. Bilingual writer in Spanish and Galician, awarded in multiple contests and a sinalated feminist of her time, was the first woman to publish a book in Galician language after Rosalía de Castro: *Follatos*, 1891.

## OURENSE NOS INICIOS


Nada en Ourense o 26 de xullo de 1856, Filomena Dato Muruais foi a maior de cinco irmáns, fillos do militar José Dato Granados (que morrería sendo comandante) e de Juana Muruais Pérez, que morreu en Ourense en xaneiro de 1905, moitos anos despois do seu home. Os seus irmáns varóns José e Juan tamén serían militares. O primeiro chegaría a ser coronel e desempeñaría diversos cargos, morreu en 1928 en Ourense, dous anos despois que Filomena, logo de ter sido tenente coronel en Santiago do Rexemento de Zaragoza. O segundo sería brevemente médico militar. Había outras dúas mulleres: Maravillas e Aurelia. Esta casou con Julio César Patiño Pita da Veiga, do pazo de Moruxo en Bergondo, onde Filomena viviu varios anos e morreu en 1926. Aurelia foi a única dos irmáns que tivo descendencia.

O matrimonio Dato Muruais aparece en 1865, xunto cos seus catro fillos aínda nenos (Filomena tiña nove anos e Juan non nacera aínda), nunha ampla subscrición a favor do Papa en *El Pensamiento Español* (Madrid, 8-9-1865), órgano do catolicismo ultradereitista e absolutista, aportando 4 reais cada membro do matrimonio e 2 reais cada neno, dato indicativo da ideoloxía e do ambiente familiar no que se criou Filomena e os seus irmáns.

Se ben por costela paterna as súas orixes procedían da localidade murciana de Mazarrón, por parte da nai estaban en Ferrol e tamén en relación con Pontevedra, onde un irmán da nai estaba asentado. Os célebres (no seu tempo) literatos Andrés e Jesús Muruais eran curmáns dos Dato. O nacemento e veciñanza ourensá da familia debíase ao destino profesional do pai.

---

\* **Xesús Torres Regueiro** é betanceiro e autor de numerosos traballos sobre historia local e de Galicia, moitos deles publicados neste mesmo *Anuario Brigantino* dende 1983.



Morreron novos os Muruais, Andrés aos 31 anos e Jesús aos 51, sobre todo o primeiro, como novo morrera seu pai que os deixou orfos moi pequenos. A irreverencia dos irmáns Muruais contrastaba coa ortodoxia e relacións sociais de Filomena. Andrés (1851-1882) estudou e exerceu a Medicina. Durante unha estadía en Madrid formou parte de Galicia Literaria, xunto con Curros, Añón, Vesteiro Torres e outros, grupo que abandonaría por discrepancias. Escribiu un par de obras teatrais que foron representadas e poemas en galego e en español. Un himno «A Galicia» foi premiado en Pontevedra nos Xogos Florais de 1880. Á súa prematura morte un grupo de amigos dedicoulle e publicou en Pontevedra unha «Corona fúnebre», recollendo un monllo de poemas en galego e en español, no que non falta o da súa curmá Filomena, titulado «¡Llora!». Jesús (1852-1903) foi

catedrático de Latín nos institutos de Ourense e Pontevedra e acumulou unha das mellores bibliotecas privadas de Galicia, expurgada á súa morte e adquirida logo pola biblioteca pública de Pontevedra, onde non faltaban as novidades francesas e mesmo coleccións de tipo erótico. Entre os que a ela acudiron na célebre casa do Arco, domicilio pontevedrés dos Muruais, destaca un mozo Valle-Inclán, que lle dedicaría a Jesús o seu primeiro libro de relatos, *Femininas*, en 1895.

Todas as persoas que falaram sobre Filomena Dato e a súa obra coinciden en afirmar que se sabe pouco da súa vida, pese ao protagonismo que tivo na vida cultural e mesmo social do seu tempo durante algunhas décadas. Hoxe aportamos algúns datos novidosos sobre a súa vida, que nos últimos anos foi máis ben retirada e lonxe da prensa, a aumentar (e mesmo enmendar algún) os facilitados por J. F. Román Alonso no seu libro *Filomena Dato Muruais. A poeta galega de entreséculos* (Ourense, 2009).

Filomena participou dende moi nova no rico movemento literario ourensán de finais do século XIX que lideraba o poeta e xornalista cego Valentín Lamas Carvajal (Ourense, 1849-1906), director de *El Heraldo Gallego* e *O Tío Marcos da Portela*, pioneiro do xornalismo en lingua galega. Lamas e Filomena eran veciños da mesma rúa de San Cosme, trocada logo en Hernán Cortés nun rauto de españolismo patriótico que lle deu ao concello ourensán a finais do século XIX ao trocar varias rúas de nomes tradicionais polos de persoeiros españois.







O seu primeiro poema que atopamos publicado na prensa é «A Galicia», en *El Heraldo Gallego* do 29 de marzo de 1876. O poema está datado en Madrid no mes de marzo de 1875, cando Filomena tiña dezaoto anos. *El Heraldo Gallego* sería por tanto a primeira publicación das moitas nas que vai colaborar. Nel publica tamén textos en prosa en español: «Impresiones de un viaje: los codos de Laroco», «La ciega»...

Axiña acadou sona como poeta concorrendo e gañando numerosos premios literarios, mesmo fora de Galicia. Entre outros, cabe destacar os premios acadados no certame de Ourense dedicado ao Padre Feijoo en 1887 e nos históricos Xogos Florais de Tui de 1891.

No seu tempo foi unha das poucas mulleres membros da Real Academia Galega, aínda que unicamente como correspondente, xa que non de número, por máis que no xornal *El Noroeste* (24-I-

1908) aparecía como asistente a unha sesión como «socio de número».

Nun momento da súa vida, xa con corenta e dous anos, a poeta propúxose dedicarse ao ensino. No lucense *El Eco de Galicia* do 30 de maio de 1898 aparecía este solto: «La inspirada poetisa orensana, D<sup>a</sup> Filomena Dato Muruais ha solicitado examinarse de las asignaturas necesarias para adquirir el título de profesora superior de instrucción primaria.»

E os resultados foron óptimos, segundo noticiaba pouco despois *El Diario de Pontevedra* (17-VI-1898): «En la Normal de Maestras de Orense se ha revalidado, con la calificación de Sobresaliente, la inspirada poetisa Filomena Dato Muruais.» A pesar desas noticias non temos datos que confirmen a súa dedicación posterior ao ensino, aínda que si que colaborou nalgúns actos na Escola Normal central de Mestras e mesmo deu unha conferencia en 1913 (*El Noroeste*, 26-IV-1913) sobre «Maternidad espiritual de la maestra», dentro dun ciclo de extensión universitaria organizado pola Escola Normal da Coruña. Hoxe unha escola próxima a Ourense leva o seu nome: o CEIP Filomena Dato de A Valenzá (Barbadás). E tamén unha rúa no barrio da Carballeira. O Concello de Narón tamén lle dedicou unha rúa.

## O IRMÁN JOSÉ

José Dato Muruais naceu en 1857, un despois de Filomena. Compartiu co seu pai o nome e a carreira militar, que acadou en 1917 o grao de Coronel de Infantería. Cando a



guerra e desastre colonial formou parte do batallón expedicionario de Filipinas número 15 como capitán, e concedéuselle a cruz de primeira clase do Mérito Militar con distintivo vermello (*La Correspondencia Gallega*, Pontevedra, 29-IX-1897). Cando os tristes e sangrentos sucesos de Oseira de 1909, saldados coa morte de varios paisanos polas forzas da orde, foi nomeado xuíz instrutor do xulgado militar que interveu no caso. Destinado en Pontevedra, pasou logo a Santiago, onde formou parte e mandou o rexemento de Zaragoza número 12.



El Juzgado militar.  
De izquierda á dereita: D. Vicente Casanova, el comandante Sr. Dato Muruais (queos testroctores),  
el sargento Sr. Ropiriz (secretario), D. Jalma Solá. Fotografía G1

*Vida Gallega*, nº extraordinario, Vigo, maio 1909

Despois de corenta e sete anos de carreira militar concédennlle o retiro en 1921, cando estaba destinado como coronel de zona de Betanzos (*Anuario Militar de España*, 1921). Falece en 1928, e recibe sepultura en Ourense. Casara coa tamén ourensá Asunción Pérez-Feijóo de Prado, que faleceu no Couto un ano despois del. Non tiveron descendencia, ao parecer, pois na esquela desta publicada en *La Zarpa* (27-VI-1929) non aparecen fillos.

José aparece citado como «militar y poeta» e «literato muy querido en Compostela» nalgún periódico, mais non coñecemos ningún poema nin texto por el asinado, aínda que si a súa boa disposición para a literatura: en 1917, cando está destinado en Compostela, doa un dos premios para os Xogos Florais de Santiago e forma parte das comisións que recadaban fondos para o monumento a Rosalía que se inaugurou na Alameda compostelá nese ano.

## OIRMÁN TOLIÑO

Juan Dato, o menor dos irmáns, era moitos anos máis novo ca Filomena. Segundo Román Alonso naceu o 22 de novembro de 1868, mentres que no *Anuario Militar de España* de 1931 figura como data do seu nacemento «30-9-72». Licenciouse en Medicina na Universidade de Santiago de Compostela, e accedeu logo a médico militar provisional. Foi destinado a Filipinas en maio de 1897 cando a guerra colonial (*El Eco de Santiago*, 6-V-1897), experiencia que repercutiría negativamente na súa saúde mental.

O xornal de Toledo *La Campana Gorda* daba conta no número do 12 de abril de 1899, nun solto titulado «La repatriación», sobre a que se estaba a realizar dende as illas Filipinas onde o exército español sufría a derrota no conflito bélico que remataría coa perda das colonias, citando expresamente a Juan:

En la mañana de ayer fondeó en Barcelona el trasatlántico Buenos Aires, después de una travesía bastante penosa, conduciendo 1.222 pasajeros civiles y militares. [...] Efecto de las penalidades sufridas vienen dementes el médico provisional D. Juan Dato, natural de Orense, y el soldado Salvador Pérez, de Valencia.

A mesma mala nova dábaa *La Correspondencia de España* do 10 de abril. E foi precisamente Filomena quen recibiu a seu irmán á chegada do barco, segundo a compostelá *Gaceta de Galicia* do 21 de abril:

Se halla en Madrid la poetisa gallega Doña Filomena Dato, que había ido à Barcelona con objeto de recibir y acompañar á su hermano don Juan, médico militar, que procedente de Filipinas en estado de demencia, ingresará muy en breve en una casa de salud.

En febreiro de 1903, Juan Dato quedaba agregado á «sección de inútiles» por ter «perdido la razón» (*El Noroeste*, 24-II-1903) e ingresa no Corpo de Inválidos en xullo de 1906 (*El Noroeste*, 7-VII-1906). En 1931 cobraba soldo equiparado ao de tenente coronel (*Anuario Militar de España* 1931, páx. 474).

Xaquín Lourenzo, «Xocas», cando fala dos tolos de Ourense nunha entrevista (*As nosas voces*, 20. Arquivo sonoro de Galicia, Consello de Cultura galega, Santiago, 2004) refírese a Juan Dato, e equivoca a guerra de Cuba coa de Filipinas, que foron procesos simultáneos:

No edificio Liceo tivo lugar o acto de entrega dos premios do VII Concurso de Creación Literaria. Os gañadores das distintas categorías foron: Elena Luaces en categoría ESO, Esther Criado en bacharelato e Ciclos Formativos e Eduardo Lorenzo Martínez en categoría aberta.

### 17 de maio de 2017

A Plataforma Veciñal en defensa do Pasatempo realizou no parque diversas actividades orientadas ao público infantil, relacionadas co Día das Letras Galegas, como as procuras do tesouro e lecturas do libro «A galiña Azul» de Carlos Casares.



### Maio-xuño de 2017

Desenvolveuse nos centros de ensino do concello o programa de Educación Viaría para escolares de primaria, co obxectivo de fomentar hábitos de conduta para evitar accidentes.

### 19 de maio de 2017

No edificio Liceo tivo lugar a presentación do libro *Travesía cebola. Diario dunha aprendizaxe* de Eliana Bouzas Collazo.

### 19-21 de maio de 2017

Celebrouse na Praza do Campo o evento gastronómico musical «Parranda & Trucks».

### 20 de maio de 2017

Na Aula de Cultura Xulio Cuns, organizado polo Concello, tivo lugar a representación teatral da obra «Arsénico por compaixón» por conta do grupo Teatro Muxicas (ONCE), composto na súa maior parte por actores e actrices invidentes.

### **21 de maio de 2017**

Na Aula de Cultura Xulio Cuns, organizado polo Concello, tivo lugar un concerto do Cuarteto de tubas do Conservatorio Profesional de Música de A Coruña.

### **25 de maio de 2017**

No edificio Liceo tivo lugar a presentación do libro «Patrimonio da comarca das Mariñas», de Xosé María Veiga e Juan Sobrino, editado pola Asociación Cultural Eira Vella.

### **26 de maio de 2017**

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a velada de radio aberta ao público con motivo da clausura do Obradoiro de Radio Interxeracional do Laboratorio Radiofónico que organizou o Concello.

### **27 de maio de 2017**

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Rebento se non o Conto» por conta do actor Serxio Pazos, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.



(<http://gpaugacionteatralmariñan.blogspot.com>)



Prensa Concello

### **27-28 de maio de 2017**

No velódromo da avenida do Carregal celebrouse ao longo destes días o «Campionato de España Júnior e Sénior Feminino e Masculino de Circuito Patinaxe Velocidade 2017», organizado polo Comité Nacional de Patinaxe e Velocidade, no que participaron arredor de 250 patinadores/as.

### **28 de maio de 2017**

A Agrupación Teatral Mariñán recibiu o primeiro premio da II Mostra de Teatro Afeccionado de Zas, coa obra «O de menos é o nome».

### **Maio de 2017**

Neste mes desenrolouse a campaña «Quere o teu mercado», lema da Campaña Internacional dos Mercados e unha iniciativa da Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Comercio e Consumo. O obxectivo foi apoiar, promocionar e visibilizar o papel dos mercados nas cidades, potenciado o produto local.

### **Xuño de 2017**

Na Biblioteca Municipal tivo lugar a exposición «Os vosos libros favoritos escritos por mulleres».

### **2 e 3 de xuño de 2017**

No edificio Liceo tiveron lugar as VI Xornadas de formación e sensibilización sobre a atención á diversidade, este ano co tema a educación en igualdade e coeducación, organizadas polo CEIP Francisco Vales Villamarín, ANPA Brigantium, IES Francisco Aguiar, CFR A Coruña, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Betanzos.





### 2-3 de xuño de 2017

Desenvolveuse na Praza do Campo a campaña «Betanchef», organizada pola Asociación de Comerciantes e Empresarios (ACEBE), no que se combinaron a promoción comercial, agasallos a participantes e actividades de ocio infantil a través de talleres de cociña.

### 2-4 de xuño de 2017

Os padexeiros do C.N Ría de Betanzos, Rodrigo Germade, Óscar Carrera e Carlos Arévalo participaron coa selección española na III Copa do Mundo, celebrada en Belgrado (Serbia), onde os dous primeiros acadaron a medalla de ouro en K2 500. Carlos Arévalo quedou quinto en K1 200.

### 8 de xuño de 2017

Morreu neste día Manuel Lauda, prestixioso artesán brigantino e benfeitor do Museo das Mariñas, ao que doou varias pezas nas que destacan a maqueta dunha casa típica, a torre de Santo Domingo e mesmo unha colección de cestos e recipientes da zona das Mariñas. Lembrámolo con agrario.

### 8-11 de xuño de 2017

Betanzos participou na V edición da Feira de Festas de Interese Turístico (Festur) celebrada nestes días en Silleda e coincidindo co Salón Turístico de Galicia.

### Xuño de 2017

Leváronse a cabo obras de mellora e pintado da fonte de Diana Cazadora na praza do Campo.

### 9 e 10 de xuño de 2017

No Cine Alfonsetti celebrouse o «Festival de videoarte de Betanzos. BetaFest 2017». A organización correu a cargo de Latamuda produtora de arte contemporánea, a Universidade de Vigo e o Concello de Betanzos.

### 10 de xuño de 2017

Tivo lugar o V Trail Terras do Mandeo, que contou coa colaboración da Asociación de Comerciantes e Empresarios (Acebe) e co Concello de Betanzos.

### Xuño de 2017

Co acondicionamento interior remataron as obras da última fase de recuperación do edificio do lavadoiro das Cascas, construído polos irmáns García Naveira a principios do século XX.



Maqueta realizada por Manuel Lauda. É a casa na que naceu. Museo das Mariñas



### 17 de xuño de 2017

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «O xuramento de Drake ao pé da Torre de Hércules» por conta da compañía de teatro afeccionado Trotaconventos Teatro da Coruña. Desenvolveuse unha recollida de alimentos que foi organizada por Trotaconventos Teatro e Carlos Freire, en colaboración co banco de alimentos e o Concello.



### **Xullo-setembro de 2017**

Ao longo destes meses véronse a cabo as actividades do programa «Verán para todos en Betanzos», organizadas polo Concello en colaboración coa Xunta de Galicia, Deputación da Coruña, *Abanca* e *Gadis*. Estiveron compostas de campamentos, obradoiros, cursos, actividades deportivas, musicais turísticas e culturais.

### **18 de xuño de 2017**

Na Aula de Cultura Xulio Cuns a escola de danza Danzarte pechou o curso cunha actuación, na que as coreografías de baile estiveron adicadas ao cine.

### **30 de xuño de 2017**

Na Aula de Cultura Xulio Cuns, e organizada polo Teatro Real de Madrid, Federación Española de Municipios e Provincias e Concello de Betanzos, tivo lugar a retransmisión en directo da ópera, de Giacomo Puccini, *Madama Butterfly*, no marco da Semana da Ópera do Teatro Real.

### **Xullo de 2017**

Como vén sendo tradicional, os betanceiros que cumpriron o medio século reuníronse para celebrar o acontecemento.

### **Xullo-agosto de 2017**

Na Biblioteca Municipal de Betanzos A. Castelao tivo lugar a «Mostra bibliográfica de cómics».

### **1 de xullo de 2017**

Na praza da Constitución tivo lugar o XX Encontro de Bandas de Música, que contou coa participación da Banda de Música de Villamayor (Salamanca) e da Banda Municipal de Betanzos.

### **4-30 de xullo de 2017**

Na Sala Jesús Núñez do edificio Liceo tivo lugar a exposición titulada «Feira Franca, 20 anos, 20 carteis», do artista betanceiro Luis Galán.

### **4 de xullo de 2017**

A Xunta de Goberno do Concello fixo un recoñecemento público a Javier Etcheverría de la Muela pola súa xubilación. Foi debido ao apoio prestado á cidade de Betanzos ao longo de 57 anos que abarcou a súa traxectoria profesional no Banco Etcheverría e ultimamente en Abanca.

### **5 de xullo de 2017**

Na igrexa de Santo Domingo, dentro dos actos culturais previos da XX Feira Franca Medieval que organizou o Concello, tivo lugar un concerto de música antiga por conta do Grupo Medievarte.

### **7-9 de xullo de 2017**

Celebrouse a XX edición da Feira Franca Medieval, declarada de Interese Turístico de Galicia, que contou con diversas recreacións históricas realizadas por voluntarios e grupos teatrais: expulsión dos leprosos, tributo das cen doncelas, torneo medieval... A Feira deu comezo coa lectura do pregón por conta do profesor de Estatística e Vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia da Universidade da Coruña, Salvador Naya Fernández.





### **Pregón da XX Feira Franca Medieval**

Excelentísimo alcalde e autoridades, conveciños e visitantes de cerca e de lonxe, miñas donas e cabaleiros.

Como pregoeiro desta XX Feira Franca Medieval, quero facer partícipes a todos os amantes de Betanzos, da delicia por celebrar este acontecemento que nos una contorno a este excelente casco antigo. Coas miñas verbas desexo compartir con vós este momento.

Esta feira remóntase a outra época, o Medioevo, que aínda que pasará a historia por ser un ciclo escuro e sen grandes descubrimentos, a realidade é que nela naceu moito do que hoxe somos e seremos. Froito dela son as rúas que nos acollen ou as igrexas e pazos que nos rodean. Os escudos e marcas labrados polos canteiros dan sinal de que esta cidade foi feita para perdurar no tempo.

O tempo, que como magnificamente recolle o doutor e historiador Alfredo Erias no seu libro sobre a iconografía das tres igrexas góticas de Betanzos, relato insubstituíble para quen queira coñecer o Betanzos de antes e de agora, preocupou tamén a eses betanceiros do medioevo.

O tempo, que tivo obsesionado a esta xente que nos precedeu e que posiblemente para concienciarse co futuro incerto, quixeron controlalo e medilo. Así non é baladí que sexa nesta vila onde coexisten tres magníficos almanaques que buscan a medida deste tempo terrenal e cósmico. Os calendarios agrícolas das igrexas de Santa María e San Francisco permiten non só medir o tempo senón planificarlles aos labregos e labregas, cando tiñan que plantar ou recoller as colleitas. E o calendario cósmico propón esa extensión a un todo co estudo planetario coñecido.

O tempo, que será tratado con obsesión pola nacente ciencia ligada as traducións dos clásicos helenísticos e dos matemáticos árabes que promove o rei Alfonso X, por algo chamado O Sabio, para cuantificar o mundo.

O tempo, que precisaba dunha orixe, o cero, e que será tamén nesta época cando se incorpora á familia dos números, que coa ilusión dos negativos, traerá tamén a aparición dos imaxinarios, o que permitirá medilo doutro xeito novo.

O tempo, que por fe ou por medo a pasalo eternamente penando polos pecados no purgatorio, levou a nobres, como Fernán Perez de Andrade a construír grandes igrexas, onde os símbolos o deus Jano, co alfa e co omega grego (o cero e infinito matemático), dan constancia da obsesión por dominalo.





Arume

O tempo, que hoxe intentamos controlar e simular mediante complexos algoritmos, nome que precisamente procede do matemático do medievo Al Juarizmi, e que nos posibilitan desfrutar de grandes comodidades. Estes avances de grandes científicos do medievo, coma Cardano, grazas a cuxas xuntas para transmitir a rotación do motor ás rodas, fai que hoxe en día calquera desprazamento en coche resulta natural.

O tempo, ese tempo cósmico, que tamén preocupou a astrónomos medievais como Copérnico que afirmaba nesta época que a Terra xira arredor do Sol e non á inversa. Teoría que faría tamén famoso o gran Galileo, con peores consecuencias para este último («e por si muove»). Este novo modelo heliocéntrico daría un gran cambio no modo de pensar destas xentes, cun novo alfabeto para o mundo, como son as matemáticas, demostrando que a natureza, no seu funcionamento máis íntimo está regulada por leis científicas.

O tempo, que segue leis máis reguladas polo azar (outra palabra traída polos árabes da época) e que será a nova ciencia que o estuda, a estatística, a encargada de buscar modelos que o expliquen. Esta nova ciencia, axudará á creación doutras disciplinas que nos facilitarán vida como o control da calidade, a fiabilidade, ou mesmo a intelixencia artificial e o *big data* dos nosos días.

O tempo, que obsesiona os científicos na busca da verdade, e que algunhas veces encontran nela, por casualidade a beleza, como o artista medieval e contemporáneo que buscando a beleza, encontra en moitas ocasións a verdade. Ciencia e arte mesturadas nesta cidade para dar forma a estas rúas e monumentos, que só o feito de que sigan en pé denota a calidade e fiabilidade con que se fixeron.

O tempo, que co paso inexorable lévanos á conmemoración desta feira franca, cando a historia nos



Arume

sitúa nunha cuarta revolución industrial, vemos como os inicios xa estaban marcados nesta época medieval, co nacemento dos gremios, que logo derivan nas clases sociais e nos oficios que aínda se manteñen hoxe en día.

Que este tempo, igual que facían os visitantes e betanceiros medievais, vos permita desfrutar destas rúas ligadas aos oficios que marcaron e marcan o seu paso.

Así, cando entramos pola Porta da Vila, que coas da Ponte Vella e Nova, e a do Cristo dan e daban acceso o este excepcional casco histórico, somos recibidos polo escudo de Galicia e do propio Betanzos, o que xa indica ese paralelismo entre Betanzos e Galicia, que é sen dúbida outro distintivo desta cidade.

Quero pregoar que Betanzos foi e seguirá sendo exemplo de cidade de damas e cabaleiros, hospitalaria, respectuosa coa súa historia, cidade de nobres, pero tamén de mariñáns e labregas. É sobre todo unha vila máxica, que representa como ningunha a Galicia que acolle, e nesta similitude de cidade testemuña, para rematar tomo prestadas as verbas do gran poeta da chaira, Manuel María, que tanto amaba esta vila, e que como ninguén definiu esta maravillosa terra: «Galiza (Betanzos) é unha nai, velliña, soñadora, na voz da gaita rise na voz da gaita chora!»

E tempo agora de que soe esa gaita, démoslle pois paso a música e a festa, que dancen os bailaríns e que gocedes moito, nesta vixésima Feira Franca Medieval betanceira!



Prensa Concello

#### **10-21 de xullo de 2017**

O Concello e a Dirección Xeral de Xuventude levaron a cabo nestes días o campo de traballo para a mellora do primeiro nivel do Pasatempo, no que participou alumnado de diversas comunidades españolas e europeas.

#### **14-16 de xullo de 2017**

Dentro do programa de actuacións do VI Festival BetanJazz, organizado polo Concello, celebráronse na praza da Constitución concertos dos grupos: *Five On Blues Quintet*, *Alfonso Calvo Septet* e *Los Hot Chocolates*.

#### **22 de xullo de 2017**

Celebrouse na Praza dos Irmáns García Naveira o «XXI Festival de Folclore Día de Galicia» organizado polo Concello. Participaron: *Grupo Mayalde* (Salamanca), *Grupo Untia* e grupo *Azougue* de Betanzos.

#### **26-29 de xullo de 2017**

Desenrolouse ao longo destes días no Cine Alfonsetti a *XVII Semana Internacional do Cine de Betanzos*, organizada polo Concello de Betanzos, e dedicada nesta edición a José Luis Cuerda, baixo o título «José Luis Cuerda: un cineasta de aquí y de allí, que no es poco». Ademais do propio



Arume



homenaxeado estiveron presentes actores e actrices como Uxía Blanco, Manel Lozano, Gonzalo Uriarte e Celia Freijeiro, así como polo escritor Manuel Rivas. Ademais contou coa participación de María Donapetry, da universidade de Oxford e José Luis Castro de Paz, Presidente da Fundación Wenceslao Fernández Florez.

**28-29 de xullo de 2017**

Polas rúas da cidade desenrolouse o *II Festival de Artes Escénicas na Rúa «Vai de rúa»*, con diversos espectáculos:

*Artestudio Teatro* con «Animaliños», Nelson Quinteiro con «Flashtop cabaret!» e «Novecento», Charo Pita con «Vai de vichos», *A Xanela do Maxín* con «Titeremusicontos», a compañía *Lusco e Fusco* con «Encontros», o Mago Rafa con «Momentos Máxicos» e *Traspediante* con «Up2Down».

**29 de xullo de 2017**

No Paseo da Tolerancia celebrouse a «Noite de Djs», coa actuación do *Dj Sebas* e os participantes no *Obradoiro de Dj* organizado pola Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX).

**Agosto de 2017**

Na Sala Jesús Núñez tivo lugar a exposición titulada «Betanzos na poesía de Esther López Castro» con obras da artista betanceira.

**5 de agosto de 2017**

Celebrouse a xornada «Caneiros en familia», organizada polo Concello e destinada a difundir e inculcar os valores tradicionais da romaría.

**13 de agosto de 2017**

Na igrexa de San Francisco celebrouse o tradicional *Concerto Cidade de Betanzos*, coas actuacións da Agrupación Musical Carlos Seijo, a Coral Polifónica de Betanzos e a Banda Municipal de Música do Concello de Betanzos.

**14 de agosto de 2017**

Na praza da Constitución o alcalde Ramón García, coroou á raíña das festas, a moza brigantina Alba Pérez Medín. Seguidamente, desde o balcón da Casa Consistorial tivo lugar a lectura do pregón a cargo do Maxistrado do Consello Xeral do Poder Xudicial, Juan Manuel Fernández Martínez. Este acto representou o comezo oficial das festas. Este ano tamén participaron a Presidenta do Centro Betanzos de Bos Aires, Beatriz Lagoa; a alcaldesa de Bullas, Dolores Muñoz e o alcalde de Betanzos (Bolivia), Juan Téllez.



Ertas



Arume



Arume



## Pregón das Festas de San Roque

Betanceiras, betanceiros, boas tardes,

Señor alcalde, señoras e señores concelleiros, raíña das festas, grazas, desde o máis profundo do meu corazón; grazas por distinguirme coa honra de pregoar as festas, as festas dun sitio tan querido por min. Se os meus méritos non avalan esta designación, máxime tendo en conta a talla de quen me precedeu ao longo dos anos, pódolles asegurar que a miña emoción e agarimo por esta cidade, por estas festas, son inmensos.

A elas están vinculadas as miñas lembranzas de neno, de mozo, de home. Imposible non recordarme nestes instantes da miña nai, unha bergondesa namorada de Betanzos, e que este ano desde o ceo, estará emocionada de ver o seu fillo pregoeiro das súas festas favoritas. Do meu pai, para quen esta cidade representa a esencia de ser galego. Ambos fieis asistentes ao rito da feira dos días un e dezaseis de cada mes, as feiras de Betanzos descritas con mestría por dona Emilia Pardo Bazán.

Os meus veráns na pequena aldea de Armuño, nos cales as escapadas ás verbenas betanceiras, aos Caneiros, eran imprescindibles. Os partidos de fútbol no Carregal, defendendo outra camiseta, iso si, a do Deportivo Obreiro de Oleiros, a lembranza dun porteiro que comezaba a súa carreira, un tal Paco Buyo, quizais o coñezan.

O meu primeiro destino, o meu primeiro xulgado, Betanzos.

Como describirillelles aquel día de febreiro de 1985 que cheguei aquí coa miña toga sen estrear, canto medo, canta ilusión, canta esperanza. Os primeiros xuízos de serventías, de disputas veciñais, de marcos mal postos, xuízos nos que entendín que para aquilo nacera, que nada pode haber máis bonito que resolver as disputas dos homes, que ningunha profesión mellor para coñecer a alma humana.





Betanzos, sempre na miña vida, sempre na miña memoria e non meu corazón. Betanzos onde as pedras falan, a tortilla e a tenreira asada son patrimonio da humanidade e o día de San Roque, todos viramos rapaces mirando como se eleva ao ceo ou noso globo de papel. Ese globo que recolle a nosa esencia; o noso xeito de rebelarnos ante a adversidade, ante as inxustizas; ese globo que manifesta a nosa grandeza.

Betanzos, señorial, nobre, elegante, digna, sinxela. Betanzos labrega, cidade capital, nai de excelsos xuristas, todo iso e máis é Betanzos.

Betanzos, romántica e medieval, sabia, pausada. Lugar de encontro e acougo, tamén de festa rachada. Río e mar xuntándose, zigzagueando por lugares de ilusión; son de gaitas, de alboradas, cheiros de empanadas, viño e hortensias, homes e mulleres manifestando esa doenza incurable da alma, esa máxica atracción pola nosa terra que sentimos a xente galega.

Betanceiras, betanceiros, gozade das festas, porque saber gozar nos ennobrece, fainos mellores. A festa únenos, ábrenos á terra, á amizade. Cantar, bailar, soñar, manifestar os que somos e o que queremos ser.

Festa e respecto, á natureza, á liberdade á dignidade. Que a festa nos libere pero que non nos degrade, que saiamos dela como dicía Aristóteles que había que saír da vida, nin sedento nin bebido. Respectemos aos demais e respectémonos a nós mesmos, que a festa nos ennobreza e non nos converta en arrogantes.

Señor San Roque, patrón da nosa cidade, segue outorgándonos a túa beizón, protexéndonos das epidemias da intolerancia, da violencia, do sectarismo, da inxustiza. Axúdanos a seguir o teu exemplo de xenerosidade, danos a forza para estar sempre dispostos a reconfortar aos demais.

Pedímosche tamén que ao noso lado sempre haxa alguén fiel como o teu canciño.

Señora Santa María, desde as afastadas e irmás terras navarras veño a pedir a túa beizón e axuda para todas as persoas que traballamos na Xustiza, e, en particular, para os xuíces, para que saibamos impartila de forma recta e imparcial.



Arume



Arume



Arume

Días de festa, de reunións familiares, longamente agardadas, longamente ansiadas. Momentos de sacar do arcón manteis e sabas, vaixelas e adornos, cheiros que nos rexuvenecen. Horas de reencontros, tamén connosco mesmos, de charlas, de historias ben contadas. De música, de cancións de cocidos, de callos e larpeiradas.

Roldas de cuncas risas e queixumes, sabias reflexións. Orballo e sol. A vida por milleiros.

Para ser felices, ou, polo menos, para tentalo, nacemos e para iso nada mellor que as nosas festas patronais. Maiores, novos e nenos, homes e mulleres, todos xuntos depositarios das tradicións que nos legaron os que xa non están e transmitiremos a quen nos sucedan, fieis lle custodios dun modo de entender a vida sempre apegado á natureza, á nosa terra, aos nosos costumes, ao noso orgullo de ser galegos.

Moitas grazas pola vosa atención, foi unha honra pregoar as mellores festas do mundo.

Betanceiras, betanceiros, dicide comigo: viva Betanzos! Vivan as festas de San Roque!

### 15 de agosto de 2017

Na praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da raíña infantil das festas, a fermosa rapaciña Lía Maceiras Sánchez, que recibiu a coroa de mans do alcalde, Ramón García. Seguidamente, a moza, Carmen Cartelle Barral, deu lectura ao pregón infantil.



Arume

### Función do Voto (16 de agosto)

Señor San Roque,

Un ano máis, estou diante de ti para cumprir a voto que o pobo de Betanzos che fai secularmente por estas datas. Con respecto á tradición e con agarimo, veño cargado de ledicia e esperanzas, mais tamén de preocupacións. Fáloche como alcalde de Betanzos desde o corazón e desde a fe da nosa xente, unha fe que é filla da nosa antiga cultura, que supón unha serie de crenzas e de valores, e que nos axuda a camiñar polo mundo sempre cambiante e

cheo de incertezas.

Cada ano que pasa, a visión da xente e, especialmente, dalgúns líderes mundiais, segue a estar ancorada na Prehistoria. En vez de unirmos todos e todas, parece estarse poñendo de moda a volta a un mundo cada vez mais dividido: a veciñanza contra a veciñanza, as relixións contra as relixións, os pobos contra os pobos... Semella que nada aprendemos do pasado e, por conseguinte, volvemos repetilo fatalmente unha e outra vez.

Recuperemos valores como o cumprimento á palabra dada, a aceptación de que o éxito é consecuencia do traballo diario e silencioso, baixemos o ton dos sons que perturban o entendemento e busquemos o acougo necesario para alcanzar a solución aos nosos problemas.

Nós coidamos que hai cousas das nosas tradicións que nos axudarán nese camiño e unha delas é esta Función do Voto que diante de ti, señor San Roque, moitos outros alcaldes desta antiga cidade che levan ofrecendo ano tras ano desde hai séculos. Que sexa, pois, esta ocasión, esta festa grande anual, un punto de partida para renovarnos todas as persoas e para axudarnos aínda máis, unhas a outras. Axúdanos, como símbolo de unión que es, a atopar o camiño axeitado, a ilusión e a esperanza e que o optimismo retorne aos nosos corazóns.

Pídoche que renoves as nosas esperanzas para que sigamos a ser o que sempre fomos: un pobo con bos proxectos e con capacidade de levalos adiante, un pobo traballador que inzou boa parte do mundo. Axúdanos a que os nosos nenos e nenas e a mocidade poidan encontrar sendas de traballo, de futuro e de ledicia.

Lémbrate da nosa emigración, que sempre será betanceira. Pensa hoxe nela con moito agarimo e tamén en todas as persoas que a vida e as circunstancias levou por outros camiños.



Pido por todos e por todas, polos maiores, pola xente que sofre algunha enfermidade. Pídoche que poidamos vivir con respecto mutuo, sen perder os dereitos que con xustiza nos pertencen e poder exercer iso tan importante que chamamos Liberdade. Desde esta terra de peregrinación, desde este Betanzos cruzado por camiños xacobeos, que nos traen peregrinos e peregrinas de todo o mundo, pídoche, señor San Roque, que nos ilumines o camiño un ano máis. Grazas!



Arume

### **16 de agosto de 2017**

O globo de San Roque, que realizou a familia Pita, emprendeu como cada ano a súa viaxe cara ao ceo betanceiro. Este ano foi para ao lugar da Viña no concello de Irixoa.

### **17 de agosto de 2017**

Na praza da Constitución, organizado polo Concello, tivo lugar o «Festival BrigaMusic» coa actuación dos grupos: Sickeeper, Turbo Truks e José Bulebar.



Arume

### **18 e 25 de agosto de 2017**

Como é tradicional foron moitas as lanchas engalanadas que subiron río arriba polo Mandeo ata o campo dos Caneiros, para o que se contou cun amplo dispositivo de seguridade. Este ano subiu ata o campo a Corporación, que deixara de facelo no ano 2012.

### **23-27 de agosto de 2017**

Nestes días celebrouse o Campionato do Mundo na República Checa, onde o padexeiro brigantino, Rodrigo Germade se proclamou campión do mundo en K2 500 e medalla de prata en K4 500. Os outros dous representantes do Club Ría de Betanzos no mundial, Óscar Carrera e Carlos Arévalo obtiveron un cuarto posto en K4 1000 e un décimo en K1 200.

### **5-27 de setembro de 2017**

Na Sala de Exposicións Jesús Núñez, tivo lugar a exposición «Betanzos histórico. Pasando o tempo» con fotografías do alumnado de 3.º da ESO do IES Francisco Aguiar.

### **8 de setembro de 2017**

Na praza dos Irmáns García Naveira tivo lugar a representación teatral da obra «Dous no camiño» por conta de Isabel Risco e Fran Rei, dentro das actividades do programa Vive o Camiño que organiza Turismo de Galicia, a través da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

### **9-10 de setembro de 2017**

Tivo lugar na praza do Campo a XIII edición de MercaBetanzos, o mercado das oportunidades do comercio local. Foi organizado pola Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos en colaboración co Concello.

### **12 de setembro de 2017**

O ciclista betanceiro, Javier de la Fuente foi homenaxeado no edificio Liceo polo alcalde, Ramón García coa entrega dunha placa conmemorativa pola súa traxectoria deportiva. No acto estivo presente o concelleiro de Deportes, Andrés Hermida.



Arume



### 22 de setembro de 2017

O músico betanceiro, Javier Ares Yebrá acadou a cualificación de sobresaínte *cum laude* pola súa tese de doutoramento, «Pierre Souvchinsky: desdoblamiento y concentración en Igor Stravinsky. Fuentes y elementos para una propuesta» na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo.

### 23 de setembro de 2017

No edificio Liceo foron recibidos polo alcalde os asistentes a un encontro de confraternidade entre a Asociación de Xubilados e Pensionistas Brigantina e a Asociación de Veciños San Antonio de Cíaño de Langreo.



### 23-24 de setembro de 2017

Na praza do Campo celebrouse a V edición da Mostra de Viños e Produtos das Mariñas organizada pola Reserva da Biosfera e o Concello de Betanzos. Foron arredor de trinta os expositores con Viño da Terra de Betanzos, produtos de horta e alimentos de agricultura ecolóxica.

### 24 de setembro de 2017

Os deportistas betanceiros, Mónica Granero e Iván Fernández, foron premiados pola Fundación Villuendas. Por este motivo celebrouse un acto no edificio Liceo coa presenza do presidente da Fundación, Julio Villuendas, o alcalde, Ramón García e varios concelleiros.



### 29 de setembro de 2017

Celebrouse no Teatro Alfonso Setti o III Certame de Monólogos Cómicos de Betanzos, presentado por Beatriz Serén e David Noya e contou coa actuación de Os da Ría. Participaron seis xoves: Ángela Triana, Ana Anido e Iago Gordillo da Coruña, Víctor Bascoy de Cesuras, «Moskis» de León e Jesús Trucker de Madrid.



### 29 de setembro de 2017

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a presentación do *Anuario Brigantino 2016* n.º 39. O acto estivo presidido polo alcalde, Ramón García, a quen acompañaba a concelleira de cultura, María Barral e o director da publicación, Alfredo Erias. A presentación correu por conta do escritor, historiador e profesor de Filosofía do IES Francisco Aguiar de Betanzos, Luis Gorrochategui Santos.

### Setembro de 2017

«Radio Sen Idade» do Laboratorio de Radio, programa creado en Betanzos polos xornalistas Lucía Abarrategui e Sergio Pascual, foi un dos gañadores do «Premio Jóvenes Emprendedores Sociales», que concedeu a Universidade Europea de Madrid, co apoio da *International Youth Foundation* e *Laureate International Universities*.

### 30 de setembro de 2017

No edificio Liceo tivo lugar unha charla de educación afectivo-sexual, dentro do ciclo «Quen dixó medo?», da Deputación da Coruña, destinada a adolescentes, nais e pais.

### Outubro de 2017

Na Biblioteca Municipal de Betanzos A. Castelao tivo lugar a Mostra bibliográfica sobre a vida e obra de Eduardo Blanco-Amor.

### Outubro-novembro de 2017

O Concello, a través do seu alcalde Ramón García, asinou convenios de colaboración con varias entidades deportivas, culturais e sociais para o desenvolvemento das súas actividades: Cáritas, Cruz Vermella, Coral Polifónica, Betanzos CF, Club Náutico Ría de Betanzos, Apem e Aspace, Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos (ACEBE); Club Ciclista Betanzos, Troula de Fútbol Sala e a Fundación CIEC.

### 1 de outubro de 2017

O Club Baloncesto Santo Domingo proclamouse campión da Copa Galicia EBA, despois de gañar na final a Estudiantes de Lugo no pavillón polideportivo Municipal de Betanzos.

### 5 de outubro de 2017

O arquitecto, José Manuel Mosquera presentou na Sala Jesús Núñez a mostra titulada «Rafael González Villar. Arquitectura dunha época en Betanzos», posteriormente tivo lugar unha conferencia. O acto foi organizado polo Concello.

### 6 de outubro de 2017


Na Aula de Cultura Xulio Cuns, tivo lugar un concerto por conta do grupo Mandolín Quartet Seasons (Sofía, Bulgaria), dentro das actividades do Encontro Internacional de Música de Pulso y Púa en Galicia 2017, que organizou a Asociación Cultural Pórtico das Artes, coa colaboración do Concello de Betanzos.

### 6 de outubro de 2017

No Cine Alfonso Setti, organizada pola Asociación Cultural Roxín Roxal, tivo lugar a representación teatral da obra «A danza de Salomé» interpretada polo grupo de teatro Arjé do IES Breamo de Pontedeume.

### 6-15 de outubro de 2017

Celebrouse ao longo destes días a VIII Semana da Tortilla de Betanzos, organizada polo Concello e na que participaron vintecatro establecementos. O evento contou coa colaboración da casa



César Delgado (lavozlegalicia.es)



Veiga



Arume



de refrescos Coca-Cola quen premiou aos escollidos entre os participantes na votación. O premio á mellor tortilla recaeu en restaurante Sinuesa. O premio por votación popular foi para A Taberna Escondida.

#### **7 de outubro de 2017**

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Desconexión», interpretada pola compañía Xurxo Cortázar, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

#### **14 de outubro de 2017**

Na igrexa de Santiago, organizado por Canta Compañía coa colaboración do Concello de Betanzos, tivo lugar un concerto dos coros Canta Compañía (A Coruña) e Haritz Hostoa (Vitoria-Gasteiz).

#### **15 de outubro de 2017**

A atleta betanceira, Mónica Granero proclamouse subcampioa de España da Máster Maratón celebrada en Palma de Mallorca.

#### **23-25 de outubro de 2017**

Na Aula de Cultura Xulio Cuns celebrouse o XIII Festival Internacional de Títeres Consorcio As Mariñas (Galicreques 2017), no que participaron os seguintes grupos: a compañía francesa Don Davel con «Le fumiste», a compañía argentina El Colectivo con «Viento» e a compañía brasileira Valeria & Habib con «O día em que a morte sambou».

#### **27 de outubro de 2017**

No edificio Liceo tivo lugar a conferencia titulada «Betanzos, la crucial Bizancio de Galicia...» por conta do filólogo e prehistoriador, Jorge María Ribero-Meneses.

#### **27 de outubro de 2017**

Na sala capitular o deseñador betanceiro Jorge Vázquez recibiu de mans do alcalde, Ramón García, a Medalla de Prata da cidade en recoñecemento da súa traxectoria profesional. No acto estiveron presentes, ademais de familiares e amigos do homenaxeado, varios concelleiros.



Arume

#### **28 de outubro de 2017**

Con motivo do centenario da Irmandade da Fala de Betanzos descubriuse na rúa de Ferradores unha placa conmemorativa onde estivera a súa sede. Posteriormente no cine Alfonso Setti tiveron lugar diversas intervencións de familiares dos integrantes da Irmandade, así como do profesor e historiador, Xesús Torres. Rematouse o acto coa actuación do Real Coro Toxos e Froles de Ferrol. Os actos



Arume



contaron coa presenza da concelleira de cultura, María Barral, do alcalde, Ramón García e de varios concelleiros.

#### **28 de outubro de 2017**

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «O tolleito de Inishmaan» interpretada pola compañía Contraproduccións S.L., organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

#### **Novembro de 2017**

Na Biblioteca Municipal de Betanzos A. Castelao tivo lugar a Mostra bibliográfica sobre a produción literaria dos irmáns Grimm.

#### **2-15 de novembro de 2017**

Na Sala de Exposicións Jesús Núñez puido verse a exposición titulada «Paisaxes imposibles, sensaciones reales» con obras do artista Jorge Pardo Ruzo.

#### **5 de novembro de 2017**

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «A costureira das ánimas», interpretada polo grupo de teatro Barballoca da Escola Municipal de Teatro de Abegondo, coa colaboración do Concello de Betanzos.

#### **11 de novembro de 2017**

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Presidente», interpretada pola compañía Teatro do Morcego, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

#### **12 de novembro de 2017**

Tivo lugar o «VI Memorial Carlos López García-Picos», organizado polo Concello de Betanzos. Por este motivo celebrouse na Aula de Cultura Xulio Cuns un concerto comentado por conta do grupo de cámara Zoar.

#### **Novembro de 2017**

Ao longo deste mes desenvolveuse o programa «Orzamentos Participativos» mediante o cal se escolleu un proxecto por medio de votación popular. A ampliación do patio cuberto do aula de infantil foi o proxecto máis votado dos 23 que se presentaron.

#### **16-18 de novembro de 2017**

Tiveron lugar na Aula de Cultura Xulio Cuns as XXII Xornadas de Psicoloxía e Saúde organizadas polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e coordinadas pola psicóloga betanceira, Lidia Sánchez Edreira. Estiveron orientadas a profesionais do eido da saúde mental e nela desenroláronse conferencias e talleres prácticos.

#### **23-26 de novembro de 2017**

Ao longo destes días o Concello sumouse á campaña de sensibilización «En negro contra as violencias», cun acto na praza da Constitución que contou coa presenza do alcalde e varios concelleiros, e na que a deportista betanceira, Mónica Granero leu un manifesto contra a violencia de xénero.

#### **28 de novembro de 2017**

No Pleno deste día renunciou ao seu cargo de concelleira, María Ana Ascariz Rodríguez.



Prensa Concello



Arume

## Novembro de 2017

O alcalde, Ramón García, reuniuse en Madrid coa Secretaria de Estado de Turismo, Matilde Pastora Asían, buscando financiamento para a rehabilitación do Pasatempo.



## Decembro de 2017

En todo este mes e parte de xaneiro de 2018 desenvolveuse o programa de Festexos de Nadal, organizado polo Concello, que contou coa colaboración de diferentes asociacións e colectivos da cidade, así como da Rede Cultural da Deputación da Coruña. O programa editado foi ilustrado cun debuxo de Matilda Silva Sánchez do CEIP Francisco Vales Villamarín, que resultou gañadora do concurso de carteis de Nadal do Concello.



Prensa Concello

## Decembro de 2017

Neste mes celebrouse na Aula de Cultura Xulio Cuns o IX ciclo de Teatro en Familia incluído na programación de Nadal do Concello dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC. As obras representadas foron: «Rubicundo» pola compañía Ghazafellos, «Pum pum» por Baobab Teatro e «Danza da choiva» por Elefante Elegante. Ao mesmo tempo celebrouse e ciclo Cine Familiar de Nadal.

## 2 de decembro de 2017

Na praza dos Irmáns García Naveira tivo lugar o espectáculo «Onde está o Mago Antón», dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña, organizado polo Concello de Betanzos.



Prensa Concello

## 4-10 de decembro de 2017

Ao longo destes días desenvolveuse a Semana do Pincho, organizada polo Concello en colaboración cos hostaleiros. Nela participaron 29 establecementos, e o petisco da Taberna Escondida foi o escollido como gañador do certame. No concurso popular dos clientes resultou gañador Onze.



**4-19 de decembro de 2017**

Na Sala Jesús Núñez tivo lugar a exposición realizada pola Deputación da Coruña titulada «Xigantes. Os petroleiros de Astano. Exponav».

**10 de decembro de 2017**

Dentro dos actos de Nadal puido visitarse a partir deste día o belén móbil que dirixe Manuel López Castro, situado no segundo andar do edificio Liceo.

**18 de decembro de 2017**

A vicepresidenta da Deputación da Coruña, Goretta Sanmartín e o alcalde, Ramón García asinaron, no edificio Liceo, un convenio polo que a entidade provincial destina 30 000 euros para o equipamento audiovisual do cine.

**20 de decembro de 2017**

Realizouse na Aula de Cultura Xulio Cuns unha sesión dun Pleno Infantil, organizado polo Concello de Betanzos en colaboración con UNICEF e os centros educativos.

**17 de decembro de 2017**

Tivo lugar o I Trofeo Concello de Betanzos de Ciclocros, organizado polo Club Caimanes de Betanzos.

**21 de decembro de 2017**

Na Sala Jesús Núñez do edificio Liceo inaugurouse a exposición e mercado de bordados artesanais realizados polo Centro Ocupacional Pai Menni de Betanzos.

**22 de decembro de 2017**

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a II Gala do Deporte organizada polo Concello. No evento premiáronse aos deportistas e entidades máis destacados do ano. O xornalista Terio Carrera foi o encargado de presentar o evento.

**22 de decembro de 2017**

Con motivo do X aniversario da Confraría de Semana Santa de Betanzos celebrouse na igrexa de Santiago un concerto por conta da Coral el Eco.



laopintocorunna.es



Arume



### 26 de decembro de 2017

Na librería Biblos presentouse o libro *Sabela. Almiranta dos mares do sur* da autoría de Arturo Iglesias e con debuxos de Xosé Tomás. Foi editado pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega.

### 26 de decembro de 2017

A partir deste día, organizado polo Concello, desenvolveuse o Obradoiro de Nadal «Días sen cole» para nenos e nenas de 3 a 12 anos.

### 31 de decembro de 2017

Tivo lugar a I San Silvestre Betanceira organizada polo Concello e a Asociación As Vellas Non Paramos, na que participaron máis de catrocentos corredores e algúns deles con orixinais disfraces.



Arume



César



## NORMAS DE PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS DO ANUARIO BRIGANTINO

### Tema

O *Anuario Brigantino* é una revista de investigación nos campos da Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Historia da Literatura e Antropoloxía, podendo admitir excepcionalmente outros, segundo o criterio do Comité Científico.

### Publicación

Os orixinais deberán ser inéditos. Oportunamente e diante de traballos de especial interese, o Comité Científico poderá contemplar a publicación de traducións, a reedición de traballos raros e/ou antigos, así como edicións corrixidas e/ou aumentadas de traballos publicados fóra da revista.

### Formato e soporte

Os orixinais presentaranse a través dunha copia en papel Din-A4 e outra en soporte informático (Word ou procesadores similares). Cando sexa preciso tamén se poderá utilizar o correo electrónico. As direccións respectivas son: Anuario Brigantino, rúa Emilio Romay, 1, 15300 Betanzos, A Coruña, España.

### Extensión e ilustracións

Unha vez maquetado co estilo propio do *Anuario Brigantino*, aconséllase que o traballo non supere as 25 páxinas, se ben o Comité Científico poderá establecer as excepcións que considere oportunas. Canto ás ilustracións, o *Anuario Brigantino* caracterízase por favorecer a súa utilización sen máis atrancos que a coherencia co texto e o sentido común canto ao seu número, aspectos que quedan a criterio do Comité Científico, o mesmo que o emprego de cor ou branco e negro.

### Idioma

A redacción poderá entregarse en galego ou castelán, se ben, excepcionalmente e sempre a criterio do Comité Científico, poderá utilizarse outro idioma.

### Autor-Autores

Engadirase a dirección completa do/a autor/a ou autores/as, incluídos teléfonos e correo electrónico, así como a institución onde presten os seus servizos, se fose o caso, e o cargo que ocupan. Engadirase, así mesmo, nota biográfica do autor ou autores, que non exceda de 5 liñas maquetadas.

### Sumario e Abstract

Os orixinais deberán acompañarse dun sumario ou resumo na lingua do traballo e outro (*abstract*)

en inglés, que non deben exceder, cada un, das 10 liñas maquetadas.

### Texto

Empregarase a *cursiva* para aquelas palabras que se utilicen como denominacións técnicas ou sexan alleas á lingua na que se redacta o orixinal.

Utilizaranse as comiñas « ... » para as citas textuais breves (inferiores a 50 palabras); as demais irán en parágrafo á parte e sangradas na marxe esquerda sen entrecomiñar.

As aspas simples ' ... ' resérvanse para encerrar significados.

As supresións de texto nas citas indicaranse mediante tres puntos entre corchetes [...].

As intervencións do autor nas citas tamén se farán entre corchetes.

### Citas bibliográficas

Aceptaranse dous sistemas, separados ou mixtos.

A) Na medida do posible, farase un uso preferente do sistema de referencias parentéticas, información que se complementará coa bibliografía do final do texto. Entre paréntese sitúase o apelido (ou apelidos, se se considera) do/a autor/a ou autores/as, con minúscula e sen a inicial do nome propio, seguido por coma, espazo e ano de publicación. Se é preciso, despois de dous puntos, irá o número de páxina (se se sinala a primeira e a última, sepáranse por un guión). Se se trata dunha obra en varios volumes, antepoñerase o número do que corresponda ao da páxina, separados por coma. Se o envío non é a unha páxina senón a unha columna, un documento, etc. incluírase antes da cifra a abreviatura correspondente. Exemplos: (Miguez, 2000), (García Bellido, 1943: 21), (Pastoureau, 1988: 261-316), (Meijide, 1988: doc. 2, 38).

Cando no mesmo ano hai dúas ou máis publicacións dun mesmo autor ás que hai que referirse, colócase detrás do ano unha letra para identificalas: (Monteagudo, 2000a)

Cando se inclúe o nome do autor no texto, entre parénteseponse só o ano e, se procede, as páxinas. Exemplo: Como indicou Barreiro Fernández (1984: 51)...

Se hai máis dun autor, inclúense todos ata tres, separados por comas, e se hai máisponse só o primeiro seguido de *et al.*

B) As tradicionais chamadas ou notas no corpo do texto indicaranse mediante números voados. Neste caso, as citas bibliográficas numeradas a pé de páxina seguirán as normas expostas no apartado de Bibliografía.

## Bibliografía

A BIBLIOGRAFÍA sitúase ao remate do traballo, seguirá unha orde alfabética por apelidos e, dentro do mesmo autor, por orde cronolóxica. Teranse en conta as consideracións seguintes: 1) os/as autores/as españois e hispanoamericanos ordénanse polo primeiro apelido e cando é idéntico, polo segundo; se este tamén se repite, polo nome. 2) os/as anglosaxóns/nas, rusos/as e portugueses/as, polo 2. apelido, o paterno: KEYNES, John Maynard; PAWLOV, Ivan Petrovich; CAETANO, Marcello Jose Neves Alves...

Se se trata dun **libro**, indícase o nome do/a autor/a (APELIDOS, nome completo ou só coa inicial), ano de publicación (entre paréntese seguido por dous puntos), *Título do libro en cursiva*. Editorial (Colección se é pertinente) e cidade. P. ex.: CHAMPEAUX, Gérard de, STERCKX, Dom Sébastien (1989): *Introducción a los símbolos*. Ediciones Encuentro (Colección *Europa Románica*, v. 7.), Madrid.

Se se trata da **edición dun texto** indícase o nome do/a editor/a (es/as) (APELIDOS, nome), seguido da expresión (ed(s).), ano de publicación, *Título da obra en cursivas*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TROMBETTI BUDRIESI, Laura (ed.) (2000): Federico II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*. Bari: Laterza (Collana di Fonti e Studi, 10). E incluírase unha entrada adicional baixo o nome do autor da obra: FEDERICO II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*, ed. Laura Trombetti Budriesi. Bari: Laterza (2000) (Collana di Fonti e Studi, 10).

Se se trata dunha **achega nunha obra colectiva**, indícase o nome do autor (APELIDOS, nome) (ano de publicación): «título da achega

entrecomiñado», autor/a (es/as) da obra colectiva (se é preciso, mención ed., coord., dir., etc.), *Título da obra colectiva en cursivas*. Editorial (Colección), cidade: páxinas. P. ex.: FRADEJAS RUEDA, José Manuel (2000): «Una traducción al castellano de Pero Menino ¿desconocida?». Andrew M. Beresford y Alan Deyermund (eds.), *Proceedings of the Ninth Colloquium*. Londres: Department of Hispanic Studies - Queen Mary and Westfield College, (Papers of the Medieval Hispanic Research Seminar, 26): 31-41.

Se se trata dun **artigo nunha revista**, indícase o nome do/a autor/a (APELIDOS, nome) (ano de publicación): «título do artigo». *Título da revista en cursivas*, tomo en cifras arábicas, páxinas: MORALES MUÑIZ, María Dolores Carmen (1998): «Los animales en el mundo medieval cristiano-occidental: actitud y mentalidad». *Espacio, Tiempo y Forma*, Serie III, Historia Medieval, 11: 307-29.

Se se citan varios libros, traballos, etc. dun/ha autor/a, poñerase APELIDOS, nome e debaixo, reservando tres espazos á marxe, indícase o ano de publicación da obra, diferenciando coas letras, a, b, c, etc., os traballos publicados por un/ha autor/a nun mesmo ano:

GARCÍA BELLIDO, A.

(1943a): «Algunos problemas de arte y cronología ibéricos». *Archivo Español de Arqueología*, XV: 78-108.

**Documentos electrónicos en liña**, exemplo: <<http://hemeroteca.betanzos.net>> [Consulta: 30 maio 2010].

## Corrección de probas

Correrá a cargo dos/as autores/as, que deberán efectualas no prazo máximo dunha semana a partir da recepción.





Alfonso Costa. O reloxo cósmico, 195x155.

ESTE ANUARIO *BRIGANTINO* 2017, N. 40  
REMATOUSE DE IMPRENTAR  
NO PRELO DE LUGAMI EN  
BETANZOS O 25 DE  
XULLO DE 2018



Alfonso Costa. Identities. 195x195cm. 2000.





Copatrocinan: ✨

//ABANCA

**GADIS**